

RITUAL DE EXEQUIAS

RITUAL DE EXEQUIAS

**REFORMADO SEGUNDO OS DECRETOS DO CONCILIO VATICANO II,
APROBADO POLOS BISPOS DAS DIÓCESES DE LINGUA GALEGA E
CONFIRMADO POLA CONGREGACIÓN DO CULTO DIVINO E DA DISCIPLINA
DOS SACRAMENTOS**

PRIMEIRA EDICIÓN

Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela
1994

RITUAL DE EXEQUIAS

© Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela.
A propiedade deste texto está reservada á Provincia Eclesiástica Compostelá.

SAGRADA CONGREGACIÓN PARA O CULTO DIVINO

Prot. n. 720/69

DECRETO

BENNO Card.GUT
Prefecto

A.Bugnini
Secretario

PRESENTACIÓN

O home en tódolos tempos e culturas non pode menos que plantexarse os interrogantes máis fondos que o acucian¹. De todos eles o máis fondo eo que lle crea máis ansiedade é a morte. Esta constitúe “o máximo enigma da vida”² para o mesmo home.

Tódolos esforzos da medicina, das ciencias humanas, da técnica e dos demais progresos que realiza o home, son incapaces de calma-la ansiedade diante da morte e a sede fonda de vivir para sempre. Nun mundo secularizado e que esconde todo o posible o acontecemento humano da morte, a Igrexa adoita unha actitude ben distinta. Por un lado, seguindo as Sagradas Escrituras e, sobre todo, o seu Mestre, non filosofa moito sobre o feito da morte, senón que o asume con enteireza humana, sabendo que, como di San Paulo, “polo pecado do home entrou a morte no mundo” (Rm 5,12), e desde a súa fe ofrece a todo home de boa vontade a actitude e a mensaxe de Xesús: actitude diante da súa propia morte e da dos demais, e mensaxe iluminadora e de profundo senso, desde o cumio da resurrección.

Por outra banda, a Nai Igrexa desexa vivamente que os cristiáns asuman e vivan con toda fondura, superando coa fe o medo natural que infunde a propia morte. Deste xeito, Xesús morto e resucitado, habendo triunfado sobre a morte e, polo tanto, sobre o pecado, constitúe a fonte e razón da esperanza e resurrección de tódolos bautizados (Rm 6,3-11).

É consolador saber que o cristián que nace na Igrexa, vive a súa enfermidade coa Igrexa e morre acompañado pola Igrexa. A súa compañía no último intre é a de Deus Pai, Cristo o Fillo, o Espírito Santo, a Virxe María e toda a comunidade dos Santos. O día da morte a Igrexa ofrécelle ó Pai, en Cristo, o fillo da súa gracia, e deposita, con esperanza, o xermolo do corpo que resucitará na gloria (I Cor 15,42-44). Esta ofrenda celébrase en plenitude no sacrificio eucarístico³. A Igrexa, ó ofrece-lo sacrificio pascual, “manifesta a vinculación da morte do cristián co misterio pascual de Xesucristo” e “pide a Deus que admita, na plenitude pascual da mesa do Reino, o cristián defunto, a quen alimentou coa Eucaristía, peñor de vida eterna”⁴.

O Concilio Vaticano II na Constitución da sagrada Liturxia pediu que as exequias expresasen “máis claramente o senso pascual da morte cristiá e respondesen mellor ás circunstancias e tradicións de cada país”⁵. A Conferencia Episcopal Española respondeu a esta petición coa primeira edición castelá do **Ritual de exequias** (1971) e a segunda renovada, máis ampla e adaptada ás esixencias pastorais (1989).

¹ Concilio Vaticano II, Constitución *Gaudium et spes*, núm. 10.

² *Ibid.*, núm. 18.

³ *Catecismo de la Iglesia Católica*, núm. 1683.

⁴ *Orientacións doutrinais e pastorais do Episcopado español*, núm. 46.

⁵ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, núm. 81.

Os Bispos de Galicia somos conscientes de que o noso pobo valora moito a vivencia e culto dos defuntos. O Concilio Pastoral de Galicia dicía xa: “Recoñecemos, como un valor do noso pobo, a súa postura diante da morte e o coidado dos seus defuntos. Non embargantes, é preciso que a pastoral tenda a situalos no seu verdadeiro lugar, con respecto ó resto da pastoral litúrxica e das demais accións pastorais...”⁶

Os Bispos de Galicia pensamos na edición do **Ritual de exequias**, na nosa lingua, co fondo desexo de axuda-la pastoral de defuntos e particularmente a súa celebración, abreviando e cambiando un pouco a orde de algunhas partes. Deste xeito o libro é menos voluminoso e nel encóntranse de seguida os elementos máis usuais para as celebracións exequiais. Por iso estruturámolo seguindo a orde lóxica da celebración e actos que a preceden: **preces para antes das exequias** (capítulo I), **traslado e recepción do defunto na igrexa antes das exequias** (capítulo II), **forma típica da celebración das exequias** (capítulo III), **rito breve da celebración das exequias** (capítulo IV), **textos propios para a celebración de determinadas exequias** (capítulo V), **celebración das exequias en casos extraordinarios** (capítulo VI), **leccionario para as Misas de defuntos** (capítulo VII) e **Apéndices (I-IV)** con materiais ou pezas alternativas.

Os Bispos de Galicia aledámonos de poder ofrecer este **Ritual**, que esperamos responda mellor á relixiosidade da nosa xente e á súa idiosincrasia. Invitamos a tódolos sacerdotes a unha lectura atenta das **Observacións xerais previas** e das **Orientacións doutrinais e pastorais do Episcopado Español**. Dela xurdirá un senso máis pascual, pastoral e de inculturación. Ó mesmo tempo correxiranse posibles erros e conquerirase un máis grande senso do equilibrio e proporcionalidade das exequias no conxunto da pastoral xeral.

Os Bispos de Galicia

⁶ Concilio Pastoral de Galicia, prop. 10.4.

OBSERVACIÓNS XERAIS PREVIAS

I.SENTIDO DAS EXEQUIAS CRISTIÁS

1. A Igrexa, nas exequias dos seus fillos, celebra o misterio pascual, para que os que polo bautismo foron incorporados a Cristo, morto e resucitado, pasen tamén con El á vida eterna, primeiro coa alma que terá que purificarse para entrar no ceo cos santos e elixidos, despois co corpo que deberá agarda-la benaventurada esperanza do advenimento de Cristo e a resurrección dos mortos.

Por este motivo, a Igrexa ofrece polos defuntos o sacrificio eucarístico da Pascua de Cristo, e reza e celebra sufraxios por eles, de xeito que, comunicándose entre si tódolos membros de Cristo, estes impetran para os defuntos o auxilio espiritual e, para os demais, o consolo da esperanza.

2. Na celebración das exequias polos seus irmáns, os cristiáns han procurar afirma-la esperanza na vida eterna, pero tendo en conta a mentalidade da época e os costumes de cada rexión, no relativo ós defuntos. Por este motivo, xa se trate de tradicións familiares, de costumes locais ou de empresas de pompas fúnebres, aproben de bo grado canto de bo atopen nelas e procuren transformar canto pareza contrario ó Evanxeo, de xeito que as exequias cristiás manifesten a fe pascual e o verdadeiro espírito evanxélico.

3. Deixando de lado toda vana ostentación é conveniente honra-los corpos dos defuntos, que foron templos do Espírito Santo. Por iso, alomenos nos momentos máis importantes entre a morte e a sepultura, débese afirma-la fe na vida eterna e pregar polos defuntos.

Os principais momentos poden ser, segundo o costume dos lugares: a vixilia na casa do defunto, a colocación do corpo no cadaleito e o seu traslado á sepultura, previa xuntanza dos familiares e, se fose posible, de toda a comunidade cristiá, para escoitar, na liturxia da palabra, o consolo da esperanza, para ofrece-lo sacrificio eucarístico e para a derradeira despedida ó defunto.

II.FORMAS DE CELEBRACIÓN

4. Despois de considera-las condicións e posibilidades de cada rexión, o **Ritual de**

exequias propón tres formas de celebración:

- a) a primeira forma prevé tres “estacións”: na casa do defunto, na igrexa e no cemiterio;
- b) a segunda forma considera só dúas “estacións”: na capela do cemiterio e xunto á sepultura;
- c) a terceira forma ten só unha “estación”: na casa do defunto.

Primeira forma de celebración exequial

5. A primeira forma de celebración é case igual ó antigo rito. Comprende tres “estacións”: na casa do defunto, na igrexa e a carón da sepultura, con dúas procesións intermedias. Esta é a forma máis axeitada, sobre todo en zonas rurais. Con todo, as procesións, especialmente nas grandes cidades poden ofrecer inconvenientes. Por outra banda, a insuficiencia de clero e as longas distancias entre as igrexas e os cemiterios fan que os sacerdotes, ás veces, non poidan celebra-las “estacións” na casa e no cemiterio. Por este motivo, aconséllase ós fieis que, en ausencia do sacerdote ou do diácono, reciten eles mesmos as oracións e salmos de costume; se isto non fose posible, omitíranse as “estacións” na casa do defunto e no cemiterio.

6. A estación na igrexa comprende, de ordinario, a celebración da Misa exequial, que unicamente se prohíbe no Triduo pascual, nas solemnidades e nos domingos de Advento, Coresma e Pascua. Se, por razóns pastorais, as exequias na igrexa se celebran sen Misa -esta, no posible, hase celebrar outro día -, é obrigatoria a liturxia da palabra, de xeito que a estación na igrexa comprenda sempre a liturxia da palabra, haxa ou non sacrificio eucarístico, e mailo rito que antes se chamaba “absolución” do defunto, e que, en diante, se vai chamar “derradeiro adeus ó corpo do defunto”.

Segunda forma de celebración exequial

7. A segunda forma de celebración exequial comprende só dúas “estacións”, ámbalas dúas no cemiterio: unha na capela do cemiterio e outra a carón da sepultura. Nesta forma de exequias, non se prevé a celebración eucarística, que, mesmo así, farase, ausente o cadáver, antes ou despois das exequias.

Terceira forma de celebración exequial

8. A terceira forma de celebración exequial, cunha soa “estación”, na casa do defunto, parecerá inútil nalgúns lugares; noutros, sen embargo, resulta necesaria. Non se determinan expresamente os detalles desta forma, debido ás diversas circunstancias posibles. Considérase, sen embargo, conveniente indicar algunhas orientacións, de xeito que para esta forma pódense tomar elementos das outras, por exemplo na liturxia da palabra e no rito do derradeiro adeus ó defunto. As Conferencias Episcopais proverán os elementos que faltan.

9. Na preparación das versións en lingua vernácula da edición típica latina do **Ritual de exequias**, as Conferencias Episcopais poden ou ben mante-las tres formas de exequias ou omitir unha ou outra forma. Nalgún país pode acadar que só se use unha das formas, por exemplo, a primeira con tres estacións, polo que hase manter esa forma e non as outras dúas. Noutros países, nembargantes, pode ser necesario manter as tres formas. Polo tanto, as Conferencias Episcopais proverán oportunamente, tendo en conta as necesidades particulares.

III.ELEMENTOS QUE DEBEN TERSE EN CONTA NAS EXEQUIAS

O derradeiro adeus ó corpo do defunto

10. Despois da Misa exequial procédese ó rito do derradeiro adeus ó corpo do defunto. Este rito non significa unha purificación, que se realiza principalmente polo sacrificio eucarístico, senón o derradeiro saúdo da comunidade a un dos seus membros, antes de que leven o corpo e de que o sepulsen. Porque, se ben na morte hai sempre unha separación, ós cristiáns, que coma membros de Cristo son unha soa carne en Cristo, nin sequera a mesma morte pode separalos⁷.

O celebrante introduce e explica este rito cunha monición; seguen uns momentos de silencio, a aspersion e incensación e o canto de despedida. O canto, con texto e melodía axeitados, hanno cantar todos como culminación do rito. A aspersion, que lembra a inscrición na vida eterna realizada polo bautismo, e a incensación, coa que se honra o corpo do defunto, templo do Espírito Santo, poden considerarse coma xesto de despedida.

O derradeiro adeus ó corpo do defunto só se fará na mesma acción exequial e estando presente o cadáver.

A lectura da palabra de Deus

11. En calquera celebración polos defuntos, tanto exequial como común, considérase parte moi importante o rito da lectura da palabra de Deus. Efectivamente, esta proclama o misterio pascual, afianza a esperanza dun novo encontro no Reino de Deus, exhorta á piedade cara ós defuntos e da un testemuño de vida cristiá.

Os salmos

12. Nos oficios polos defuntos, a Igrexa bota man especialmente dos salmos, para expresa-la dor e reafirma-la confianza. Procuren, logo, os pastores de almas, mediante unha axeitada catequese, que as súas comunidades comprendan, con maior claridade e profundidade, os salmos que se propoñen para a liturxia exequial, alomenos algún deles. En canto ós outros cantos, hase procurar que expresen “un amor lene e vivo á Sagrada Escritura”⁸, e ó mesmo tempo que estean de acordo co sentido da liturxia.

As oracións

13. A comunidade cristiá, coas súas oracións, confesa a súa fe e intercede piadosamente polos defuntos adultos, para que acaden a felicidade xunto de Deus; felicidade que cre que xa disfrutaban os nenos falecidos, que son fillos de adopción polo bautismo. A comunidade ora polos pais destes nenos, e tamén polos familiares de tódolos defuntos, para que na súa dor reciban o consolo da fe.

⁷ Cf. Simeón de Tesalónica, *De ordine sepulturae*: PG 155,685 B.

⁸ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, sobre a sagrada liturxia, núm. 24.

O Oficio de defuntos

14. Onde por lei particular, por fundación ou por costume, se celebra o Oficio de defuntos, con motivo das exequias ou fóra delas, pode conservarse este Oficio sempre que se celebre digna e piadosamente. Pero, tendo en conta as condicións da vida actual e da pastoral, en lugar do Oficio de defuntos, pode celebrarse unha vixilia ou unha liturxia da palabra.

14 bis. Hanse celebrar exequias polos catecúmenos e, ademais, segundo establece o canon 1183 do **Código de Dereito Canónico**, pódense celebrar tamén:

a) por aqueles nenos que os seus pais desexaban bautizar pero que morreron antes de recibiren o bautismo.

b) segundo o xuízo prudente do Ordinario do lugar, polos bautizados que estaban adscritos a unha Igrexa ou comunidade eclesial non católica, sempre que non conste vontade contraria destes e non poida facelas o seu propio ministro.

Exequias e cremación do cadáver

15. Pódense celebrar as exequias cristiás dos que elixiron a cremación do seu cadáver, a non ser que conste que elixiron a cremación por motivos contrarios ó sentido cristián da vida.

Neste caso, as exequias celebraranse segundo a forma que se usa na rexión, pero deixando constancia de que a Igrexa prefire o costume de sepulta-los corpos, como o mesmo Señor quixo ser sepultado; evítase tamén o perigo de escándalo ou de sorpresa nos fieis.

Por outra banda, os ritos que se fan na capela do cemiterio ou a carón da sepultura poden realizarse no edificio do crematorio; aínda máis, se non houber un lugar axeitado, ditos ritos podense facer na mesma sala do crematorio, evitando todo perigo de escándalo ou de indiferentismo relixioso.

IV.FUNCIÓNS E MINISTERIOS DA CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS

16. Cantos pertencen ó pobo de Deus deben lembrar que, na celebración das exequias, a cadaquén se lle confiou un ministerio particular: ós pais e familiares, ós responsables das pompas fúnebres, á comunidade cristiá e, principalmente ó sacerdote, que, como mestre da fe e ministro do consolo, preside a acción litúrxica e celebra a eucaristía.

17. Lembren tamén todos, en especial os sacerdotes, cando encomendan a Deus os defuntos na liturxia exequial, que deben aviva-la esperanza dos presentes e afianza-la súa fe no misterio pascual e na resurrección dos mortos, de xeito que saiban dar azos ós crentes dentro do respecto á súa natural dor.

18. Ó prepararen e organizaren a celebración das exequias, os sacerdotes considerarán, coa debida solicitude, non só a persoa do defunto e as circunstancias da súa morte, senón tamén a dor dos familiares e as necesidades da súa vida cristiá. Terán moi en conta a aqueles que, con ocasión das exequias, asisten á unha celebración litúrxica e escoitan o Evanxeo, sexan non católicos ou católicos que non frecuentan a Eucaristía ou semellan ter abandonada a fe; xa que

os sacerdotes son ministros do Evanxeo de Cristo para todos.

19. As exequias, non sendo a Misa, pódese celebrar un diácono. Cando a necesidade pastoral o esixa, a Conferencia Episcopal, con licencia da Sé Apostólica, pode facultar tamén a un laico.

En ausencia do sacerdote ou do diácono, aconséllase que as “estacións” na casa do defunto e no cemiterio e a vixilia se celebren baixo a dirección dun laico.

20. Na celebración das exequias, a excepción da distinción que se deriva da función litúrxica e da Orde sagrada, e á parte dos honores debidos ás autoridades civís, de acordo coas leis litúrxicas, non se fará acepción de persoas ou de clases sociais, nin nas cerimoniais nin no ornato externo⁹.

V. ADAPTACIÓNS QUE CORRESPONDEN ÁS CONFERENCIAS EPISCOPAIS

21. De conformidade co que establece o número 63, b da Constitución sobre a sagrada liturxia, corresponde ás Conferencias Episcopais traducir-la edición típica do **Ritual de exequias** e adaptala ás necesidades e características locais para que, unha vez aprobadas as súas decisións pola Sé Apostólica, dito Ritual se utilice nas respectivas rexións.

Nesta materia, corresponde ás Conferencias Episcopais:

- a) determina-las adaptacións, dentro dos límites establecidos nesta sección;
- b) considerar con coidado e prudencia, canto poida admitirse, chegado o caso, das tradicións e do modo de ser dos diversos pobos e, tamén, propoñer á Sé Apostólica outras adaptacións que se consideren útiles ou necesarias para introducilas co seu consentimento;
- c) manter vixentes ou adapta-los elementos propios, cando os hai, xa existentes nos Rituais particulares, sempre que estean de acordo coa Constitución sobre a sagrada liturxia e as necesidades actuais;
- d) prepara-las versións dos textos, de xeito que se acomoden verdadeiramente ás diversas linguas e culturas, engadindo, cando for oportuno, melodías aptas para o canto;
- e) adaptar e completa-las instrucións da edición típica do **Ritual Romano**, de modo que os ministros comprendan plenamente e realicen axeitadamente a significación dos ritos;
- f) prepara-las edicións dos libros litúrxicos, ordena-los textos do modo que sexan máis axeitados para o uso pastoral, con tal que non se omita nada do material contido nesta edición típica; se parece oportuno engadir algunhas rúbricas ou textos, distingúranse dos da edición típica cun signo ou carácter tipográfico adecuado.

22. Na preparación en lingua vernácula do **Ritual de exequias**, corresponderá ás Conferencias Episcopais:

- a) ordena-los ritos segundo unha ou máis formas, como se indica no número 9;
- b) substituí-las fórmulas propostas no rito principal, se parece conveniente, por algunhas das que se atopan no capítulo de textos potestativos;

⁹ *Ibidem*, núm. 32.

c) cando a edición típica latina do **Ritual de exequias** presenta varias fórmulas optativas, engadir outras fórmulas do mesmo xénero (de acordo co número 21, f);

d) xulgar se un laico pode ser elixido para celebra-las exequias (cf. núm. 19);

e) cando as razóns pastorais o indiquen, establecer que a aspersion e a incensación poidan omitirse ou suplilas por outro rito;

f) establecer para as exequias a cor litúrxica máis axeitada á idiosincrasia de cada pobo, que non ofenda a dor humana e que faga patente a esperanza cristiá, á luz do misterio pascual.

VI.FUNCIÓN DO SACERDOTE NA PREPARACIÓN E ORGANIZACIÓN DA CELEBRACIÓN

23. O sacerdote, despois de considera-las diversas circunstancias e oídos os desexos da familia e da comunidade, usará de bo grado as facultades concedidas nos ritos.

24. Os ritos propostos en cada forma de celebración descríbense de modo que poidan realizarse con sinxeleza; non obstante, ofrécese unha grande presa de textos para as diversas circunstancias. Así, por exemplo:

a) por regra xeral, tódolos textos poden ser cambiados por outros, coa cooperación da comunidade e da familia, para obter en cada caso unha celebración que se adapte mellor ás diversas circunstancias;

b) algúns elementos non son obrigatorios, senón que se poden engadir á vontade segundo as circunstancias, como, por exemplo, na casa do defunto, a oración polos aflixidos;

c) segundo a tradición litúrxica, dáse unha grande liberdade de elección nos textos propostos para as procesións;

d) cando, por unha razón litúrxica, se indica ou aconsella un salmo que pode ofrecer dificultade pastoral, ofrécese sempre a posibilidade de cambialo por outro; aínda máis: se algún versículo do salmo parece menos apto desde o punto de vista pastoral, pódese omitir;

e) o texto das oracións proponse sempre en singular, é dicir, por un só defunto; por isto, en cada caso, o texto será adaptado, segundo o xénero e número; así, en vez das palabras **o teu fillo**, usarase, segundo as circunstancias, **a túa filla** ou **os teus fillos** ou **as túas fillas**, etc.;

f) nas oracións, as palabras ou frases postas entre corchetes pódense omitir;

25. Unha axeitada e digna celebración das exequias, así coma todo o ministerio do sacerdote cos defuntos, supón unha consideración orgánica do misterio cristián e do oficio pastoral.

Entre outras cousas compete ó sacerdote:

a) acudir-lles ós enfermos e moribundos, como se indica na sección correspondente do **Ritual Romano**;

b) catequizar sobre o sentido da morte cristiá;

c) consolar con bondade a familia do defunto, alivia-la anguria da súa dor e, en canto sexa posible, axudala xenerosamente e preparar con ela a celebración axeitada das exequias, empregando as facultades propostas e concedidas polo mesmo rito;

d) finalmente, ordena-la liturxia dos defuntos dentro do marco da vida litúrxica parroquial e do ministerio pastoral.

ORIENTACIÓNS DOCTRINAIS E PASTORAIS DO EPISCOPADO ESPAÑOL

LA MORTE DO CRISTIÁN

1. A utilización pastoral do **Ritual de exequias** esixe profundar máis no xenuíno concepto cristián da morte, sintetizado nestas palabras do Concilio Vaticano II: “O enigma da condición humana atingue o seu vértice na presenza da morte. Mentres toda imaxinación fracasa diante da morte, a Igrexa, ensinada pola divina Revelación, afirma que Deus creou o home para un destino feliz, que sobrepasa as fronteiras da mísera vida terrestre. E a fe cristiá ensina que a mesma morte corporal caerá vencida cando o Salvador, omnipotente e misericordioso, devolva ó home a salvación perdida pola súa culpa. Deus chamou e chama o home para que, nunha perpetua asociación de incorruptible vida divina, se adhira a el coa total plenitude da súa natureza. E esa victoria acadouna Cristo resucitando á vida e liberando o home da morte coa súa propia morte.”¹⁰

A fe cristiá ante a morte

2. A fe cristiá non pretende ensinarnos nada en relación coa natureza biolóxica da morte nin sobre a súa esencia metafísica; soamente alumea o seu sentido último, na economía salvífica de Deus. A fe dinos que papel xoga o fenómeno universal e enigmático da morte no plano divino da salvación que Deus trazou sobre tódolos homes.

Os datos da revelación

3. Deus non nos desvelou de súpeto o significado desa realidade tremenda que é a morte e o misterio do alén; fíxoo a modiño, dun xeito progresivo ata chegar á revelación definitiva -mais non por iso menos misteriosa- en e pola morte de Cristo. A esta evolución progresiva débese que atopemos nalgúnhas páxinas do Antigo Testamento expresións que chocan coa nosa mentalidade cristiá. Pero a pesar das sombras, o Antigo Testamento está penetrado da luminosa convicción de que o Deus vivo exterminará radicalmente a realidade da morte.

4. As grandes liñas da revelación da Antiga Alianza converxen, transcendéndose, no Novo Testamento no misterio da morte de Cristo. Todo canto poidamos dicir como cristiáns en relación coa morte, temos que referilo sempre á morte de Cristo. Nela advertimos unha dimensión persoal, xa que Cristo asumiu libremente a morte; unha orientación comunitaria, por

¹⁰ Concilio Vaticano II, Constitución *Gaudium et spes*, núm. 18.

canto el morreu por nós, por tódolos homes; e unha relación coa mesma morte, porque el triunfou totalmente sobre o seu poder.

5. A Resurrección é o que dá sentido final á morte de Cristo. A partir da realidade do misterio pascual, a relación dos homes coa morte cambia de signo. Cristo vencedor alumea “os que viven en sombra de morte” (Lc 1,79), e líbraos “da lei do pecado e da morte” (Rm 8,2), e, cando chegue a fin dos tempos, o seu triunfo terá a súa consumación na resurrección xeral dos mortos. Entón a morte quedará destruída para sempre.

A reflexión cristiá

6. É certo que en Cristo todos morreron (cf. Rm 6,8), pero é necesario que esta morte chegue a ser para cadaquén unha realidade efectiva. Isto realízase en tres planos: o sacramental, o moral e o da mesma morte física ou corporal. En cada un destes niveis, a morte é para o cristián unha participación na mesma morte de Cristo, e dela adquire as mesmas cualidades: aceptación libre e persoal, fecundidade comunitaria, victoria final sobre o poder negativo da morte.

7. A primeira incorporación á morte de Cristo realízase pola fe e o seu selo sacramental, que é o bautismo. Os outros sacramentos actualízana de modo diverso, sendo a eucaristía o medio máis poderoso de contacto entre as nosas esixencias cristiás e a eficacia salvífica da morte de Cristo.

Tamén a vida cotiá, coa dor, a enfermidade e toda caste de privacións, actualiza a unión coa morte de Cristo, xa que o cristián leva no seu corpo a mortalidade de Cristo (cf. 2 Cor 4,10).

E a morte corporal realiza, de modo claro e palpable, o mesmo que xa se realizara “misticamente” polo bautismo, e “moralmente” pola mortificación e penitencia, converténdose así na visibilidade case sacramental da unión entre a morte de Cristo e a do cristián.

II.SENTIDO CRISTIÁN DAS EXEQUIAS

8. Cómpre que os pastores e os fieis profunden no auténtico sentido dos ritos e prearias -chamados “exequias”- que a Igrexa ten previstos con ocasión da morte dun cristián, desde o mesmo intre da expiración ata que se depositan os restos mortais na sepultura. Non son unicamente ritos de purificación do defunto, nin só oracións de intercesión, nin sinxela expresión de condolencia e consolo.

Hai que subliñar que a Igrexa, nas exequias dos seus fillos, celebra o misterio pascual, para que cantos polo bautismo quedaron incorporados a Cristo, morto e resucitado, pasen tamén con el á vida eterna, primeiro coa alma, que terá que purificarse para entrar no ceo cos santos e elixidos, despois co corpo, que deberá agarda-la benaventurada esperanza do advenimento de Cristo e a resurrección dos mortos.

Sentido pascual das exequias

9. A esperanza certa da resurrección é un dos temas máis subliñados nas exequias cristiás. Os textos das lecturas bíblicas, das antífonas e das oracións constantemente expresan a confianza na resurrección dos mortos. No mesmo rito da inhumación ou enterro latexa este

significado profundo. A Igrexa deposita o corpo do defunto nas entrañas da nai terra, coma o agricultor sementa a semente no suco, coa esperanza de que un día renacerá con máis forza, convertido en corpo transfigurado e glorioso (cf. 1 Cor 15,42-49).

10. O rico simbolismo da inhumación é o que explica a resistencia da Igrexa a admitir outro tipo de práctica con respecto ós cadáveres. Sen embargo, actualmente non se prohibe a cremación, con tal que non supoña desprezo do dogma da resurrección dos mortos: tamén a incineración dos cadáveres pode compaxinarse coa crenza na resurrección e ser indicio de fe no poder de Deus que é capaz de retorna-las cinzas á vida gloriosa.

11. É necesario que os cristiáns recuperen o sentido pascual da celebración cristiá da morte e que, mediante as exequias, afirmen a súa fe e esperanza na vida eterna e na resurrección, pero sen esqueceren nin descoidaren o que de positivo hai na mentalidade dos demais homes cos que conviven. Deste xeito, hanse de esforzar por descubrir e valorar canto de bo hai nos costumes funerarios da propia rexión ou bisbarra e, ó mesmo tempo, purificalas de todo o que é contrario ó Evanxeo, para que os ritos funerarios celebrados con motivo da morte dun cristián amosen unha auténtica fe pascual e un xenuíno espírito evanxélico.

Celebración litúrxica da morte

12. A celebración litúrxica da morte, que comeza nos momentos inmediatamente anteriores á expiración e durante a mesma, por medio do viático e da recomendación do moribundo, prolóngase despois mediante os ritos funerarios. Contén ben de elementos que subliñan o seu carácter festivo e pascual: vestición e adorno -aínda que sinxelo- do cadáver, cunha clara significación sacramental e escatolóxica; substitución do pranto fúnebre polo canto esperanzador dos salmos; celebración da eucaristía; reunión de pregaria na que se proclama a palabra de Deus e se ora comunitariamente, como expresión da fe pascual.

Comuñón entre vivos e defuntos

13. Os ritos funerarios expresan tamén os vencellos existentes entre tódolos membros da Igrexa. Por iso, “a Igrexa dos peregrinos, desde os primeiros tempos do cristianismo, tivo perfecto coñecemento desta comuñón de todo o Corpo Místico de Xesucristo, e así conservou con grande piedade a lembranza dos defuntos e ofreceu sufraxios por eles”¹¹. Ó longo dos séculos, estes sufraxios concretáronse de diversos modos: oracións, obras de caridade, aplicación de indulxencias, ofrecemento da santa Misa.

14. Hai varios aspectos que amosan ata que punto o cristián non morre só, senón que o fai rodeado da comunidade de crentes, que, pola súa banda, se encarga de encomendalo á comunidade celestial. Pódense indicar entre os máis notables:

a) a presenza da familia e, se é posible, dunha comunidade cristiá máis ampla, reunida para escoita-la palabra de Deus, celebra-lo sacrificio eucarístico e tributar ó defunto o derradeiro saúdo de despedida;

b) a convocación da Virxe e dos santos, que aparece tanto nas oracións de recomendación do moribundo como nas pregarias que acompañan os ritos mortuorios, e que pretenden sensibiliza-la realidade de que os membros da Igrexa celeste reciben na súa compañía

¹¹ Concilio Vaticano II, Constitución *Lumen gentium*, núm. 50.

ó que ata agora formaba parte da comunidade terrea;

c) as procesións funerarias, cando poden comodamente realizarse, que, ademais de expresaren a condición esencialmente nómada e peregrinante da Igrexa, poñen de manifesto o carácter de “paso” que ten para o cristián a morte corporal;

d) a colocación honorífica do cadáver na igrexa e a celebración da Eucaristía ante os restos mortais que expresan a conexión da morte do cristián coa de Cristo e a esperanza da resurrección do defunto a semellanza da do Señor;

Oración polos defuntos

15. Non debe esquecer que un dos obxectivos principais da liturxia funeraria é o de elevar preces de intercesión polo defunto. Con isto, ademais de amosa-los vencellos estreitísimos que existen entre a comunidade terrea e o membro defunto, exprésase a victoria de Cristo sobre a morte e a esperanza de participar plenamente nela. Pero, ó mesmo tempo, maniféstase a incerteza inherente á situación concreta do defunto ante Deus.

16. Mentres celebramos con fe a victoria pascual de Xesucristo, esperamos e pedimos - xa que todo o que é obxecto de esperanza éo tamén de oración- que o Señor perdoe os pecados do defunto, que o purifique totalmente, que o faga participar da eterna felicidade e que o resucite gloriosamente na fin dos tempos. E estamos seguros de que a nosa oración é unha axuda eficaz para os nosos defuntos, en virtude dos méritos de Xesucristo, e non en virtude da correspondencia matemática entre o “número” de sufraxios e os beneficios obtidos polos defuntos;

17. Nas exequias de adultos sublíñase o aspecto de intercesión. Nas dos meniños, pola contra, ponse de manifesto a fe na victoria de Cristo. En ámbolos dous casos, a pregaria tamén se dirixe a pedir, para os parentes e achegados, o consolo da fe no medio da dor (cf. núm. 38).

Veneración cristiá do corpo

18. A igrexa honra nas exequias o corpo do defunto, porque foi instrumento do Espírito Santo e está chamado á resurrección gloriosa¹². Os ritos exequiais pódense considerar como expresión da veneración cristiá polo corpo. O mesmo corpo, ó que na vida bañou a auga bautismal, unxiu o óleo santo, alimentou o pan e viño eucarístico, marcou o signo da salvación, protexeu a imposición das mans, en virándose cadáver, segue a ser obxecto do coidado solícito e agarimoso da nai Igrexa. Podemos, logo, falar dos ritos funerais coma dunhas “honras fúnebres” tributadas ó defunto, pero non coma unha vana ostentación nin en virtude de crenzas supersticiosas, senón por razóns especificamente cristiás: a convicción de que todo home, alma e corpo, formando unha unidade vital, é obxecto da salvación.

19. Todas esas razóns son tamén as que inclinan os cristiáns a trataren con sumo respecto os lugares onde descansan os restos mortais dos seus irmáns defuntos. Os cemiterios foron sempre lugares sagrados, onde dormen os defuntos agardando a resurrección. Por iso, hai que procurar que os cemiterios estean bendicidos e, se se trata de cemiterios comúns a cristiáns e non cristiáns, hanse bendicir alomenos as sepulturas dos fieis; ademais, é conveniente que nos cemiterios reine a maior limpeza e orde e que se observe un clima de oración e silencio

¹² Cf. SAN AGUSTIN, *De cura pro mortuis gerenda*: PL 40,595.

religioso, evitando, ó mesmo tempo, toda ostentación de vaidade humana nos elementos externos e nas mesmas inscricións lapidarias (cf. núm. 27).

Ensinanzas para os vivos

20. A Igrexa, aproveitando o feito da morte dun dos seus fillos, que crea entre os demais membros da comunidade unha situación psicolóxica especialmente disposta á captación, imparte unha ensinanza viva e eficaz, que serve tamén para reforza-los vencellos de unión entre tódolos seus fillos. Así:

a) a palabra de Deus proclamada e explicada constitúe a mellor lección cristiá sobre o significado da morte;

b) órase ademais polos vivos, especialmente polos máis afectados ou aflixidos, e boa parte da liturxia exequial está destinada a adoutrina-los fieis e mesmo os non crentes sobre o sentido da morte;

c) a mesma presenza do corpo do defunto e unha serie de textos litúrxicos ditos **in persona defuncti** manifestan de modo indubidable a vinculación con el.

III.FUNCIÓNS E MINISTERIOS NAS EXEQUIAS

Función da comunidade

21. A celebración das exequias non é asunto só dos achegados ó defunto, senón de toda a comunidade cristiá -homes e mulleres-, e ela, de diversos modos, debe facerse presente nas exequias de todos e cada un dos seus membros, xa que “as accións litúrxicas non son accións privadas, senón celebracións da Igrexa”¹³. Tódolos que asisten ás celebracións exequiais deben realizar un esforzo de eficaz colaboración, tomando parte activa nos cantos e oracións, de xeito que apareza con claridade a realidade da comunidade eclesial que celebra o misterio pascual, expresa a súa fe e ora polo defunto.

Responsabilidade da xerarquía

22. Por razón do seu ministerio, corresponde ó Bispo e ós sacerdotes, en xeral, promover, estimular, orientar e coordina-las actividades de tódolos que, dunha maneira directa ou indirecta, interveñen na preparación e celebración dos ritos exequiais.

23. Compete especialmente ós pastores a responsabilidade de dita tarefa. No seu desenvolvemento deben ter en conta as esixencias da pastoral de conxunto, coordinando debidamente a liturxia funeraria con toda a vida litúrxica parroquial e cos demais aspectos do ministerio pastoral. O sacerdote, movido pola caridade pastoral, ha ter particularmente en conta a súa misión de consolador dos aflixidos e, non contentándose cunha boa celebración ritual, establecerá un contacto humano cos familiares do defunto -no tempo e modo que parezan máis oportunos-, exhortándoos á esperanza e á oración (cf. núm. 65).

24. É de sumo interese que en cada diócese, oídos o Consello do Presbiterio e o Consello

¹³ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, núm. 26.

Pastoral, se elaboren unhas normas que concreten e prolonguen as orientacións pastorais que aquí se dan, adaptándoas á situación particular de cada diócese. Especialmente interesa que os bispos a nivel diocesano ou de Conferencia rexional, estudien o modo de concreta-los puntos seguintes:

a) a determinación do tipo de exequias que normalmente hai que seguir, xa sexa nos núcleos urbanos ou nas zonas rurais;

b) sinala-las características externas que deben revesti-los enterros, tendo en conta a sinxeleza relixiosa con que deben celebrarse, e da necesaria unificación de clases (cf. núm. 68).

25. Os Ordinarios de lugar, ademais de regularen a pastoral litúrxica das exequias en toda a diócese, gozan da facultade de permitiren a celebración da Misa exequial na mesma casa mortuoria¹⁴, autoraren a celebración das exequias dos nenos mortos antes de recibi-lo bautismo (cf. núm. 38), e determinaren, chegado o caso, a denegación de sepultura eclesiástica.

Misión dos leigos

26. Os leigos teñen un papel de primeira orde na celebracións exequiais. Ademais da participación activa que lles compete, coma membros do pobo de Deus, deben colaborar no desempeño dos diversos ministerios litúrxicos necesarios para o recto desenrolo da celebración.

En ausencia do sacerdote ou do diácono, aconséllase que as oracións propias das estacións na casa mortuoria e no cemiterio as dirixidan leigos. Tamén se autoriza a que algún dos achegados ó defunto, ou no seu nome outra persoa, dirixa unhas palabras de despedida ós asistentes no momento que indica o Ritual, como unha parte integrante da mesma celebración.

27. A acción do leigo debe influír tamén na redacción das esquelas, inscricións e recordatorios en estilo cristián, na conversión dos velatorios fúnebres en verdadeiras reunións de pregaria (cf. núm. 58); na desaparición de certo tipo de ornaméntación fúnebre, máis pagá que cristiá; na transformación do espírito das empresas de servicios fúnebres; na constitución de asociacións piadosas dedicadas ó fomento do xenuíno sentido dos enterros e á ambientación cristiá dos cemiterios (cf. núm. 19).

Papel do responsable inmediato

28. As exequias debeas presidir normalmente un sacerdote. Excepto a celebración da Misa, podeas presidir tamén por un diácono. En ningún caso as autoridades civís ou militares que asisten a elas deben aparecer coma presidentes das mesmas, aínda que ocupen un lugar sobranceiro entre os fieis¹⁵. O presidente da celebración exequial, sexa sacerdote ou diácono, é o responsable inmediato do axeitado desenrolo da mesma e, por iso, goza de amplias facultades na elección dos ritos e textos concretos da celebración.

Debe poñer especial atención na necesidade de adaptación, considerando non só as características persoais do defunto, senón tamén a dor dos parentes e achegados e as necesidades da súa vida cristiá. Procure ter en conta os desexos e necesidades da familia e da mesma comunidade cristiá, de xeito que a celebración exequial sexa verdadeiramente froito da

¹⁴ Cf. *Instrucción sobre las misas para grupos particulares* (15 de mayo de 1969), núm. 2, f.

¹⁵ Cf. Nota da Comisión Episcopal de Liturxia, en *Pastoral Litúrgica*, núms. 49-50, 21.

colaboración de todos e facilite a máxima participación.

IV.A CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS

A) Diversas formas do rito exequial

29. O rito das exequias, tanto de adultos coma de meniños, debe celebrarse habitualmente, tendo en conta as posibilidades de cada lugar, según algún dos ritos que figuran a continuación.

a) Forma típica: comprende tres estacións: unha na casa mortuoria (ou na cela, se se trata dun mosteiro); a segunda na igrexa e a terceira no cemiterio.

b) Sen procesión ó cemiterio: comprende tamén tres estacións: unha na casa mortuoria, outra no interior da igrexa e a terceira no adro ou na porta da igrexa.

c) Sen procesión á igrexa e ó cemiterio: coma nas anteriores, comprende tamén tres estacións, pero todas elas se realizan na mesma igrexa: onda a porta, a primeira e a terceira; e no interior da igrexa, a segunda.

30. Cada un dos tres tipos de exequias hase celebrar sempre que sexa posible con canto. Agora ben, se a asemblea non é capaz de canta-los cantos exequiais propios, farase o rito sen cantos. Neste caso, con todo, aínda que fundamentalmente se use o rito sen cantos, nada impide que se introduzan no medio da celebración rezada algúns cantos coa condición de que estes sexan verdadeiramente aptos para ambienta-la celebración exequial (véxase o suplemento que acompaña este ritual).

31. Tanto o rito con canto coma o rito sen canto pode incluí-la celebración da eucaristía ou limitarse unicamente á da palabra. En cada caso procederase segundo os desexos da familia e as posibilidades do día litúrxico e da comunidade concreta, como se di no número 39.

32. Para algúns casos ou circunstancias especiais, están previstos ritos especiais e máis adaptados, como se indica nos números 36 e 37.

Forma típica

33. A forma típica, na súa modalidade completa, comprende tres estacións: a primeira na casa mortuoria, a segunda no interior da igrexa e a terceira no cemiterio, e dúas procesións intermedias. Este tipo de exequias, que é o máis tradicional e expresivo, hase celebrar sempre que sexa factible, sobre todo nos mosteiros que conservan o cemiterio propio e nas parroquias rurais. Neste último caso, cando se trate de casas de campo illadas e moi distantes, pode suprimirse a procesión da casa á igrexa, aínda que é recomendable que o párroco, antes da celebración na igrexa, vaia á casa do defunto e alí rece as preces da estación na casa do defunto.

Segundo tipo

34. O segundo tipo de exequias conserva a estación na casa do defunto e a procesión da casa mortuoria á igrexa, pero omite a procesión ó cemiterio e a estación no mesmo. Este tipo de celebración é posible e aconsellable na maioría dos pobos rurais; a procesión dende a casa á igrexa resulta fácil e expresiva, xa que as casas dos fieis non adoitan estar lonxe da igrexa; a procesión ó cemiterio, pola contra, resulta xeralmente máis difícil, pois este acostuma estar lonxe da poboación. Neste tipo de exequias, o rito do derradeiro adeus ó corpo do defunto faise no interior da igrexa e as derradeiras preces na porta da mesma.

Terceiro tipo

35. O terceiro tipo de exequias mantén as tres estacións, pero de forma máis simplificada. A primeira estación ten lugar no adro ou na porta da igrexa; neste lugar faise un recibimento simple e, no posible, afectuoso, do cadáver e dos familiares máis íntimos do defunto, mentres que os demais fieis están xa no interior da igrexa. A segunda estación faise no interior da igrexa, e a terceira, comeza tamén no interior da igrexa co derradeiro adeus ó corpo do defunto, e remata no adro ou na porta da igrexa coas preces finais. Este tipo de exequias é propio das grandes cidades, nas que non é posible unha verdadeira procesión polas rúas. Neste tipo de exequias convén coidar que non se perda o sentido e a debida expresividade das dúas procesións; a primeira dende a porta ó interior da igrexa, na que se significa a acollida do defunto por parte da Igrexa (o celebrante recibe o cadáver e os familiares); e a segunda dende o interior da igrexa ó adro, na que se significa o acompañamento da comunidade ó lugar onde o corpo do defunto esperará a resurrección futura.

Celebración das exequias en casos extraordinarios

36. Nalgúns casos, danse circunstancias especiais que dificultan, ou incluso imposibilitan, a celebración dos ritos exequiais en calquera das súas formas habituais. Para estes casos (por exemplo, na celebración nos tanatorios, o enterro dunha persoa totalmente descoñecida ó que non asisten os fieis, ou as exequias dun defunto cando o seu corpo xa está no cemiterio antes do comenzo da celebración exequial), o ritual no capítulo VI propón as oportunas adaptacións, coa fin de que non fiquen comprometida a veracidade do rito litúrxico.

Rito breve

37. As exequias que se celebran nos tanatorios ou funerarias das grandes cidades, cando o elevado número de celebracións exequiais dificulta a celebración do rito ordinario, pode usarse o rito breve que para estes casos figura no capítulo IV deste Ritual. Este rito consta de tres partes, anque moi simplificadas e breves: recibimento do cadáver, breve proclamación da palabra de Deus e derradeiro adeus ó defunto. Neste rito breve hai que salientar sobre todo a proclamación da palabra de Deus (para a que se propoñen textos breves de fácil intelixencia pois neste tipo de celebración a homilía ha de ser necesariamente moi breve) e a aspersión do cadáver, lembranza do bautismo. Este rito breve non se usará nunca nas parroquias.

Celebración das exequias de nenos

38. En relación coas exequias dos nenos, hai que distinguir tres casos diferentes: 1) o de

nenos chegados ó uso da razón, que segundo o Dereito vixente deben considerarse xa adultos¹⁶; nas súas exequias débese segui-lo rito dos adultos, coas adaptacións oportunas, previstas nos formularios propios, que figuran neste Ritual no capítulo III, apartados 6 e 7) O dos meniños que non chegaron ó uso da razón, pero bautizados, para os que se ha seguir o rito de meniños, tal como se indica no capítulo III, apartado 8) O dos nenos que non recibiron o bautismo, pero que os seus pais desexaban bautizalos, para este caso poderá usarse, previo o consentimento do ordinario do lugar¹⁷, o rito previsto no capítulo III, apartado 9.

Celebración da eucaristía na exequias

39. En cada un dos esquemas celebrativos, está prevista tanto a inclusión da Eucaristía no medio das exequias como a celebración sen Misa. A decisión de celebrar ou omiti-la Misa no medio do rito exequial tomarase sempre de acordo coa familia e tendo en conta a categoría do día litúrxico e as posibilidades do ministro, segundo o que se di máis abaixo (núm.41).

40. A celebración da Misa no medio do rito exequial representa o signo máis expresivo das exequias cristiás, por canto conecta sacramentalmente a morte do cristián co misterio pascual de Cristo. Sen embargo, a celebración eucarística non aparece nunca coma elemento necesario e imprescindible. Incluso danse casos -o das exequias presididas por un diácono ou por un sacerdote que xa celebrou máis dunha vez a Misa e o de determinadas solemnidades que non admiten a Misa exequial- nos que a celebración eucarística debe omitirse ou pospoñerse para outro momento.

41. A presenza de “persoas que, con ocasión dos funerais, veñen ás celebracións litúrxicas” e “que poden non ser católicas ou que son católicas que nunca ou case nunca participan na Eucaristía ou que incluso parece que perderon a fe”¹⁸, non debe ser endexamais por si soa motivo para priva-los fieis que o piden o consolo da celebración eucarística nin o defunto do sufraxio da Misa, que cobra unha especial significación cando se celebra no medio do rito exequial. Nestes casos os sacerdotes deben actuar coa máxima caridade, lembrando que “son ministros do Evanxeo de Cristo para todos”¹⁹, incluso para os máis afastados.

42. Por outra parte, a norma conciliar de non facer acepción de persoas nas celebracións litúrxicas²⁰ esixe que se dea a tódalas familias a mesma posibilidade de escoller entre se desexan ou non a celebración eucarística no medio das exequias. No caso de que a Misa non sexa posible, porque o enterro cadra nun dos domingos ou solemnidades que exclúen a Misa exequial ou ben porque preside as exequias un diácono ou presbítero que xa celebrou a Eucaristía noutra asemblea, hase procurar ofrecerlles ás familias que o desexen a celebración da Misa exequial noutra ocasión.

B) Elementos dinámicos do rito

¹⁶ Cf. Código de Dereito Canónico, can. 852 § 1.

¹⁷ Cf. *ibid.*, can. 1183 § 2.

¹⁸ *Ordenación Xeral do Misal Romano*, núm. 341.

¹⁹ Cf. *ibid.*, núm. 341.

²⁰ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, núm. 32.

Estructura xeral

43. Os diferentes tipos de exequias teñen unha mesma estrutura fundamental, composta de tres partes básicas: 1) rito de acollida do defunto; 2) celebración da palabra (e da Eucaristía); 3) derradeiro adeus ó corpo do defunto. Os ritos de acollida e de despedida poden incluír unha procesión solemne na que participa todo o pobo, ou limitarse a só unha pequena procesión polo interior da igrexa, na que unicamente participan os ministros e algúns familiares. A estas partes básicas, engádense ás veces outros ritos secundarios, como acende-lo cirio pascual, ó comezo da liturxia da palabra, ou a bendición da sepultura, ó chegar ó cemiterio.

Rito de acollida

44. O rito de acollida ten como finalidade recibirlo cadáver e ofrecerlles ós achegados ó defunto (e a toda a asemblea) palabras de consolo cristián, que os preparen á participación na acción litúrxica. Cando as exequias comezan na casa do defunto, o rito de acollida consta dun saúdo xeral á asemblea e dunha oración (entre estes dous elementos pode insertarse ademais a recitación dun salmo introdutorio). Cando as exequias se celebran integramente na igrexa, o rito de acollida faise na entrada da igrexa, mentres a asemblea está xa no interior da mesma, e as palabras de consolo diríxense unicamente ós achegados ó defunto. No rito de acollida non convén facer xa a aspersión do cadáver, coa fin de que este significativo xesto acade todo o seu realce no derradeiro adeus ó defunto.

Procesión ou introducción do corpo do defunto na igrexa

45. O xesto de introduci-lo cadáver do defunto na igrexa ten un gran significado que convén explicárllelo ós fieis: lembra as sucesivas entradas do defunto na asemblea cristiá e tamén a súa acollida definitiva na asemblea dos santos. Por iso convén darlle a este xesto o seu debido realce.

Cando as exequias comezan na casa do defunto (forma típica), a acollida iníciase na casa mortuoria e prosegue durante a procesión á igrexa; durante esta procesión, cántase o salmo 113, alusivo ó tránsito de Israel cara á terra de promisión ou, se se celebra sen canto, recítase unha ladaíña que fai referencia ó paso de Israel de Exipto á terra da súa liberdade. Cando as exequias se celebran integramente na igrexa, a procesión límitase á entrada do féretro, acompañado do celebrante e dalgúns familiares, cantando o salmo 113 ou recitando a ladaíña.

Introducido o cadáver na igrexa, colócase diante do altar, segundo a orientación que habitualmente adoptaba o defunto nas asembleas litúrxicas, é dicir, se se trata dun defunto leigo, de cara ó altar, se dun ministro ordenado, ollando ó pobo. Sobre o féretro é oportuno coloca-lo evanxeliario, ou a Biblia ou outro signo cristián. En cambio, non se debe colocar cruz ningunha, a non ser que dende a nave non se vexa a cruz presidencial do presbiterio. Á par do féretro é moi recomendable coloca-lo cirio pascual.

Iluminación do cirio pascual

46. Este rito -que é optativo- ten como finalidade significar e subliña-la relación que se dá entre a morte do cristián e a resurrección de Cristo, realidade que alumea a morte dos que nel creron. Colocado o cadáver diante do altar, e posto á par del o cirio pascual, o celebrante

acéndeo pronunciando a fórmula que figura no Ritual. O pobo pode entoar nese intre un canto axeitado, alusivo a Cristo, luz dos crentes.

Celebración da palabra de Deus

47. A celebración da palabra de Deus ten por obxecto darlles ás exequias o seu carácter de expresión da fe cristiá, proclamando o misterio pascual, dando azos á esperanza dos que sofren ante a morte, ensinando a piedade cos defuntos e exhortando ó testemuño da vida cristiá.

Acendido o cirio pascual -ou, se este rito se omite, colocado o cadáver no seu lugar- e suprimido o acto penitencial, a celebración da palabra de Deus comeza coa oración introductiva -que se pode escoller entre as que figuran no Ritual ou a dos formularios da Misa exequial do Misal- e componse de dúas ou tres lecturas bíblicas (se as exequias son sen Misa podese facer unha soa lectura), do salmo responsorial (eventualmente do **Aleluia**), da homilía e da oración dos fieis.

Celebración da eucaristía

48. O obxectivo primario da celebración da Eucaristía nas exequias é manifesta-la vinculación da morte do cristián co misterio pascual de Xesucristo. Ó mesmo tempo a Misa debese considera-lo máis excelente sufraxio polo defunto, xa que a Igrexa, ó ofrece-lo sacrificio pascual, pide a Deus que admita, na plenitude pascual da mesa do Reino, o cristián defunto, a quen alimentou coa Eucaristía, peñor de vida eterna. Por iso, pode dicirse que a celebración da Misa representa o punto sobranceiro dos funerais cristiáns e este é o motivo de que se considere coma parte integrante das exequias, aínda que non imprescindible (cf. núms. 39-42).

Derradeiro adeus ó defunto

49. Este rito que segue á celebración da Eucaristía ou da palabra, representa como o adeus da comunidade cristiá da terra a un dos seus membros que, dende agora, pasará a formar parte da Igrexa do ceo. Se a asemblea acompaña o cadáver ata o cemiterio, o derradeiro adeus faise a carón da sepultura, despois da bendición da tumba e antes de coloca-lo corpo no sepulcro. Se o pobo non vai ó cemiterio, o derradeiro adeus faise no interior da igrexa, rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez rematada a oración dos fieis; en ámbolos dous casos, o celebrante cos seus ministros colócase a carón do féretro.

As partes fundamentais do derradeiro adeus son a monición do celebrante, a aspersión (e incensación) do cadáver, o canto de despedida ó defunto (ou as invocacións do “adeus” se non hai canto), a oración final (e, se as exequias son sen canto, a proclamación dun fragmento do salmo 117). En relación co derradeiro adeus, hai que subliñar, sobre todo, o xesto da aspersión que manifesta a relación da morte do cristián co bautismo, que xa no comezo da vida cristiá o incorporou á morte e resurrección de Cristo; este rito farase sempre -incluso no rito breve, propio dos tanatorios- de forma expresiva, con auga abundante e dando o celebrante a volta completa ó cadaleito mentres fai a aspersión.

Procesión ó cemiterio ou despedida do cadaleito

50. Este rito ten por obxecto expresa-lo desexo de asocia-la morte do cristián ó triunfo pascual de Xesucristo. Cando a asemblea non vai ó cemiterio, despois do rito do derradeiro adeus, cántase (no adro da igrexa) ou recítase (antes de leva-lo cadaleito ó adro) unha parte do salmo 117 e, mentres se saca o corpo do defunto da igrexa, cántase - ou un dos ministros proclama- unha antífona que exprese o desexo de que ó defunto o reciban no Reino de Deus.

Bendición da sepultura

51. A bendición da sepultura ten como finalidade expresa-la espera da parusía por parte do defunto. Na forma típica, a bendición da sepultura faise ó chega-la procesión ó cemiterio. Nas outras formas de celebración, sempre que sexa posible, procurárase que un sacerdote ou diácono bendiga previamente a sepultura, antes da celebración das exequias, sobre todo se o sepulcro está nun cemiterio civil non solemnemente bendicido. Se non resulta posible a bendición da sepultura, procúrese, alomenos, que algún dos presentes recite sobre a mesma algunha oración axeitada con este fin.

Alocución dun familiar do defunto

52. Se algún dos familiares ou achegados ó defunto -ou un representante da familia- desexa pronunciar algunhas palabras de despedida e de gratitude, pode facelo como parte integrante do rito, despois do derradeiro adeus e antes do rito conclusivo. Neste momento -non na homilía, que debe ser sempre un comentario dos textos bíblicos ou eucolóxicos- está permitido e pode ser oportuno facer unha breve biografía do defunto, excluído en todo caso o xénero literario de “eloxio fúnebre”, pódese aludir ó testemuño cristián da vida do defunto, se este constitúe motivo de edificación e de acción de grazas a Deus.

Preces finais

53. As exequias rematan cun rito conclusivo, que é diferente segundo que a asemblea vaia ó cemiterio ou o rito conclúa no adro da igrexa. Se os fieis acompañaron o defunto ata o cemiterio, a celebración conclúe ou coas preces tradicionais polos fieis defuntos en xeral ou coa bendición da asemblea. Se as exequias finalizan no adro da igrexa, rematado o canto ou a proclamación do salmo 117 e colocado o corpo do defunto no carro mortuorio, o celebrante conclúe o rito exequial cunha fórmula que parafrasea o salmo 117, aplícao ó defunto e pide que os presentes medren na esperanza. O rito exequial conclúe sempre coa despedida da asemblea, que se fai coa fórmula habitual.

C) Algunhas normas especiais

Preces na casa e no cemiterio

54. Cando as preces se celebran segundo o rito simplificado, é recomendable que, antes de sai-lo cadáver da igrexa e ó chegar ó cemiterio, xunto á sepultura, un sacerdote ou diácono ou, na súa ausencia, un laico recite as preces que figuran para este momento nos Apéndices deste Ritual.

Salmos e cantos

55. É tradicional a importancia dos salmos nos funerais cristiáns. O seu uso obedece, en primeiro lugar, ó desexo de conferir-lles ás exequias o ambiente de esperanza característico das exequias cristiás. Nos esquemas celebrativos salientase o uso dos salmos pascuais típicos do enterro cristián (113 e 117), salmos que de ordinario se han usar en tódalas exequias. Pero non abonda esta presenza material dos salmos na celebración, senón que é necesario ademais que os fieis coñezan, a través dunha axeitada catequese, o verdadeiro sentido, alomenos dos dous salmos típicos das exequias, e, na medida do posible, cheguen tamén a podelos cantar.

56. Tamén hai que fomenta-lo uso de cantos axeitados, especialmente os cantos propios para o derradeiro adeus ó corpo do defunto. Cando o canto dos textos propios non sexa posible, poderanse usar outros cantos, sempre que estean penetrados do xenuíno espírito bíblico e litúrxico e o seu texto sexa verdadeiramente apropiado á celebración das exequias (cf. núm. 30).

Liturxia das horas

57. Fóra das solemnidades, dos domingos de Advento, Coresma e Pascua, o mércores de Cinza, a Semana Santa, a oitava de Pascua, e o día 2 de novembro, as comunidades -sobre todo relixiosas- que celebren as exequias dun dos seus membros poden recita-lo Oficio de defuntos-integramente ou só algunha das súas Horas- no lugar do que corresponde ó día²¹. Esta mesma posibilidade pódena usar tamén os obrigados ó Oficio divino que recitan a Liturxia das Horas individualmente.

Vixilia comunitaria de oración

58. A celebración da Liturxia das Horas exequial pódese substituir por unha vixilia ou celebración da palabra máis adaptada ás posibilidades da comunidade, sobre todo cando na celebración debe participa-lo pobo²². Esta vixilia, en ausencia do sacerdote ou diácono, pode dirixila un laico. Para esta vixilia pódese usa-la forma proposta no capítulo I, núm. 2: “Vixilia comunitaria de oración polo defunto”.

Oración na capela ardente

59. Para facilita-la oración dos familiares e amigos que van visita-lo defunto, convén dispoñer na capela ardente do Ritual, da auga bendita (e unha estola para os presbíteros e diáconos). Para esta oración pódense usa-los formularios do capítulo I, núm. 1: “Para orar na cámara ardente”.

Traslado do defunto á igrexa antes das exequias

60. Nos mosteiros e outras comunidades onde hai tradición de leva-lo cadáver do defunto á igrexa despois do falecemento e antes de que se celebre a liturxia exequial propiamente dita, usarase o rito descrito no capítulo II. Neste caso, a celebración das exequias propiamente ditas comeza directamente polo canto de entrada.

²¹ Cf. *Ordenación Xeral da Liturxia das Horas*, núm. 245.

²² Cf. *ibid.*, núm. 71.

Concelebración

61. Cando varios sacerdotes participen nas exequias dalgún familiar ou amigo, é recomendable que todos concelebrén a Eucaristía, xa que cada un dos membros da Igrexa debe participar sempre nas celebracións “segundo a diversidade de ordes e funcións”²³ e facer “todo o que lle corresponde pola natureza da acción litúrxica”²⁴ na que participa.

62. Con todo, hai que poñer especial atención en que a concelebración non se converta endexamais en pretexto para unha nova “clase” de funerais. A concelebración eucarística non é un modo de solemniza-lo funeral nin de darlle importancia, senón a expresión da unidade do ministerio dos bispos e presbíteros presentes. Por isto, nunca se invitará a sacerdotes “para que concelebrén”, senón que se admitirá sempre á concelebración ós sacerdotes presentes nas exequias por motivos de parentesco ou amizade co defunto ou cos seus familiares.

D) Utilización do Ritual

63. O presente Ritual está disposto de tal xeito que cada un dos tipos de exequias, coas súas modalidades respectivas, se presente completo, cos seus textos eucolóxicos. Nos Apéndices figuran, ademais, unha serie de formularios facultativos ou complementarios que poden completa-la celebración das exequias.

64. Para o recto uso dos formularios, hase ter en conta o seguinte:

a) Nos diversos formularios da forma típica, os textos celebrativos que teñen idéntica función levan sempre o mesmo número, para facilita-lo intercambio ou a substitución.

b) As monicións que se ofrecen non deben usarse sempre literalmente, senon que poden adaptarse oportunamente.

c) A dignidade da Palabra de Deus salientase coa utilización do Leccionario propio das Misas Rituais no ambón. Só no caso de celebracións fóra da igrexa, poderanse face-las lecturas do capítulo VII deste Ritual.

V.A LITURXIA DAS EXEQUIAS NA PASTORAL

Liturgia das exequias e coidado de enfermos e moribundos

65. Compre que todo o relativo á liturgia das exequias garde unha axeitada relación coas demais actividades litúrxicas da comunidade cristiá e co conxunto da acción pastoral, coa fin de non esaxera-la atención que se debe nin de minimiza-la súa importancia real.

A celebración exequial insértase, en primeiro lugar, nun conxunto de accións pastorais e litúrxicas que teñen como finalidade o coidado espiritual dos enfermos e moribundos. Só se

²³ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, núm. 26.

²⁴ Cf. *ibid.*, núm. 26.

poderá celebrar con sentido a morte dun cristián, cando a comunidade teña dado probas de que soubo crea-las condicións para o nacemento e desenrolo da vida cristiá, de que asistiu espiritualmente ós seus membros enfermos e de que estivo a carón do moribundo nos momentos cruciais da expiración. É, sobre todo, o responsable da comunidade quen debe asegura-la vinculación entre a liturxia funeral e o coidado pastoral dos enfermos e moribundos.

Oración xeral polos defuntos

66. A oración polos defuntos non se limita ós momentos do funeral e do enterro. Forma parte da preocupación xeral da Igrexa, intercedendo ante Deus por tódolos cristiáns “que durmiron na esperanza da resurrección” e aínda polos que, sen seren cristiáns, “morreron na súa misericordia”²⁵.

Sempre que se celebra a Eucaristía, faise memoria dos defuntos (e nas pregarias eucarísticas I, II e III poden lembrarse, explicitamente, os nomes dos defuntos concretos); ademais tamén na oración universal dos fieis se pode interceder por eles.

As preces das celebracións da palabra de Deus e das Vésperas conteñen sempre unha intención de pregaría polos defuntos.

É loable costume dos cristiáns remata-las súas oración privadas e familiares cunha petición especial polo eterno descanso de tódolos fieis defuntos.

Tódolos anos dedica a Igrexa a data do 2 de novembro á Conmemoración de tódolos fieis defuntos, con Misa e Oficio propios e con diversos exercicios piadosos.

Elementos dinamizadores e catequéticos

67. Os funerais cristiáns, ademais de seren celebración dun misterio, conteñen importantes elementos catequéticos, sobre todo a través das lecturas bíblicas e da predicación homilética. Procuren os responsables harmoniza-las exhortacións, dadas con motivo das exequias, coa predicación e a catequese xerais sobre o sentido cristián da morte, impartidas noutras ocasións. Teñan tamén en especial consideración ós que, con ocasión das exequias, asisten ás celebracións litúrxicas ou escoitan o Evanxeo, ora sexan non católicos, ora católicos que nunca ou case nunca participan no misterio eucarístico, e aínda semella que perdesen a fe. Os responsables da celebración litúrxica son ministros do Evanxeo de Cristo para todos²⁶.

Pero non intenten aproveitar demasiado unilateralmente as celebracións exequiais para evanxeliza-los asistentes, nin moito menos para facer propaganda da Igrexa ou lanzar invectivas contra os remisos ou marxidados. Con todo, a predicación da fe e a exhortación á esperanza debe facerse de tal xeito que, ó ofrecérle-lo amor santo da nai Igrexa e o consolo da fe cristiá, alivien de feito os presentes e non firan a súa xusta dor.

Supresión de clases

²⁵ Plegaria eucarística II.

²⁶ *Ordenación Xeral do Misal Romano*, núm. 341.

68. Seguindo o espírito e a letra da Constitución conciliar²⁷, a celebración exequial, fóra da distinción que deriva da función litúrxica e da Orde sagrada e exceptuando os honores debidos ás autoridades civís, a tenor das leis litúrxicas, non se fará acepción ningunha de persoas ou de clases sociais nin nas cerimoniais nin no ornato externo.

Deberá facerse un esforzo progresivo de desvinculación entre as celebracións exequiaís e as prestacións económicas dos fieis, e hase educa-los cristiáns para que, en tódolos elementos externos que non dependen directamente da liturxia, tendan á veracidade e á sinxeleza propias do espírito evanxélico e da fe pascual.

²⁷ Concilio Vaticano II, Constitución *Sacrosanctum Concilium*, núm. 32.

CAPÍTULO I

PRECES PARA ANTES DAS EXEQUIAS

1. FORMULARIOS PARA ORAR NA CÁMARA ARDENTE

Cando os familiares e amigos acoden ó lugar onde se atopa o cadáver nas horas que preceden ó enterramento, estará ben que expresen a súa caridade cristiá co defunto rezando alí por el; deste xeito tamén lles ofrecen consolo cristián ós máis achegados da persoa que finou. Esta oración pódese facer tanto comunitaria coma individualmente. (Nas comunidades relixiosas é moi loado rezar a Liturxia das Horas diante do cadaver).

Se a oración se leva a cabo de maneira comunitaria, pódese facer con calquera dos catro primeiros formularios que seguen a continuación.

FORMULARIO I

Ant.: Cara a ti erguémo-los nosos ollos;
Señor, o teu amor é máis forte cá morte;
por iso esperamos en ti.

PRECES

Xa que este primeiro mundo pasou definitivamente para o noso irmán (a nosa irmá) N.,
pidámoslle agora ó Señor que lle conceda gozar do ceo novo e da terra nova que El
preparou para os seus escolleitos.

Que Cristo, que por el (ela) sufriu morte de cruz,
lle conceda a felicidade verdadeira.

R. Pedímoscho, Señor.

Que Cristo, o Fillo de Deus vivo,
o (a) acolla no seu paraíso.

R. Pedímoscho, Señor.

Que Cristo, o bo Pastor,
o (a) conte entre as súas ovellas.

R. Pedímoscho, Señor.

Que Cristo perdoe tódolos seus pecados
e o (a) axunte ó número dos seus escolleitos.

R. Pedímoscho, Señor.

Que poida contempla-lo seu Redentor
e gozar da visión do seu Señor por sempre eternamente.

R. Pedímoscho, Señor.

ORACIÓN

Señor Deus, ti quixeches
 que o noso irmán (a nosa irmá) N.,
 pasando pola morte,
 fose figura de Cristo,
 que por nós morreu na cruz;
 pola gracia renovadora da Pascua do teu Fillo;
 arreda do teu servidor (servidora)
 calquera rastro de corrupción terrea,
 e, xa que quixeches sinalalo (sinalala)
 na súa mesma vida mortal
 co selo do teu Espírito Santo,
 ten a ben resucitalo (resucitala) tamén un día
 para a vida eterna da gloria.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén

FORMULARIO II

Ant.: Que o Señor lle abra ó noso irmán (á nosa irmá)
 as portas do paraíso,
 para que poida gozar xa daquela patria
 onde non existe nin a dor nin a morte,
 senón unicamente a paz e a alegría sen fin.

PRECES

Lembremos, con agarimo e piedade, o noso irmán (a nosa irmá) N., a quen Deus chamou deste mundo, e recémoslle confiados a aquel que venceu a morte e resucitou glorioso do sepulcro.

Que Cristo, o Fillo de Deus, lle dea posesión do paraíso
 e, coma bo Pastor, o (a) recoñeza entre as súas ovellas.

R. Pedímoscho, Señor.

Que lle perdoe os seus pecados,
 e o (a) coloque á súa dereita no Reino dos escolleitos.

R. Pedímoscho, Señor

Que participe con el da felicidade eterna dos santos.

R. Pedímoscho, Señor.

Que nós, os que agora chorámo-la súa morte,
 poidamos saír ó encontro de Cristo cando el volva,
 na compañía do noso irmán (da nosa irmá) que hoxe nos deixou.

R. Pedímoscho, Señor.

ORACIÓN

Encomendámosche, Señor,
o noso irmán (a nosa irmá) N.,
a quen nesta vida mortal
envolviches sempre co teu amor;
concédelle agora que, libre de tódolos males,
participe no teu descanso eterno,
e, posto que para el (ela) acabou xa este primeiro mundo,
admíteo (admítea) agora no teu paraíso,
onde non hai pranto nin loito nin dor,
senón paz e alegría sen fin.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

FORMULARIO III

Ant. ¡Feliz o que morreu no Señor!
Que descanse xa dos seus traballos
e que as súas obras boas o acompañen.

PRECES

Pidamos polo noso irmán (pola nosa irmá) a Xesucristo, que deixou dito: “Eu son a resurrección e a vida. Quen cre en min, anque morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais”.

Ti que resucitáche-los mortos,
concédelle a vida eterna ó noso irmán (á nosa irmá).

R. Pedímoscho, Señor.

Ti que desde a cruz lle prometíche-lo paraíso ó bo ladrón,
acolle o noso irmán (a nosa irma) N. no teu Reino.

R. Pedímoscho, Señor.

Ti que experimentáche-la dor da morte
e resucitaches gloriosamente do sepulcro,
concédelle ó noso irmán (á nosa irmá) a vida feliz da resurrección.

R. Pedímoscho, Señor.

Ti que choraches diante da tumba do teu amigo Lázaro,
enxuga as bágoas dos que chorámo-la morte do noso irmán (da nosa irmá).

R. Pedímoscho, Señor.

ORACIÓN

Señor, a nosa vida é curta e fráxil;
recórdanolo a morte que contemplamos hoxe.
Pero ti vives eternamente,

e o teu amor é máis forte cá morte.
 Cheos, logo, de confianza,
 poñemos nas túas mans
 o noso irmán (a nosa irmá) N.,
 que acaba de deixarnos.
 Perdóalle as súas faltas e acólleo (acóllea) no teu Reino,
 para que viva feliz na túa presenza
 por sempre eternamente.

R. Amén.

FORMULARIO IV

Ant. Que o coro dos anxos te reciba,
 e que Cristo, o teu Señor, te coloque no seo de Abrahán
 para que onda Lázaro, pobre nesta vida,
 teñas descanso eterno.

PRECES

Señor, cara a Ti erguémo-los nosos ollos neste momento en que vai desaparecer para sempre da nosa vista o rostro amigo do noso irmán (da nosa irmá) N., a quen tanto quixemos neste mundo.

Despois desta vida, onde só tivo a visión da fe.

R. Concédelle, Señor, contemplar eternamente o teu rostro.

Despois do amor e das alegrías que neste mundo iluminaron a súa vida.

R. Concédelle, Señor, contemplar eternamente o teu rostro.

Despois dos traballos e sufrimentos que,
 na súa peregrinaxe terrea, o (a) fixeron chorar.

R. Concédelle, Señor, contemplar eternamente o teu rostro.

Despois da súa sede de coñece-la verdade e de goza-lo ben.

R. Concédelle, Señor, contemplar eternamente o teu rostro.

E porque el (ela) creu en ti sen te ter visto.

R. Concédelle, Señor, contemplar eternamente o teu rostro.

ORACIÓN

Señor Deus, ti quixeches
 que o noso irmán (a nosa irmá) N.,
 pasando pola morte,
 fose figura de Cristo,
 que por nós morreu na cruz;
 pola gracia renovadora da Pascua do teu Fillo;
 arreda do teu servidor (servidora)
 calquera rastro de corrupción terrea,
 e, xa que quixeches sinalalo (sinalala)

na súa mesma vida mortal
 co selo do teu Espírito Santo,
 ten a ben resucitalo (resucitala) tamén un día
 para a vida eterna da gloria.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

FORMULARIO V

Cando se reza individualmente ante un defunto, pode facerse co formulario seguinte:

Ant.: Ti, Señor, e-lo descanso despois do traballo,
 ti e-la vida despois da morte;
 concédelle a noso irmán (á nosa irmá)
 o descanso eterno.

PRECES

Chámo por ti, Señor, respóndeme; atende as súplicas que che dirixo neste momento de dor pola morte do teu servidor (da túa servidora) N.

Señor Xesucristo,
 acólleo (acóllea) na compañía de tódolos escolleitos que nos precederon.
 Concédelle disfrutar sempre da túa paz.
 Que atope en ti o perdón dos seus pecados.
 Que goce eternamente da felicidade dos santos.
 Que te contemple a ti, luz verdadeira, e goce da túa presenza.
 Conforta os seus familiares e cantos choran a súa morte.

ORACIÓN

Concédelle, Pai, ó teu servidor (á túa servidora) N.,
 que se separou de nós,
 a herdanza prometida;
 cúmprelle a esperanza de felicidade e de paz;
 infúndelles serenidade e fortaleza
 ós que agora choran a súa ausencia
 e fortaléceos coa seguranza da vida eterna
 que ti, no teu grande amor,
 dispuxeches para toda a familia humana,
 pola forza da morte e da resurrección de Cristo,
 que vive e reina por sempre eternamente.

R. Amén

2.-VIXILIA COMUNITARIA DE ORACIÓN POLO DEFUNTO

É cousa moi aconsellable que, segundo os costumes e posibilidades de cada zona, os amigos e familiares do defunto se xunten na casa mortuoria, antes da celebración das exequias, para celebraren unha vixilia de oración. Esta vixilia pódese celebrar tamén na igrexa, pero nunca inmediatamente antes da Misa exequial, para que a celebración non se alongue de máis e para que non se duplique a Liturxia da Palabra. Esta vixilia de oración presídea o Bispo, un sacerdote ou un diácono ou, no caso de non estar ningún destes, un leigo. Esta vixilia substitúe o Oficio de lectura propio da Liturxia das Horas de defuntos.

I. RITOS INICIAIS

1. Se o que preside é un ministro ordenado, saúda os presentes, dicindo:
 - V. O Señor que, pola resurrección do seu Fillo,
nos fixo nacer para unha esperanza viva,
sexa convosco.
 - R. E contigo tamén.

Se o que dirixe a oración é un leigo, no canto deste saúdo, pode dicir:

- V. Bendigamos ó Señor,
que, pola resurrección do seu Fillo,
nos fixo nacer para unha esperanza viva.
 - R. Amén.
-

2. Logo, empézase a celebración coas seguintes palabras ou con outras semellantes:

Irmáns: Anque é certo que a dor pola perda, aínda recente, dun ser querido enche de tristura os nosos corazóns e ensombrece os nosos ollos, avivemos non obstante en nós o lume da fe, para que a esperanza que Cristo fixo habitar nos nosos corazóns conduza agora a nosa oración para pousar confiados o noso irmán (a nosa irmá) N. nas mans do Señor, Pai misericordioso e Deus de todo consolo.

ou ben:

Queridos irmáns: O Señor, na súa providencia amorosa e incomprendible, acaba de chamar deste mundo o noso irmán (a nosa irmá) N. A súa partida encheunos a todos nós de dor e de abatemento. Pero, neste momento triste, cómpre que reafirmémo-la nosa fe, que nos asegura que Deus non abandona nunca os seus fillos. Xesús invítanos a esta confianza cando di: “Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu

vos aliviarei”. Con esta seguranza, pidámoslle agora ó Señor que lle perdoe as faltas ó noso irmán (á nosa irmá), e que lle conceda unha morada de paz e de benestar entre os seus santos. E que a nós nos dea a firme esperanza de atoparnos con el (ela) novamente no seu Reino.

3. A continuación recítase o salmo 129 ou outro salmo axeitado (véxase no Cantoral). O salmo recítase a dous coros ou ben proclámao un salmista; os fieis poden intercala-la seguinte antífona:

Ant. A miña alma espera no Señor.

Salmo 129

Desde os abismos clamo a ti, Señor;
Señor, escoita a miña voz.
Ten atentos os oídos
á voz da miña súplica.

Se levas conta dos pecados, Señor,
Señor, ¿quen poderá terse en pé?
Mais en ti está o perdón,
para te faceres respectar.

Eu espero no Señor,
a miña alma espera na súa palabra;
a miña alma agarda ó Señor,
máis do que os vixías a aurora.

Agarde Israel ó Señor,
mais do que os vixías a aurora,
pois do Señor vén a misericordia,
e nel a redención é cumprida.
El é quen redíme a Israel
de tódolos pecados.

Ant. A miña alma espera no Señor.

4. Despois engádesse a seguinte oración ou outra tomada dos outros formularios:

Oremos.

Escoita, Señor, a oración dos teus fieis;
desde o abismo da morte
o noso irmán (a nosa irmá)
espera a túa redención cumprida;
redímeo (redímea) de tódolos seus pecados
e fai que no teu Reino vexa realizada toda a súa esperanza.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. LITURXIA DA PALABRA

5. A continuación lese o seguinte texto bíblico:

Deus creou á xente para a inmortalidade

Lectura do libro da Sabedoría

2,1-5.21-23;3,1-6

Din para si os impíos argüíndo erradamente:

“Curta e triste é a nosa vida;
non hai menciña para o esmorecer do home
e de ninguén se sabe que voltase do abismo.

Nacemos por acaso
e pasado o tempo seremos coma quen non existiu,
xa que o bafo do noso nariz é fume
e o pensamento, faísca do latexar do noso corazón.

Cando ela esmoreza, o corpo hase trocar en cinsa
e esvaecerase o espírito coma aire levián.

Co tempo esquecerase o noso nome,
ninguén vai xa lembra-los nosos feitos,
fuxirá a nosa vida coma rastro de brétema,
disipada coma néboa perseguida das raiolas do sol
e esmagada pola súa calor.

O noso momento é o do fuxir da sombra
e non ten retorno o noso final:
pónselle o selo, e xa ninguén retorna.”

Tal pensan, mais engánanse:
cégaos a malicia.

Non se decatan dos misterios de Deus
nin esperan o premio da virtude
nin afiúnzan na recompensa das persoas sen chata.

Porque Deus creou o home para a incorrupción
e fíxoo imaxe do seu propio ser.

Pero as vidas dos xustos están na man de Deus:
non haberá tormento que as toque.

A xente insensata coidaba que morreran
e o pasamento deles semellaba unha desgracia,
que marchasen de onda nós unha desfeita,
mais eles fican en paz.

Aínda que para os ollos dos homes fosen magoados,
a esperanza deles ía preñada de inmortalidade;
corrixidos no pouco, acadarán moito,
porque foi Deus quen os probou
e atopounos dignos de si.

Depurounos coma ouro no crisol,
aceptounos coma sacrificio de holocausto.

Palabra do Señor.

6. No canto desta lectura bíblica, pódese ler algunha das que se atopan no leccionario de defuntos (cf. neste mesmo volume o capítulo VII: Leccionario para as Misas de defuntos).

Se parece oportuno, pódese ler máis dun texto bíblico, seguindo o esquema habitual da Liturxia da palabra, e pódese engadir tamén unha lectura patrística ou eclesiástica.

Despois da lectura bíblica, o Bispo, o sacerdote ou o diácono que presiden esta vixilia pódennles dirixir ós presentes unhas breves palabras a xeito de homilía.

7. Despois de escoita-la palabra de Deus, ou despois da homilía, se é que a houbo, pódese invitar ós presentes a recitar xuntos a profesión de fe:

Coa esperanza posta na resurrección e na vida eterna que en Cristo se nos prometeu, fagamos agora profesión da nosa fe, luz da nosa vida cristiá.

Creo en Deus, Pai todopoderoso,
creador do ceo e máis da terra.

Creo en Xesucristo, o seu único Fillo, noso Señor,
que foi concebido por obra e gracia do Espírito Santo,
e naceu da Virxe María.

Padeceu no tempo de Poncio Pilato,
foi crucificado, morto e sepultado,
descendeu ós infernos.

Ó terceiro día resucitou de entre os mortos,
subiu ó ceo, onde está á dereita do Pai,
e de alí virá xulga-los vivos e os mortos.

Creo no Espírito Santo,
na santa Igrexa católica,
na comunión dos santos,
no perdón dos pecados,
na resurrección da carne
e na vida eterna.

Amén.

III. PRECES FINAIS

8. A vixilia remata coas seguintes preces:

Preguémoslle, irmáns, a Cristo, o Señor, esperanza dos que vivimos aínda neste mundo, vida e resurrección dos que xa morreron; cheos de confianza, digámoslle:

R. Ti, que e-la resurrección e a vida, escóitanos.

Lémbtrate, Señor, de que a túa tenrura e a túa misericordia son eternas,
e non te lembres dos pecados do noso irmán (da nosa irmá) N.

R. Ti, que e-la resurrección e a vida, escóitanos.

Por mor do teu nome, Señor, perdóalle tódalas súas culpas
e fai que viva eternamente feliz na túa presenza.

- R. Ti, que e-la resurrección e a vida, escóitanos.
Que habite na túa casa por días sen fin
e que goce da túa presenza contemplando o teu rostro.
- R. Ti, que e-la resurrección e a vida, escóitanos.
Non rexéite-lo teu servidor (á túa servidora),
nin o (a) esquezas no reino da morte,
senón concédelle disfrutar da túa felicidade no país da vida.
- R. Ti, que e-la resurrección e a vida, escóitanos.
Que ti sexas, Señor, o apoio e a salvación de cantos a ti acudimos;
sálvanos e bendinos, porque sómo-lo teu pobo e a túa herdanza.
- R. Ti, que e-la resurrección e a vida, escóitanos.

O mesmo Señor, que chorou cabo do sepulcro de Lázaro e que, na súa propia agonía, acudiu conmovido ó Pai, nos axude a dicir: Noso Pai.

En vez de concluír co Noso Pai, a vixilia pode concluír coa seguinte oración:

- Escoita, Señor, as nosas súplicas
e ten misericordia do teu servidor (da túa servidora) N.,
para que non sufra castigo polos seus pecados,
pois desexou cumpri-la túa vontade;
xa que a verdadeira fe
o (a) xuntou aquí na terra co teu pobo fiel,
que a túa bondade o (a) xunte agora
co coro dos anxos e escolleitos.
Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.
- R. Amén.
- V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.
R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

CAPÍTULO II

TRASLADO E RECEPCIÓN DUN DEFUNTO NA IGREXA ANTES DAS EXEQUIAS

Cando o cadáver se leva á igrexa antes da celebración das exequias propiamente ditas, para instalar nela a capela ardente, como se adoita facer sobre todo nos mosteiros, o rito ordénase como segue:

I. ESTACIÓN NA CASA DO DEFUNTO

1. O ministro saúda os presentes, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Logo, continúa a celebración coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Irmáns: A morte do noso querido irmán (da nosa querida irmá) N. entristécenos e lémbra-nos, unha vez máis, o fráxil e caduca que é a vida do home. Pero, nestes momentos de tristura, a nosa fe confórta-nos e dáno-la seguranza de que Cristo vive eternamente e que o amor que El nos ten é máis forte cá mesma morte. Por iso, a nosa esperanza é firme. Que o Pai da misericordia e Deus de todo consolo vos conforte nesta tribulación.

2. De seguida pódese recitar, sen canto, o salmo 120. (Se se prefire con música, véxase no Cantoral):

Ant. O meu socorro vén do Señor.

Alzo os meus ollos cara ós montes:

¿de onde virá o meu socorro?

O meu socorro vén do Señor,

que fixo o ceo e maila terra.

El non deixa que esvare o teu pé,

o teu gardián non dorme;

non dorme, non adormece,

o gardián de Israel.

O Señor é o teu gardián,

o Señor é o teu arrimo,

está á túa dereita.

Polo día o sol non che fará dano

nin a lúa pola noite.

O Señor gárdate do mal,
El garda a túa vida.
O Señor garda a túa chegada e a túa saída,
agora e por sempre.

Ant. O meu socorro vén do Señor.

3. Despois do saúdo inicial (ou do salmo), engádesse a seguinte oración:

Oremos.

Deus xusto e clemente,
olla con amor o teu servidor (servidora) N.,
que, por medio da auga do bautismo,
participou xa da Pascua liberadora de Cristo,
e concédelle entrar na verdadeira terra de promisión
e disfrutar dos bens da vida divina
na eterna compañía do seu Redentor,
noso Deus e Señor Xesucristo, teu Fillo.
El, que vive e reina por sempre eternamente.

R. Amén.

II. PROCESIÓN A IGREXA

4. De seguida organízase a procesión cara á igrexa. Mentres dura a procesión, convén usa-lo salmo 113, no que se pode ir intercalando a antifona **Felices os que morren no Señor.** (A música pode verse no Cantoral).

Ant. Felices os que morren no Señor.

Salmo 113,1-8,17-26

Cando Israel saíu de Exipto,
a familia de Xacob dun pobo estraño,
foi Xudá o seu santuario,
Israel o seu dominio.

Viuno o mar e fuxiu,
o Xordán botouse atrás;
os montes brincaron coma carneiros,
e os outeiros coma años.

¿Que che pasa, mar, para fuxires;
e a ti, Xordán, para te botares atrás?
¿Que tedes, montes, para brincardes coma carneiros,
e vós, outeiros, para brincardes coma años?

Na presenza do Señor a terra estremece,
 na presenza do Deus de Xacob,
 que converte o penedo en estanques,
 o pedregal en fontes de auga.

A casa de Israel confía no Señor:
 El é o seu auxilio e o seu escudo;
 a casa de Aharón confía no Señor:
 El é o seu auxilio e o seu escudo;
 os amigos do Señor confían no Señor:
 El é o seu auxilio e o seu escudo.

Que o Señor se lembre de nós e nos bendiga:
 bendiga a casa de Israel,
 bendiga a casa de Aharón,
 bendiga os amigos do Señor,
 os pequenos coma os grandes.

Que o Señor vos acrecente,
 a vós e ós vosos fillos.
 Benditos sexades do Señor,
 que fixo o ceo e maila terra.
 Os ceos son ceos do Señor,
 pero déulle-la terra ós fillos do home.

Os mortos non loan o Señor,
 nin tampouco os que baixan ó silencio.
 Pero nós, os que vivimos, bendicímo-lo Señor
 desde agora e para sempre.

Ant. Felices os que morren no Señor.

En vez do formulario precedente, pódese usar tamén para este rito calquera dos que figuran nos formularios de exequias para a estación na casa do defunto e para a procesión á igrexa.

III. COLOCACIÓN DO FÉRETRO NA IGREXA

5. O chegar a procesión á igrexa, entóase o canto **Que o señor che abra as portas do paraíso**, ou outro axeitado (véxase no Cantoral)

IV. LECTURA EVANXÉLICA E PRECES

6. Colocado o féretro no seu lugar, faise a lectura evanxélica:

Na casa do meu Pai hai moitas moradas

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

14,1-6

Naquel tempo díxolles Xesús ós seus discípulos:

- “Non vos agoniedes: crede en Deus e mais crede en min. Na casa do meu Pai haivos moitas moradas; doutro xeito, ¿teríavos dito que vos ía arranxar un lugar? E cando vaía e vos arranxe un lugar, voltarei e collereivos comigo, para que, onde estea eu, esteades tamén vós. E a onde eu vou, vós ben sabéde-lo camiño”.

Dille Tomé:

- “Señor, se non sabemos a onde vas, ¿como imos sabe-lo camiño?”

Xesús respondeulle:

- “Eu son o camiño, a verdade e a vida: ninguén chega onda o Pai mais ca por min”.

Palabra do Señor.

7. En vez deste texto, pódese ler tamén outra das lecturas que figuran no Leccionario de defuntos, pp.

8. Despois da lectura evanxélica, pódese recitar un salmo ou canto axeitado (véxase no Cantoral), ou ben fanse as seguintes pregarías ou outras parecidas:

Preguemos humildemente a Deus, Pai de misericordia, polo noso irmán (pola nosa irmá) que morreu no Señor.

Para que perdoe bondadoso os seus pecados.

R. Escóitanos, Señor.

Para que acepte as súas boas obras.

R. Escóitanos, Señor.

Para que o (a) reciba na vida eterna.

R. Escóitanos, Señor.

Rematémo-la nosa oración coa pregaría que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

De seguida dise a seguinte oración:

Señor,

acabamos de coloca-lo corpo do noso irmán (da nosa irmá) N.

nesta casa de oración,

onde el (ela) te aclamou con cantos de xúbilo e loanza,

escoita as nosas súplicas

e fai que te loe agora no ceo,

gozando da túa compañía, por sempre eternamente.

R. Amén.

9. Cando o cadáver se traslada á igrexa antes das exequias, segundo o rito descrito neste capítulo, a celebración das exequias propiamente dita comeza directamente polo canto de entrada (e a iluminación do cirio pascual) da Misa ou da Liturxia da palabra.

CAPÍTULO III

FORMA TÍPICA DA CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS

I. ESTACIÓN NA CASA DO DEFUNTO

1. O ministro saúda ós presentes, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Logo, continúa a celebración coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Irmáns: A morte do noso querido irmán (da nosa querida irmá) N. entristécenos e lémbra-nos, unha vez máis, o fráxil e caduca que é a vida do home. Pero, nestes momentos de tristura, a nosa fe confórta-nos e dáno-la seguranza de que Cristo vive eternamente e que o amor que El nos ten é máis forte cá mesma morte. Por iso, a nosa esperanza é firme. Que o Pai da misericordia e Deus de todo consolo vos conforte nesta tribulación.

1 bis. Despois do saúdo inicial, pódese recita-lo salmo 120, no que se pode ir intercalando a antífona: **O meu socorro vén do Señor**. Se se prefire con música véxase no Cantoral. Pódese usar tamén outro dos salmos que figuran no mesmo Cantoral.

Ant. O meu socorro vén do Señor.

Alzo os meus ollos cara ós montes:
 ¿de onde virá o meu socorro?
 O meu socorro vén do Señor,
 que fixo o ceo e maila terra.

El non deixa que esvare o teu pé,
 o teu gardián non dorme;
 non dorme, non adormece,
 o gardián de Israel.

O Señor é o teu gardián,
 o Señor é o teu arrimo,
 está á túa dereita.
 Polo día o sol non che fará dano
 nin a lúa pola noite.

O Señor gárdate do mal,
 El garda a túa vida.
 O Señor garda a túa chegada e a túa saída,
 agora e por sempre.

Ant. O meu socorro vén do Señor.

2. Despois do saúdo inicial (ou do salmo), engádesse a seguinte oración:

Oremos.

Escoita na túa bondade, Señor, as nosas súplicas,
 agora que imploramos a túa misericordia
 polo teu servidor (servidora) N.,
 a quen acabas de chamar deste mundo,
 dígñate levalo (levala) ó lugar da luz e da paz,
 para que teña parte na asemblea dos teus santos.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. PROCESIÓN Á IGREXA

3. De seguida organízase a procesión cara á igrexa. Mentres dura a procesión, o pobo ora polo defunto, recítase o salmo 113 ou entóase outro salmo ou canto axeitado (véxase no Cantoral).

Ant. Felices os que morren no Señor.
 ou: Que Cristo te reciba no paraíso.

Salmo 113,1-8,17-26

Cando Israel saíu de Exipto,
 a familia de Xacob dun pobo estraño,
 foi Xudá o seu santuario,
 Israel o seu dominio.

Viuno o mar e fuxiu,
 o Xordán botouse atrás;
 os montes brincaron coma carneiros,
 e os outeiros coma años.

¿Que che pasa, mar, para fuxires;
 e a ti, Xordán, para te botares atrás?
 ¿Que tedes, montes, para brincardes coma carneiros,
 e vós, outeiros, para brincardes coma años?

Na presenza do Señor a terra estremece,
 na presenza do Deus de Xacob,
 que converte o penedo en estanques,
 o pedregal en fontes de auga.

A casa de Israel confía no Señor:
 El é o seu auxilio e o seu escudo;
 a casa de Aharón confía no Señor:
 El é o seu auxilio e o seu escudo;
 os amigos do Señor confían no Señor:
 El é o seu auxilio e o seu escudo.

Que o Señor se lembre de nós e nos bendiga:
 bendiga a casa de Israel,
 bendiga a casa de Aharón,
 bendiga os amigos do Señor,
 os pequenos coma os grandes.

Que o Señor vos acrecente,
 a vós e ós vosos fillos.
 Benditos sexades do Señor,
 que fixo o ceo e maila terra.
 Os ceos son ceos do Señor,
 pero déulle-la terra ós fillos do home.

Os mortos non loan o Señor,
 nin tampouco os que baixan ó silencio.
 Pero nós, os que vivimos, bendicímo-lo Señor
 desde agora e para sempre.

Ant. Felices os que morren no Señor.
 ou: Que Cristo te reciba no paraíso.

Se o camiño é moi longo ou o pobo non canta, pódese usar para a oración polo defunto a seguinte ladaíña.

Ladaíña polo defunto

Ti que libráche-lo teu pobo da escravitude de Exipto:
 R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
 Ti que lles separáche-las augas do mar Vermello ós israelitas
 que camiñaban cara a liberdade prometida:
 R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
 Ti que fúche-lo santuario e a forza de Israel
 durante a súa peregrinación polo deserto:
 R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
 Ti que transformáche-los penedos do deserto

- en nacentes de auga viva:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que lle deches en herdanza ó teu pobo
unha terra que manaba leite e mel:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que quixeches que o teu Fillo
consumase na súa persoa a antiga Pascua de Israel:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que, pola morte de Xesús,
ilumína-las tebras da nosa morte:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que, na resurrección de Xesucristo,
inauguráche-la vida nova dos que morreron:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que, na ascensión de Xesucristo,
quixeches que o teu pobo albiscase a súa entrada
na terra de promisión definitiva:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que es auxilio e escudo de cantos confían en ti:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que non queres que louven o teu nome
os mortos nin os que baixan á perdición,
senón os que viven para ti:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.

III. ESTACIÓN NA IGREXA

4. En chegando á igrexa pódese cantar: **Dálle, Señor, o descanso eterno**, ou algún canto axeitado para o momento (véxase no Cantoral); colócase o cadáver diante do altar e, se é posible, ponse ó seu carón o cirio pascual. O que preside pode acender nese intre o cirio pascual, dicindo a seguinte fórmula:

Onda o corpo, agora sen vida,
do noso irmán (da nosa irmá) N.,
acendemos, Cristo Xesús, esta chama,
símbolo do teu corpo glorioso e resucitado;
que o resplandor desta luz ilumine as nosas tebras
e alumee o noso camiño de esperanza,
ata que cheguemos a ti, Claridade eterna,
que vives e reinas, inmortal e glorioso
por sempre eternamente.

- R. Amén.

A asemblea pode cantar, de seguida, un canto axeitado.

IV. MISA EXEQUIAL OU LITURXIA DA PALABRA

5. Acabados estes ritos iniciais (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o

Señor, ten piedade), dise a oración colecta:

Oremos.

Deus, Pai todopoderoso,
pola fe confesámo-la morte e resurrección do teu Fillo.
Concédelle ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
que durmiu en Cristo o sono da morte,
pola celebración deste sacramento da Eucaristía,
participar tamén con el na alegría da resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Deus, noso Pai,
ti estás sempre disposto á misericordia e ó perdón.
Rogámosche polo noso irmán (pola nosa irmá) N.
a quen hoxe chamaches onda ti.
El (Ela) creu e esperou en ti;
concédelle agora chegar á patria verdadeira
e gozar contigo da alegría eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

A celebración prosegue, como adoito, coa Liturxia da palabra. As lecturas tómanse do Leccionario das Misas de defuntos.

6. Despois da homilía, faise, coma sempre, a oración universal, co seguinte formulario ou outro semellante:

Oración universal

Pidámoslle ó Señor que escoite a nosa oración e atenda bondadoso as súplicas da súa Igrexa.

- Para que o Señor, noso Pai, reciba no seu Reino o noso irmán (a nosa irmá) N. que, como primicia da súa familia, deixou xa este mundo, roguémoslle ó Señor.
- Para que o noso Deus, na súa bondade, se compadeza das faltas e debilidades daquel (daquela) a quen incorporou á súa Igrexa polo bautismo, roguémoslle ó Señor.
- Para que o noso irmán (a nosa irmá), que mentres viviu neste mundo confiou na benignidade do noso Deus, goce agora dos bens celestiais, roguémoslle ó Señor.
- Para que tódolos amigos e familiares que conviviron con noso irmán (coa nosa irmá), e que xa nos precederon na morada eterna, disfruten agora con el (ela) da compañía dos santos, roguémoslle ó Señor.
- Para que o Señor vele polas nosas vidas en canto vivimos no mundo de xeito que, cando nos

presentemos diante del, poidamos ofrecerlle abondosos froitos de boas obras, roguémoslle ó Señor.

- Para que Deus non permita que na hora da nosa morte nos ronde o temor e a desesperación, senón que, confiados na súa promesa, nos dispoñamos con serenidade e alegría a comeza-la vida feliz e eterna, roguémoslle ó Señor.

- * Se nas exequias se celebra a Misa, a oración universal conclúe coa seguinte colecta:

Escoita, Señor as nosas oracións
e concédelle ó teu servidor (á túa servidora) N.,
que creu en ti e quixo ser fiel ó teu servicio,
gozar eternamente da túa compañía na gloria.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

- * Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa pregaría coa oración que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

Ó rematar, faise de contado o rito do derradeiro adeus ó corpo do defunto.

- * Se se celebra a Misa, esta segue, coma de costume, ata a oración de despois da comunión.

V. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

7. Rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez rematada a oración dos fieis; en ámbolos dous casos, o celebrante cos seus ministros colócase a carón do féretro e procédese ó rito do derradeiro adeus como segue.

O que preside, diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Imos agora cumprir co noso deber de lle darmos sepultura ó corpo do noso irmán (da nosa irmá); e, fieis ó costume cristián, farémolo pedindo con fe a Deus, Señor e Dador da Vida, que admita a alma del (dela) entre os seus santos e que o seu corpo, que hoxe enterramos en debilidade, o resucite un día cheo de vida e de gloria. Que, no momento do xuízo, sexa misericordioso para co noso irmán (coa nosa irmá), para que, libre da morte, absolto (absolta) das súas culpas, reconciliado (reconciliada) co Pai, disfrute para sempre da gloria eterna e da compañía dos santos.

8. Todos oran uns momentos en silencio. Logo, o que preside continúa dicindo:

Non teñas medo irmán (irmá), Cristo morreu por ti e a súa resurrección salvouche. O Señor, que te protexeu durante a vida, librarate da morte que acabas de sufrir. Polo bautismo fíxote membro de Cristo resucitado: a auga que agora imos derramar sobre o teu corpo váinolo lembrar. (Deus regalouche o seu Espírito Santo, que consagrou o teu

corpo como templo seu; o incenso co que imos perfuma-lo teu corpo será signo da túa dignidade de templo de Deus e fará medrar en nós a esperanza de que este mesmo corpo resucitará gloriosamente coma o de Xesucristo.)

9. Despois, o que preside dá a volta ó redor do féretro asperxéndoo con auga bendita; (logo, pon incenso, bendílo e dá unha segunda volta perfumando o cadáver co incenso;) mentres, entóase un canto de despedida (véxase no Cantoral). Logo o que preside ou un dos presentes pode recita-las seguintes invocacións, ás que o pobo responde: **Señor, ten piedade**, ou ben **Kyrie, eléison**.

Invocacións

Que o Pai que te invitou a come-la carne inmaculada do seu Fillo,
te admita agora na mesa do seu Reino.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie, eléison.)

Que Cristo, vide verdadeira, en quen quedaches enxertado (enxertada) polo bautismo,
te faga participar agora da súa vida gloriosa.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

Que o Espírito de Deus, que te purificou co seu lume,
revista o teu corpo de inmortalidade.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

10. De seguida, o que preside engade a seguinte oración.

Oremos.

Ó amparo da túa man, Pai de bondade,
encomendámo-la alma do noso irmán (da nosa irmá),
coa firme esperanza de que resucitará no derradeiro día,
con tódolos que morreron en Cristo.

Dámosche gracias por tódolos dons
que lle concediches ó longo dos seus días;
neles recoñecemos un signo do teu amor e da comunión dos santos.

Deus da misericordia,
acolle as oracións
que che presentamos por este noso irmán (esta nosa irmá)
que acaba de deixarnos e ábrelle as portas da túa casa.

Ós seus familiares e amigos, e a todos nós,
concédenos sabernos consolar con palabras de fe,
ata que tamén nos chegue a hora
de nos volvermos xuntar con el (ela), ó teu carón,
no gozo de teu Reino eterno.

Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

10 bis. Neste intre, un dos familiares ou amigos pode facer unha breve biografía do defunto e agradecerlles ós presentes a súa participación nas exequias:

Antes de nos separarmos, permitídenos unhas palabras de despedida e agradecemento no nome de tódolos familiares do noso querido (da nosa querida) N. O voso acompañamento e a vosa presenza aquí expresan, en primeiro lugar, a estima e consideración que tanto o defunto coma nós vos merecemos. Queremos agradecer dun xeito especial a vosa oración sinxela, porque nos consola compartir convosco a fe na resurrección futura.

Outras alocucións finais de agradecemento nas pp. ***.

* Cando a asemblea non acompaña o cadáver ata o cemiterio, pódese concluír a celebración coa bendición final, como se indica no núm. 15.

* Se a asemblea acompaña o cadáver ata o cemiterio, o derradeiro adeus pódese facer a carón da sepultura. Neste caso, rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez terminada a oración dos fieis, faise de contado a procesión ó cemiterio. Despois da bendición da tumba (núm. 12) e antes de coloca-lo corpo no sepulcro, procédese ó derradeiro adeus, substituindo os nn. 13 e 14 polos nn. 7-10.

VI. PROCESIÓN Ó CEMITERIO

11. Rematado o agradecemento, sácase o corpo da igrexa; mentras, o que preside di a seguinte antifona (A música pode verse no Cantoral):

Ant. Que os anxos te leven ó paraíso,
que á túa chegada te reciban os mártires
e que te introduzan na cidade santa de Xerusalén.

De seguida, organízase a procesión ó cemiterio. Durante esta procesión, o pobo reza polo defunto, ou entóase o salmo 117 ou algún canto popular axeitado (véxase no Cantoral):

Ant. Abrídeme as portas santas,
e entrarei para lle da-las gracias ó Señor.

ou:

Esta é a porta do Señor.

ou:

Non ei morrer, vivirei por sempre eternamente.

Salmo 117

Loade o Señor, porque é bo,

porque é para sempre a súa misericordia.
Que o diga a casa de Israel:
é para sempre a súa misericordia.

Que o diga a casa de Aharón:
é para sempre a súa misericordia.
que o digan os que temen o Señor:
é para sempre a súa misericordia.

No apreto invoquei o Señor,
e o Señor escoitoume e deume folgura.
O Señor está comigo: nada temo;
¿que poden facerme os homes?
O Señor está comigo, El é quen me axuda:
verei os meus inimigos en desfeita.

Máis vale abeirarse no Señor
que fiarse dos homes.
Máis vale abeirarse no Señor
que fiarse dos grandes.

Rodeábame un fato de pobos,
e no nome do Señor aniquileinos;
rodeábanme, puxéranme cerco,
e no nome do Señor aniquileinos;
rodeábanme coma abellas,
ardían coma lume en espiños,
e no nome do Señor aniquileinos.

Empurraban e empuñan para tirarme,
pero o Señor axudoume.
A miña forza e o meu cántico é o Señor,
El é a miña salvación.

Hai un clamor de gozo e de victoria
nas tendas dos xustos:
a destra do Señor fixo proezas,
a destra do Señor é excelsa,
a destra do Señor fixo proezas.

Non hei morrer, vou vivir,
e pregoa-los feitos do Señor.
Castigoume o Señor, castigoume,
mais non me entregou á morte.

Abrídeme as portas da victoria:
quero entrar para darlle gracias ó Señor.
Esta é a porta do Señor:

os xustos entran por ela.
 Douche gracias, porque me escoitaches,
 por teres sido a miña salvación.

A pedra que os canteiros desbotaran,
 esa mesma converteuse en esquinal.
 Foi o Señor quen o fixo,
 unha marabilla á nosa vista.

É este o día no que o Señor actuou:
 alegrémonos nel e relouquemos.
 ¡Señor, dáno-la salvación!
 ¡Señor, dános prosperidade!

Bendito o que vén no nome do Señor:
 desde a casa do Señor bendicímosvos.
 O Señor é Deus: El dáno-la luz.

Dispoñede unha procesión con ramos
 ata a beira do altar.
 Ti e-lo meu Deus, veño darche gracias;
 meu Deus, veño enxalzarte.
 Loado o Señor, porque é bo
 porque é para sempre a súa misericordia.

Ant. Abrídeme as portas santas,
 e entrarei para lle da-las gracias ó Señor,

ou:

Esta é a porta do Señor.

ou:

Non ei morrer, vivirei por sempre eternamente.

Ladaíña

Para a oración polo defunto pódese usar, se acae, a seguinte ladaíña. O que preside pode introduci-la ladaíña, dicindo:

Unidos na mesma oración, mentres acompañámo-lo corpo do noso irmán (da nosa irmá)
 ó lugar do seu repouso, invoquémo-los santos, que na gloria gozan da comunión
 celestial, para que acollan o noso irmán (a nosa irmá) no gozo eterno.

Cristo, óenos.

Cristo, escóitanos.

Santa María, Nai de Deus,

Santos Anxos de Deus,

San Xoán Bautista,

San Xosé,

San Pedro e san Paulo,

Cristo, óenos.

Cristo, escóitanos.

roga por el (ela).

rogade por el (ela).

roga por el (ela).

roga por el (ela).

rogade por el (ela).

Santo Estevo,	roga por el (ela).
Santo Agostiño,	roga por el (ela).
San Gregorio,	roga por el (ela).
San Bieito,	roga por el (ela).
San Francisco,	roga por el (ela).
San Domingos,	roga por el (ela).
San Francisco Xavier,	roga por el (ela).
Santa Teresa de Xesús,	roga por el (ela).
Santa Mónica,	roga por el (ela).

Aquí pódese engadi-la invocación do santo patrón do defunto e doutros santos.

Santos e santas de Deus, rogade por el (ela).

Invoquemos agora a Cristo, vencedor do sepulcro, e lembrémo-los misterios salvadores cos que liberou os homes do poder da morte:

- Cristo, Fillo de Deus vivo.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.
Ti que acetáche-la morte por nós.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.
Ti que resucitaches de entre os mortos.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.
Ti que has vir xulga-los vivos e os mortos.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.
A este irmán noso (esta irmá nosa), que recibiu de ti a semente da inmortalidade.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.
A este irmán noso (esta irmá nosa), de quen agora nos despedimos.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.
A este irmán noso (esta irmá nosa), con quen esperamos atoparnos na gloria do ceo.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.

VII. ESTACIÓN NO CEMITERIO

12. Chegada a procesión ó cemiterio, o corpo colócase, se é posible, preto da tumba; o que preside di a seguinte oración sobre a sepultura (se a sepultura está xa bendicida, omítese o texto entre corchetes):

Oremos.

Señor Xesucristo,
que ó descansares tres días no sepulcro
santificáche-la tumba dos que cren en ti,
de tal modo que non servise só para enterra-lo corpo,
senón tamén para facer medra-la nosa esperanza na resurrección,
[dígnate ben + dicir esta tumba e]
concédelle ó noso irmán (á nosa irmá) N.
descansar aquí dos seus traballos,

durmindo na paz deste sepulcro,
ata o día en que ti, que e-la Resurrección e a Vida,
o resucites e o ilumines coa contemplación do teu rostro glorioso.
Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.

R. Amén.

Se o sepulcro non está bendicido, aspérxese con auga bendita (e incénsase).

13. De seguida, se é posible, colócase o corpo na sepultura, e o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Xa que Deus quixo chamar deste mundo o noso irmán (a nosa irmá), nós agora imos entregarlle á terra o corpo del (dela) (colocar o corpo no sepulcro), para que volva á terra da que saíra. Pero, porque cremos que Cristo resucitou coma primoxénito de entre os mortos, por iso confiamos que El transformará tamén este corpo agora humillado e que o fará semellante ó seu corpo glorioso. Con esta esperanza encomendámo-lo noso irmán (la nosa irmá), para que o (a) admita na paz do seu Reino e o (a) resucite no derradeiro día.

14. A continuación, o que preside a celebración pode face-las seguintes preces ou outras semellantes:

Pidamos polo noso irmán (pola nosa irmá) a Xesucristo, que dixo: “Eu son a resurrección e a vida. Quen cre en min, anque morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais”.

- Señor, ti que choraches diante da tumba de Lázaro, ten a ben enxuga-las nosas bágoas.

R. Pedímoscho, Señor.

- Ti que resucitaches os mortos, ten a ben darlle a vida eterna ó noso irmán (á nosa irmá).

R. Pedímoscho, Señor.

- Ti que lle perdoaches na cruz ó bo ladrón e lle prometíche-lo paraíso, ten a ben perdoar e levar ata ó ceo o noso irmán (a nosa irmá).

R. Pedímoscho, Señor.

- Ti que purificáche-lo noso irmán (a nosa irmá) na auga do bautismo e que o (a) unxiches co óleo da confirmación, ten a ben admitilo (admitila) entre os teus santos e escolleitos.

R. Pedímoscho, Señor.

- Ti que alimentáche-lo noso irmán (a nosa irmá) co teu Corpo e co teu Sangue, ten a ben admitilo (admitila) tamén na mesa do teu Reino.

R. Pedímoscho, Señor.

- E a nós, que choramos pola súa morte, ten a ben confortarnos coa fe e coa esperanza da vida eterna.

R. Pedímoscho, Señor.

Ponse fin ás preces recitando o Noso Pai ou rezando a seguinte oración ou outra das colectas que figuran neste Ritual:

Escoita, Señor, as nosas súplicas
e ten misericordia do teu servidor (da túa servidora) N.,

para que non sufra castigo polos seus pecados,
 porque desexou cumpri-la túa vontade;
 e, xa que a verdadeira fe
 o (a) xuntou aquí na terra co pobo fiel,
 que a túa bondade o (a) xunte agora
 co coro dos anxos e escolleitos.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

15. Despois, o que preside remata a celebración cunha das seguintes fórmulas:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

V. Polo seu grande amor,
 Deus creou o home
 e déuvo-la esperanza de resucitardes no seu Fillo.
 El, que é a fonte de todo consolo,
 vos conceda a súa bendición.

R. Amén.

V. Que a nós, os vivos,
 nos conceda o perdón dos pecados
 e a tódolos defuntos
 os leve ó seu Reino de luz e de paz.

R. Amén.

V. Que a tódolos que cremos
 no Cristo resucitado,
 nos conceda o Señor
 vivir na súa gloria eternamente.

R. Amén.

V. Bendígavos Deus todopoderoso:
 Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

Ou ben:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

V. Descanse en paz.

R. Amén.

V. A súa alma e as almas de tódolos fieis defuntos,
 pola misericordia de Deus, descansen en paz.

R. Amén.

16. Remátase o rito coa fórmula habitual de despedida:

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle grazas a Deus.

II

**FORMA TÍPICA DA CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS
NOS NÚCLEOS URBÁNS**

* É o tipo de exequias do que se fala no núm. 35 das Orientacións doutrinais e pastorais do Episcopado Español, para os lugares onde non é posible una verdadeira procesión polas rúas. Mantén a estrutura da forma típica pero de forma máis simplificada. O rito realízase todo el na mesma igrexa: no adro ou na porta a primeira e a terceira estación e no interior da igrexa a segunda.

I. ESTACIÓN NO ADRO OU NA PORTA DA IGREXA

1. Chegado o cadáver á porta da igrexa, os fieis entran na igrexa quedando só co defunto os seus familiares máis íntimos. O celebrante principal e os ministros, revestidos cos ornamentos propios para a celebración da Misa, encamiñanse onde está o defunto. Chegados ó seu lado, o celebrante principal saúda os presentes, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Logo, continúa a celebración coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Irmáns: A morte do noso querido irmán (da nosa querida irmá) N. entristécenos e lémbmanos, unha vez máis, o fráxil e caduca que é a vida do home. Pero, nestes momentos de tristura, a nosa fe confórtanos e dáno-la seguranza de que Cristo vive eternamente e que o amor que El nos ten é máis forte cá mesma morte. Por iso, a nosa esperanza é firme. Que o Pai da misericordia e Deus de todo consolo vos conforte nesta tribulación.

1 bis. Despois do saúdo inicial, pódese recita-lo salmo 120, no que se pode ir intercalando a antífona: **O meu socorro vén do Señor**. Se se prefire con música véxase no Cantoral. Pódese usar tamén outro dos salmos que figuran no mesmo Cantoral.

Ant. O meu socorro vén do Señor.

Alzo os meus ollos cara ós montes:
¿de onde virá o meu socorro?
O meu socorro vén do Señor,
que fixo o ceo e maila terra.

El non deixa que esvare o teu pé,
o teu gardián non dorme;
non dorme, non adormece,
o gardián de Israel.

O Señor é o teu gardián,
 o Señor é o teu arrimo,
 está á túa dereita.
 Polo día o sol non che fará dano
 nin a lúa pola noite.

O Señor gárdate do mal,
 El garda a túa vida.
 O Señor garda a túa chegada e a túa saída,
 agora e por sempre.

Ant. O meu socorro vén do Señor.

2. Despois do saúdo inicial (ou do salmo), engádese a seguinte oración:

Oremos.

Escoita na túa bondade, Señor, as nosas súplicas,
 agora que imploramos a túa misericordia
 polo teu servidor (servidora) N.,
 a quen acabas de chamar deste mundo,
 dígñate levalo (levala) ó lugar da luz e da paz,
 para que teña parte na asemblea dos teus santos.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. PROCESIÓN Ó INTERIOR DA IGREXA

3. De seguida organízase a procesión ó interior da igrexa. Mentres, pódese cantar: **Dálle, Señor, o descanso eterno**, ou algún canto axeitado para o momento (véxase no Cantoral).

4. En chegando ó altar, colócase o cadáver diante del e, se é posible, ponse ó seu carón o cirio pascual. O que preside pode acender nese intre o cirio pascual, dicindo a seguinte fórmula:

Onda o corpo, agora sen vida,
 do noso irmán (da nosa irmá) N.,
 acendemos, Cristo Xesús, esta chama,
 símbolo do teu corpo glorioso e resucitado;
 que o resplandor desta luz ilumine as nosas tebras
 e alumee o noso camiño de esperanza,
 ata que cheguemos a ti, Claridade eterna,
 que vives e reinas, inmortal e glorioso
 por sempre eternamente.

R. Amén.

A asemblea pode cantar, de seguida, un canto axeitado. Mentres o celebrante principal venera o altar e -se parece oportuno- incénsao.

IV. MISA EXEQUIAL OU LITURXIA DA PALABRA

5. Acabado o canto (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o **Señor, ten piedade**), dise a oración colecta:

Oremos.

Deus, Pai todopoderoso,
pola fe confesámo-la morte e resurrección do teu Fillo.
Concédelle ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
que durmiu en Cristo o sono da morte,
pola celebración deste sacramento da Eucaristía,
participar tamén con el na alegría da resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Deus, noso Pai,
ti estás sempre disposto á misericordia e ó perdón.
Rogámosche polo noso irmán (pola nosa irmá) N.
a quen hoxe chamaches onda ti.
El (Ela) creu e esperou en ti;
concédelle agora chegar á patria verdadeira
e gozar contigo da alegría eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

A celebración prosegue, como adoito, coa Liturxia da palabra. As lecturas tómanse do Leccionario das Misas de defuntos (pódese ver o capítulo VII deste mesmo Ritual).

6. Despois da homilía, faise, coma sempre, a oración universal, co seguinte formulario ou outro semellante:

Oración universal

Pidámoslle ó Señor que escoite a nosa oración e atenda bondadoso as súplicas da súa Igrexa.

-Para que o Señor, noso Pai, reciba no seu Reino o noso irmán (a nosa irmá) N. que, como primicia da súa familia, deixou xa este mundo, roguémoslle ó Señor.

-Para que o noso Deus, na súa bondade, se compadeza das faltas e debilidades daquel (daquela) a quen incorporou á súa Igrexa polo bautismo, roguémoslle ó Señor.

- Para que o noso irmán (a nosa irmá), que mentres viviu neste mundo confiou na benignidade do noso Deus, goce agora dos bens celestiais, roguémoslle ó Señor.
- Para que tódolos amigos e familiares que conviviron co noso irmán (coa nosa irmá), e que xa nos precederon na morada eterna, disfruten agora con el (ela) da compañía dos santos, roguémoslle ó Señor.
- Para que o Señor vele polas nosas vidas en canto vivimos no mundo de xeito que, cando nos presentemos diante del, poidamos ofrecerlle abondosos froitos de boas obras, roguémoslle ó Señor.
- Para que Deus non permita que na hora da nosa morte nos ronde o temor e a desesperación, senón que, confiados na súa promesa, nos dispoñamos con serenidade e alegría a comeza-la vida feliz e eterna, roguémoslle ó Señor.

* Se nas exequias se celebra a Misa, a oración universal conclúe coa seguinte colecta:

Escoita, Señor as nosas oracións
e concédelle ó teu servidor (á túa servidora) N.,
que creu en ti e quixo ser fiel ó teu servicio,
gozar eternamente da túa compañía na gloria.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

* Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa pregaria coa oración que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

Ó rematar, faise de contado o rito do derradeiro adeus ó corpo do defunto.

* Se se celebra a Misa, esta segue, coma de costume, ata a oración de despois da comunión.

V. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

7. Rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez rematada a oración dos fieis; en ámbolos dous casos, o celebrante cos seus ministros colócase a carón do féretro e procédese ó rito do derradeiro adeus como segue.

O que preside, diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Imos agora cumprir co noso deber de lle darmos sepultura ó corpo do noso irmán (da nosa irmá); e, fieis ó costume cristián, farémolo pedindo con fe a Deus, Señor e Dador da Vida, que admita a alma del (dela) entre os seus santos e que o seu corpo, que hoxe enterramos en debilidade, o resucite un día cheo de vida e de gloria. Que, no momento do xuízo, sexa misericordioso co noso irmán (coa nosa irmá), para que, libre da morte, absolto (absolta) das súas culpas, reconciliado (reconciliada) co Pai, disfrute para sempre da gloria eterna e da compañía dos santos.

8. Todos oran uns momentos en silencio. Logo, o que preside continúa dicindo:

Non teñas medo irmán (irmá), Cristo morreu por ti e a súa resurrección salvouche. O Señor, que te protexeu durante a vida, libérate da morte que acabas de sufrir. Polo bautismo fíxote membro de Cristo resucitado: a auga que agora imos derramar sobre o teu corpo váinolo lembrar. (Deus regalouche o seu Espírito Santo, que consagrou o teu corpo como templo seu; o incenso co que imos perfuma-lo teu corpo será signo da túa dignidade de templo de Deus e fará medrar en nós a esperanza de que este mesmo corpo resucitará gloriosamente coma o de Xesucristo.)

9. Despois, o que preside dá a volta ó redor do féretro asperxéndoo con auga bendita; (logo, pon incenso, bendíu e dá unha segunda volta perfumando o cadáver co incenso;) mentres, entóase un canto de despedida (véxase no Cantoral). Logo o que preside ou un dos presentes pode recita-las seguintes invocacións, ás que o pobo responde: **Señor, ten piedade**, ou ben **Kyrie, eléison**.

Invocacións

Que o Pai que te invitou a come-la carne inmaculada do seu Fillo,
te admita agora na mesa do seu Reino.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie, eléison.)

Que Cristo, vide verdadeira, en quen quedaches enxertado (enxertada) polo bautismo,
te faga participar agora da súa vida gloriosa.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

Que o Espírito de Deus, que te purificou co seu lume,
revista o teu corpo de inmortalidade.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

10. De seguida, o que preside engade a seguinte oración.

Oremos.

Ó amparo da túa man, Pai de bondade,
encomendámo-la alma do noso irmán (da nosa irmá),
coa firme esperanza de que resucitará no derradeiro día,
con tódolos que morreron en Cristo.

Dámosche gracias por tódolos dons
que lle concediches ó longo dos seus días;
neles recoñecemos un signo do teu amor e da comunión dos santos.

Deus da misericordia,
acolle as oracións
que che presentamos por este noso irmán (esta nosa irmá)
que acaba de deixarnos e ábrelle as portas da túa casa.

Ós seus familiares e amigos, e a todos nós,
 concédenos sabernos consolar con palabras de fe,
 ata que tamén nos chegue a hora
 de nos volvermos xuntar con el (ela), ó teu carón,
 no gozo de teu Reino eterno.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

10 bis. Neste intre, un dos familiares ou amigos pode facer unha breve biografía do defunto e agradecerlles ós presentes a súa participación nas exequias:

Antes de nos separarmos, permitídenos unhas palabras de despedida e agradecemento no nome de tódolos familiares do noso querido (da nosa querida) N. O voso acompañamento e a vosa presenza aquí expresan, en primeiro lugar, a estima e consideración que tanto o defunto coma nós vos merecemos. Queremos agradecer dun xeito especial a vosa oración sinxela, porque nos consola compartir convosco a fe na resurrección futura.

Outras alocucións finais de agradecemento nas pp. ***.

VI. PROCESIÓN Ó ADRO DA IGREXA

11. Rematado o agradecemento, sácase o corpo da igrexa; mentres, o que preside di a seguinte antifona (A música pode verse no Cantoral):

Ant. Que os anxos te leven ó paraíso,
 que á túa chegada te reciban os mártires
 e que te introduzan na cidade santa de Xerusalén.

VII. ESTACIÓN NO ADRO OU NA PORTA DA IGREXA

12. Chegada a procesión ó adro ou á porta da igrexa, o corpo colócase no carro mortuorio e o que preside engade:

Que o Señor lle abra as portas do triunfo ó noso irmán (á nosa irmá),
 para que, rematado o duro combate da súa vida mortal
 entre coma vencedor(a) polas portas dos xustos
 e nas súas tendas entoe cantos de victoria
 por sempre eternamente.

R. Amén.

E a todos nós nos dea a certeza
 de que non está morto(a), senón que dorme,

de que non perdeu a vida, senón que repousa,
porque o Señor chamouno (chamouna) á vida eterna
por sempre eternamente.

R. Amén.

13. O que preside remata a celebración dicindo:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

V Descanse en paz.

R. Amén

V. E a súa alma e as almas de tódolos fieis defuntos,
pola misericordia de Deus, descansen en paz.

R. Amén.

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle grazias a Deus.

OUTROS FORMULARIOS PARA A CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS

1. FORMULARIO COMÚN I

I. ESTACIÓN NA CASA DO DEFUNTO

1. O ministro saúda os presentes, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Logo, continúa a celebración coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Amados irmáns: O Señor na súa amorosa e inescrutable providencia, vén de chamar deste mundo ó noso irmán (á nosa irmá) N. A súa partida enchevos a todos de dor e desánimo. Mais, neste momento triste, compre que reafirmémo-la nosa fe, que nos asegura que Deus non abandona endexamais os seus fillos. Xesús invítanos a esta confianza cando di: “Vinde a min tódolos que estades cansados e agobiados e eu vos aliviarei”. Con esta certeza, pidamos ó Señor, durante esta celebración, que perdoe ó noso irmán (á nosa irmá) as súas faltas e lle conceda unha morada de paz e benestar entre os seus santos. E a nós nos dea a firme esperanza de atopalo (atopala) un día no seu Reino.

1 bis. Despois do saúdo inicial, pódese recitar-lo salmo 22, no que se pode ir intercalando a antífona: **O Señor é o meu pastor, nada me falta.** Se se prefire con música, véxase no Cantoral. Pódese usar tamén outro dos salmos que figuran no mesmo Cantoral.

Ant.: O Señor é o meu pastor, nada me falta.

Salmo 22

O Señor é o meu pastor, nada me falta:

En prados verdecentes faime repousar.
El lévame a beber en augas tranquilas
e repón as miñas forzas;
guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome.

Se tiver que pasar por valgadas sombrizas,
ningún mal temería, porque ti vas comigo:
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego.

Ti pos para min a mesa,

á cara dos meus inimigos;
 únxesme con perfume a cabeza,
 e a miña copa reborda.

O teu benquerer e a túa misericordia vanme seguindo
 tódolos días da miña vida.
 Eu habitarei na casa do Señor
 por días prolongados sen fin.

Ant.: O Señor é o meu pastor, nada me falta.

2. Despois do saúdo inicial (ou do salmo), engádese a seguinte oración:

Oremos.

Encomendámosche, Señor,
 o noso irmán (a nosa irmá) N.,
 a quen, nesta vida mortal, guiaches polo vieiro xusto
 e o (a) acompañaches coa túa bondade e misericordia;
 prepara agora diante del (dela)
 a mesa de festa do teu Reino
 e fai que habite na túa casa por sempre eternamente.
 Pedímoscho por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. PROCESIÓN Á IGREXA

3. De seguida organízase a procesión cara á igrexa: cf. páx. ***

III. ESTACIÓN NA IGREXA

4. En chegando á igrexa pódese cantar: **Que o Señor che abra as portas do paraíso**, ou algún canto axeitado para o momento (véxase no Cantoral); colócase o cadáver diante do altar e, se é posible, ponse ó seu carón o cirio pascual. O que preside pode acender nese intre o cirio pascual, dicindo a seguinte fórmula:

Onda o corpo, agora sen vida,
 do noso irmán (da nosa irmá) N.,
 acendemos, Cristo Xesús, esta chama,
 símbolo do teu corpo glorioso e resucitado;
 que o resplandor desta luz ilumine as nosas tebras
 e alumee o noso camiño de esperanza,
 ata que cheguemos a ti, Claridade eterna,
 que vives e reinas, inmortal e glorioso
 por sempre eternamente.

R. Amén.

A asemblea pode cantar, de seguida, un canto axeitado.

IV. MISA EXEQUIAL OU LITURXIA DA PALABRA

5. Acabados estes ritos iniciais (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o **Señor, ten piedade**), dise a oración colecta:

Oremos.

Señor, noso Deus, Pai omnipotente,
 ti, que nos déche-la certeza
 de que nos fieis defuntos se realizará
 o misterio do teu Fillo morto e resucitado,
 por esta fe que profesamos,
 concédelle ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
 que acaba de participar da morte de Cristo,
 resucitar tamén con el na luz da vida eterna.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Señor, ti e-lo perdón dos pecadores
 e a benaventuranza dos teus santos.
 Rogámosche polo noso irmán (pola nosa irmá) N.,
 a quen hoxe damos piadosa sepultura:
 concédelle comparti-la felicidade dos teus escolleitos
 e fai que o día da resurrección,
 libre da corrupción da morte,
 poida disfrutar da túa presenza.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

A celebración prosegue, como adoito, coa Liturxia da palabra. As lecturas tómanse do Leccionario das Misas de defuntos.

6. Despois da homilía, faise, coma sempre, a oración universal, co seguinte formulario ou outro semellante:

Oración universal

Pidámoslle ó Señor que escoite a nosa oración e atenda as nosas súplicas polo noso irmán (pola nosa irmá) N., que acaba de deixar este mundo, e digámoslle:

R. Señor ten piedade.

- Señor Xesús, fai que o noso irmán (a nosa irmá) N., que deixou este mundo, se alegre con xúbilo eterno na túa presenza na compañía da asemblea dos santos. Oremos xuntos.
- Libra a súa alma do abismo e sálvao (sálvaa) coa túa misericordia, porque no reino da morte ninguén te loa. Oremos xuntos.
- Que a túa bondade e a túa misericordia o (a) acompañen eternamente e habite na túa casa polos séculos sen fin. Oremos xuntos.
- Concédelle gozar das fontes tranquilas do teu paraíso e faino (faina) acougar nas verdes campás do teu Reino. Oremos xuntos.
- E a nós, que camiñamos aínda polos carreiros escuros deste mundo, guíanos polo vieiro xusto e fai que baixo o teu caxato de pastor atopemos sempre o noso conforto. Oremos xuntos.

* Se nas exequias se celebra a Misa, a oración universal conclúe coa seguinte colecta:

Deus,
 que na Pascua do teu Fillo
 fixeches resplandecer para todos a gloria dunha salvación nova,
 escoita as nosas oracións
 e concédelle ó noso irmán (á nosa irmá) N.
 gozar da luz eterna.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

* Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa pregaría coa oración que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

Ó rematar, faise de contado o rito do derradeiro adeus ó corpo do defunto.

* Se se celebra a Misa, esta segue, coma de costume, ata a oración de despois da comunión.

V. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

7. Rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez rematada a oración dos fieis; en ámbolos dous casos, o celebrante cos seus ministros colócase a carón do féretro e procédese ó rito do derradeiro adeus como segue.

O que preside, diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Chegou o momento de da-lo último adeus ó noso irmán (á nosa irmá). O seu corpo, ó desaparecer da nosa vista, enchoupa as nosas almas en intensa tristura. Agora ben, este intre tamén é para nós un motivo de firme esperanza, porque confiamos en que esta persoa amada non desaparece para sempre dos nosos ollos, volverémola atopar cando Deus, ó fin dos tempos, nos xunte de novo no seu Reino. Con esta esperanza, oremos uns momentos en silencio, lembrando o que con el (ela) vivimos neste mundo e o que representou para nós, e tamén o que el (ela) foi e é ante Deus.

8. Todos oran uns momentos en silencio. Logo, o que preside continúa dicindo:

Imos agora asperxe-lo cadáver do noso irmán (da nosa irmá) con auga bendita. Neste intre en que nos dispoñemos a sepulta-lo seu corpo, evocarémo-lo bautismo, polo que se incorporou simbolicamente á morte e resurrección de Cristo. Porque así como Cristo non ficou definitivamente no sepulcro, así cremos que o noso irmán (a nosa irmá), a semellanza de Xesús, resucitará á vida. (Perfumaremos, despois, o seu corpo, co incenso; este xesto recordaranos que o noso irmán (a nosa irmá), unxido co óleo da Confirmación, foi templo do Espírito destinado como Cristo á resurrección).

9. Despois, o que preside dá a volta ó redor do féretro asperxéndoo con auga bendita; (logo, pon incenso, bendíu e dá unha segunda volta perfumando o cadáver co incenso;) mentres, entóase un canto de despedida (véxase no Cantoral). Logo o que preside ou un dos presentes pode recita-las seguintes invocacións, ás que o pobo responde: **Señor, ten piedade**, ou ben **Kyrie, eléison**.

Invocacións

- Que o noso irmán (a nosa irmá) viva eternamente na paz da túa compañía.
- R. Señor, ten piedade. (Kyrie, eléison.)
Que participe contigo da felicidade eterna dos santos.
- R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)
Que contemple o teu rostro glorioso e teña parte na alegría sen fin.
- R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)
Cristo Xesús, acolleo (acóllea) xunto a ti con tódolos que nos precederon no camiño cara ó Pai.
- R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

10. De seguida, o que preside engade a seguinte oración.

Oremos.

Dono da vida e Señor dos que morreron,
lémbtrate do noso irmán (da nosa irmá) N.,
que mentres viviu neste mundo
estivo bautizado (bautizada) na túa morte
e quedou asociado (asociada) á túa resurrección,
e que agora, confiando en ti,
deixou este mundo.
Cando voltes no derradeiro día,
na compañía dos teus anxos,
concédelle resucitar do sepulcro;
levántao (levántaa) do po da morte,
revístelo (revístela) de honor
e achégao (achégaa) á túa dereita,
para que, á par de ti,
teña a súa morada entre os santos e elixidos
e con eles louve a túa bondade

por sempre eternamente.
R. Amén.

10 bis. Neste intre, un dos familiares ou amigos pode facer unha breve biografía do defunto e agradecerlles ós presentes a súa participación nas exequias:

No nome da familia N., dámo-los gracias pola vosa presenza e a vosa oración. Sentímonos confortados e sostidos pola fe e esperanza que, coma crentes compartimos. (A morte de N. foi unha dura proba para nós, pero confiamos na axuda de Deus e na vosa amizade para superala.)

Outras alocucións finais de agradecemento nas pp. ***.

* Cando a asemblea non acompaña o cadáver ata o cemiterio, pódese concluír a celebración coa bendición final, como se indica no núm. 15.

* Se a asemblea acompaña o cadáver ata o cemiterio, o derradeiro adeus pódese facer a carón da sepultura. Neste caso, rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez terminada a oración dos fieis, faise de contado a procesión ó cemiterio. Despois da bendición da tumba (núm. 12) e antes de coloca-lo corpo no sepulcro, procédese ó derradeiro adeus, substituindo os nn. 13 e 14 polos nn. 7-10.

VI. PROCESIÓN Ó CEMITERIO

11. Rematado o agradecemento, sácase o corpo da igrexa; mentras, o que preside di a seguinte antífona (A música pode verse no Cantoral):

Ant. Que os anxos te leven ó paraíso,
que á túa chegada te reciban os mártires
e que te introduzan na cidade santa de Xerusalén.

De seguida, organízase a procesión ó cemiterio. Durante esta procesión, o pobo reza polo defunto: cf. páx. ***. Se acade, pódese usar tamén a seguinte pregaria:

Continuémo-los nosas pregarías pedíndolle ó Señor que escoite as nosas súplicas e repitamos:

R. Escóitanos, Señor.

Que o Pai, que o (a) invitou a come-la carne inmaculada do seu Fillo,
o (a) admita agora na mesa do seu Reino.

R. Escoitanos, Señor.

Que Cristo, vide verdadeira, en quen quedou enxertado (enxertada) polo bautismo,
o (a) faga participar agora da súa vida gloriosa.

R. Escóitanos, Señor.

Que o Espírito de Deus, que o (a) sazou co seu lume,
revista agora o seu corpo de inmortalidade.

R. Escóitanos, Señor.

Que a Virxe María o (a) recomende ante o seu Fillo
e, na súa compañía, chegue á mansión desexada do ceo.

R. Escóitanos, Señor.

Que o (a) acollan os santos apóstolos,
que recibiron do Señor o poder de atar e desatar.

R. Escóitanos, Señor.

Que intercedan por el (ela) tódolos santos e elixidos de Deus,
que neste mundo soportaron tormentos polo nome de Cristo.

R. Escóitanos, Señor.

Que o Señor se lembre del (dela) no esplendor da súa gloria.

R. Escóitanos, Señor.

VII. ESTACIÓN NO CEMITERIO

12. Chegada a procesión ó cemiterio, o corpo colócase, se é posible, preto da tumba; o que preside di a seguinte oración sobre a sepultura (se a sepultura está xa bendicida, omítese o texto entre corchetes):

Oremos.

Señor, noso Deus,
na túa misericordia encontran acougo as almas dos fieis,
[dígnate ben+dicir este sepulcro e]
manda ós teus anxos que custodien esta tumba;
que o noso irmán (a nosa irmá) que vai ser enterrado nela,
obteña o perdón de tódolos seus pecados,
a fin de que resucite glorioso (gloriosa),
ó remate dos tempos,
con tódolos santos
e poida alegrarse en ti por sempre eternamente.

R. Amén.

Se o sepulcro non está bendicido, aspérxese con auga bendita (e incénsase).

13. De seguida, se é posible, colócase o corpo na sepultura, e o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Xa que Deus quixo chamar deste mundo o noso irmán (a nosa irmá), nós agora imos entregarlle á terra o corpo del (dela) (colocar o corpo no sepulcro), para que volva á terra da que saíra. Pero, porque cremos que Cristo resucitou coma primoxénito de entre os mortos, por iso confiamos que El transformará tamén este corpo agora humillado e que o fará semellante ó seu corpo glorioso. Con esta esperanza encomendámo-lo noso irmán (a nosa irmá), para que o (a) admita na paz do seu Reino e o (a) resucite no derradeiro

día.

14. A continuación, o que preside a celebración pode face-las seguintes preces ou outras semellantes:

Oremos con fe a Deus Pai, para quen vive toda criatura, e pidámoslle que escoite a nosa oración.

-Para que perdoe os pecados do seu servidor (da súa servidora) N. e acepte as súas boas obras, preguémoslle ó Señor.

-Para que o (a) libre de toda pena merecida polas súas culpas e poida participar xa no descanso eterno, preguémoslle ó Señor.

-Para que, deixado xa este primeiro mundo, goce eternamente no paraíso, preguémoslle ó Señor.

-Para que a nós o Espírito Santo nos leve polos camiños da fe e nos dea a esperanza firme de acadar, canda o noso irmán (a nosa irmá), o Reino eterno, preguémoslle ó Señor.

Ponse fin ás preces recitando o Noso Pai ou rezando a seguinte oración ou outra das colectas que figuran neste Ritual:

Pai noso,
 ti estás sempre atento ás súplicas dos teus fieis
 e escóita-los desexos do noso corazón;
 acabamos de depositar na terra (no sepulcro)
 o corpo do teu servidor (da túa servidora),
 concédelle ti participar cos teus santos e escolleitos
 da recompensa da gloria.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

15. Despois, o que preside remata a celebración cunha das seguintes fórmulas:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

V. Polo seu grande amor,
 Deus creou o home
 e déuvo-la esperanza
 de resucitardes no seu Fillo.
 El, que é a fonte de todo consolo,
 vos conceda a súa bendición.

R. Amén.

V. Que a nós, os vivos,
 nos conceda o perdón dos pecados
 e a tódolos defuntos
 os leve ó seu Reino de luz e de paz.

R. Amén.

V. Que a tódolos que cremos

no Cristo resucitado,
nos conceda o Señor
vivir na súa gloria eternamente.

R. Amén.

V. Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

Ou ben:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

V. Descanse en paz.

R. Amén.

V.A súa alma e as almas de tódolos fieis defuntos,
pola misericordia de Deus, descansen en paz.

R. Amén.

16. Remátase o rito coa fórmula habitual de despedida:

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

2. FORMULARIO COMÚN II

I. ESTACIÓN NA CASA DO DEFUNTO

1. O ministro saúda os presentes, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Logo, continúa a celebración coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Benqueridos irmáns: Cheos de dor pola separación daquel (daquela) con quen convivimos longos anos e a quen amamos, xuntámonos hoxe para implora-la misericordia divina no seu favor, e tamén para reanimar e fortalece-la nosa esperanza nesta hora triste e chea de bágoas. Confiemos en Deus, que El nos ha axudar; esperemos nel, e achazaráno-lo camiño. En Cristo morto polos nosos pecados e resucitado á vida nova, as nosas tebras ilumínanse e renace unha alborada de esperanza. Que o mesmo Señor vos conforte, logo, e abra as portas do seu Reino ó noso irmán (á nosa irmá).

1 bis. Logo, podese recitar-lo salmo 129, no que se pode ir intercalando a antífona: **Desde os abismos clamo a ti, Señor.** Se se prefire con música véxase no Cantoral. Pódese usar tamén outro dos salmos que figuran no mesmo Cantoral.

Ant. Desde os abismos clamo a ti, Señor.

Salmo 129

Desde os abismos clamo a ti, Señor;

Señor, escoita a miña voz.

Ten atentos os oídos

á voz da miña súplica.

Se levas conta dos pecados, Señor,

Señor, ¿quen poderá terse en pé?

Mais en ti está o perdón,

para te faceres respectar.

Eu espero no Señor,

a miña alma espera na súa palabra;

a miña alma agarda ó Señor,

máis do que os vixías a aurora.

Agarde Israel ó Señor,

mais do que os vixías a aurora,
pois do Señor vén a misericordia,
e nel a redención é cumprida.
El é quen redime a Israel
de tódolos pecados.

Ant. Desde os abismo clamo a ti, Señor.

2. Despois do saúdo inicial (ou do salmo), engádesse a seguinte oración:

Oremos.

Escoita, Señor, a oración da túa Igrexa
que espera na túa palabra;
desde o abismo da morte
o noso irmán (a nosa irmá)
espera a túa redención cumprida;
redímeo (redímea) de tódolos seus pecados
e fai que no teu Reino vexa realizada toda a súa esperanza.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. PROCESIÓN Á IGREXA

3. De seguida organízase a procesión cara á igrexa: cf. páx. ***

III. ESTACIÓN NA IGREXA

4. En chegando á igrexa, pódese cantar **Deus enxugará as bágoas dos seus ollos**, ou algún canto axeitado para o momento (véxase no Cantoral); colócase o cadáver diante do altar e, se é posible, ponse ó seu carón o cirio pascual. O que preside pode acender nese intre o cirio pascual, dicindo a seguinte fórmula:

Onda o corpo, agora sen vida,
do noso irmán (da nosa irmá) N.,
acendemos, Cristo Xesús, esta chama,
símbolo do teu corpo glorioso e resucitado;
que o resplandor desta luz ilumine as nosas tebras
e alumee o noso camiño de esperanza,
ata que cheguemos a ti, Claridade eterna,
que vives e reinas, inmortal e glorioso
por sempre eternamente.

R. Amén.

A asemblea pode cantar, de seguida, un canto axeitado.

IV. MISA EXEQUIAL OU LITURXIA DA PALABRA

5. Acabados estes ritos iniciais (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o **Señor, ten piedade**), dise a oración colecta:

Oremos.

Deus, noso Pai,
 ti estás sempre disposto á misericordia e ó perdón.
 Rogámosche polo noso irmán (pola nosa irmá) N.
 a quen hoxe chamaches onda ti.
 El (Ela) creu e esperou en ti;
 concédelle agora chegar á patria verdadeira
 e gozar contigo da alegría eterna.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Non sexas severo no teu xuízo, Señor,
 con este teu servidor (esta túa servidora), que acaba de deixarnos,
 porque ningún home é inocente fronte a ti,
 se ti mesmo non lle perdóa-las culpas;
 pedímosche que escóite-las súplicas da túa Igrexa
 e que lle concedas un lugar entre os teus santos e elixidos,
 xa que nesta vida estivo marcado (marcada) co selo da Santa Trindade.
 Ti, noso Señor e Deus,
 que vives e reinas co Pai
 na unidade do Espírito Santo
 por sempre eternamente.

R. Amén.

A celebración prosegue, como adoito, coa Liturxia da palabra. As lecturas tómanse do Leccionario das Misas de defuntos.

6. Despois da homilía, faise, coma sempre, a oración universal, co seguinte formulario ou outro semellante:

Oración universal

Oremos a Deus, Pai de todos, polo noso irmán defunto (pola nosa irmá defunta) e pidámoslle que escoite a nosa oración.

-Para que o Señor, que se compadece de toda criatura, purifique coa súa misericordia e conceda os gozos do paraíso ó noso irmán (á nosa irmá) N., roguémoslle ó Señor.

-Para que o Señor que o (a) creou da nada e o (a) honrou facéndoo (facéndoa) imaxe do seu

- Fillo, lle devolva no Reino eterno a primitiva fermosura do home, roguémoslle ó Señor.
- Para que lle conceda o descanso eterno e o (a) faga gozar na asemblea dos santos, roguémoslle ó Señor.
- Para que o Señor, consolo dos que choran e forza dos que se senten abatidos, alivie a tristura dos que o (a) choran e lles conceda atopalo (atopala) novamente no Reino de Deus, roguémoslle ó Señor.

* Se nas exequias se celebra a Misa, a oración universal conclúe coa seguinte colecta:

Señor,
que a nosa oración suplicante
sirva de proveito ó teu fillo (filla) N.,
para que, libre de todo pecado,
participe xa da túa redención.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

* Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa pregaría coa oración que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

Ó rematar, faise de contado o rito do derradeiro adeus ó corpo do defunto.

* Se se celebra a Misa, esta segue, coma de costume, ata a oración de despois da comunión.

V. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

7. Rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez rematada a oración dos fieis; en ámbolos dous casos, o celebrante cos seus ministros colócase a carón do féretro e procédese ó rito do derradeiro adeus como segue.

O que preside, diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Dispoñámonos agora a cumprir cristiamente co deber de lle dar sepultura ó corpo do noso irmán (da nosa irmá) e pidamos a Deus, para quen toda criatura vive, que admita a súa alma na asemblea dos santos; que este corpo, que hoxe imos enterrar en debilidade, o Señor o resucite, cheo de vigor e gloria no derradeiro día. Que Deus escoite as nosas súplicas e, no momento do xuízo, sexa con el (ela) misericordioso(a) para que, libre da morte, absolto (absolta) das súas culpas, reconciliado co Pai, disfrute para sempre da gloria eterna e da compañía dos santos.

8. Todos oran uns momentos en silencio. Logo, o que preside continúa dicindo:

A auga que imos derramar agora sobre o corpo deste irmán noso (desta irmá nosa) lémbra-nos que o bautismo converteuno (converteuna) en membro do corpo de

Xesucristo, que morreu e sepultárono, pero que coa súa gloriosa resurrección venceu a morte. (O incenso co que perfumaremos logo o seu cadáver traeranos á memoria que o que agora son só os seus restos foron templo do Espírito Santo e están chamados a ser, pola resurrección, pedras vivas do templo da Xerusalén celestial.)

9. Despois, o que preside dá a volta ó redor do féretro asperxéndoo con auga bendita; (logo, pon incenso, bendíu e dá unha segunda volta perfumando o cadáver co incenso;) mentres, entóase un canto de despedida (véxase no Cantoral). Logo o que preside ou un dos presentes pode recita-las seguintes invocacións, ás que o pobo responde: **Señor, ten piedade**, ou ben **Kyrie, eléison**.

Invocacións

Que o Pai que te invitou a come-la carne inmaculada do seu Fillo,
te admita agora na mesa do seu Reino.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie, eléison.)

Que Cristo, vide verdadeira, en quen quedaches enxertado (enxertada) polo bautismo,
te faga participar agora da súa vida gloriosa.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

Que o Espírito de Deus, que te purificou co seu lume,
revista o teu corpo de inmortalidade.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

10. De seguida, o que preside engade a seguinte oración.

Oremos.

Señor Xesucristo, Redentor do xénero humano,
pedímosche que lle deas entrada no teu paraíso ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
que acaba de pecha-los ollos á luz deste mundo
e que os abriu para te contemplar a ti, Luz verdadeira;
líbrao (líbraa), Señor, da escuridade da morte
e fai que goce contigo da festa das vodas eternas;
que se alegre no teu Reino, a súa verdadeira patria,
onde non hai tristura nin morte,
onde todo é vida e ledicia sen fin,
e que contemple o teu rostro glorioso por sempre eternamente.

R. Amén.

-
- 10 bis. Neste intre, un dos familiares ou amigos pode facer unha breve biografía do defunto e agradecerlles ós presentes a súa participación nas exequias:

A todos cantos nos acompañades nesta celebración (e na enfermidade que precedeu á morte do noso [da nosa] benquerido [benquerida] N.), queremos dárvo-las máis sinceras gracias. Consólanos particularmente a fe e a oración que compartimos, coma membros desta comunidade (parroquial) de N. Encomendámo-lo noso finado (a nosa finada) ás

vosas oracións; nós tamén vos lembraremos diante do Señor.

Outras alocucións finais de agradecemento nas pp. ***.

* Cando a asemblea non acompaña o cadáver ata o cemiterio, pódese concluír a celebración coa bendición final, como se indica no núm. 15.

* Se a asemblea acompaña o cadáver ata o cemiterio, o derradeiro adeus pódese facer a carón da sepultura. Neste caso, rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez terminada a oración dos fieis, faise de contado a procesión ó cemiterio. Despois da bendición da tumba (núm. 12) e antes de coloca-lo corpo no sepulcro, procédese ó derradeiro adeus, substituindo os nn. 13 e 14 polos nn. 7-10.

VI. PROCESIÓN Ó CEMITERIO

11. Rematado o agradecemento, sácase o corpo da igrexa; mentras, o que preside di a seguinte antifona (A música pode verse no Cantoral):

Ant. Que os anxos te leven ó paraíso,
que á túa chegada te reciban os mártires
e que te introduzan na cidade santa de Xerusalén.

De seguida, organízase a procesión ó cemiterio. Durante esta procesión, o pobo reza polo defunto: cf. páx. ***. Se acade, pódese usar tamén a seguinte pregaria:

Invoquemos agora a Cristo, vencedor da morte, e pidámoslle que coloque o noso irmán (a nosa irmá) entre os santos e elixidos:

Que goce da felicidade entre os santos.
R. Escóitanos, Señor.
Que teña o seu lugar entre os mártires.
R. Escóitanos, Señor.
Que atope a súa morada entre os patriarcas.
R. Escóitanos, Señor.
Que aclame a Cristo entre os profetas e os apóstolos.
R. Escóitanos, Señor.
Que, na compañía dos anxos e arcanxos, contemple a gloria de Deus.
R. Escóitanos, Señor.
Que descubra a profundidade dos misterios divinos.
R. Escóitanos, Señor.
Que lave as súas vestes entre os que lavan as súas túnicas no sangue do Año.
R. Escóitanos, Señor.
Que unido (unida) ós que chaman, chame tamén el (ela) e vexa como se lle abren as portas da Xerusalén celestial.
R. Escóitanos, Señor.

Que unido (unida) ós que contemplan a Deus, contemple tamén el (ela) o seu Señor cara a cara.

R. Escóitanos, Señor.

Que, unido (unida) ós que cantan a gloria do Señor, cante tamén el (ela) o cántico novo.

R. Escóitanos, Señor.

Que, unido (unida) ós que escoitan os himnos de loanza, goce tamén el (ela) escoitando o concerto celestial.

R. Escóitanos, Señor.

VII. ESTACIÓN NO CEMITERIO

12. Chegada a procesión ó cemiterio, o corpo colócase, se é posible, preto da tumba; o que preside di a seguinte oración sobre a sepultura (se a sepultura está xa bendicida, omítese o texto entre corchetes):

Oremos.

Pai santo,
 lembrando neste momento o sepulcro que lle deches ó noso Pai Abrahán
 e o que Xosé de Arimatea dispuxo con amor
 para que nel descansara o corpo do teu Fillo,
 pedímosche que [ben+digas este sepulcro,]
 lles mandes ós teus anxos custodiar este lugar,
 para que nel descansen o corpo do noso irmán (da nosa irmá) N.,
 e que recíba-la alma del (dela) no paraíso,
 para que goce eternamente entre os teus santos e elixidos.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Se o sepulcro non está bendicido, aspérxese con auga bendita (e incénsase).

13. De seguida, se é posible, colócase o corpo na sepultura, e o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Xa que Deus quixo chamar deste mundo o noso irmán (a nosa irmá), nós agora imos entregarlle á terra o corpo del (dela) (colocar o corpo no sepulcro), para que volva á terra da que saíra. Pero, porque cremos que Cristo resucitou coma primoxénito de entre os mortos, por iso confiamos que El transformará tamén este corpo agora humillado e que o fará semellante ó seu corpo glorioso. Con esta esperanza encomendámo-lo noso irmán (a nosa irmá), para que o (a) admita na paz do seu Reino e o (a) resucite no derradeiro día.

14. A continuación, o que preside a celebración pode face-las seguintes preces ou outras semellantes:

Pidamos polo noso irmán (pola nosa irmá) a Xesucristo, que dixo: “Eu son a resurrección e a vida. quen cre en min, anque morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais”.

- Señor, ti que choraches diante da tumba de Lázaro, ten a ben enxuga-las nosas bágoas.
 R. Pedímoscho, Señor.
- Ti que resucitaches os mortos, ten a ben darlle a vida eterna ó noso irmán (á nosa irmá).
 R. Pedímoscho, Señor.
- Ti que lle perdoaches na cruz ó bo ladrón e lle prometíche-lo paraíso, ten a ben perdoar e levar ata ó ceo o noso irmán (a nosa irmá).
 R. Pedímoscho, Señor.
- Ti que purificáche-lo noso irmán (a nosa irmá) na auga do bautismo e que o (a) unxiches co óleo da confirmación, ten a ben admitilo (admitila) entre os teus santos e escolleitos.
 R. Pedímoscho, Señor.
- Ti que alimentáche-lo noso irmán (a nosa irmá) co teu Corpo e co teu Sangue, ten a ben admitilo (admitila) tamén na mesa do teu Reino.
 R. Pedímoscho, Señor.
- E a nós, que choramos pola súa morte, ten a ben confortarnos coa fe e coa esperanza da vida eterna.
 R. Pedímoscho, Señor.

Ponse fin ás preces recitando o Noso Pai ou rezando a seguinte oración ou outra das colectas que figuran neste Ritual:

Deus todopoderoso,
 ti, que pola morte de Xesucristo, teu Fillo,
 destruíche-la nosa morte,
 polo seu descanso no sepulcro
 santificache-las tumbas
 e pola súa gloriosa resurrección
 devolvícheno-la vida e a inmortalidade,
 escoita a nosa oración por aqueles que,
 mortos en Cristo e sepultados con El,
 esperan a santa resurrección.
 Concede, Señor de vivos e mortos,
 que ós que pola fe che coñeceron na terra
 te alaben sen fin no ceu.
 Por Xesucristo, noso Señor.

15. Despois, o que preside remata a celebración cunha das seguintes fórmulas:

V. O Señor sexa convosco.
 R. E contigo tamén.

V. Polo seu grande amor,
 Deus creou o home
 e déuvo-la esperanza
 de resucitardes no seu Fillo.
 El, que é a fonte de todo consolo,
 vos conceda a súa bendición.

R. Amén.

V. Que a nós, os vivos,
nos conceda o perdón dos pecados
e a tódolos defuntos
os leve ó seu Reino de luz e de paz.
R. Amén.

V. Que a tódolos que cremos
no Cristo resucitado,
nos conceda o Señor
vivir na súa gloria eternamente.
R. Amén.

V. Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.
R. Amén.

Ou ben:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.
R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

V. Descanse en paz.
R. Amén.

V. A súa alma e as almas de tódolos fieis defuntos,
pola misericordia de Deus, descansen en paz.
R. Amén.

16. Remátase o rito coa fórmula habitual de despedida:

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.
R. Deámoslle gracias a Deus.

3. FORMULARIO COMÚN III

I. ESTACIÓN NA CASA DO DEFUNTO

1. O ministro saúda os presentes, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Logo, continúa a celebración coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Irmáns: A morte do noso querido irmán (da nosa querida irmá) fainos experimentar ata que punto o home é pobre ante Deus. Pero a nosa esperanza cristiá non debe desfalecer diante da morte. Os nosos ollos, humildemente levantados ó ceo, deben esperar contra toda esperanza, confiando na misericordia do Señor, que fará que o noso irmán (a nosa irmá) sexa arrancado (arrancada) da morte que agora o (a) humilla. Pidamos, logo, ó Señor que, no seu Reino, se lembre del (dela).

1 bis. Despois do saúdo inicial, podese recitar, sen canto o salmo 122, no que se pode ir intercalando a antífona: **Cara a ti alzo os meus ollos**. Se se prefire con música véxase no Cantoral. Pódese usar tamén outro dos salmos que figuran no mesmo Cantoral.

Ant. Cara a ti alzo os meus ollos.

Salmo 122

Cara a ti alzo os meus ollos,
cara a ti que moras no ceo.

Coma os ollos do servo fitan as mans do seu señor,
coma os ollos da serva fitan as mans da súa señora,
así os nosos ollos están postos no Señor, noso Deus,
ata que El se apiade de nós.

Apiádate de nós, Señor, apiádate de nós,
pois estamos fartos de desprezo;
farta está a nosa alma
das burlas dos satisfeitos,
do desprezo dos poderosos.

Ant. Cara a ti alzo os meus ollos.

2. Despois do saúdo inicial (ou do salmo), engádese a seguinte oración:

Oremos.

Cara a ti alzámolo-nos os ollos,
Señor que moras no ceo.
Ten piedade do teu servidor (dá túa servidora) N.
que esperou na túa misericordia
e non permitas que quede defraudada a súa esperanza.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. PROCESIÓN Á IGREXA

3. De seguida organízase a procesión cara á igrexa: cf. páx. ***

III. ESTACIÓN NA IGREXA

4. En chegando á igrexa pódese cantar: **Reloucarán diante do Señor os ósos quebrantados**, ou algún canto axeitado para o momento (véxase no Cantoral); colócase o cadáver diante do altar e, se é posible, ponse ó seu carón o cirio pascual. O que preside pode acender nese intre o cirio pascual, dicindo a seguinte fórmula:

Onda o corpo, agora sen vida,
do noso irmán (da nosa irmá) N.,
acendemos, Cristo Xesús, esta chama,
símbolo do teu corpo glorioso e resucitado;
que o resplandor desta luz ilumine as nosas tebras
e alumee o noso camiño de esperanza,
ata que cheguemos a ti, Claridade eterna,
que vives e reinas, inmortal e glorioso
por sempre eternamente.

R. Amén.

A asemblea pode cantar, de seguida, un canto axeitado.

IV. MISA EXEQUIAL OU LITURXIA DA PALABRA

5. Acabados estes ritos iniciais (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o **Señor, ten piedade**), dise a oración colecta:

Oremos.

Señor noso Deus,
diante de quen viven os que están destinados á morte
e para quen os nosos corpos, ó morrer, non perecen,
senón que se tranforman e adquiren unha vida mellor,

pedímosche humildemente
 que acólla-la alma do teu servidor (da túa servidora) N.
 e que a coloques onda a do noso pai Abrahán, o teu amigo,
 para que poida resucitar con gloria no día grande do xuízo;
 e, se en algo pecou contra ti durante esta vida,
 que o teu amor misericordioso o (a) purifique e o (a) perdoe.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Señor, Pai santo, Deus todopoderoso e eterno,
 humildemente che suplicamos polo teu servidor (pola túa servidora) N.,
 a quen acabas de chamar deste mundo;
 dígñate levalo (levala) ó lugar de descanso, da luz e da paz,
 para que, franqueadas victoriosamente as portas da morte,
 habite cos teus santos no ceo,
 na luz que prometiches a Abrahán e á súa descendencia por sempre.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

A celebración prosegue, coma sempre, coa Liturxia da Palabra. As lecturas tómanse do Leccionario das Misas de defuntos.

6. Despois da homilía, faise, coma sempre, a oración universal, co seguinte formulario ou outro semellante:

Oración universal

Oremos con fe a Deus Pai, para quen toda criatura vive, e pidámoslle que escoite a nosa oración.

- Para que perdoe os pecados do seu servidor (da súa servidora) N. e acepte as súas boas obras, roguémoslle ó Señor.
- Para que o (a) libre de toda pena merecida polas súas culpas e poida participar xa no descanso eterno, roguémoslle ó Señor.
- Para que, deixado xa este mundo, goce eternamente no paraíso, roguémoslle ó Señor.
- Para que o Espírito Santo nos leve a todos nós polos vieiros da fe e nos dea a esperanza firme de acadar, xunto ó noso irmán (á nosa irmá), o Reino eterno, roguémoslle ó Señor.

* Se nas exequias se celebra a Misa, a oración universal conclúe coa seguinte colecta:

Señor noso Deus,
 que a través da morte
 quixeches configura-lo noso irmán (a nosa irmá) N. con Cristo,
 que por nós morreu na cruz,

escoita a nosa oración
e dígnete dar parte na Pascua renovadora do teu Fillo
a quen, mentres viviu na terra,
estivo marcado (marcada) co selo do Espírito Santo.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

* Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa pregaría coa oración que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

Ó rematar, faise de contado o rito do derradeiro adeus ó corpo do defunto.

* Se se celebra a Misa, esta segue, coma de costume, ata a oración de despois da comunión.

V. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

7. Rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez rematada a oración dos fieis; en ámbolos dous casos, o celebrante cos seus ministros colócase a carón do féretro e procédeuse ó rito do derradeiro adeus como segue.

O que preside, diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Xa que Deus quixo chamar deste mundo o noso irmán (a nosa irmá), nós agora imos entregarlle á terra o corpo del (dela) (colocar o corpo no sepulcro), para que volva á terra da que saíra. Pero, porque cremos que Cristo resucitou coma primoxénito de entre os mortos, por iso confiamos que El transformará tamén este corpo agora humillado e que o fará semellante ó seu corpo glorioso. Con esta esperanza encomendámo-lo noso irmán (a nosa irmá), para que o (a) admita na paz do seu Reino e o (a) resucite no derradeiro día.

8. Todos oran uns momentos en silencio. Logo, o que preside continúa dicindo:

O noso irmán (a nosa irmá) que, polo bautismo, Deus incorporou á morte de Cristo simbolicamente, agora experimentou a morte incluso na súa realidade visible. Pero o bautismo uníuno (uníuna) non só á morte de Xesús senón tamén á súa resurrección. Evocar neste momento o bautismo, asperxendo coa auga o seu cadáver, (e a súa confirmación, perfumando co incenso o seu corpo), é poñer un signo de esperanza de que este corpo, agora sen vida, resucitará un día coma o de Xesús.

9. Despois, o que preside dá a volta ó redor do féretro asperxéndoo con auga bendita; (logo, pon incenso, bendíu e dá unha segunda volta perfumando o cadáver co incenso;) mentres, entócase un canto de despedida (cf. Cantoral). Logo o que preside ou un dos presentes pode recita-las seguintes invocacións, ás que o pobo responde: **Señor, ten piedade**, ou ben **Kyrie, eléison**.

Invocacións

- Que o Señor te acolla no Reino da luz e da paz.
- R. Señor, ten piedade. (Kyrie, eléison.)
Que El mesmo sexa o teu premio e a túa gloria.
- R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)
Que onda el vivas por sempre eternamente.
- R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)
10. De seguida, o que preside engade a seguinte oración.

Oremos.

Pedímosche, Señor,
que o teu servidor (a túa servidora) N.,
que morreu xa para este mundo,
viva agora para ti
e que o teu amor misericordioso borre os pecados
que cometeu por fraxilidade humana.
Por Cristo, noso Señor.

- R. Amén.

10 bis. Neste intre, un dos familiares ou amigos pode facer unha breve biografía do defunto e agradecer ós presentes a súa participación nas exequias:

Antes de nos separarmos, os familiares de N. queremos expresa-la nosa gratitude profunda á comunidade (parroquia), ó seu párroco (capelán) e a cada unha das persoas que acabades de participar nesta celebración. A nosa dor pola morte do noso familiar vese aliviada pola vosa presenza e o testemuño da fe e da esperanza cristiá. (Queira Deus que este baleiro que hoxe sentimos non nos afogue, e poidamos, de novo, sorrirle á vida e traballar con ilusión.)

Outras alocucións finais de agradecemento nas pp. ***.

* Cando a asemblea non acompaña o cadáver ata o cemiterio, pódese concluír a celebración coa bendición final, como se indica no núm. 15.

* Se a asemblea acompaña o cadáver ata o cemiterio, o derradeiro adeus pódese facer a carón da sepultura. Neste caso, rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez terminada a oración dos fieis, faise de contado a procesión ó cemiterio. Despois da bendición da tumba (núm. 12) e antes de coloca-lo corpo no sepulcro, procédese ó derradeiro adeus, substituindo os nn. 13 e 14 polos nn. 7-10.

VI. PROCESIÓN Ó CEMITERIO

11. Rematado o agradecemento, sácase o corpo da igrexa; mentras, o que preside di a seguinte antífona (A música pode verse no Cantoral):

Ant. Que os anxos te leven ó paraíso,
que á túa chegada te reciban os mártires
e que te introduzan na cidade santa de Xerusalén.

De seguida, organízase a procesión ó cemiterio. Durante esta procesión, o pobo reza polo defunto: cf. páx. ***. Se acade, pódese usar tamén a seguinte pregaría:

Pidamos agora ó Señor que admita na morada eterna o noso irmán (a nosa irmá):

Que se digne admitir ó noso irmán (á nosa irmá)
no seno dos nosos patriarcas: Abrahán, Isaac e Xacob.

R. Escóitanos, Señor.

Que, entre os resucitados,
resucite tamén glorioso (gloriosa) o noso irmán (a nosa irmá).

R. Escóitanos, Señor.

Que, entre os que recibirán o seu corpo no día da resurrección,
reciba tamén el (ela) o seu corpo glorificado.

R. Escóitanos, Señor.

Que, entre os benditos á destra do Pai,
este tamén colocado el (ela) no derradeiro día.

R. Escóitanos, Señor.

Que, entre os que posúen a vida eterna,
posúa tamén el (ela) a gloria sen fin.

R. Escóitanos, Señor.

Que, entre os benaventurados,
disfrute tamén el (ela) das delicias do paraíso.

R. Escóitanos, Señor.

VII. ESTACIÓN NO CEMITERIO

12. Chegada a procesión ó cemiterio, o corpo colócase, se é posible, preto da tumba; o que preside di a seguinte oración sobre a sepultura (se a sepultura está xa bendicida, omítese o texto entre corchetes):

Oremos.

Señor noso Deus,
que, por medio da auga do bautismo,
recreáche-lo home a quen a morte retiña cativo;
ti que quixeches que o teu Fillo Xesucristo, noso Señor,
vencendo o poder da morte,
resucitase, coma primicia dos mortos e salvación dos que cren en ti;
ti que quixeches que os crentes,

coma membros do corpo de Xesucristo,
 participaran da súa resurrección,
 [dígnate ben+dicir este sepulcro e]
 fai que o noso irmán (a nosa irmá) repouse na paz desta tumba
 ata que, no día do xuízo,
 poida participar da resurrección gloriosa do teu Fillo,
 que vive e reina por sempre eternamente.

R. Amén.

Se o sepulcro non está bendicido, aspérxese con auga bendita (e incénsase).

13. De seguida, se é posible, colócase o corpo na sepultura, e o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Xa que Deus quixo chamar deste mundo o noso irmán (a nosa irmá), nós agora imos entregarlle á terra o corpo del (dela) (colocar o corpo no sepulcro), para que volva á terra da que saíra. Pero, porque cremos que Cristo resucitou coma primoxénito de entre os mortos, por iso confiamos que El transformará tamén este corpo agora humillado e que o fará semellante ó seu corpo glorioso. Con esta esperanza encomendámo-lo noso irmán (a nosa irmá), para que o (a) admita na paz do seu Reino e o (a) resucite no derradeiro día.

14. A continuación, o que preside a celebración pode face-las seguintes preces ou outras semellantes:

Oremos con fe a Deus Pai, para quen vive toda criatura, e pidámoslle que escoite a nosa oración.

- Para que perdoe os pecados do seu servidor (da súa servidora) N. e acepte as súas boas obras, preguémoslle ó Señor.
- Para que o (a) libre de toda pena merecida polas súas culpas e poida participar xa no descanso eterno, preguémoslle ó Señor.
- Para que, deixado xa este primeiro mundo, goce eternamente no paraíso, preguémoslle ó Señor.
- Para que a nós o Espírito Santo nos leve polos camiños da fe e nos dea a esperanza firme de acadar, canda o noso irmán (a nosa irmá), o Reino eterno, preguémoslle ó Señor.

Ponse fin ás preces recitando o Noso Pai ou rezando a seguinte oración ou outra das colectas que figuran neste Ritual:

Dono da vida e Señor dos que morreron,
 lémbtrate do noso irmán (da nosa irmá) N.,
 que mentres viviu neste mundo
 comeu o teu Corpo e bebeu o teu Sangue,
 e que agora, confiando en ti,
 deixou este mundo.
 Cando voltes no derradeiro día,
 na compañía dos teus anxos,
 concédelle resucitar do sepulcro;

levántao (levántaa) do po da morte,
 revísteo (revístea) de honor
 e achégao (achégaa) á túa dereita,
 para que, á par de ti,
 teña a súa morada entre os santos e elixidos
 e con eles louve a túa bondade
 por sempre eternamente.

R. Amén.

15. Despois, o que preside remata a celebración cunha das seguintes fórmulas:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

V. Polo seu grande amor,
 Deus creou o home
 e déuvo-la esperanza
 de resucitardes no seu Fillo.
 El, que é a fonte de todo consolo,
 vos conceda a súa bendición.

R. Amén.

V. Que a nós, os vivos,
 nos conceda o perdón dos pecados
 e a tódolos defuntos
 os leve ó seu Reino de luz e de paz.

R. Amén.

V. Que a tódolos que cremos
 no Cristo resucitado,
 nos conceda o Señor
 vivir na súa gloria eternamente.

R. Amén.

V. Bendígavos Deus todopoderoso:
 Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

Ou ben:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

V. Descanse en paz.

R. Amén.

V. A súa alma e as almas de tódolos fieis defuntos,
 pola misericordia de Deus, descansen en paz.

R. Amén.

16. Remátase o rito coa fórmula habitual de despedida:

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

4. FORMULARIO PARA AS EXEQUIAS DUN DEFUNTO QUE DEIXOU A FAMILIA MOI DESCONCERTADA

I. ESTACIÓN NA CASA DO DEFUNTO

1. O ministro saúda os presentes, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Logo, continúa a celebración coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Irmáns: Ante a (inesperada) morte do noso querido e lembrado (querida e lembrada) N., sentímonos abraiados e non atopamos palabras para explicárno-la súa partida de onda nós. Desmoralizados fronte a este feito, non podemos, con todo, desesperarnos, porque neste doloroso momento vén na nosa axuda a fe cristiá; ela asegúranos que a vida do noso irmán (da nosa irmá) non rematou con esta morte que contemplan os nosos ollos; cremos que el (ela) segue a vivir, nunha dimensión abofé distinta e agora para nós incomprendible, mais non por iso menos real e verdadeira.

Agora non podemos comprende-lo misterioso designio de Deus, pero, fronte á morte, queremos acata-la súa man poderosa, descargando nel o noso abatemento, confiando no amor que nos ten. O Señor, ó seu tempo, enxugará as bágoas dos nosos ollos e fará desaparecer-la morte para sempre.

Oremos, logo, ó Señor, durante esta celebración, polo descanso do noso irmán (da nosa irmá) e supliquémoslle tamén que dea ós seus familiares e a cantos agora se ven desanimados por esta (inesperada) morte aqueles mesmos sentimentos de fortaleza e esperanza que tivo María ante a morte violenta do seu Fillo. Ela, que experimentou as bágoas e a dor diante da morte, interceda por cantos choran agora neste val de lágrimas.

1 bis. Despois do saúdo inicial, podese recitar, sen canto o salmo 129, no que se pode ir intercalando a antífona: **A miña alma espera no Señor**. Se se prefire con música, véxase no Cantoral. Pódese usar tamén outro dos salmos que figuran no mesmo Cantoral.

Ant. A miña alma espera no Señor.

Salmo 129

Desde os abismos clamo a ti, Señor;
Señor, escoita a miña voz.
Ten atentos os oídos
á voz da miña súplica.

Se levas conta dos pecados, Señor,

Señor, ¿quien poderá terse en pé?
 Mais en ti está o perdón,
 para te faceres respectar.

Eu espero no Señor,
 a miña alma espera na súa palabra;
 a miña alma agarda ó Señor,
 máis do que os vixías a aurora.

Agarde Israel ó Señor,
 mais do que os vixías a aurora,
 pois do Señor vén a misericordia,
 e nel a redención é cumprida.
 El é quen redíme a Israel
 de tódolos pecados.

Ant. A miña alma espera no Señor.

2. Despois do saúdo inicial (ou do salmo), engádesse a seguinte oración:

Oremos.

Escoita, Señor, a oración da túa Igrexa
 que espera na túa palabra;
 desde o abismo da dor da morte,
 que para nós é desconcertante,
 pedímosche que compénse-la nosa tristura
 coa esperanza de que o noso irmán (a nosa irmá)
 vive xa a túa redención cumprida
 e a alegría da salvación
 na asemblea festiva dos teus escolleitos.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Desde os abismos da nosa dor
 chamamos por ti, Señor.
 Abre ben os teus oídos
 ó clamor da nosa súplica
 e que os teus ollos se compadezan
 ante as bagoas dos que choran;
 mostra a túa redención cumprida
 ó noso irmán (á nosa irmá) N.,

e á nos, neste momento de dor,
axúdanos a espera-la túa misericordia,
mais do que os vixías esperan pola aurora
Pedímoscho por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. PROCESIÓN Á IGREXA

3. De seguida organízase a procesión cara á igrexa: cf. páx. ***

III. ESTACIÓN NA IGREXA

4. En chegando á igrexa pódese cantar: **Que o Señor che abra as portas do paraíso**, ou algún canto axeitado para o momento (véxase no Cantoral); colócase o cadáver diante do altar e, se é posible, ponse ó seu carón o cirio pascual. O que preside pode acender nese intre o cirio pascual, dicindo a seguinte fórmula:

Onda o corpo, agora sen vida,
do noso irmán (da nosa irmá) N.,
acendemos, Cristo Xesús, esta chama,
símbolo do teu corpo glorioso e resucitado;
que o resplandor desta luz ilumine as nosas tebras
e alumee o noso camiño de esperanza,
ata que cheguemos a ti, Claridade eterna,
que vives e reinas, inmortal e glorioso
por sempre eternamente.

R. Amén.

A asemblea pode cantar, de seguida, un canto axeitado.

IV. MISA EXEQUIAL OU LITURXIA DA PALABRA

5. Acabados estes ritos iniciais (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o **Señor, ten piedade**), dise a oración colecta:

Oremos.

Escoita, Señor, as súplicas do teu pobo,
enchoupadas nas bágoas da dor
en que nos mergulla a morte (inesperada) do noso irmán (da nosa irmá) N.,
e fai que goce xa para sempre da luz daquela patria
á que endexamais ningún mal poderá escurecer.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén

Ou ben:

Oremos.

Señor, noso Pai,
 que tes nas túas mans a vida dos homes
 e a cadaquén lle sinála-lo número dos seus días,
 escoita misericordioso a oración da túa Igrexa
 e amósate propicio co teu servidor (coa túa servidora) N.,
 que tan (inesperadamente) acabas de chamar desta vida;
 non lle teñas en conta as culpas e pecados
 e admíteo (admítea) na ledicia eterna do teu Reino.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

A celebración prosegue, coma sempre, coa Liturxia da Palabra. As lecturas tómanse do Leccionario das Misas de defuntos.

6. Despois da homilía, faise, como adoito, a oración universal, co seguinte formulario ou outro semellante:

Oración universal

Acudamos, irmáns, a Cristo, esperanza dos que vivimos neste mundo, vida e resurrección dos que morren, e imploremos con confianza a súa misericordia.

- Para que Cristo que, coa súa morte destruíu a morte e que, coa súa resurrección, deulle a vida ó mundo enteiro, leve ó lugar da luz e felicidade ó noso irmán (á nosa irmá) N., roguémoslle ó Señor.
- Para que lle perdoe tódalas súas faltas, que o (a) absolva de tódolos seus pecados, que o (a) recoñeza entre as súas ovellas e que o (a) coloque á súa dereita na herdanza dos elixidos, roguémoslle ó Señor.
- Para que os seus familiares e amigos, que sofren pola súa (imprevista) morte, atopen na fe a fortaleza necesaria para superar esta grande proba, roguémoslle ó Señor.
- Para que ós que choran a súa morte lles sirva de conforto a nosa comunión fraterna e a nosa solidariedade cristiá, roguémoslle ó Señor.
- Para que todos nós comprendamos, na escola da dor e das bágoas, a caducidade dos bens terrenos e nos apeguemos con fe ós eternos, roguémoslle ó Señor.
- Concluámo-la nosa oración pedíndolle a Deus por tódolos homes; e para que santifique a súa Igrexa, encha de bens o mundo e se compadeza dos que sofren, roguémoslle ó Señor.

* Se nas exequias se celebra a Misa, a oración universal conclúe coa seguinte colecta:

Señor noso Deus,
 Aínda que non comprendemos
 por que quixeches privarnos tan dolorosamente
 da presenza do noso irmán (da nosa irmá),
 cremos que segues sendo o noso Pai,
 que nos amas con agarimo,
 e por iso elevamos confiadamente a ti as nosas pregarías;
 escoita, logo, as nosas oracións

e concédeno-los bens que che pedimos.

Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

* Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa pregaría coa oración que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

Ó rematar, faise de contado o rito do derradeiro adeus ó corpo do defunto.

* Se se celebra a Misa, esta segue, coma de costume, ata a oración de despois da comunión.

V. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

7. Rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez rematada a oración dos fieis; en ámbolos dous casos, o celebrante cos seus ministros colócase a carón do féretro e procédese ó rito do derradeiro adeus como segue.

O que preside, diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Imos agora cumprir co noso deber de dar sepultura ó corpo do noso irmán (da nosa irmá); e, fieis ó costume cristián, farémolo pedindo con fe a Deus, Señor e Dador da Vida, que admita a súa alma entre os seus santos e que o seu corpo, que hoxe enterramos en debilidade, o resucite un día cheo de vida e de gloria. Que, no momento do xuízo, use da misericordia para co noso irmán (coa nosa irmá), para que, libre da morte, absolto (absolta) das súas culpas, reconciliado (reconciliada) co Pai, disfrute para sempre da gloria eterna e da compañía dos santos.

8. Todos oran uns momentos en silencio. Logo, o que preside continúa dicindo:

Non temas irmán (irmá), Cristo morreu por ti e a súa resurrección salvouche. O Señor, que te protexeu durante a vida, librarate da morte que acabas de sufrir. Polo bautismo fíxoches membro de Cristo resucitado: a auga que agora imos derramar sobre o teu corpo váinolo lembrar. (Deus regalouche o seu Espírito Santo, que consagrou o teu corpo como templo seu; o incenso co que imos perfuma-lo teu corpo será signo da túa dignidade de templo de Deus e fará medrar en nós a esperanza de que este mesmo corpo resucitará gloriosamente coma o de Xesucristo.)

9. Despois, o que preside dá a volta ó redor do féretro asperxéndoo con auga bendita; (logo, pon incenso, bendíu e dá unha segunda volta perfumando o cadáver co incenso;) mentres, entóase un canto de despedida (véxase no Cantoral). Logo o que preside ou un dos presentes pode recita-las seguintes invocacións, ás que o pobo responde: **Señor, ten piedade**, ou ben **Kyrie, eléison**.

Invocacións

Que o Pai que te invitou a come-la carne inmaculada do seu Fillo,
te admita agora na mesa do seu Reino.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie, eléison.)

Que Cristo, vide verdadeira, en quen quedaches enxertado (enxertada) polo bautismo,
te faga participar agora da súa vida gloriosa.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

Que o Espírito de Deus, que te purificou co seu lume,
revista o teu corpo de inmortalidade.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

10. De seguida, o que preside engade a seguinte oración.

Oremos.

Ó amparo da túa man, Pai de bondade,
encomendámo-la alma do noso irmán (da nosa irmá),
coa firme esperanza de que resucitará no derradeiro día,
con tódolos que morreron en Cristo.

Dámosche gracias por tódolos dons
que lle concediches ó longo dos seus días;
neles recoñecemos un signo do teu amor e da comunión dos santos.

Deus da misericordia,
acolle as oracións
que che presentamos por este noso irmán (esta nosa irmá)
que acaba de deixarnos e ábrelle as portas da túa casa.

Ós seus familiares e amigos, e a todos nós,
concédenos sabernos consolar con palabras de fe,
ata que tamén nos chegue a hora
de nos volvermos xuntar con el (ela), ó teu carón,
no gozo de teu Reino eterno.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

10 bis. Neste intre, un dos familiares ou amigos pode facer unha breve biografía do defunto e agradecer ós presentes a súa participación nas exequias:

Antes de nos separarmos, permitídenos unhas palabras de despedida e agradecemento no nome de tódolos familiares do noso querido (da nosa querida) N. O voso acompañamento e a vosa presenza aquí expresan, en primeiro lugar, a estima e consideración que tanto o defunto coma nós vos merecemos. Queremos agradecer dun xeito especial a vosa oración sinxela, porque nos consola compartir convosco a fe na resurrección futura.

Outras alocucións finais de agradecemento nas pp. ***.

* Cando a asemblea non acompaña o cadáver ata o cemiterio, pódese concluír a celebración coa bendición final, como se indica no núm. 15.

* Se a asemblea acompaña o cadáver ata o cemiterio, o derradeiro adeus pódese facer a carón da sepultura. Neste caso, rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez terminada a oración dos fieis, faise de contado a procesión ó cemiterio. Despois da bendición da tumba (núm. 12) e antes de coloca-lo corpo no sepulcro, procédese ó derradeiro adeus, substituindo os nn. 13 e 14 polos nn. 7-10.

VI. PROCESIÓN Ó CEMITERIO

11. Rematado o agradecemento, sácase o corpo da igrexa; mentras, o que preside di a seguinte antifona (A música pode verse no Cantoral):

Ant. Que os anxos te leven ó paraíso,
que á túa chegada te reciban os mártires
e que te introduzan na cidade santa de Xerusalén.

De seguida, organízase a procesión ó cemiterio. Durante esta procesión, o pobo reza polo defunto: cf. páx. ***.

VII. ESTACIÓN NO CEMITERIO

12. Chegada a procesión ó cemiterio, o corpo colócase, se é posible, preto da tumba; o que preside di a seguinte oración sobre a sepultura (se a sepultura está xa bendicida, omítese o texto entre corchetes):

Oremos.

Señor Xesucristo,
que ó descansares tres días no sepulcro
santificáche-la tumba dos que cren en ti,
de tal modo que non servise só para enterra-lo corpo,
senón tamén para facer medra-la nosa esperanza na resurrección,
[dígñate ben + dicir esta tumba e]
concedelle ó noso irmán (á nosa irmá) N.
descansar aquí dos seus traballos,
durmindo na paz deste sepulcro,
ata o día en que ti, que e-la Resurrección e a Vida,
o resucites e o ilumines coa contemplación do teu rostro glorioso.
Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.

R. Amén.

Se o sepulcro non está bendicido, rocíase con auga bendita (e incénsase).

13. De seguida, se é posible, colócase o corpo na sepultura, e o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Xa que Deus quixo chamar deste mundo o noso irmán (a nosa irmá), nós agora imos entregarlle á terra o corpo del (dela) (colocar o corpo no sepulcro), para que volva á terra da que saíra. Pero, porque cremos que Cristo resucitou coma primoxénito de entre os mortos, por iso confiamos que El transformará tamén este corpo agora humillado e que o fará semellante ó seu corpo glorioso. Con esta esperanza encomendámo-lo noso irmán (a nosa irmá), para que o (a) admita na paz do seu Reino e o (a) resucite no derradeiro día.

14. A continuación, o que preside a celebración pode face-las seguintes preces ou outras semellantes:

Pidamos polo noso irmán (pola nosa irmá) a Xesucristo, que dixo: “Eu son a resurrección e a vida. Quen cre en min, anque morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais”.

- Señor, ti que choraches diante da tumba de Lázaro, ten a ben enxuga-las nosas bágoas.

R. Pedímoscho, Señor.

- Ti que resucitaches os mortos, ten a ben darlle a vida eterna ó noso irmán (á nosa irmá).

R. Pedímoscho, Señor.

- Ti que lle perdoaches na cruz ó bo ladrón e lle prometíche-lo paraíso, ten a ben perdoar e levar ata ó ceo o noso irmán (a nosa irmá).

R. Pedímoscho, Señor.

- Ti que purificáche-lo noso irmán (a nosa irmá) na auga do bautismo e que o (a) unxiches co óleo da confirmación, ten a ben admitilo (admitila) entre os teus santos e escolleitos.

R. Pedímoscho, Señor.

- Ti que alimentáche-lo noso irmán (a nosa irmá) co teu Corpo e co teu Sangue, ten a ben admitilo (admitila) tamén na mesa do teu Reino.

R. Pedímoscho, Señor.

- E a nós, que choramos pola súa morte, ten a ben confortarnos coa fe e coa esperanza da vida eterna.

R. Pedímoscho, Señor.

Ponse fin ás preces recitando o Noso Pai ou rezando a seguinte oración ou outra das colectas que figuran neste Ritual:

Escoita, Señor, as nosas súplicas
e ten misericordia do teu servidor (da túa servidora) N.,
para que non sufra castigo polos seus pecados,
porque desexou cumpri-la túa vontade;
e, xa que a verdadeira fe
o (a) xuntou aquí na terra co pobo fiel,
que a túa bondade o (a) xunte agora

co coro dos anxos e escolleitos.

Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

15. Despois, o que preside remata a celebración cunha das seguintes fórmulas:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

V. Polo seu grande amor,
Deus creou o home
e déuvo-la esperanza de resucitardes no seu Fillo.
El, que é a fonte de todo consolo,
vos conceda a súa bendición.

R. Amén.

V. Que a nós, os vivos,
nos conceda o perdón dos pecados
e a tódolos defuntos
os leve ó seu Reino de luz e de paz.

R. Amén.

V. Que a tódolos que cremos
no Cristo resucitado,
nos conceda o Señor
vivir na súa gloria eternamente.

R. Amén.

V. Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

Ou ben:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

V. Descanse en paz.

R. Amén.

V. A súa alma e as almas de tódolos fieis defuntos,
pola misericordia de Deus, descansen en paz.

R. Amén.

16. Remátase o rito coa fórmula habitual de despedida:

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

5. FORMULARIO PARA AS EXEQUIAS DUN DEFUNTO MOI MOZO

I. ESTACIÓN NA CASA DO DEFUNTO

1. O ministro saúda os presentes, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Logo, continúa a celebración coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Irmáns: A morte, ós nosos ollos desconcertante, de N., o irmán querido (a irmá querida) a quen choramos, xuntou ó seu lado unha asistencia moi numerosa. Achegámonos aquí para orar polo compañeiro (compañeira) de camiño que nos precedeu, para testemuña-la nosa amizade e solidariedade coa súa familia que sofre, para manifestarlles a uns amigos benqueridos a nosa máis sentida condolencia.

A celebración destas exequias súmenos a todos nunha angustia para a que case non temos palabras: chócanos conxunta-la mocidade coa morte, o comezo dunha vida chea de ilusións co fin brusco dunha existencia que acababa de agromar. Fronte a unha morte coma a que estamos contemplando, parece que todo o noso ser se rebela e case non atopamos respostas convincentes.

Lembrede, neste momento de desalento, a Xesús que, turbado e cheo de anguria ante a súa propia morte, dirixe ó Pai a súa oración enchoupada pola dor: “Meu Deus, meu Deus, ¿por que me abandonaches?”; e afianzade a vosa esperanza, recordando como o Pai escoitou esta pregaría de tal xeito que Xesús, ó momento, confortado co auxilio do ceo puido dicir, cunha grande paz e esperanza: “Pai, nas túas mans encomendo o meu espírito.”

Que o Pai da misericordia vos axude el mesmo a imitar esta actitude de confianza que vemos en Xesús, de xeito que logredes descargar nel todo o voso abatemento, confiando en que El non deixa de mirar por vós.

1 bis. Despois do saúdo inicial, pode recitarse, sen canto o salmo 129, no que se pode ir intercalando a antífona: **A miña alma espera no Señor**. Se se prefire con música, véxase no Cantoral. Pódese usar tamén outro dos salmos que figuran no mesmo Cantoral.

Ant. A miña alma espera no Señor.

Salmo 129

Desde os abismos clamo a ti, Señor;
Señor, escoita a miña voz.
Ten atentos os oídos

á voz da miña súplica.

Se levas conta dos pecados, Señor,
Señor, ¿quen poderá terse en pé?
Mais en ti está o perdón,
para te faceres respectar.

Eu espero no Señor,
a miña alma espera na súa palabra;
a miña alma agarda ó Señor,
máis do que os vixías a aurora.

Agarde Israel ó Señor,
mais do que os vixías a aurora,
pois do Señor vén a misericordia,
e nel a redención é cumprida.
El é quen redime a Israel
de tódolos pecados.

Ant. A miña alma espera no Señor.

2. Despois do saúdo inicial (ou do salmo), engádese a seguinte oración:

Oremos.

Escoita, Señor, a oración da túa Igrexa
que espera na túa palabra;
desde o abismo da dor da morte,
que para nós é desconcertante,
pedímosche que compénse-la nosa tristura
coa esperanza de que o noso irmán (a nosa irmá)
vive xa a túa redención cumprida
e a ledicia da salvación
na asemblea festiva dos teus escolleitos.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Desde os abismos da nosa dor
chamamos por ti, Señor.
Abre ben os teus oídos
ó clamor da nosa súplica
e que os teus ollos se compadezan

ante as bagoas dos que choran;
 móstralle-la túa redención cumprida
 ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
 a quen acabas de chamar deste mundo,
 e ós seus (pais e) familiares, neste momento de dor,
 axúdaos a espera-la túa misericordia,
 mais do que os vixías esperan pola aurora.
 Pedímoscho por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. PROCESIÓN Á IGREXA

3. De seguida organízase a procesión cara á igrexa: cf. páx. ***

III. ESTACIÓN NA IGREXA

4. Ó chegar á igrexa pódese cantar: **Que o Señor che abra as portas do paraíso**, ou algún canto axeitado para o momento (véxase no Cantoral); colócase o cadáver diante do altar e, se é posible, ponse ó seu carón o cirio pascual. O que preside pode acender nese intre o cirio pascual, dicindo a seguinte fórmula:

Onda o corpo, agora sen vida,
 do noso irmán (da nosa irmá) N.,
 acendemos, Cristo Xesús, esta chama,
 símbolo do teu corpo glorioso e resucitado;
 que o resplandor desta luz ilumine as nosas tebras
 e alumee o noso camiño de esperanza,
 ata que cheguemos a ti, Claridade eterna,
 que vives e reinas, inmortal e glorioso
 por sempre eternamente.

R. Amén.

A asemblea pode cantar, de seguida, un canto axeitado.

IV. MISA EXEQUIAL OU LITURXIA DA PALABRA

5. Acabados estes ritos iniciais (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o **Señor, ten piedade**, dise a oración colecta:

Oremos.

Concédelle, Señor,
 a felicidade da gloria eterna ó teu servidor (á túa servidora) N.,
 a quen chamaches deste mundo
 cando o vigor da mocidade comezaba a sorrirle á súa vida corporal;
 demóstralle a túa misericordia
 e acólleo (acóllea) entre os teus santos
 no canto eterno da túa louvanza.

Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Deus, que ríxe-lo curso da vida humana
e que lles concedes ós homes breves días de vida na terra,
para que a súa existencia florezca eternamente no teu Reino;
ante a morte, ós nosos ollos prematura, do (da) mozo (moza) N.,
achegámonos a ti
e, aínda sen comprende-los teus designios,
aceptámo-la túa vontade
e pedímosche que acólla-lo noso irmán (a nosa irmá) no teu Reino
e que lle concedas vivir unha mocidade perenne
entre os teus santos e elixidos;
e que consoles ós seus pais (familiares)
coa certeza de que o (a) volverán atopar algún día no teu Reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Por un (unha) mozo (moza) acabado de casar:

Oremos.

Señor noso Deus,
que creáche-lo home e a muller para que,
a través do amor conxugal,
fosen imaxe viva da unión de Cristo coa Igrexa,
acolle na asemblea festiva dos teus elixidos o teu servidor (a túa servidora) N.,
que, nos teus designios inescrutables,
acabas de chamar (tan inesperadamente) do seo da súa familia,
e alivia a dor da súa esposa (do seu esposo)
fortalecéndoa (fortalecéndoo) coa esperanza da resurrección
e do seu encontro eterno con Cristo.
El que vive e reina contigo
na unidade do Espírito Santo
por sempre eternamente.

R. Amén.

A celebración prosegue, como adoito, coa Liturxia da Palabra. As lecturas tomanse do Leccionario das Misas de defuntos.

6. Despois da homilía, faise, coma sempre, a oración universal, co seguinte formulario ou outro semellante:

Oración universal

Acudamos ó Pai da misericordia e Deus de todo consolo e pidámoslle que volva os ollos cara a nós, os seus servos, que chorámo-la morte do irmán (da irmá) a quen amabamos.

- Polo servidor (pola servidora) de Deus N., a quen o Señor chamou deste mundo na flor da súa mocidade, para que goce dunha mocidade eterna no Reino de Deus, roguémoslle ó Señor.
- Para que lle perdoe tódolos seus pecados e o (a) premie polas súas boas obras, roguémoslle ó Señor.
- Para que, deixado este primeiro mundo, o (a) admita entre os felices moradores do paraíso, roguémoslle ó Señor.
- Para que Deus sexa refuxio e fortaleza de quen, sen comprende-los seus designios, choran a súa morte, roguémoslle ó Señor.
- Para que o Señor se compadeza dos que se ven desconcertados ante esta (inesperada) morte e os reconforte coa esperanza da vida eterna, roguémoslle ó Señor.
- Para que as bágoas dos seus (pais e) e familiares se transformen un día naquel gozo que ninguén lles poderá tirar endexamais, roguémoslle ó Señor.
- Para que a tódolos que choran pola morte del (dela) lles sirva de alivio a comunión fraterna e a solidariedade cristiá dos que nos axuntamos aquí para acompañalos, roguémoslle ó Señor.
- Para que todos nós comprendamos, na escola da dor e das bágoas, a caducidade dos bens deste mundo e nos apeguemos con fe ós eternos, roguémoslle ó Señor.
- Concluámo-la nosa oración pedindo a Deus por tódolos homes; e para que santifique a súa Igrexa, que encha de bens o mundo e que se compadeza de tódolos que sofren, roguémoslle ó Señor.

* Se nas exequias se celebra a Misa, a oración universal conclúe coa seguinte colecta:

Deus, Pai bo e xusto,
 inclinándonos humildemente diante do misterio
 duns designios que non comprendemos,
 pedímosche que escóite-las nosas pregarías,
 que ilumíne-las tebras nas que nos mergulla a nosa dor
 e que lle concedas ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
 vivir eternamente contigo na felicidade do teu Reino.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

* Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa pregaría coa oración que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

Ó rematar, faise de contado o rito do derradeiro adeus ó corpo do defunto.

* Se se celebra a Misa, esta segue, coma de costume, ata a oración de despois da comunión.

V. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

7. Rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez rematada a oración dos fieis; en ámbolos dous casos, o celebrante cos seus ministros colócase a carón do féretro e procédese ó rito do derradeiro adeus como segue.

O que preside, diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Dispoñámonos agora a cumprir cristiamente co deber de lle dar sepultura ó corpo do noso irmán (da nosa irmá) e pidamos a Deus, para quen toda criatura vive, que admita a súa alma na asemblea dos santos; que este corpo, que hoxe imos enterrar en debilidade, o Señor o resucite, cheo de vigor e gloria no derradeiro día. Que Deus escoite as nosas súplicas e, no momento do xuízo, sexa con el (ela) misericordioso(a) para que, libre da morte, absolto (absolta) das súas culpas, reconciliado co Pai, disfrute para sempre da gloria eterna e da compañía dos santos.

8. Todos oran uns momentos en silencio. Logo, o que preside continúa dicindo:

A auga que imos derramar agora sobre o corpo deste irmán noso (desta irmá nosa) lémbra-nos que o bautismo converteuno (converteuna) en membro do corpo de Xesucristo, que morreu e sepultárono, pero que coa súa gloriosa resurrección venceu a morte. (O incenso co que perfumaremos logo o seu cadáver traeranos á memoria que o que agora son só os seus restos foron templo do Espírito Santo e están chamados a ser, pola resurrección, pedras vivas do templo da Xerusalén celestial.)

9. Despois, o que preside dá a volta ó féretro asperxéndoo con auga bendita; (logo, pon incenso, bendío e dá unha segunda volta perfumando o cadáver co incenso;) mentres, entóase un canto de despedida (véxase no Cantoral).

10. De seguida, o que preside engade a seguinte oración.

Oremos.

Señor Xesucristo, Redentor do xénero humano,
pedímosche que lle deas entrada no teu paraíso ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
que acaba de pecha-los ollos á luz deste mundo
e que os abriu para te contemplar a ti, Luz verdadeira;
líbrao (líbraa), Señor, da escuridade da morte
e fai que goce contigo da festa das vodas eternas;
que se alegre no teu Reino, a súa verdadeira patria,
onde non hai tristura nin morte,
onde todo é vida e ledicia sen fin,
e que contemple o teu rostro glorioso por sempre eternamente.

R. Amén.

10 bis. Neste intre, un dos familiares ou amigos pode facer unha breve biografía do defunto e agradecerlles ós presentes a súa participación nas exequias:

Antes de nos separarmos, permitídenos unhas palabras de despedida e agradecemento no nome de tódolos familiares do noso querido (da nosa querida) N. O voso acompañamento e a vosa presenza aquí expresan, en primeiro lugar, a estima e consideración que tanto o defunto coma nós vos merecemos. Queremos agradecer dun xeito especial a vosa oración sinxela, porque nos consola compartir convosco a fe na resurrección futura.

Outras alocucións finais de agradecemento nas pp. ***.

* Cando a asemblea non acompaña o cadáver ata o cemiterio, pódese concluír a celebración coa bendición final, como se indica no núm. 15.

* Se a asemblea acompaña o cadáver ata o cemiterio, o derradeiro adeus pódese facer a carón da sepultura. Neste caso, rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez terminada a oración dos fieis, faise de contado a procesión ó cemiterio. Despois da bendición da tumba (núm. 12) e antes de coloca-lo corpo no sepulcro, procédese ó derradeiro adeus, substituindo os nn. 13 e 14 polos nn. 7-10.

VI. PROCESIÓN Ó CEMITERIO

11. Rematado o agradecemento, sácase o corpo da igrexa; mentras, o que preside di a seguinte antifona (A música pode verse no Cantoral):

Ant. Que os anxos te leven ó paraíso,
que á túa chegada te reciban os mártires
e que te introduzan na cidade santa de Xerusalén.

De seguida, organízase a procesión ó cemiterio. Durante esta procesión, o pobo reza polo defunto: cf. páx. ***.

VII. ESTACIÓN NO CEMITERIO

12. Chegada a procesión ó cemiterio, o corpo colócase, se é posible, preto da tumba; o que preside di a seguinte oración sobre a sepultura (se a sepultura está xa bendicida, omítese o texto entre corchetes):

Oremos.

Pai santo,
lembrando neste momento o sepulcro que lle deches ó noso Pai Abrahán
e o que Xosé de Arimatea dispuxo con amor
para que nel descansara o corpo do teu Fillo,

pedímosche que [ben+digas este sepulcro,]
 lles mandes ós teus anxos custodiar este lugar,
 para que nel descansen o corpo do noso irmán (da nosa irmá) N.,
 e que recíba-la alma del (dela) no paraíso,
 para que goce eternamente entre os teus santos e elixidos.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Se o sepulcro non está bendicido, aspérxese con auga bendita (e incénsase).

13. De seguida, se é posible, colócase o corpo na sepultura, e o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Xa que Deus quixo chamar deste mundo o noso irmán (a nosa irmá), nós agora imos entregarlle á terra o corpo del (dela) (colocar o corpo no sepulcro), para que volva á terra da que saíra. Pero, porque cremos que Cristo resucitou coma primoxénito de entre os mortos, por iso confiamos que El transformará tamén este corpo agora humillado e que o fará semellante ó seu corpo glorioso. Con esta esperanza encomendámo-lo noso irmán (a nosa irmá), para que o (a) admita na paz do seu Reino e o (a) resucite no derradeiro día.

14. A continuación, o que preside a celebración pode face-las seguintes preces ou outras semellantes:

Oremos con fe a Deus Pai, para quen vive toda criatura, e pidámoslle que escoite a nosa oración.

- Para que perdoe os pecados do seu servidor (da súa servidora) N. e acepte as súas boas obras, preguémoslle ó Señor.
- Para que o (a) libre de toda pena merecida polas súas culpas e poida participar xa no descanso eterno, preguémoslle ó Señor.
- Para que, deixado xa este primeiro mundo, goce eternamente no paraíso, preguémoslle ó Señor.
- Para que a nós o Espírito Santo nos leve polos camiños da fe e nos dea a esperanza firme de acadar, canda o noso irmán (a nosa irmá), o Reino eterno, preguémoslle ó Señor.

Ponse fin ás preces recitando o Noso Pai ou rezando a seguinte oración ou outra das colectas que figuran neste Ritual:

Pai noso,
 ti estás sempre atento ás súplicas dos teus fieis
 e escóita-los desexos do noso corazón;
 acabamos de depositar na terra (no sepulcro)
 o corpo do noso irmán (da nosa irmá) N.,
 concédelle ti participar cos teus santos e escolleitos
 da recompensa da gloria.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

15. Despois, o que preside remata a celebración cunha das seguintes fórmulas:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

V. Polo seu grande amor,
Deus creou o home
e déuvo-la esperanza
de resucitardes no seu Fillo.
El, que é a fonte de todo consolo,
vos conceda a súa bendición.

R. Amén.

V. Que a nós, os vivos,
nos conceda o perdón dos pecados
e a tódolos defuntos
os leve ó seu Reino de luz e de paz.

R. Amén.

V. Que a tódolos que cremos
no Cristo resucitado,
nos conceda o Señor
vivir na súa gloria eternamente.

R. Amén.

V. Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

Ou ben:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

V. Descanse en paz.

R. Amén.

V. A súa alma e as almas de tódolos fieis defuntos,
pola misericordia de Deus, descansen en paz.

R. Amén.

16. Remátase o rito coa fórmula habitual de despedida:

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

6. FORMULARIO PARA AS EXEQUIAS DUN NENO CHEGADO Ó USO DE RAZON

I. ESTACIÓN NA CASA DO DEFUNTO

1. O ministro saúda os presentes, dicindo:
- V. O Señor sexa convosco.
- R. E contigo tamén.

Logo, continúa a celebración coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Queridos irmáns: A celebración que hoxe nos congrega aquí, xunto a uns pais (familiares) abatidos pola morte do seu fillo (filla) (do pequeno; da pequena) N., súmenos a todos nunha anguria para a que case non hai palabras. Resulta realmente difícil conxunta-la nenez coa morte, o agromar dunha vida con este fin brusco que estamos contemplando. Se sempre a morte nos abraia e nos enche de interrogantes, a morte dun neno case nos escandaliza. A fe cristiá, que alumea sempre o camiño dos crentes en Xesús, nesta circunstancia non chega para apartar de nós a dor e o desconcerto. O mesmo Xesús - lembralo neste intre pode aliviar as nosas bágoas - fica desacougado ante a morte do seu amigo Lázaro e móvese á compaixón ante a desolación da viúva que choraba polo seu fillo.

Pero sobre todo vós, os pais (familiares) do pequeno (da pequena) N., ante a morte do voso fillo (da vosa filla) (ante a morte deste neno; desta nena), quedastes desconcertados e posiblemente tentados incluso de pensar que Deus vos deixou da súa man. Mais, por enriba da vosa dor, por enriba do desconcerto que sentides dentro de vós mesmos, neste momento difícil, tedes que pensar que esta mesma morte pode ser para vós coma unha chamada que Deus vos dirixe para que sigades amando o voso fillo (a vosa filla) (o neno a quen chorades; a nena a quen chorades), para que o (a) amedes por medio dunha renuncia xenerosa, que como cristiáns cremos que é só momentánea.

A voz do pequeno (da pequena) N., anúncianos a todos, á súa maneira, unha vida nova na que seremos amados sen escuridade nin turbación, sen bágoas e sen morte: “O amor - di o Cantar dos cantares - é máis forte cá morte”. O neno (a nena) a quen hoxe choramos invítanos a todos a crer neste amor e nesta vida.

1 bis. Despois do saúdo inicial, pódese recitar, sen canto o salmo 22, no que se pode ir intercalando a antifona: **O Señor é o meu pastor, nada me falta.** Se se prefire con música, véxase no Cantoral. Pódese usar tamén outro dos salmos que figuran no mesmo Cantoral.

Ant.: O Señor é o meu pastor, nada me falta.

Salmo 22

O Señor é o meu pastor, nada me falta:
 En pastos verdecentes faime repousar.
 El lévame a beber en augas tranquilas
 e repón as miñas forzas;
 guíame por vereas rectas,
 por mor do seu nome.

Se tiver de pasar por vagoadas sombrizas,
 ningún mal temería, pois ti vas comigo:
 o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego.

Ti pos para min a mesa,
 á cara dos meus inimigos;
 únxesme con perfume a cabeza,
 e a miña copa reborda.

O teu benquerer e a túa piedade vanme seguindo
 tódolos días da miña vida.
 Eu habitarei na casa do Señor
 por días prolongados sen fin.

Ant.: O Señor é o meu pastor, nada me falta.

2. Despois do saúdo inicial (ou do salmo), engádese a seguinte oración:

Oremos.

Deus, xusto e clemente,
 olla con amor o neno (a nena) N.,
 que, por medio da auga do bautismo,
 participou xa da Pascua liberadora de Cristo,
 e concédelle entrar na verdadeira terra de promisión
 e disfrutar dos bens da vida divina
 na eterna compañía do seu Redentor,
 noso Deus e Señor Xesucristo, teu Fillo.
 El, que vive e reina por sempre eternamente.

R. Amén.

II. PROCESIÓN Á IGREXA

3. De seguida organízase a procesión cara á igrexa: cf. páx. ***

III. ESTACIÓN NA IGREXA

4. Ó chegar á igrexa pódese cantar: **Deus enxugará as bágoas dos seus ollos**, ou algún canto axeitado para o momento (véxase no Cantoral); colócase o cadáver diante do altar e, se é

posible, ponse ó seu carón o cirio pascual. O que preside pode acender nese intre o cirio pascual, dicindo a seguinte fórmula:

Onda o corpo, agora sen vida, do neno (da nena) N.,
acendemos, Cristo Xesús, esta chama,
símbolo do teu corpo glorioso e resucitado;
que o resplandor desta luz ilumine as nosas tebras
e alumee o noso camiño de esperanza,
ata que cheguemos a ti, Claridade eterna,
que vives e reinas, inmortal e glorioso
por sempre eternamente.

R. Amén.

A asemblea pode cantar, de seguida, un canto axeitado.

IV. MISA EXEQUIAL OU LITURXIA DA PALABRA

5. Acabados estes ritos iniciais (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o **Señor, ten piedade**, dise a oración colecta:

Oremos.

Concédelle, Señor,
a felicidade da gloria eterna ó teu servidor (á túa servidora) N.,
a quen chamaches deste mundo
cando escasamente comezara o seu camiño entre nós;
demóstralle a túa misericordia
e acólleo (acóllea) entre os teus santos
no canto eterno da túa louvanza.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo.

Ou ben:

Oremos.

Deus que ríxe-lo curso da vida humana
e que lles concedes ós homes breves días na terra,
para que a súa existencia florezca eternamente no teu Reino;
ante a morte ós nosos ollos prematura, do neno (da nena) N.,
achegámonos a ti e, aínda sen comprende-los teus designios,
aceptámo-la túa vontade
e pedímosche que acollas o noso irmán (a nosa irmá) no teu Reino
e que lle concedas vivir entre os teus santos e elixidos;
e que consoles ós seus pais (familiares)
coa certeza de que
(a vida que deron ó [á] que choran non foi inútil e que)
o (a) volverán encontrar un día no teu Reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

A celebración prosegue, como adoito, coa Liturxia da palabra. As lecturas máis axeitadas son: Sb 4,7-15; Rm 6,3-4; Ef 1,3-5; Ap 7,9-10; 21,1a.3-5a; Mt 11,25-30; Lc 7,11-17; Jn 6,37-40; 6,51-58. Tamén lle pode acaer-lo fragmento Mc 10,13-16, que, desde moi antigo, aplicouse ó bautismo de nenos e pode tamén aplicarse á morte deles.

6. Despois da homilía, faise, coma sempre, a oración universal, co seguinte formulario ou outro semellante:

Oración universal

Pidámoslle ó Señor que se compadeza da nosa tristura, el que atendeu a voz do seu Fillo cando na cruz lle presentou as súas oracións e súplicas con berros e con bágoas.

- Para que Deus, noso Señor, coloque entre os moradores felices do seu Reino o noso irmán (a nosa irmá) o neno (a nena) N., a quen acaba de chamar deste mundo, e lle dea a gozar os bens do ceo, roguémoslle ó Señor.
- Para que así como no bautismo o (a) elixiu como membro da súa Igrexa na terra, agora no ceo o (a) admita entre os santos e elixidos, roguémoslle ó Señor.
- Para que Deus sexa refuxio e fortaleza de quen, sen comprende-los seus designios, choran a súa morte, roguémoslle ó Señor.
- Para que o Señor se compadeza dos que se ven desconcertados ante esta (inesperada) morte e os reconforte coa esperanza da vida eterna, roguémoslle ó Señor.
- Para que as bágoas dos seus (pais e) familiares se transformen un día naquel gozo que ninguén lles poderá endexamais tirar, roguémoslle ó Señor.
- Para que a tódolos que choran pola morte del (dela) lles sirva de alivio a comunión fraterna e a solidariedade cristiá dos que nos axuntamos aquí hoxe para acompañalos, roguémoslle ó Señor.
- Para que todos nós comprendamos, na escola da dor e das bágoas, a caducidade dos bens deste mundo e nos apeguemos con fe ós eternos, roguémoslle ó Señor.
- Concluámo-la nosa oración pedindo a Deus por tódolos homes; e para que santifique a súa Igrexa, que encha de bens o mundo e que se compadeza de tódolos que sofren, roguémoslle ó Señor.

* Se nas exequias se celebra a Misa, a oración universal conclúe coa seguinte colecta:

Deus, Pai bo e xusto,
 inclinándonos humildemente ante o misterio
 duns designios que non comprendemos,
 pedímosche que escóite-las nosas pregarías,
 que alumees as tebras nas que nos mergulla a nosa dor
 e que lle concedas ó neno (á nena) N.,
 vivir eternamente contigo na felidade do teu Reino.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

* Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa pregaria coa oración que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

Ó rematar, faise de contado o rito do derradeiro adeus ó corpo do defunto.

* Se se celebra a Misa, esta segue, coma de costume, ata a oración de despois da comunión.

V. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

7. Rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez rematada a oración dos fieis; en ámbolos dous casos, o celebrante cos seus ministros colócase a carón do féretro e procédese ó rito do derradeiro adeus como segue.

O que preside, diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Imos agora cumprir co noso deber de lle darmos sepultura ó corpo do neno (da nena) N., e pidamos a Deus, para quen toda criatura vive, que admita a alma del (dela) na asemblea dos santos; e que este corpo, que hoxe enterramos en debilidade, o resucite o Señor, cheo de vida e de gloria, no derradeiro día; e que acolla con agarimo a súa alma e a coloque no Reino da luz e da paz, dándolle un posto entre os santos e elixidos que o seguen, revestidos con vestes brancas e palmas de victoria, como primicias da humanidade para Deus.

8. Todos oran uns momentos en silencio. Logo, o que preside continúa dicindo:

A auga que imos derramar agora sobre o corpo deste irmán noso (desta irmá nosa) lémbra-nos que o bautismo converteuno (converteuna) en membro do corpo de Xesucristo, que morreu e sepultárono, pero que coa súa gloriosa resurrección venceu a morte. (O incenso co que perfumaremos despois o cadáver traeranos á memoria que o que agora son só os seus restos foron templo do Espírito Santo e están chamados a ser, pola resurrección, pedras vivas do templo da Xerusalén celestial.)

9. Despois, o que preside dá a volta ó redor do féretro asperxéndoo con auga bendita; (logo, pon incenso, bendí-o e dá unha segunda volta perfumando o cadáver co incenso;) mentres, entóase un canto de despedida (véxase no Cantoral). Logo o que preside ou un dos presentes pode recita-las seguintes invocacións, ás que o pobo responde: **Señor, ten piedade**, ou ben **Kyrie, eléison**.

Invocacións

Que este neno (esta nena) viva eternamente en paz xunto a ti.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie, eléison.)

Que participe contigo da felicidade eterna dos teus santos.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

Que contemple o teu rostro glorioso e teña parte na alegría sen fin.

- R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)
 Cristo, acólleo (acóllea) onda ti con tódolos que nos precederon.
 R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

10. De seguido, o que preside engade a seguinte oración.

Oremos.

Dono da vida e Señor dos que morreron,
 lémbtrate do neno (da nena) N.,
 que mentres viviu neste mundo
 estivo bautizado (bautizada) na túa morte
 e quedou asociado (asociada) á túa resurrección,
 e que agora saíu xa deste mundo;
 Cando voltes no derradeiro día,
 na compañía dos teus anxos,
 concédelle resucitar do sepulcro;
 levántao (levántaa) do po da morte,
 revístelo (revístela) de honor
 e achégao (achégaa) á túa dereita,
 para que, á par de ti,
 teña a súa morada entre os santos e elixidos
 e con eles louve a túa bondade
 por sempre eternamente.

R. Amén.

10 bis. Neste intre, un dos familiares ou amigos pode facer unha breve biografía do defunto e agradecerlles ós presentes a súa participación nas exequias:

Antes de nos separarmos, permitídenos unhas palabras de despedida e agradecemento no nome de tódolos familiares do noso querido (da nosa querida) N. O voso acompañamento e a vosa presenza aquí expresan, en primeiro lugar, a estima e consideración que tanto o defunto coma nós vos merecemos. Queremos agradecer dun xeito especial a vosa oración sinxela, porque nos consola compartir convosco a fe na resurrección futura.

Outras alocucións finais de agradecemento nas pp. ***.

* Cando a asemblea non acompaña o cadáver ata o cemiterio, pódese concluír a celebración coa bendición final, como se indica no núm. 15.

* Se a asemblea acompaña o cadáver ata o cemiterio, o derradeiro adeus pódese facer a carón da sepultura. Neste caso, rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez terminada a oración dos

fieis, faise de contado a procesión ó cemiterio. Despois da bendición da tumba (núm. 12) e antes de coloca-lo corpo no sepulcro, procédese ó derradeiro adeus, substituindo os nn. 13 e 14 polos nn. 7-10.

VI. PROCESIÓN Ó CEMITERIO

11. Rematado o agradecemento, sácase o corpo da igrexa; mentras, o que preside di a seguinte antifona (A música pode verse no Cantoral):

Ant. Que os anxos te leven ó paraíso,
que á túa chegada te reciban os mártires
e que te introduzan na cidade santa de Xerusalén.

De seguida, organízase a procesión ó cemiterio. Durante esta procesión, o pobo reza polo defunto: cf. páx. ***.

VII. ESTACIÓN NO CEMITERIO

12. Chegada a procesión ó cemiterio, o corpo colócase, se é posible, preto da tumba; o que preside di a seguinte oración sobre a sepultura (se a sepultura está xa bendicida, omítese o texto entre corchetes):

Oremos.

Pai santo,
lembrando neste momento o sepulcro que lle deches ó noso pai Abrahán
e o que Xosé de Arimatea dispuxo con amor
para que nel descansara o corpo do teu Fillo,
pedímosche que [ben+digas este sepulcro,]
lles mandes ós teus anxos custodiar este lugar,
para que nel descansen o corpo deste neno (desta nena) N.,
e que recíba-la alma del (dela) no paraíso
para que goce eternamente entre os teus santos e elixidos.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Se o sepulcro non está bendicido, aspérxese con auga bendita (e incénsase).

13. De seguida, se é posible, colócase o corpo na sepultura, e o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Xa que Deus quixo chamar deste mundo o noso irmán (a nosa irmá), nós agora imos entregarlle á terra o corpo del (dela) (colocar o corpo no sepulcro), para que volva á terra da que saíra. Pero, porque cremos que Cristo resucitou coma primoxénito de entre os mortos, por iso confiamos que El transformará tamén este corpo agora humillado e que o fará semellante ó seu corpo glorioso. Con esta esperanza encomendámo-lo noso irmán (a nosa irmá), para que o (a) admita na paz do seu Reino e o (a) resucite no derradeiro día.

14. A continuación, o que preside a celebración pode face-las seguintes preces ou outras semellantes:

Oremos con fe a Deus Pai, para quen vive toda criatura, e pidámoslle que escoite a nosa oración.

-Para que perdoe os pecados do seu servidor (da súa servidora) N. e acepte as súas boas obras, preguémoslle ó Señor.

-Para que o (a) libre de toda pena merecida polas súas culpas e poida participar xa no descanso eterno, preguémoslle ó Señor.

-Para que, deixado xa este primeiro mundo, goce eternamente no paraíso, preguémoslle ó Señor.

-Para que a nós o Espírito Santo nos leve polos camiños da fe e nos dea a esperanza firme de acadar, canda o noso irmán (a nosa irmá), o Reino eterno, preguémoslle ó Señor.

Ponse fin ás preces recitando o Noso Pai ou rezando a seguinte oración ou outra das colectas que figuran neste Ritual:

Pai noso,
 ti estás sempre atento ás súplicas dos teus fieis
 e escóita-los desexos do noso corazón;
 acabamos de depositar na terra (no sepulcro)
 o corpo do noso irmán (da nosa irmá) N.,
 concédelle ti participar cos teus santos e escolleitos
 da recompensa da gloria.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

15. Despois, o que preside remata a celebración cunha das seguintes fórmulas:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

V. Polo seu grande amor,
 Deus creou o home
 e déuvo-la esperanza
 de resucitardes no seu Fillo.
 El, que é a fonte de todo consolo,
 vos conceda a súa bendición.

R. Amén.

V. Que a nós, os vivos,
 nos conceda o perdón dos pecados
 e a tódolos defuntos
 os leve ó seu Reino de luz e de paz.

R. Amén.

V. Que a tódolos que cremos

no Cristo resucitado,
nos conceda o Señor
vivir na súa gloria eternamente.

R. Amén.

V. Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

Ou ben:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

V. Descanse en paz.

R. Amén.

V. A súa alma e as almas de tódolos fieis defuntos,
pola misericordia de Deus, descansen en paz.

R. Amén.

16. Remátase o rito coa fórmula habitual de despedida:

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

7. FORMULARIO PARA AS EXEQUIAS DUN MENIÑO BAUTIZADO

I. ESTACIÓN NA CASA DO DEFUNTO

1. O ministro saúda os presentes, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Logo, continúa a celebración coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Queridos irmáns: A celebración que hoxe nos congrega aquí, xunto a uns pais (familiares) abatidos pola morte do seu fillo (filla) (do pequeno; da pequena) N., súmenos a todos nunha anguria para a que case non hai palabras. Resulta realmente difícil conxunta-la nenez coa morte, o agromar dunha vida con este fin brusco que estamos contemplando. Se sempre a morte nos abraia e nos enche de interrogantes, a morte dun neno case nos escandaliza. A fe cristiá, que alumea sempre o camiño dos crentes en Xesús, nesta circunstancia non chega para apartar de nós a dor e o desconcerto. O mesmo Xesús - lembralo neste intre pode aliviar as nosas bágoas - fica desacougado ante a morte do seu amigo Lázaro e móvese á compaixón ante a desolación da viúva que choraba polo seu fillo.

Pero sobre todo vós, os pais (familiares) do pequeno (da pequena) N., ante a morte do voso fillo (da vosa filla) (ante a morte deste neno; desta nena), quedastes desconcertados e posiblemente tentados incluso de pensar que Deus vos deixou da súa man. Mais, por enriba da vosa dor, por enriba do desconcerto que sentides dentro de vós mesmos, neste momento difícil, tedes que pensar que esta mesma morte pode ser para vós coma unha chamada que Deus vos dirixe para que sigades amando o voso fillo (a vosa filla) (o neno a quen chorades; a nena a quen chorades), para que o (a) amedes por medio dunha renuncia xenerosa, que como cristiáns cremos que é só momentánea.

A voz do pequeno (da pequena) N., anúncianos a todos, á súa maneira, unha vida nova na que seremos amados sen escuridade nin turbación, sen bágoas e sen morte: “O amor - di o Cantar dos cantares - é máis forte cá morte”. O neno (a nena) a quen hoxe choramos invítanos a todos a crer neste amor e nesta vida.

1 bis. Despois do saúdo inicial, pódese recitar, sen canto o salmo 129, no que se pode ir intercalando a antifona: **A miña alma espera no Señor**. Se se prefire con música, véxase no Cantoral. Pódese usar tamén outro dos salmos que figuran no mesmo Cantoral.

Ant. A miña alma espera no Señor.

Salmo 129

Desde os abismos clamo a ti, Señor;
 Señor, escoita a miña voz.
 Ten atentos os oídos
 á voz da miña súplica.

Se levas conta dos pecados, Señor,
 Señor, ¿quen poderá terse en pé?
 Mais en ti está o perdón,
 para te faceres respectar.

Eu espero no Señor,
 a miña alma espera na súa palabra;
 a miña alma agarda ó Señor,
 máis do que os vixías a aurora.

Agarde Israel ó Señor,
 mais do que os vixías a aurora,
 pois do Señor vén a misericordia,
 e nel a redención é cumprida.
 El é quen redime a Israel
 de tódolos pecados.

Ant. A miña alma espera no Señor.

2. Despois do saúdo inicial (ou do salmo), engádese a seguinte oración:

Oremos.

Escoita, Señor, a oración da túa Igrexa
 que espera na túa palabra;
 desde o abismo da dor da morte,
 que para nós é desconcertante,
 pedímosche que compénse-la nosa tristura
 coa esperanza de que o neno (a nena) N.
 vive xa a ledicia da salvación
 na asemblea festiva dos teus escolleitos.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Desde os abismos da nosa dor
 chamamos por ti, Señor.
 Abre ben os teus oídos

ó clamor da nosa súplica
 e que os teus ollos se compadezan
 ante as bagoas dos que choran;
 neste doloroso momento axuda os (pais e) familiares do neno (da nena) N.
 a confiar na túa misericordia, mais do que os vixías esperan pola aurora.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. PROCESIÓN Á IGREXA

3. De seguida organízase a procesión cara á igrexa: cf. páx. ***

III. ESTACIÓN NA IGREXA

4. En chegando á igrexa pódese cantar: **Deus enxugará as bágoas**, ou algún canto axeitado para o momento (véxase no Cantoral); colócase o cadáver diante do altar e, se é posible, ponse ó seu carón o cirio pascual. O que preside pode acender nese intre o cirio pascual, dicindo a seguinte fórmula:

Onda o corpo, agora sen vida, do neno (nena) N.,
 acendemos, Cristo Xesús, esta chama,
 símbolo do teu corpo glorioso e resucitado;
 que o resplandor desta luz ilumine as nosas tebras
 e alumee o noso camiño de esperanza,
 ata que cheguemos a ti, Claridade eterna,
 que vives e reinas, inmortal e glorioso
 por sempre eternamente.

R. Amén.

A asemblea pode cantar, de seguido, un canto axeitado.

IV. MISA EXEQUIAL OU LITURXIA DA PALABRA

5. Acabados estes ritos iniciais (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o **Señor, ten piedade**), dise a oración colecta:

Oremos.

Deus de misericordia,
 na túa providencia amorosa
 quixeches acoller onda ti,
 este neno (nena) N. no comenzo mesmo da súa vida.
 Polo bautismo fixéchelo fillo teu (filla túa)
 e cremos que está xa contigo no teu Reino.
 escoita a nosa oración
 e concédenos tamén a nós
 participar un día con el (ela) na vida eterna.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Deus, noso Pai,
 ti coñéce-la nosa pena
 pola morte deste neno (desta nena) N.
 A nós, que estamos tristes
 porque el abandonou tan cedo esta vida,
 consólanos ti coa certeza
 de que conseguiu xa a vida eterna no ceo.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

A celebración prosegue, como adoito, coa Liturxia da Palabra, para a que as lecturas máis apropiadas son: Is 25,6a.7-9, Rm 6,3-4.8-9; 1Ts 4,13-14.18; Mt 11,25-30; 18,2-4.10; Mc 10,13-16; Xn 6,37-39

6. Despois da homilía, faise, como habitualmente, a oración universal, co seguinte formulario ou outro semellante:

Oración universal

Pidámoslle ó Señor que se compadeza das nosas bágoas, el que atendeu a voz do seu Fillo cando na cruz lle presentou as súas oracións e súplicas entre berros e bágoas.

- Para que o Señor, que chorou diante da tumba do seu amigo Lázaro e se compadeceu ante as bágoas da viúva de Naín, que choraba pola morte do seu fillo único, compadézase tamén dos pais (e familiares) do pequeno (da pequena) N., roguémoslle ó Señor.
- Para que lles dea a forza necesaria para superar esta dor, a fin de que saiban atopar na fe consolo e esperanza, roguémoslle ó Señor.
- Por tódolos que morreron na esperanza da resurrección, para que Deus os ilumine coa claridade do seu rostro, roguémoslle ó Señor.
- Por tódolos que estamos reunidos aquí na fe e no amor, para que Deus nos reúna tamén no seu Reino glorioso, roguémoslle ó Señor.
- Para que afiance o pobo cristián na fe e na unidade, e libre o mundo de tódolos males, roguémoslle ó Señor.

* Se nas exequias se celebra a Misa, a oración universal conclúe coa seguinte colecta:

Deus, Pai bo e xusto,
 inclinándonos humildemente ante o misterio
 duns designios que non comprendemos,
 pedímosche que escóite-las nosas pregarías,
 que alumees as tebras nas que nos sume a nosa dor,
 e que nos concedas vivir eternamente contigo e co neno (coa nena) N.,

na felicidade do teu Reino.

Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

* Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa pregaría coa oración que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

Ó rematar, faise de contado o rito do derradeiro adeus ó corpo do defunto.

* Se se celebra a Misa, esta segue, coma de costume, ata a oración de despois da comunión.

V. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

7. Rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez rematada a oración dos fieis; en ámbolos dous casos, o celebrante cos seus ministros colócase a carón do féretro e procédese ó rito do derradeiro adeus como segue.

O que preside, diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Deus todopoderoso, na súa inescrutable providencia, quixo chamar para onda El a este neno (esta nena), fillo seu (filla súa) de adopción polo bautismo. Nós imos agora enterra-lo seu corpo, mais cremos firmemente que florecerá nunha nova vida, que será eterna.

Con esta esperanza firme e confiando en que el (ela) xa está xunto a Deus, supliquémoslle ó Señor que console os (seus pais e) familiares, e que a todos nós nos axude a vivir co corazón posto no ceo.

8. Todos oran uns momentos en silencio. Logo, o que preside continúa dicindo:

Non temas querido (querida) N., Cristo morreu por ti e na súa resurrección xa te salvou. O Señor, que te protexeu durante a túa vida, tamén te librará, no derradeiro día, da morte que acabas de sufrir. Polo bautismo fíxote membro de Cristo resucitado; a auga que agora imos derramar sobre o teu corpo váinolo lembrar. (Deus regalouche o seu Espírito Santo, que consagrou o teu corpo como templo del; o incenso co que imos perfuma-lo teu corpo será signo da túa dignidade de templo de Deus e fará medrar en nós a esperanza de que este mesmo corpo resucitará gloriosamente coma o de Xesucristo.)

9. Despois, o que preside dá a volta ó redor do féretro asperxéndoo con auga bendita; (logo, pon incenso, bendíu e dá unha segunda volta perfumando o cadáver co incenso;) mentres, cántase un responsorio ou un canto de despedida do defunto.

10. De seguida, o que preside engade a seguinte oración.

Oremos.

Rogámosche humildemente, Señor,
 que acollas no paraíso o neno (a nena) N., a quen tanto amas;
 que goce onda ti naquel lugar,
 donde xa non hai loito nin dor nin pranto,
 senón paz e gozo, co teu Fillo e o Espírito Santo,
 por sempre eternamente.

R. Amén.

10 bis. Neste intre, un dos familiares ou amigos pode facer unha breve biografía do defunto e agradecerlles ós presentes a súa participación nas exequias:

Antes de nos separarmos, permitídenos unhas palabras de despedida e agradecemento no nome de tódolos familiares do noso querido (da nosa querida) N. O voso acompañamento e a vosa presenza aquí expresan, en primeiro lugar, a estima e consideración que tanto o defunto coma nós vos merecemos. Queremos agradecer dun xeito especial a vosa oración sinxela, porque nos consola compartir convosco a fe na resurrección futura.

Outras alocucións finais de agradecemento nas pp. ***.

* Cando a asemblea non acompaña o cadáver ata o cemiterio, pódese concluír a celebración coa bendición final, como se indica no núm. 15.

* Se a asemblea acompaña o cadáver ata o cemiterio, o derradeiro adeus pódese facer a carón da sepultura. Neste caso, rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez terminada a oración dos fieis, faise de contado a procesión ó cemiterio. Despois da bendición da tumba (núm. 12) e antes de coloca-lo corpo no sepulcro, procédese ó derradeiro adeus, substituindo os nn. 13 e 14 polos nn. 7-10.

VI. PROCESIÓN Ó CEMITERIO

11. Rematado o agradecemento, sácase o corpo da igrexa; mentras, o que preside di a seguinte antifona (A música pode verse no Cantoral):

Ant. Que os anxos te leven ó paraíso,
 que á túa chegada te reciban os mártires
 e que te introduzan na cidade santa de Xerusalén.

De seguida, organízase a procesión ó cemiterio. Durante esta procesión, o pobo reza polo defunto: cf. páx. ***.

VII. ESTACIÓN NO CEMITERIO

12. Chegada a procesión ó cemiterio, o corpo colócase, se é posible, preto da tumba; o que preside di a seguinte oración sobre a sepultura (se a sepultura está xa bendicida, omítese o texto entre corchetes):

Oremos.

Deus, pola túa grande misericordia
descansan as almas dos fieis;
[dígnate ben+dicir esta sepultura,]
mándalles ós teus anxos que a custodien
e recibe, na túa bondade, a alma deste neno (desta nena)
que imos enterrar neste sepulcro,
para que goce eternamente na túa presenza cos santos e elixidos.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Se o sepulcro non está bendicido, aspérxese con auga bendita (e incénsase).

13. De seguida, se é posible, colócase o corpo na sepultura, e o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Xa que Deus quixo chamar deste mundo este neno (esta nena) N., nós agora imos entregarlle á terra o corpo del (dela) (colocar o corpo no sepulcro), para que volva á terra da que saíra. Pero, porque cremos que Cristo resucitou coma primoxénito de entre os mortos, por iso confiamos que El transformará tamén este corpo agora humillado e que o fará semellante ó seu corpo glorioso. Con esta esperanza encomendámo-lo noso irmán (a nosa irmá), para que o (a) admita na paz do seu Reino e o (a) resucite no derradeiro día.

14. A continuación, o que preside a celebración pode face-las seguintes preces ou outras semellantes:

Pidámoslle ó Señor que se compadeza da nosa tristura, el que atendeu a voz do seu Fillo cando na cruz lle presentou as súas oracións e súplicas con berros e con bágoas.

- Para que Deus, noso Señor, coloque entre os moradores felices do seu Reino o noso irmán (a nosa irmá) o neno (a nena) N., a quen acaba de chamar deste mundo, e lle dea a gozar os bens do ceo, roguémoslle ó Señor.
- Para que así como no bautismo o (a) elixiu como membro da súa Igrexa na terra, agora no ceo o (a) admita entre os santos e elixidos, roguémoslle ó Señor.
- Para que Deus sexa refuxio e fortaleza de quen, sen comprende-los seus designios, choran a súa morte, roguémoslle ó Señor.
- Para que o Señor se compadeza dos que se ven desconcertados ante esta (inesperada) morte e os reconforte coa esperanza da vida eterna, roguémoslle ó Señor.
- Para que as bágoas dos seus (pais e) familiares se transformen un día naquel gozo que ninguén lles poderá endexamais tirar, roguémoslle ó Señor.
- Para que a tódolos que choran pola morte del (dela) lles sirva de alivio a comunión fraterna e a

solidariedade cristiá dos que nos axuntamos aquí hoxe para acompañalos, roguémoslle ó Señor.

-Para que todos nós comprendamos, na escola da dor e das bágoas, a caducidade dos bens deste mundo e nos apeguemos con fe ós eternos, roguémoslle ó Señor.

Ponse fin ás preces recitando o Noso Pai ou rezando a seguinte oración ou outra das colectas que figuran neste Ritual:

Deus, Pai bo e xusto,
inclinándonos humildemente ante o misterio
duns designios que non comprendemos,
pedímosche que escóite-las nosas pregarías,
que alumees as tebras nas que nos mergulla a nosa dor
e que lle concedas ó neno (á nena) N.,
vivir eternamente contigo na felidade do teu Reino.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

15. Despois, o que preside remata a celebración cunha das seguintes fórmulas:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

V. Polo seu grande amor,
Deus creou o home
e déuvo-la esperanza
de resucitardes no seu Fillo.
El, que é a fonte de todo consolo,
vos conceda a súa bendición.

R. Amén.

V. Que a nós, os vivos,
nos conceda o perdón dos pecados
e a tódolos defuntos
os leve ó seu Reino de luz e de paz.

R. Amén.

V. Que a tódolos que cremos
no Cristo resucitado,
nos conceda o Señor
vivir na súa gloria eternamente.

R. Amén.

V. Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

16. Remátase o rito coa fórmula habitual de despedida:

- V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.
R. Deámoslle gracias a Deus.

8. FORMULARIO PARA AS EXEQUIAS DUN MENIÑO NON BAUTIZADO

O Ordinario do lugar pode permitir unha celebración cristiá das exequias cando se trata dun neno a quen os seus pais querían bautizar, pero que morreu antes do bautismo.

Esta celebración é máis expresiva se se fai na casa do neno, porque se trata dun defunto que aínda non se incorporou á Igrexa; non obstante, pódese permitir tamén a celebración na igrexa, e incluso pode ser recomendable facela alí se, do contrario, os pais do neno puidesen pensar que se rexeitaba ou discriminaba en certo modo o seu fillo.

O Ritual presenta, por esa razón, dous esquemas celebrativos: un para cando estas exequias se celebran na casa mortuoria, e o outro para cando deban celebrarse na igrexa.

A. CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS NO DOMICILIO DO DEFUNTO

I. RITO INICIAL

O ministro comeza a celebración, dicindo, mentres todos se santiguan:

V. No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo.
R. Amén

Logo, saúda os presentes, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

De seguido diríxese ós fieis cunha brevísima monición, usando as seguintes palabras ou outras parecidas:

Queridos pais (e familiares): viñemos aquí, á vosa casa, para amosárvo-lo noso afecto e para compartirmos convosco a dor grande que sentides pola perda do voso filliño (vosa filliña) N. Resulta realmente difícil conxunta-lo agromar dunha vida con este fin brusco que estamos contemplando. Pero, aínda que non comprendámo-los camiños de Deus, sabemos que El continúa amándonos; poñámonos, logo, nas súas mans. Que El, o Deus de todo consolo, vos conforte nesta hora difícil; é o que, coma cristiáns, imos pedirlle nesta celebración.

E a vós, os amigos desta familia, quixera dicirvos que, se o meniño (a meniña) N. non precisa a nosa oración, porque cremos que Deus, na súa inmensa misericordia, xa o terá acollido nos seus brazos, como acollía Xesús os nenos que se achegaban a el, os pais (e familiares) deste meniño (desta meniña) si que precisan a nosa pregaría. Oremos, logo,

por eles, e pidámoslle ó Señor que El mesmo sexa a súa forza nesta hora difícil. (Volverémonos a xuntar para celebra-la Misa por estes pais entristecidos o día..., na igrexa; esperámo-la vosa asistencia e participación; como familia de Deus, compartiremo-la pena destes irmáns e consolaremos, unha vez máis, coa nosa presenza).

Despois dun breve silencio, o que preside di:

Oremos.

Señor, acolle as oracións
desta familia que cre en ti.
A ela, que se entristece pola saudade
deste neno que lle levou a morte,
concédelle o consolo da esperanza
na túa amorosa misericordia
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Deus, noso Pai,
tí que nos amas e les no fondo dos corazóns,
coñéce-la fe destes pais.
Eles choran a morte do seu meniño (da súa meniña);
concédelle-lo consolo de sentiren
que está encomendado ó teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. LITURXIA DA PALABRA

O Señor aniquilará a morte para sempre

Lectura do libro de Isaías profeta

25,6a.7-9

Aquel día, nesta montaña, o Señor dos Exércitos
ofrecerá a tódolos pobos
un banquete de boas talladas, de viños anellos.

Destruirá nesta montaña
o veo que tapa a tódolos pobos,
a cuberta que cobre a tódalas nacións.

O meu señor, Deus dos Exércitos,
destruirá a morte para sempre,
enxugará as bágoas de tódalas caras,
afastará de todo o país a vergoña do seu pobo.

- Si, díxoo o Señor -.

No día aquel dírase:

“Ollade, este é o noso Deus, esperamos nel: El hanos salvar”.

Palabra do Señor.

Ou ben:

V. O Señor sexa convosco.

R. e contigo tamén.

Xesús, dando un berro moi forte, expirou

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

15,33-39; 16,1-6

Chegado o mediodía, a escuridade cubriu toda a terra, ata as dúas e pico da tarde. E nesa hora, Xesús berrou moi forte:

- “Eloí, Eloí, lamá sabactaní” (que quere dicir: “Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches”).

Oíndo aquilo, algúns dos presentes comentaban:

- “¿Oístes? Está chamando por Elías”.

E un deles, botando a correr, empapou unha esponxa en vinagre, espetouna nunha canivela e deulle de beber, dicindo:

- “Deixade, a ver logo se vén Elías baixalo”.

Pero Xesús, dando un berro moi forte, expirou.

O veo do templo rachou en dous de arriba abaixo. O centurión, que estaba diante, oíndo o grito que deu ó morrer, dixo:

- “Verdadeiramente este home era Fillo de Deus”.

Pasado o sábado, María Magdalena, María de Santiago e mais Salomé mercaron perfumes para iren embalsamalo. E moi cedo, no primeiro día da semana, despois da alborada, foron ó sepulcro. Ían comentando entre elas:

- “¿Quen nos vai arreda-la lousa da entrada do sepulcro?”

Pero, erguendo a vista, descubriron que a lousa estaba arredada; iso que era moi grande.

Entrando no sepulcro, viron un mozo vestido de branco, sentado no lado dereito, e quedaron espantadas. Pero el díxolles:

“Non vos espantedes. ¿Buscades a Xesús Nazareno, o crucificado? Non está aquí, resucitou”.

Palabra do Señor.

Tamén se pode ler algunha das lecturas do Leccionario das Misas de defuntos.

Despois da lectura - ou das lecturas - faise, como de costume, unha breve homilía. Logo dinse as seguintes preces ou outras parecidas:

Preces

Elevemos agora as nosas súplicas ó Señor, implorando os bens da súa misericordia e da

súa bondade.

- Para que o Señor alivie a dor dos pais e familiares que choran a morte deste meniño (desta meniña), roguémoslle ó Señor.
- Para que os axude, para que saiban atopar na fe consolo e esperanza, roguémoslle ó Señor.
- Para que avive en todos nós a esperanza da resurrección, roguémoslle ó Señor.

Terminémo-la nosa oración coa pregaria que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

III. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

Rematáda-las preces, o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Irmáns: Confiados en que este meniño (esta meniña) está nas mans de Deus, que ama infinitamente todo canto el mesmo creou, neste intre, en que imos levar ó sepulcro o corpo deste neno (desta nena), pidamos a Deus que lles conceda ós seus pais (e familiares) a fortaleza necesaria para levar cristiamente a súa dor.

Todos oran uns momentos en silencio. De seguido (omitida a aspersion do corpo), engádese a seguinte oración:

Pedímosche, Señor,
que Santa María, Nai de Deus,
que estivo ó pé da cruz do Fillo que morría,
comunique a súa fe e a súa fortaleza a estes pais
que están, coma ela, aflixidos,
que os socorra e que lles alcance o premio eterno.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Despois, o que preside remata a celebración bendicindo ó pobo coa bendición habitual:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

V. Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

V. Podedes ir en paz e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle grazas a Deus.

B. CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS NA IGREXA

I. RECIBIMENTO DOS PAIS (FAMILIARES) DO DEFUNTO

O ministro, onda a porta da igrexa, saúda os familiares do neno coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Queridos amigos: Viñestes aquí para pedir a Deus fortaleza ante a dor grande que sentides pola perda do voso filliño (da vosa filliña) N. Resulta realmente difícil conxunta-lo agromar dunha vida con este fin brusco que estamos contemplando. Pero, aínda que non comprendámo-los camiños de Deus, sabemos que El continúa amándonos; poñámonos, logo, nas mans del. Que El, o Deus de todo consolo, vos console nesta hora difícil; é o que, coma cristiáns, imos pedirlle nesta celebración.

A seguir, pódese introduci-lo cadáver na igrexa pero **non se acende xunto a el o cirio pascual**.

Situados os familiares do neno nos seus lugares, o ministro saúda a asemblea, dicindo:

- V. O señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

Logo, diríxese ós fieis reunidos na igrexa coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Queridos irmáns: A celebración que hoxe nos congrega aquí, xunto a uns pais desolados pola morte do seu fillo (filla), échenos a todos dunha anguria para a que case non hai palabras; por iso debemos recorrer á oración. O meniño (a meniña) N. non precisa a nosa oración, porque cremos que Deus, na súa inmensa misericordia, debeuno acoller xa nos seus brazos, como acollía Xesús os nenos que se achegaban a El, os pais (e familiares) deste meniño (desta meniña) si que precisan a nosa pregaría. Oremos, logo, por eles, e pidámoslle ó Señor que El mesmo sexa a forza deles nesta hora difícil.

II. MISA OU LITURXIA DA PALABRA

Rematados estes ritos iniciais (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o **Señor ten piedade de nós**) dise a oración colecta:

Oremos.

Señor, acolle as oracións
desta familia que cre en ti.
A eles, que se entristecen pola saudade
deste neno que lles levou a morte,
concédelles o consolo da esperanza

na túa amorosa misericordia
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Deus, noso Pai,
ti que nos amas e les no fondo dos corazóns,
coñéce-la fe destes pais.
Eles choran a morte do seu meniño (da súa meniña);
concédelle-lo consolo de sentiren
que está encomendado ó teu amor.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

A celebración prosegue, coma sempre, coa Liturxia da palabra, para a que se usan as lecturas do Leccionario para as Misas de defuntos.

Despois da homilía, faise, como de costume, a oración universal, co seguinte formulario ou outro parecido:

Oración universal

Elevemos agora as nosas súplicas ó Señor, implorando os bens da súa misericordia e da súa bondade.

- Para que o Señor alivie a dor dos pais e familiares que choran pola morte deste meniño (desta meniña), roguémoslle ó Señor.
- Para que os axude, para que saiban atopar na fe consolo e esperanza, roguémoslle ó Señor.
- Para que faga medra-la fe dos fieis e libre o mundo de todo mal, roguémoslle ó Señor.
- Para que avive en todos nós a esperanza da resurrección, roguémoslle ó Señor.

* Se nas exequias se celebra a Misa, a oración universal conclúe coa seguinte colecta:

Deus, Pai bo e xusto,
inclinámonos humildemente ante o misterio
duns designios que non comprendemos,
pedímosche que escóite-las nosas pregarías,
alumees as tebras en que nos sume a nosa dor
e nos concedas vivir eternamente contigo
e co neno (coa nena) N. na felicidade do teu Reino.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

* Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa oración coa pregaria que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

* Se se celebra Misa, esta prosegue, como habitualmente, ata a oración despois da comunión. Dita esta oración e omitida a bendición e o **Podedes ir en paz**, procédese ó rito do derradeiro adeus ó defunto.

* Se non se celebra a Misa, o rito do derradeiro adeus faise inmediatamente despois de rematada a oración dos fieis.

III. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

O que preside, colocado á beira do cadaleito, dirixe ós presentes as seguintes palabras ou outras parecidas:

Irmáns: Confiados en que este meniño (meniña) está nas mans de Deus, que ama infinitamente todo canto el mesmo creou, neste intre, en que imos levar ó sepulcro o corpo deste meniño (desta meniña), pidamos a Deus que lles conceda ós seus pais (e familiares) a fortaleza necesaria para levar cristiamente a súa dor.

Todos oran uns momentos en silencio. De seguido (omitida a aspersion do corpo), engádese a seguinte oración:

Pedímosche, Señor,
que Santa María, Nai de Deus,
que estivo ó pé da cruz do Fillo que morría,
comunique a súa fe e a súa fortaleza a estes pais
que están, coma ela, aflixidos,
que os socorra e que lles alcance o premio eterno.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Despois, o que preside remata a celebración bendicindo ó pobo coa bendición habitual:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

V. Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

V. Podedes ir en paz e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

CAPÍTULO IV

RITO BREVE DA CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS

Os formularios que se conteñen neste capítulo **unicamente se poden usar nas exequias que se celebran nas funerarias das grandes cidades**, se o elevado número de celebracións exequiais dificulta a celebración máis completa do rito ordinario.

Os ministros responsables destas exequias procuren celebrar este rito breve coa maior expresividade posible, sen omitir ningunha das súas partes, xa que calquera recorte nestes ritos, xa tan breves, privaría os fieis da visión esperanzada da morte que o Evanxeo ofrece ós cristiáns e que pode ser evanxelizadora e chamada á conversión, non so para os fieis, senón tamén para aquelas persoas que, se cadra, non son católicos, ou que son católicos que nunca ou case nunca participan nas celebracións da Igrexa ou mesmo parece que perderon a fe.

Este rito breve consta de tres partes: recibimento do cadáver, proclamación da palabra de Deus e derradeiro adeus ó corpo do defunto. Anque estas tres partes se celebren na mesma capela da funeraria, non hai ningún obstáculo para que o celebrante faga o recibimento do corpo ó pé da entrada da mesma capela, dicíndolle á familia unhas palabras previas de consolo cristián.

Neste rito breve ten especial importancia a proclamación da palabra de Deus. Para esta proclamación, anque se pode botar man de calquera das lecturas do Leccionario de defuntos, non obstante, propóñense no interior mesmo destes formularios unhas lecturas máis breves e, sobre todo, de máis doada comprensión, porque o tempo de que se dispón para esta celebración non permitirá habitualmente unha longa homilía que explique o significado de tales lecturas.

Normalmente, dentro deste tipo de exequias, non será posible celebra-la Misa exequial, senón que esta deberá deixarse para outro momento. Con todo, se nalgún caso se celebra a eucaristía dentro do rito exequial, esta ocupará o lugar da proclamación da palabra de Deus; neste caso, ó comezo da Misa omitirase o acto penitencial e os demais ritos iniciais, e ó final omitirase tamén a bendición e o “Podedes ir en paz”.

1. FORMULARIO COMÚN I

I. RECIBIMIENTO DO CADÁVER

O ministro empeza a celebración dicindo, mentres todos se santigan:

- V. No nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.
R. Amén.

Despois saúda a asemblea, dicindo:

- V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

A continuación diríxese ós fieis cunha pequena monición empregando as seguintes palabras ou outras semellantes:

Queridos irmáns: neste momento, especialmente triste para os familiares do noso querido irmán (da nosa querida irmá) N., tódolos seus amigos queremos manifestarlle á familia o noso agarimo e o noso sentido pésame. Tamén a Igrexa -presente aquí por medio daqueles amigos que se senten cristiáns e por min mesmo- quere estar cabo duns irmáns que sofren pola perda dun ser querido. Asumamos todos esta dor, orando confiados para que Deus, o noso Pai, reciba o noso irmán (a nosa irmá) no seu Reino, e pidámoslle tamén ó Señor que lles conceda ós seus familiares a esperanza firme de se volveren atopar con el (con ela) no paraíso.

Despois dun pequeno silencio, o que preside di:

Oremos.

Encomendámosche, Señor,
o noso irmán (a nosa irmá) N.,
a quen nesta vida mortal
envolviches sempre co teu amor;
concédelle agora que, libre de tódolos males,
participe no teu descanso eterno,
e, posto que para el (ela) acabou xa este primeiro mundo,
admíteo (admíteala) agora no teu paraíso,
onde non hai pranto nin loito nin dor,
senón paz e alegría sen fin.
Por Cristo, noso Señor.

- R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Escoita, Señor, as nosas súplicas
 e fai que o teu servidor (servidora) N.,
 que acaba de saír deste mundo,
 perdoados seus pecados
 e libre de toda pena,
 disfrute cabo ti da vida inmortal;
 e, cando chegue o gran día
 da resurrección e do premio,
 pono (pona) entre os teus santos e escolleitos.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Rezada a oración precedente, proclámase unha das seguintes lecturas bíblicas, a non ser que se prefira botar man dalgunha das que figuran no Leccionario de defuntos.

Acceptounos coma sacrificio de holocausto

Lectura do libro da Sabedoría

3,1-6

As vidas dos xustos están na man de Deus:
 non haberá tormento que as toque.

A xente insensata coidaba que morreran
 e o pasamento deles semellaba unha desgracia,
 que marchasen de onda nós unha desfeita,
 mais eles fican en paz.

Aínda que para os ollos dos homes fosen magoados,
 a esperanza deles ía preñada de inmortalidade;
 corrixidos no pouco, acadarán moito,
 porque foi Deus quen os probou
 e atopounos dignos de si.

Depurounos coma ouro no crisol,
 acceptounos coma sacrificio de holocausto.

Palabra do Señor.

Ou ben:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Achegádevos a min, que eu vos aliviarei.

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo

11,28-30

Naquel tempo dixo Xesús:

-- "Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei. Cargade co

meu xugo e aprendede de min, que son bo e humilde de corazón e atoparedes acougo para as vosas almas; porque o meu xugo é levadeiro e a miña carga levía.”

Palabra do Señor.

Cómpre que á lectura lle siga unha pequeniña homilía ou reflexión. Despois fanse as seguintes preces polo defunto e polos que o choran:

Xa que este primeiro mundo pasou definitivamente para o noso irmán (a nosa irmá) N., pidámoslle agora ó Señor que lle conceda disfrutar do ceo novo e da terra nova que El preparou para os seus escolleitos.

- Que Cristo, que por el (ela) sufriu morte de cruz, lle conceda a felicidade verdadeira.
- R. Pedímoscho, Señor.
- Que Cristo, o Fillo de Deus vivo, o (a) acolla no seu paraíso.
- R. Pedímoscho, Señor.
- Que Cristo, o bo Pastor, o (a) conte entre as súas ovellas.
- R. Pedímoscho, Señor.
- Que Cristo perdoe tódolos seus pecados e o (a) axunte ó numero dos seus escolleitos.
- R. Pedímoscho, Señor.
- Que poida contempla-lo seu Redentor e disfrutar da visión do seu Señor por sempre eternamente.
- R. Pedímoscho, Señor.
- Que a tódolos que agora choran a súa morte Deus os console coa esperanza de volver atopar ó noso irmán (á nosa irmá) cando Cristo volva á fin dos tempos.
- R. Pedímoscho, Señor.

Poñamos fin a esta nosa oración coa pregaría que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

III. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

Rezadas as preces, o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou con outras semellantes:

Agora imos cumprir co noso deber de levar á sepultura o corpo do noso irmán (da nosa irmá); manténdonos fieis ó costume dos cristiáns, farémolo pedíndolle con fe a Deus, para quen toda criatura vive, que admita a alma do noso irmán (da nosa irmá) entre os seus santos e que resucite un día cheo de vida e de gloria este corpo que hoxe imos enterrar en debilidade.

Todos oran un pouquiño en silencio. Despois o que preside asperxe con respecto o ataúde con auga bendita en lembranza do seu bautismo. A continuación engade a seguinte oración:

Oremos.

Ó amparo da túa man, Pai de bondade,

encomendámo-la alma do noso irmán (da nosa irmá),
coa firme esperanza de que resucitará no derradeiro día,
con tódolos que morreron en Cristo.

Dámosche gracias por tódolos dons
que lle concediches ó longo dos seus días;
neles recoñecemos un signo do teu amor e da comunión dos santos.

Deus da misericordia,
acolle as oracións
que che presentamos por este noso irmán (esta nosa irmá)
que acaba de deixarnos e ábrelle as portas da túa casa.

Ós seus familiares e amigos, e a todos nós,
concédenos sabernos consolar con palabras de fe,
ata que tamén nos chegue a hora
de nos volvermos xuntar con el (ela), ó teu carón,
no gozo de teu Reino eterno.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Logo, traza o sinal da cruz sobre o ataúde, dicindo:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

E engade:

V. Descanse en paz.

R. Amén.

Finalmente despide os fieis coa fórmula habitual:

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

2. FORMULARIO COMÚN II

I. RECIBIMIENTO DO CADÁVER

O ministro empeza a celebración dicindo, mentres todos se santigan:

- V. No nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.
R. Amén.

Despois saúda a asemblea, dicindo:

- V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

A continuación diríxese ós fieis cunha pequena monición empregando as seguintes palabras ou outras semellantes:

Queridos irmáns: O Señor, na súa providencia impenetrable, acaba de chamar deste mundo ó voso querido amigo (á voso querida amiga) N. A súa morte enchevos de dor e de abatemento. Pero, neste momento triste, cómpre que ergáde-los vosos ollos cara a Deus e que lle pidades que fortaleza a voso fe e que faga medra-la voso esperanza; Deus non nos abandonou, porque nunca abandona os seus fillos. Xesús invítanos a esta confianza, cando di: “Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei”.

Despois dun pequeno silencio, o que preside di:

Oremos.

Señor, noso Deus, Pai omnipotente,
ti que nos déche-la certeza
de que nos fieis defuntos se realizará
o misterio do teu Fillo morto e resucitado,
por esta fe que profesamos,
concédelle ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
que acaba de participar da morte de Cristo,
resucitar tamén con el na luz da vida eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

- R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Señor, ti e-lo perdón dos pecadores
e a benaventuranza dos teus santos.
Rogámosche polo noso irmán (pola nosa irmá) N.,
a quen hoxe damos piadosa sepultura:

concédelle comparti-la felicidade dos teus escolleitos
e fai que o día da resurrección,
libre da corrupción da morte,
poida disfrutar da túa presenza.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

II. PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Rezada a oración precedente, proclámase unha das seguintes lecturas bíblicas, a non ser que se prefira botar man dalgunha das que figuran no Leccionario de defuntos.

Consoládevos uns ós outros con estas palabras

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Tesalonicenses 4,13-14.17b-18

Irmáns, non queremos que esteades desinformados acerca dos mortos, para que non vos agoniedes coma os outros, os que non teñen esperanza.

Porque, se cremos que Xesús morreu e que resucitou, do mesmo xeito Deus, por medio de Xesús, levará con El os que xa morreron. E así estaremos sempre co Señor.

Polo tanto, consoládevos uns a outros con estas palabras.

Palabra do Señor.

Ou ben:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Rapaz, falo contigo: ¡érguete!

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 7,11-17

Naquel tempo foi Xesús a unha vila, chamada Naín, acompañado polos seus discípulos e outra moita xente. Cando estaba chegando á entrada da vila, sacaban a enterrar un morto, fillo único da súa nai. Esta era viúva e ía acompañada por moita xente da vila. Ó vela, o Señor compadeceuse e díxolle:

-- "Non chores."

E achegándose, tocou o ataúde -os que o levaban pararon-, e el mandou:

-- "Mozo, falo contigo: ¡érguete!"

O morto incorporouse e empezou a falar; e Xesús entregoullo á súa nai. Invadiunos a todos o temor e louvaban a Deus, dicindo:

-- "Un gran profeta xurdiu dentre nós e Deus visitou o seu pobo".

E correron estes comentarios por toda a Xudea e a súa bisbarra.

Palabra do Señor.

Cómpre que á lectura lle siga unha pequeniña homilía ou reflexión. Despois fanse as preces seguintes polo defunto e polos que o choran:

Cara a ti, Señor, erguémo-los nosos ollos; mira, Señor, a nosa tristura, fortalece a nosa fe neste momento de proba e concédelle ó noso irmán (á nosa irmá) o descanso eterno.

- Ti que resucitáche-los mortos, concédelle a vida eterna ó noso irmán (á nosa irmá).

R. Pedímoscho, Señor.

- Ti que desde a cruz lle prometíche-lo paraíso ó bo ladrón, acolle o noso irmán (a nosa irmá) N. no teu Reino.

R. Pedímoscho, Señor.

- Ti que experimentáche-la dor da morte e resucitaches gloriosamente do sepulcro, concédelle ó noso irmán (á nosa irmá) a vida feliz da resurrección.

R. Pedímoscho, Señor.

-Ti que choraches diante da tumba do teu amigo Lázaro, ten a ben enxuga-las bágoas dos que chorámo-la morte do noso irmán (da nosa irmá).

R. Pedímoscho, Señor.

Poñemos fin a esta nosa oración coa pregaria que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

III. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

Rezadas as preces, o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou con outras semellantes:

Dispoñámonos a lle da-lo noso derradeiro adeus ó irmán querido (á irmá querida). Este momento triste debe ser tamén, para cantos cremos en Xesús, un momento de esperanza firme; o ser querido que vai desaparecer de diante dos nosos ollos na terra, esperamos volvelo atopar, transformado, cando Deus, no remate dos tempos, nos axunte de novo a todos no seu Reino. Con esta esperanza, oremos un pouquiño en silencio por el (ela).

Oran todos un pouquiño en silencio. Depois, o que preside asperxe o ataúde con auga bendita en lembranza do seu bautismo. A continuación engade a seguinte oración:

Oremos.

Dono da vida e Señor dos que morreron,
lémbrete do noso irmán (da nosa irmá) N.,
que mentres viviu neste mundo
estivo bautizado (bautizada) na túa morte
e quedou asociado (asociada) á túa resurrección,
e que agora, confiando en ti,
deixou este mundo.
Cando voltes no derradeiro día,
na compañía dos teus anxos,
concédelle resucitar do sepulcro;
levántao (levántaa) do po da morte,
revísteo (revístea) de honor
e achégao (achégaa) á túa dereita,

para que, á par de ti,
teña a súa morada entre os santos e elixidos
e con eles louve a túa bondade
por sempre eternamente.

R. Amén.

Logo traza o sinal da cruz sobre o ataúde, dicindo:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

E engade:

V. Descanse en paz.

R. Amén.

Finalmente despide ós fieis coa fórmula habitual:

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

3. FORMULARIO COMÚN III

I. RECIBIMIENTO DO CADÁVER

O ministro empeza a celebración dicindo, mentres todos se santigan:

- V. No nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.
R. Amén.

Despois saúda a asemblea, dicindo:

- V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

A continuación diríxese ós fieis cunha pequena monición empregando as seguintes palabras ou outras semellantes:

Irmáns: Xuntámonos hoxe, nun momento especialmente triste e doloroso, en primeiro lugar para proclama-la nosa fe en que a vida non remata ó pé do sepulcro, e facémolo precisamente aquí, diante do cadáver do noso irmán (da nosa irmá). Tamén nos xuntamos para envolver co noso agarimo e coa nosa pregaría a uns amigos que están tristes pola morte desta persoa a quen tanto amaban. Finalmente, xuntámonos tamén para pedirlle a Deus que lle perdoe ó noso irmán (á nosa irmá) que acaba de morrer tódalas culpas que durante a súa vida cometeu. Que o Señor escoite as nosas pregarías e se compadeza ante as bágoas dos que choran.

Despois dun pequeno silencio, o que preside di:

Oremos.

Deus, noso Pai,
ti estás sempre disposto á misericordia e ó perdón.
Rogámosche polo noso irmán (pola nosa irmá) N.
a quen hoxe chamaches onda ti.
El (Ela) creu e esperou en ti;
concédelle agora chegar á patria verdadeira
e gozar contigo da alegría eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

- R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Non sexas severo no teu xuízo, Señor,
con este teu servidor (esta túa servidora), que acaba de deixarnos,
porque ningún home é inocente fronte a ti,
se ti mesmo non lle perdóas culpas;

pedímosche que escóite-las súplicas da túa Igrexa
 e que lle concedas un lugar entre os teus santos e elixidos,
 xa que nesta vida estivo marcado (marcada) co selo da Santa Trindade.
 Ti, noso Señor e Deus,
 que vives e reinas co Pai
 na unidade do Espírito Santo
 por sempre eternamente.

R. Amén.

II. PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Rezada a oración precedente, proclámase unha das seguintes lecturas bíblicas, a non ser que se prefira algunha das que figuran no Leccionario de defuntos.

Por Cristo todos revivirán

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

15,20-24a.25-27a

Irmáns:

Cristo resucitou dos mortos, como primicia dos que adormecen. Porque xa que por un home entrou a morte, tamén por un home chegou a resurrección dos mortos. Igual que todos morren por Adán, así tamén revivirán todos por Cristo. Pero cada un no seu intre: primeiro, Cristo; logo, no día da súa chegada, os que sexan de Cristo; despois será a fin, cando lle entregue o Reino a Deus Pai.

Porque é necesario que El reine ata que poña a tódolos seus inimigos por debaixo dos seus pés. A morte será o derradeiro inimigo destruído, porque todo o puxo por debaixo dos seus pés.

Palabra do Señor.

Ou ben:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Hoxe estarás comigo no paraíso

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

23,33.39-43

Cando os soldados chegaron ó lugar chamado “A Caveira”, crucificárono alí; e con el os dous bandidos: un á dereita e outro á esquerda del.

Un dos bandidos que estaban crucificados, tamén o aldraxaba:

-- “¿Non es ti o Mesías? Pois sálvate ti e sálvanos a nós.”

Pero contestoulle o outro, reprendéndoo:

-- “¿Seica non temes a Deus, ti que sófre-la mesma condena ca el? Nós, polo menos, recibímo-lo que merecemos, pero este non fixo mal ningún.”

E dicíalle:

-- “Xesús, lémbtrate de min cando volvas coma rei.”

Xesús respondeulle:

-- “Asegúroche que hoxe estarás comigo no paraíso.”

Palabra do Señor.

Cómpre que á lectura lle siga unha pequeniña homilía ou reflexión. Despois fanse as preces seguintes polo defunto e polos que o choran:

Lembremos con agarimo e con devoción, o noso irmán (a nosa irmá) N., a quen Deus chamou deste mundo, e recemos confiados a aquel que venceu a morte e que resucitou glorioso do sepulcro.

- Que Cristo, o Fillo de Deus, lle dea posesión do paraíso e, coma bo Pastor, o (a) recoñeza entre as súas ovellas, pidámosllo ó Señor.

R. Pedímoscho, Señor.

-Que lle perdoe os seus pecados e o (a) coloque á súa dereita no Reino dos escolleitos, pidámosllo ó Señor.

R. Pedímoscho, Señor.

-Que participe con el da felicidade eterna dos santos, pidámosllo ó Señor.

R. Pedímoscho, Señor.

-Que nós, os que agora chorámo-la súa morte, poidamos saír ó encontro de Cristo cando el volva, na compañía do noso irmán (da nosa irmá) que hoxe nos deixou, pidámosllo ó Señor.

R. Pedímoscho, Señor.

Poñamos fin á nosa oración coa pregaria que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

3. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

Rezadas as preces, o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou con outras semellantes:

Dentro de moi pouquiño, os familiares e amigos do noso irmán (da nosa irmá) cumprirán coma cristiáns co deber de enterra-lo corpo del (dela); oremos neste momento a Deus, para quen toda criatura vive, que admita a súa alma na asemblea dos santos e que no derradeiro día resucite, cheo de vigor e de gloria, este seu corpo que hoxe imos enterrar en debilidade.

Todos rezan un pouquiño en silencio. Despois, o que preside asperxe con respecto o ataúde con auga bendita en lembranza do seu bautismo. A continuación, engade a seguinte oración:

Oremos.

Señor Xesucristo, Redentor do xénero humano,
pedímosche que lle deas entrada no teu paraíso ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
que acaba de pecha-los ollos á luz deste mundo
e que os abriu para te contemplar a ti, Luz verdadeira;

líbrao (líbraa), Señor, da escuridade da morte
e fai que goce contigo da festa das vodas eternas;
que se alegre no teu Reino, a súa verdadeira patria,
onde non hai tristura nin morte,
onde todo é vida e ledicia sen fin,
e que contemple o teu rostro glorioso por sempre eternamente.

R. Amén.

Despois traza o sinal da cruz sobre o ataúde, dicindo:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

E engade:

V. Descanse en paz.

R. Amén.

Finalmente despide os fieis coa fórmula habitual:

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

4. FORMULARIO COMÚN IV

I. RECIBIMIENTO DO CADÁVER

O ministro empeza a celebración dicindo, mentres todos se santigan:

- V. No nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.
R. Amén.

Despois saúda a asemblea, dicindo:

- V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

A continuación diríxese ós fieis cunha pequena monición empregando as seguintes palabras ou outras semellantes:

Queridos irmáns: Neste momento todos sentímo-lo desexo de lles expresar ós nosos amigos, os familiares de N., o noso pésame máis sentido e o noso agarimo verdadeiramente sincero. Pero os que somos e nos sentimos cristiáns, ante a morte dun amigo (dunha amiga), non podemos limitarnos a este fermoso detalle de convivencia humana. A nosa presenza aquí, neste momento, tamén quere ser unha pregaría a Deus para que lle outorgue ó noso irmán (á nosa irmá) N. o perdón dos seus pecados e para que lle conceda ós seus familiares a firme esperanza de volver atopar onde Deus a aquela (aquela) por quen hoxe choran.

Despois dun pequeno silencio, o que preside di:

Oremos.

Señor noso Deus,
diante de quen viven os que están destinados á morte
e para quen os nosos corpos, ó morrer, non perecen,
senón que se transforman e adquieren unha vida mellor,
pedímosche humildemente
que acólla-la alma do teu servidor (da túa servidora) N.
e que a coloques onde a do noso pai Abrahán, o teu amigo,
para que poida resucitar con gloria no día grande do xuízo;
e, se en algo pecou contra ti durante esta vida,
que o teu amor misericordioso o (a) purifique e o (a) perdoe.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

- R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Señor, Pai santo, Deus todopoderoso e eterno,
 humildemente che suplicamos polo teu servidor (pola túa servidora) N.,
 a quen acabas de chamar deste mundo;
 dígñate levalo (levala) ó lugar de descanso, da luz e da paz,
 para que, franqueadas victoriosamente as portas da morte,
 habite cos teus santos no ceo,
 na luz que prometiches a Abrahán e á súa descendencia por sempre.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

II. PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

Rezada a oración precedente, proclámase unha das seguintes lecturas bíblicas, a non ser que se prefira botar man dalgunha das que figuran no Leccionario de defuntos.

Contamos cunha casa eterna no ceo

Lectura da segunda carta do apóstolo san Paulo ós Corintios

5,1.6-10

Irmáns:

Sabemos que, se a nosa morada terrestre -que vén ser coma unha tenda- se derrubase, contamos cunha edificación de Deus, unha casa eterna no ceo, non feita por mans de homes.

Así que estamos sempre cheos de ánimo por sabermos que, mentres o corpo sexa o noso domicilio, vivimos coma desterrados lonxe do Señor, e seguimos camiñando guiados pola fe, non polo que se ve. E con este ánimo, preferimos desterrarnos do corpo e habitar cerca do Señor. En todo caso, ora continuemos neste domicilio ora nos afastemos del, aneiamos agradarlle. Porque todos teremos que comparecer tal como somos perante o tribunal de Cristo, para que cada un recolla o seu merecido polo que teña feito mentres vivía no corpo: ben ou mal.

Palabra do Señor.

Ou ben:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Pai, nas túas mans entrego o meu espírito

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

23,44-49.50.52-53;24,1-6a

Chegado o mediodía, a escuridade cubriu a terra ata a media tarde. Pois houbo unha eclipse de sol. E o veo do Santuario rachou polo medio. Entón Xesús pegou un berro moi alto e dixo:

- “¡Meu Pai! Nas túas mans entrego o meu espírito.”

E dicindo isto, morreu.

O centurión, vendo o que pasaba, glorificou a Deus, dicindo:

-”Realmente este home era inocente”.

E toda a xente que acudira ó espectáculo, ó ve-lo que pasaba, volvía batendo no peito.

Os seus coñecidos seguían todo de lonxe, e igual as mulleres que o acompañaran desde Galilea.

Un home bo e honrado, chamado Xosé, que era conselleiro, presentouse a Pilato e pediulle o corpo de Xesús. Logo, despois de o baixar, envolveuno nunha saba e púxoo nun sepulcro cavado na rocha, que estaba sen estrear.

Á madrugada do primeiro día da semana foron ó sepulcro, levando os perfumes que tiñan preparados. Pero atoparon quitada a lousa, arredada do sepulcro. Entraron, e viron que o corpo do Señor non estaba alí. Entón, mentres estaban todas perplexas por aquilo, apareceron dous homes con vestidos resplandecentes. Cheas de medo, miraban para o chan; pero eles preguntaron:

-- “¿Por que buscades entre os mortos a quen está vivo? Non está aquí; resucitou.”

Palabra do Señor.

Cómpre que á lectura lle siga unha pequeniña homilía ou reflexión. Despois fanse as preces seguintes polo defunto e polos que choran por el:

Invoquemos agora con fe a Deus polo noso irmán (pola nosa irmá) e polos que choran diante da súa morte.

- Que perdoes benignamente os seus pecados.
- R. Pedímoscho, Señor.
- Que acépte-las súas boas obras.
- R. Pedímoscho, Señor.
- Que o (a) recibas na vida eterna.
- R. Pedímoscho, Señor.
- Que alivies co teu amor a dor da separación dos que choran por el (ela).
- R. Pedímoscho, Señor.

Poñamos fin á nosa oración coa pregaría que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

III. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

Rezadas as preces, o que preside diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou con outras semellantes:

Xa que Deus quixo chamar deste mundo ó noso irmán (á nosa irmá), agora os seus familiares van leva-lo seu corpo ó camposanto, para que volva á terra da que o sacaron. Pero, confiados en que Deus recibirá a súa alma entre os seus santos e escolleitos e en que un día transformará este seu corpo hoxe humillado a semellanza do corpo resucitado de Xesucristo, ímoslle rezar ó Señor.

Todos oran un pouquiño en silencio. Despois o que preside asperxe con respecto o ataúde con auga bendita en lembranza do seu bautismo. A continuación, engade a seguinte oración:

Oremos.

Pedímosche, Señor,
que o teu servidor (a túa servidora) N.,
que morreu xa para este mundo,
viva agora para ti
e que o teu amor misericordioso borre os pecados
que cometeu por fraxilidade humana.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

Logo traza o sinal da cruz sobre o ataúde, dicindo:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

E engade:

V. Descanse en paz.

R. Amén.

Finalmente despide os fieis cona fórmula habitual:

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

CAPÍTULO V

TEXTOS PROPIOS PARA A CELEBRACIÓN DE DETERMINADAS EXEQUIAS

1. NAS EXEQUIAS DO BISPO DIOCESANO (RESIDENCIAL OU EMERITO)

Faise todo como nas exequias dos demais fieis, pero adaptando oportunamente as monicións, engadindo a palabra bispo nas oracións que o requiran e tendo en conta as variacións seguintes:

I. ESTACIÓN NA CASA EPISCOPAL OU NA CAPELA ARDENTE

1. Se as exequias comezan na casa episcopal ou na capela ardente, nesta primeira estación pódese usar a seguinte oración propia, en lugar da que figura no Ritual:

Oremos.

Deus, que prometiches recompensar ó servidor fiel e solícito
posto á fronte da túa familia,
escoita as nosas súplicas
e abre as portas do teu Reino ó noso bispo N.,
que acaba de deixar este mundo:
que o reciban os anxos e os santos
e goce eternamente no teu Reino,
rodeado daqueles a quen el coidou
e que xa o precederon nas moradas eternas.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. ESTACIÓN NA IGREXA

2. Ó chegar a procesión á igrexa, colócase o cadáver do bispo de costas ó altar e de cara ó pobo; logo, acéndese o cirio pascual co mesmo rito que se usa para os demais fieis. A seguir, pódense colocar sobre o cadaleito a casula, a mitra, o báculo pastoral e o evanxeliario, mentres o celebrante di as fórmulas seguintes:

Mentres que se coloca a casula e a mitra:

Olla, Señor, con misericordia,
o teu servidor N., o noso bispo,
que, mentres nos presidía (presidía esta comunidade) no teu nome,
levaba esta vestidura e este ornamento de festa;
e concédelle que agora,
revestido de gloria na túa presenza,
disfrute ó teu abeiro eternamente,

na compañía dos teus santos.

Mentres que se coloca o seu báculo pastoral:

Que o noso bispo (o bispo desta igrexa),
que, ó coidar do pobo do Señor,
levaba este báculo, signo de pastor,
sexa recoñecido agora por Cristo, o supremo Pastor,
e reciba del o premio dos seus traballos pastorais
e a coroa perenne da gloria.

Mentres que se coloca o evanxeliario:

Que o noso bispo (o bispo desta Igrexa),
que consagrou a súa vida a anuncia-lo Evanxeo de Cristo,
goce agora contemplando, cara a cara,
aquela mesma verdade que,
cando vivía na luz limitada deste mundo,
albiscou na palabra de Deus
e predicou ós seus irmáns.

III. MISA EXEQUIAL

3. Dise a seguinte oración colecta:

Oremos.

Deus,
que puxeches á fronte desta familia túa o noso irmán N.,
para que, representando a Xesucristo,
presidise a asemblea do teu pobo,
e prometiches recompensa-lo servidor fiel e solícito,
escoita as nosas pregarías
e fai que, o que foi pastor da nosa (desta) Igrexa,
pase agora ó banquete festivo do seu Señor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben

Oremos.

Deus todopoderoso,
ti escollíche-lo teu servidor, o noso Bispo (o bispo desta Igrexa) N.,
para coida-la túa familia diocesana.
Concédelle recibi-la recompensa do seu traballo apostólico
entrando a participar para sempre no gozo do seu Señor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

2. NAS EXEQUIAS DUN BISPO QUE NON FOI O PASTOR PROPIO

Faise todo como nas exequias dos demais fieis, pero adaptando oportunamente as monicións, engadindo a palabra bispo nas oracións que o requiran e tendo presente as variacións seguintes:

I. ESTACIÓN NA CAPELA ARDENTE

1. Se as exequias se celebran segundo a forma típica (ou, alomenos, con dúas estacións), na primeira estación (na casa ou na capela ardente) pódese usar a seguinte oración propia, no lugar da que figura no Ritual:

Oremos.

Escoita, Señor, con piedade
as pregarías que che diriximos polo teu servidor o bispo N.,
a quen encomendáche-la misión de apacenta-los teus fieis;
e fai que, quen representou ó teu Fillo na asemblea do teu pobo,
sexa agora recoñecido polo Pastor supremo
e se alegre eternamente na asemblea dos santos.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. ESTACIÓN NA IGREXA

2. Na igrexa o cadáver do bispo colócase de costas ó altar e de cara ó pobo; logo, acéndese o cirio pascual co mesmo rito que se usa para os demais fieis. A seguir, pódense colocar sobre o cadaleito a casula, a mitra, o báculo e o evanxeliario, mentres o celebrante di as fórmulas seguintes:

Mentres que se coloca a casula e a mitra:

Olla, Señor, con misericordia, o teu servidor N.,
que, mentres presidía no teu nome a asemblea dos fieis,
levaba esta vestidura e este ornamento de festa;
e concédelle que agora,
revestido de gloria na túa presenza,
disfrute ó teu abeiro eternamente,
na compañía dos teus santos.

Mentres que se coloca o seu báculo pastoral:

Que este servidor teu, o bispo N.,
que, ó presidi-lo pobo de Xesucristo,
levaba este báculo, signo de pastor,
sexa recoñecido agora por Cristo, o supremo Pastor,
e reciba del o premio dos seus traballos pastorais

e a coroa perenne da gloria.

Mentres que se coloca o evanxeliario:

Que o teu servidor, señor, o bispo N.,
que tivo neste mundo a misión de anuncia-lo Evanxeo de Cristo,
goce agora contemplando, cara a cara,
aquela mesma verdade que,
cando vivía na luz limitada deste mundo,
albiscou na palabra de Deus
e predicou ós seus irmáns.

III. MISA EXEQUIAL

3. Dise a seguinte oración colecta:

Oremos.

Deus, noso Pai
ti escolliches coma bispo
ó teu servidor N.
e contárono así entre os sucesores dos apóstolos.
Concédelle tamén participar con eles
na gloria eterna do ceo.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

3. NAS EXEQUIAS DO PÁRROCO (RESIDENCIAL OU EMÉRITO)

Faise todo como nas exequias dos demais fieis, pero adaptando oportunamente as monicións, engadindo a palabra presbítero nas oracións que o requiran e tendo presente as variacións seguintes:

I. ESTACIÓN NA CAPELA ARDENTE

1. Se as exequias se celebran segundo a forma típica (ou, alomenos, con dúas estacións), na primeira estación (na casa ou na capela ardente) pódese usar a seguinte oración propia, en lugar da que figura no Ritual:

Oremos.

Escoita, Señor, con piedade,
as pregarías que che diriximos polo teu servidor, o presbítero N.,
a quen encomendáche-la misión de apacentar esta comunidade,
e fai que, quen representou entre nós ó teu Fillo,
sexa agora recoñecido polo Pastor supremo
e se alegre eternamente entre aqueles a quen el coidou
e que o precederon xa nas moradas eternas.

Por Cristo, noso Señor.
R. Amén.

II. ESTACIÓN NA IGREXA

2. Na igrexa, o cadáver do párroco colócase de costas ó altar e de cara ó pobo; logo, acéndese o cirio pascual co mesmo rito que se usa para os demais fieis. A seguir, poden colocarse sobre o cadaleito a casula, a estola e o evanxeliario, mentres o celebrante di as fórmulas seguintes:

Mentres que se coloca a casula e a estola:

Olla, Señor, con misericordia, o teu servidor N.,
que, mentres presidía no teu nome a asemblea dos fieis,
levaba estas vestiduras de festa;
concédelle que agora,
revestido de gloria na túa presenza,
disfrute ó teu abeiro eternamente,
na compañía dos teus santos.

Mentres que se coloca o evanxeliario:

Que o noso párroco, Señor, o presbítero N.,
que tivo neste mundo a misión de anuncia-lo Evanxeo de Cristo,
goce agora contemplando, cara a cara,
aquela mesma verdade que,
xa cando vivía na luz limitada deste mundo,
albiscou na palabra de Deus
e nos predicou con celo.

III. MISA EXEQUIAL

3. Dise a seguinte oración colecta:

Oremos.

Deus,
que puxeches á fronte desta familia túa o noso irmán N., presbítero,
para que, representando a Xesucristo,
presidira esta comunidade parroquial,
e prometiches recompensa-lo servidor fiel e solícito,
escoita as nosas pregarías e fai que,
o que foi o noso pastor neste mundo,
pase agora ó banquete festivo do seu Señor.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Pedímosche, Señor, que o teu servidor N., presbítero,
a quen durante a súa vida encomendaches
exerce-lo ministerio sagrado entre nós,
chegue agora a gozar eternamente da túa gloria
entre aqueles a quen el coidou neste mundo
e que o precederon xa no teu Reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

4. NAS EXEQUIAS DUN PRESBÍTERO

Faise todo como nas exequias dos demais fieis, pero adaptando oportunamente as monicións, engadindo a palabra presbítero nas oracións que o requiran e tendo presente as variacións seguintes:

I. ESTACIÓN NA CAPELA ARDENTE

1. Se as exequias se celebran segundo a forma típica (ou, alomenos, con dúas estacións), na primeira estación (na casa ou na capela ardente) pódese usar a seguinte oración propia, en lugar da que figura no Ritual:

Oremos.

Escoita, Señor, con piedade,
as pregarías que che diriximos polo teu servidor, o presbítero N.,
a quen encomendáche-la misión de apacenta-los teus fieis,
e fai que, quen representou ó teu Fillo na asemblea do teu pobo,
sexa agora recoñecido polo Pastor supremo
e se alegre eternamente na asemblea dos santos.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. ESTACIÓN NA IGREXA

2. Na igrexa, o cadáver do presbítero colócase de costas ó altar e de cara ó pobo; logo, acéndese o cirio pascual co mesmo rito que se usa para os demais fieis. A seguir, pódense colocar sobre o cadaleito a casula, a estola e o evanxeliario, mentres o celebrante di as fórmulas seguintes:

Mentres que se coloca a casula e a estola:

Olla, Señor, con misericordia, o teu servidor N.,
que, mentres presidía no teu nome a asemblea dos fieis,
levaba estas vestiduras de festa;
concédelle que agora,

revestido de gloria na túa presenza,
disfrute ó teu abeiro eternamente,
na compañía dos teus santos.

Mentres que se coloca o evanxeliario:

Que o presbítero N.,
que tivo neste mundo a misión de anuncia-lo Evanxeo de Cristo,
goce agora contemplando, cara a cara,
aquela mesma verdade que,
xa cando vivía na luz limitada deste mundo,
albiscou na palabra de Deus
e nos predicou con celo.

III. MISA EXEQUIAL

3. Dise a seguinte oración colecta:

Oremos.

Deus,
pastor inmortal dos homes,
concédelle ó teu servidor N., presbítero,
que poida gozar eternamente no ceo
da gracia e do perdón que el administrou na terra.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Pedímosche, Señor, que o teu servidor N., presbítero,
a quen durante a súa vida encomendaches
exerce-lo ministerio sagrado en ben da túa Igrexa,
chegue agora a gozar eternamente da túa gloria
na asemblea festiva do teu Reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

5. NAS EXEQUIAS DUN DIÁCONO

Faise todo como nas exequias dos demais fieis, pero adaptando oportunamente as monicións, engadindo a palabra diácono nas oracións que o requiran e tendo presente as variacións seguintes:

I. ESTACIÓN NA CAPELA ARDENTE

1. Se as exequias se celebran segundo a forma típica (ou, alomenos, con dúas estacións), na primeira estación (na casa ou na capela ardente) pódese usar a seguinte oración propia, en lugar da que figura no Ritual:

Oremos.

Deus de misericordia,
 ti quixeches que o teu servidor N.
 servise coma diácono na túa Igrexa.
 Rogámosche lle concedas agora
 participar na felicidade do teu Reino.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. ESTACIÓN NA IGREXA

2. Na igrexa, o cadáver do diácono colócase de costas ó altar e de cara ó pobo; logo, acéndese o cirio pascual co mesmo rito que se usa para os demais fieis. Despois, pódense colocar sobre o cadaleito a dalmática, a estola e o evanxeliario, mentres o celebrante di as fórmulas seguintes:

Mentres que se coloca a dalmática e a estola:

Olla, Señor, con misericordia, o teu servidor N.,
 que, mentres servía á túa Igrexa,
 levaba estas vestiduras de festa;
 e concédelle que agora,
 revestido de gloria na túa presenza,
 disfrute ó teu abeiro eternamente, na compañía dos teus santos.

Mentres que se coloca o evanxeliario:

Que o diácono N.,
 que tivo neste mundo a misión de proclama-lo Evanxeo de Cristo,
 goce agora contemplando, cara a cara,
 aquela mesma verdade que,
 cando vivía neste mundo,
 anunciou solemnemente ós seus irmáns.

III. MISA EXEQUIAL

3. Dise a seguinte oración colecta:

Oremos.

Acolle, Señor, no Reino celestial o noso irmán N.,
 a quen neste mundo consagraches para o servizo diaconal
 e agora acabas de chamar á túa presenza;

ti que prometiches que quen seguise ó teu Fillo e o servise
 había estar con El no seu Reino,
 fai que quen, durante a súa vida,
 serviu o altar e o pobo elixido,
 reciba agora, na gloria de Cristo, o premio prometido.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Pedímosche, Señor, que o teu servidor N., diácono,
 a quen durante a súa vida encomendaches
 exerce-lo ministerio sagrado en ben da túa Igrexa,
 chegue agora a gozar eternamente da túa gloria
 na asemblea festiva do teu Reino.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

6. NAS EXEQUIAS DUN RELIXIOSO LAICO

Faise todo como nas exequias dos demais fieis, pero pódense cambia-las seguintes oracións:

I. ESTACIÓN NA CAPELA ARDENTE

1. Se as exequias se celebran segundo a forma típica (ou, alomenos, con dúas estacións), na primeira estación (na casa ou na capela ardente) pódese usar a seguinte oración propia, en lugar da que figura no Ritual:

Oremos.

Señor Xesucristo,
 que quixeches que o noso irmán, N. fose,
 no medio do teu pobo,
 signo e fermento do Reino que ha de vir,
 lembra o seu ardente desexo de servirte con corazón indiviso
 e colócao agora entre os servidores fieis,
 que esperaron velando a chegada do seu Señor.
 Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.

R. Amén.

II. MISA EXEQUIAL

2. Dise a seguinte oración colecta:

Oremos.

Señor,
 ti que lle deches ó noso irmán N.
 a vocación de imitar, neste mundo,
 a vida obediente, casta e pobre de Cristo,
 a fin de que fixese presente, xa na terra, a vida do mundo futuro
 e, coa súa maneira de vivir, preanunciase a resurrección que esperamos,
 non lémbre-las súas infidelidades nin as súas faltas,
 senón ten só presente a confianza que tivo en ti
 e os seus xenerosos propósitos de se entregar ó teu servizo;
 e concédelle, por enriba dos seus merecementos,
 aquel premio que prometiches
 ós que deixasen todo para segui-lo teu fillo Xesucristo.
 El, que vive e reina contigo
 na unidade do Espírito Santo
 por sempre eternamente.

R. Amén.

Ou ben

Oremos.

Deus todopoderoso,
 por amor a Cristo, o teu servidor N.
 escolleu o camiño da perfección
 na vida relixiosa.
 Concédelle poderse alegrar
 no retorno glorioso do teu Fillo
 e disfrutar, xunto cos seus irmáns,
 da eterna felicidade do teu Reino.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

7. NAS EXEQUIAS DUNHA RELIXIOSA

Faise todo como nas exequias dos demais fieis, pero pódense cambia-las seguintes oracións:

I. ESTACIÓN NA CAPELA ARDENTE

1. Se as exequias se celebran segundo a forma típica (ou, alomenos, con dúas estacións), na primeira estación (na casa ou na capela ardente) pódese usar a seguinte oración propia, en lugar da que figura no Ritual:

Oremos.

Pedímosche, Deus todopoderoso,
 pola túa filla N.,

que, na súa entrega total a Xesucristo,
seguiu o vieiro do amor perfecto;
fai que poida agora contemplar, chea de gozo,
a manifestación da túa gloria
e disfrutar,
xunto ás súas irmás que a precederon,
a eterna felicidade do teu Reino.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. MISA EXEQUIAL

2. Dise a seguinte oración colecta:

Oremos.

Señor Xesucristo, Esposo da Igrexa,
que concediches á nosa irmá N.,
mentres vivía neste mundo,
o don precioso da virxindade,
escoita as nosas súplicas
e concedelle á túa servidora,
que, obediente á túa voz, deixou xa este mundo,
gozar na festa das túas vodas eternas.
Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Olla, Señor, con ollos de misericordia,
a túa servidora N.,
que acaba de saír deste mundo;
e, xa que tivo o ardente desexo
de servirte con corazón indiviso,
colócaa agora no coro das virxes prudentes,
que esperaron a túa chegada coas lámpadas acesas.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

CAPÍTULO VI

CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS EN CASOS EXTRAORDINARIOS

1. CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS DE VARIOS DEFUNTOS EN CASO DE ACCIDENTE PUBLICO

Nas exequias por varios defuntos en caso de accidente público, a celebración acostuma desenrolarse ou ben trasladando os cadáveres da capela ardente á igrexa ou ben toda ela na mesma igrexa. Se nalgún caso - nas parroquias rurais, especialmente - a celebración se desenrolara na súa forma típica, para a procesión e para a celebración no cemiterio usaríanse os elementos que figuran nos formularios comúns deste ritual.

* Se a celebración se comeza na capela ardente:

I. ESTACIÓN NA CAPELA ARDENTE

1. O ministro saúda os presentes, dicindo:

V. O Señor estea convosco.

R. E contigo tamén.

Logo, continúa a celebración coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Queridos irmáns: Neste momento de dor tan intensa e no medio do desconcerto que a todos nos produce a desgracia que tan inesperadamente caeu sobre nós, intentemos eleva-los nosos ollos a Deus para atopar acougo na oración e resposta á nosa dor na palabra de Deus. Unicamente esta palabra pode proxectar unha raiola de luz sobre a escuridade da proba que estamos vivindo e alumea-lo misterio, ós nosos ollos incomprendible, de como Deus permitiu que unha desgracia tan grande caera sobre nós.

Neste momento ningunha palabra humana abonda para mitiga-la nosa dor. Por este motivo, debemos eleva-los nosos ollos ó Señor e dirixirnos a el cos sentimentos de esperanza que saían do corazón de Paulo: “Bendito sexa Deus, Pai do noso Señor Xesucristo, Pai da misericordia e Deus do consolo: El é o noso conforto en toda tribulación.”

1 bis. De seguida, pódese recitar, sen canto, o salmo 129 ou outro salmo axeitado do Cantoral. Os fieis poden intercala-la seguinte antifona:

Ant. A miña alma espera no Señor.

Salmo 129

Desde os abismos clamo a ti, Señor;
Señor, escoita a miña voz.

Ten atentos os oídos
á voz da miña súplica.

Se levas conta dos pecados, Señor,
Señor, ¿quen poderá terse en pé?
Mais en ti está o perdón,
para te faceres respectar.

Eu espero no Señor,
a miña alma espera na súa palabra;
a miña alma agarda ó Señor,
máis do que os vixías a aurora.

Agarde Israel ó Señor,
máis do que os vixías a aurora,
pois do Señor vén a misericordia,
e nel a redención é cumprida.
El é quen redime a Israel
de tódolos pecados.

Ant. A miña alma espera no Señor.

2. Despois do saúdo inicial (ou do salmo), engádese a seguinte oración:

Oremos.

Desde os abismos da nosa dor
chamamos por ti, Señor.
Abre ben os teus oídos
ó clamor da nosa súplica
e que os teus ollos se compadezan
ante as bagoas dos que choran;
móstralle-la túa redención cumprida
a estes irmáns nosos
que tan inesperadamente acabas de chamar deste mundo,
e a nós que quedamos abraiados pola súa tráxica morte,
axúdaos a espera-la túa misericordia,
máis do que os vixías esperan pola aurora.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

II. PROCESIÓN Á IGREXA

3. De seguido, organízase a procesión cara á igrexa. Durante esta procesión, se a celebración é cantada, entóase o salmo 113 coa súa antífona (p.***); se a celebración é rezada, o pobo ora polos defuntos ou entóase algún canto popular axeitado. Se o camiño é moi longo ou o

pobo non canta, pódese usar para a oración polo defunto a seguinte ladaíña.

- Ti que libráche-lo teu pobo da escravitude de Exipto:
- R. Recibe os teus servidores no paraíso.
- Ti que lles separáche-las augas do mar Vermello ós israelitas que camiñaban cara a liberdade prometida:
- R. Recibe os teus servidores no paraíso.
Ti que fúche-lo santuario e a forza de Israel durante a súa peregrinación polo deserto:
- R. Recibe os teus servidores no paraíso.
Ti que transformáche-los penedos do deserto en nacentes de auga viva:
- R. Recibe os teus servidores no paraíso.
Ti que lles deches en herdanza ó teu pobo unha terra que manaba leite e mel:
- R. Recibe os teus servidores no paraíso.
Ti que quixeches que o teu Fillo consumase na súa persoa a antiga Pascua de Israel:
- R. Recibe os teus servidores no paraíso.
Ti que, pola morte de Xesús, ilumina-las tebras da nosa morte:
- R. Recibe os teus servidores no paraíso.
Ti que, na resurrección de Xesucristo, inauguráche-la vida nova dos que morreron:
- R. Recibe os teus servidores no paraíso.
Ti que, na ascensión de Xesucristo, quixeches que o teu pobo albiscase a súa entrada na terra de promisión definitiva:
- R. Recibe os teus servidores no paraíso.
Ti que es auxilio e escudo de cantos confían en ti:
- R. Recibe os teus servidores no paraíso.
Ti que non queres que louven o teu nome os mortos nin os que baixan á perdición, senón os que viven pra ti:
- R. Recibe os teus servidores no paraíso.

Ó chegar á igrexa, colócanse os cadáveres diante do altar e, se é posible, ponse cabo deles o cirio pascual. Logo, o celebrante pode acende-lo cirio pascual e segue o rito como se indica na páxina NO NÚM. 4

* Se as exequias se celebran integramente na igrexa:

Ibis. RECIBIMIENTO DOS DEFUNTOS NO ADRO DA IGREXA

Ibis. O ministro recibe no adro os cadáveres e saúda os familiares dos defuntos coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Benqueridos familiares (e amigos): Neste momento en que a (inesperada) morte dos nosos irmáns nos sume nunha dor ó límite do desconcerto, facede un esforzo para elevar con fe a vosa mirada a Deus, lembrando as palabras de Xesús, que nos di: “Vinde a min tódolos que estades cansos e abatidos, e eu vos aliviarei”. Si, elevade a vosa ollada ó Señor, “contempládeo - como di o salmo -, e - mesmo na escuridade deste momento de bágoas - ficaredes radiantes”, xa que, como engade o mesmo salmista: “Se o aflixido invoca o Señor, el escóitao e sálvalo das súas angurias”. Que Deus, Pai de todo consolo,

vos conforte nesta grande tribulación.

2bis. De seguida, lévanse os cadáveres á igrexa e póñense diante do altar, colocando, se é posible, cabo deles o cirio pascual. Situados os familiares dos defuntos nos seus lugares, o ministro saúda a asemblea dicindo:

V. O Señor estea convosco.
R. E contigo tamén.

Irmáns: ante a trágica morte destes irmáns nosos, sentímonos abraiados e non sabemos atopar palabras para explica-la súa partida deste mundo. Desconcertados fronte a este feito, non podemos, sen embargo, desesperarnos, porque neste momento doloroso vén na nosa axuda a fe cristiá; ela asegúranos que a vida dos nosos irmáns non rematou con esta morte que contemplan os nosos ollos; cremos que seguen vivindo nunha dimensión certamente distinta e agora para nós incompreensible, pero non por iso menos real e verdadeira.

Agora non podemos comprende-lo misterioso designio de Deus, segundo o cal nos vemos privados da presenza visible dos nosos seres queridos; pero, fronte á súa morte, queremos inclinarnos diante da poderosa man de Deus, descargando nel o noso abatemento e confiando no seu amor de Pai; o Señor, ó seu tempo, enxugará as bágoas dos nosos ollos e fará desaparecer a morte para sempre.

Oremos, logo, ó Señor, durante esta celebración, polo descanso dos nosos irmáns e supliquémolle tamén que lles dea ós seus familiares e a cantos agora se ven desmoralizados por estas inesperadas mortes aqueles mesmos sentimentos de fortaleza e de esperanza que tivo a Virxe María ante a morte violenta do seu Fillo. Que ela, Nai de misericordia, que experimentou as bágoas e a dor na morte do seu Fillo, interceda por cantos choran agora neste val de lágrimas.

III. MISA EXEQUIAL OU LITURXIA DA PALABRA

4. Colocados os cadáveres no seu lugar (e feito o saúdo inicial, se o rito comezou no adro da igrexa), o celebrante pode acende-lo cirio pascual, oportunamente colocado a carón dos cadáveres, dicindo a seguinte fórmula:

Onda os corpos, agora sen vida, dos nosos irmáns,
acendemos, Cristo Xesús, esta chama,
símbolo do teu corpo glorioso e resucitado;
que o resplendor desta luz ilumine as nosas tebras
e alumee o noso camiño de esperanza,
ata que cheguemos a ti, Claridade eterna,
que vives e reinas inmortal e glorioso,
por sempre eternamente.

R. Amén.

Se a celebración é cantada, pódese entoar un canto axeitado.

5. Rematados estes ritos iniciais (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o **Señor, ten piedade**), dise a oración colecta:

Oremos.

Escoita, Señor, as súplicas do teu pobo,
enchoupadas nas bágoas da dor
en que nos mergulla a trágica morte dos nosos irmáns,
e fai que gocen xa para sempre
da luz daquela patria
á que endexamais ningún mal poderá escurecer.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Señor, noso Pai,
que tes nas túas mans a vida dos homes
e que a cadaquén lle sinála-lo número dos seus días,
escoita misericordioso a oración da túa Igrexa
e amósate propicio cos teus servidores,
que tan inesperadamente acabas de chamar desta vida;
non lles teñas en conta as culpas e pecados
e admíteos na ledicia eterna do teu Reino.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

6. A celebración prosegue coma sempre, coa Liturxia da Palabra.

7. Despois da homilía faise, como adoito a oración universal, co seguinte formulario ou outro parecido:

Oración universal

Acudamos ó Pai da misericordia e Deus de todo consolo e pidámoslle que volva os seus ollos cara a nós, os seus servidores, que choramos a trágica e inesperada morte daqueles a quen tanto amamos.

- Polos nosos irmáns, arrancados tan inesperadamente da nosa convivencia terrea; para que o Señor os acolla no seu Reino de benestar, roguémoslle ó Señor.
- Para que Deus lles perdoe tódolos pecados e lles premie as boas obras, roguémoslle ó Señor.
- Polos seus parentes, que sofren a grande proba da súa imprevista morte e trágica desaparición; para que atopen na fe a fortaleza necesaria para superaren esta gran pena, roguémoslle ó Señor.
- Para que as bágoas e sufrimentos se transformen un día naquel gozo que ninguén lle poderá endexamais tirar, roguémoslle ó Señor.

-Para que a tódolos que choran ante esta desgracia lles sirva de alivio a comunión fraterna e a solidariedade cristiá de cantos nos xuntamos aquí para os acompañarmos, roguémoslle ó Señor.

-Para que o Señor, que contempla como a dor nos desconcerta e como é débil a nosa fe, nos axude a acepta-lo misterioso designio da súa vontade tal como se realizou nos nosos irmáns mortos e como se cumprirá tamén en cada un de nós cando a el lle praza, roguémoslle ó Señor.

* Se nas exequias se celebra a Misa, a oración universal conclúe co seguinte colecta:

Deus, Pai bo e xusto,
 inclinándonos humildemente diante do misterio
 duns designios que non comprendemos,
 pedímosche que escóite-las nosas pregarías,
 que ilumíne-las tebras en que nos envolve a nosa dor
 e que lles concedas ós nosos irmáns
 vivir eternamente contigo na felicidade do teu Reino.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén

* Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa oración acatando a vontade divina e repetindo a pregaría que nos ensinou o mesmo Xesucristo: Noso Pai...

* Se se celebra a Misa, esta prosegue, como de costume, ata a oración despois da comunión.

IV. DERRADEIRO ADEUS ÓS CORPOS DOS DEFUNTOS

8. Dita a oración despois da comunión e omitida a bendición (ou, se non se celebrou a Misa, acabada a oración dos fieis), procédese ó rito do derradeiro adeus ós corpos dos defuntos. O que preside, colocado ó carón dos cadaleitos, diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Chegou o momento de da-lo derradeiro adeus ós nosos irmáns, o momento no que os seus corpos van desaparecer de diante dos nosos ollos para voltaren á terra nai. Trátase, por certo, dun momento de intensa tristura. Pero debe ser tamén un momento de firme esperanza, porque confiamos en que estes nosos seres queridos, que agora desaparecen dos nosos ollos, volverémolos atopar, transformados, cando Deus, no remate dos tempos, nos xunte a todos no seu Reino. Con esta esperanza, oremos agora uns momentos en silencio, lembrando o que con eles vivimos neste mundo, o que representaron para nós, o que eles foron e son ante Deus.

Oran todos uns momentos en silencio. Logo, o que preside continúa dicindo:

Imos agora asperxe-los cadáveres dos nosos irmáns con auga bendita. Deste xeito, neste intre en que imos sepulta-los seus corpos, evocarémo-lo bautismo polo que, no comezo

das súas vidas, quedaron xa incorporados á morte e resurrección de Cristo. Porque, “así como Cristo resucitou de entre os mortos, así tamén os bautizados andamos nunha vida nova”. Polo tanto, asperxer estes cadáveres con auga semellante á do bautismo é profesa-la nosa fe en que, da mesma forma que o símbolo de morte e sepultura do bautismo tornouse realidade visible nestes corpos, así tamén se ha volver visible o signo da resurrección.

9. Despois, o que preside asperxe, pausadamente e con respecto, os corpos dos defuntos; logo, pon incenso, bendíu e perfuma os cadáveres con incenso. Mentres tanto, entóase o canto do derradeiro adeus ou ben un dos ministros recita as seguintes invocacións, as que o pobo responde : **Señor, ten piedade de nós**, ou ben; **Kyrie, eléison**.

Invocacións

- Que os nosos irmáns vivan eternamente en paz xunto a ti.
 R. Señor, ten piedade de nós. (Kyrie, eléison.)
 Que participen contigo da felicidade eterna dos santos.
 R. Señor, ten piedade de nós. (Kyrie, eléison.)
 Que contemplan o teu rostro glorioso e teñan parte na alegría sen fin.
 R. Señor, ten piedade de nós. (Kyrie, eléison.)
 Cristo, acólleos onda ti con tódolos que nos precederon.
 R. Señor, ten piedade de nós. (Kyrie, eléison.)

10. Despois, o que preside engade a seguinte oración:

Oremos.

Ó amparo da túa man, Pai de bondade,
 encomendámo-las almas dos nosos irmáns,
 coa firme esperanza de que resucitarán no derradeiro día,
 con tódolos que morreron en Cristo.

Dámosche gracias por tódolos dons
 que lles concediches ó longo dos seus días;
 neles recoñecemos un signo do teu amor e da comunión dos santos.

Deus da misericordia,
 acolle as oracións

que che presentamos por estes nosos irmáns
 que acaban de deixarnos e ábrelle-las portas da túa casa.

Ós seus familiares e amigos, e a todos nós,
 concédenos sabernos consolar con palabras de fe,
 ata que tamén nos chegue a hora
 de nos volvermos xuntar con eles, ó teu carón,
 no gozo de teu Reino eterno.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

11. Mentres se sacan os corpos da igrexa, recítase o salmo 117, no que se pode ir intercalando a antífona **Se morremos con Cristo, viviremos con el.**

Ant. Se morremos con Cristo, viviremos con el.

Salmo 117

Loade o Señor, porque é bo,
 porque é para sempre a súa misericordia.
 Que o diga a casa de Israel:
 é para sempre a súa misericordia.

Que o diga a casa de Aharón:
 é para sempre a súa misericordia.
 que o digan os que temen o Señor:
 é para sempre a súa misericordia.

No apreto invoquei o Señor,
 e o Señor escoitoume e deume folgura.
 O Señor está comigo: nada temo;
 ¿que poden facerme os homes?
 O Señor está comigo, El é quen me axuda:
 verei os meus inimigos en desfeita.

Máis vale abeirarse no Señor
 que fiarse dos homes.
 Máis vale abeirarse no Señor
 que fiarse dos grandes.

Rodeábame un fato de pobos,
 e no nome do Señor aniquileinos;
 rodeábanme, puxéranme cerco,
 e no nome do Señor aniquileinos;
 rodeábanme coma abellas,
 ardían coma lume en espiños,
 e no nome do Señor aniquileinos.

Empurraban e empurraban para tirarme,
 pero o Señor axudoume.
 A miña forza e o meu cántico é o Señor,
 El é a miña salvación.

Hai un clamor de gozo e de victoria
 nas tendas dos xustos:
 a destra do Señor fixo proezas,
 a destra do Señor é excelsa,

a destra do Señor fixo proezas.

Non hei morrer, vou vivir,
e pregoa-los feitos do Señor.
Castigoume o Señor, castigoume,
mais non me entregou á morte.

Abrídeme as portas da victoria:
quero entrar para darlle gracias ó Señor.
Esta é a porta do Señor:
os xustos entran por ela.
Douche gracias, porque me escoitaches,
por teres sido a miña salvación.

A pedra que os canteiros desbotaran,
esa mesma converteuse en esquinal.
Foi o Señor quen o fixo,
unha marabilla á nosa vista.

É este o día no que o Señor actuou:
alegrémonos nel e relouquemos.
¡Señor, dáno-la salvación!
¡Señor, dános prosperidade!

Bendito o que vén no nome do Señor:
desde a casa do Señor bendicímosvos.
O Señor é Deus: El dáno-la luz.

Dispoñede unha procesión con ramos
ata a beira do altar.
Ti e-lo meu Deus, veño darche gracias;
meu Deus, veño enxalzarte.
Loade o Señor, porque é bo
porque é para sempre a súa misericordia.

Ant. Se morremos con Cristo, viviremos con el.

12. Colocados os corpos nos carros mortuorios, o que preside engade:

Que o Señor lles abra as portas do triunfo ós nosos irmáns,
para que, rematado o duro combate da súa vida mortal
entren coma vencedores polas portas dos xustos
e nas súas tendas entoen cantos de victoria
por sempre eternamente.

R. Amén.

E a todos nós nos dea a certeza
de que non están mortos, senón que dormen,

de que non perderon a vida, senón que repousan,
porque chamaron por eles á vida eterna
por sempre eternamente.

R. Amén.

13. O que preside remata a celebración dicindo:

V. Dálles, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre eles a luz eterna.

V Descansen en paz.

R. Amén

V. E as súas almas e as almas de tódolos fieis defuntos,
pola misericordia de Deus, descansen en paz.

R. Amén.

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle grazas a Deus.

2. CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS DUN DEFUNTO NON PRACTICANTE CANDO A FAMILIA PIDE A CELEBRACIÓN CRISTIÁ DO ENTERRO

1. Este rito de exequias úsase para aqueles defuntos que na súa vida foron notablemente non practicantes, mais a súa familia cristiá desexa o consolo das exequias eclesiais.
2. Neste caso, sen entrar a facer un xuízo do que foi o defunto ante Deus, a veracidade do rito esixe que se eviten tódalas expresións das oracións litúrxicas do enterro que aluden á fe e á esperanza cristiá do defunto.
3. As fórmulas litúrxicas que figuran neste formulario céntranse, por iso, en encomenda-lo defunto á piedade de Deus, Pai bondadoso de todos, e a orar polos familiares que choran pola morte do ser querido.
4. Este rito preséntase na forma simplificada, que é a máis frecuente, sobre todo cando se trata de defuntos non practicantes. Con todo, se nalgún caso (sobre todo en parroquias de zonas rurais) estas exequias deberan celebrarse na forma típica, as fórmulas que aquí se ofrecen poden adaptarse con facilidade ós esquemas máis amplos que figuran neste ritual.

I. RECIBIMENTO DO DEFUNTO NO ADRO DA IGREXA

1. O ministro, xunto á porta da igrexa, saúda os familiares do defunto coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Queridos familiares (e amigos): Nestes momentos de dor que vos trae a morte do voso querido (da vosa querida) N., con quen convivistes longos anos e a quen tanto amabades, a Igrexa recíbevos con sentimentos de compaixón e quixera reanimar e enfortece-la vosa esperanza na bondade sen límites de Deus, o voso Pai: “Confíade en Deus, que El vos axudará.”

2. De seguida, o cadáver introdúcese na igrexa e ponse ante o altar, colocando, se é posible o cirio pascual onda el. Situados os familiares do defunto nos seus lugares, o ministro saúda a asemblea, dicindo:

- V. O Señor estea convosco.
R. E contigo tamén.

Logo, diríxese ós fieis reunidos na igrexa coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Benqueridos irmáns: Xuntámonos aquí hoxe, nun momento especialmente triste, sobre todo para os familiares de N., en primeiro lugar para confesarmos, diante do cadáver dunha persoa amada, a nosa fe cristiá en que a vida non remata na sepultura. E tamén para agarimar co noso afecto e a nosa pregaría uns amigos que están tristes pola morte daquel (daquela) a quen tanto amaban. E, finalmente, para orar polo noso irmán (pola

nosa irmá) e colocalo (colocala) confiadamente nas mans de Deus Pai, o único que pode xulga-lo interior do home e que non quere a morte do pecador, senón que se converta e viva, e nas mans do seu Fillo Xesucristo que morreu non polos xustos, senón polos pecadores. Que o Señor escoite as nosas súplicas, se compadeza do noso irmán (da nosa irmá) e dea o seu consolo ós que choran por el (ela).

2 bis. O que preside pode acender neste momento o cirio pascual, dicindo a seguinte fórmula:

Onda o corpo, agora sen vida,
do noso irmán (da nosa irmá) N.,
acendemos, Cristo Xesús, esta chama,
símbolo do teu corpo glorioso e resucitado;
que o resplandor desta luz ilumine as nosas tebras
e alumee o noso camiño de esperanza,
ata que cheguemos a ti, Claridade eterna,
que vives e reinas, inmortal e glorioso
por sempre eternamente.

R. Amén.

3. Logo, rézase a seguinte ladaíña polo defunto:

Ladaíña polo defunto

- Ti que libráche-lo teu pobo da escravitude de Exipto:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que lles separáche-las augas do mar Vermello ós israelitas
que camiñaban cara a liberdade prometida:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que fúche-lo santuario e a forza de Israel
durante a súa peregrinación polo deserto:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que transformáche-los penedos do deserto
en nacentes de auga viva:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que lle deches en herdanza ó teu pobo
unha terra que manaba leite e mel:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que quixeches que o teu Fillo
consumase na súa persoa a antiga Pascua de Israel:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que, pola morte de Xesús,
ilumína-las tebras da nosa morte:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que, na resurrección de Xesucristo,

- inauguráche-la vida nova dos que morreron:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que, na ascensión de Xesucristo,
quixeches que o teu pobo albiscase a súa entrada
na terra de promisión definitiva:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que es auxilio e escudo de cantos confían en ti:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que non queres que louven o teu nome
os mortos nin os que baixan á perdición,
senón os que viven para ti:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.

En lugar das ladaíñas precedentes, pódese ler tamén o salmo 113 (páx. ***), no que o pobo pode ir intercalando a antífona **Benia os que moren no Señor**.

II. MISA EXEQUIAL OU LITURXIA DA PALABRA

4. Rematadas as ladaíñas (u o salmo 113) (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o **Señor, ten piedade de nós**), dise a oración colecta:

Oremos.

Deus, noso Pai,
ti estás sempre disposto á misericordia e ó perdón.
Rogámosche polo noso irmán (pola nosa irmá) N.
a quen hoxe chamaches onda ti.
El (Ela) creu e esperou en ti;
concédelle agora chegar á patria verdadeira
e gozar contigo da alegría eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

- R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Non sexas severo no teu xuízo, Señor,
con este teu servidor (esta túa servidora), que acaba de deixarnos,
porque ningún home é inocente fronte a ti,
se ti mesmo non lle perdóa-las culpas;
pedímosche que escóite-las súplicas da túa Igrexa
e que lle concedas un lugar entre os teus santos e elixidos,
xa que nesta vida estivo marcado (marcada) co selo da Santa Trindade.
Ti, noso Señor e Deus,
que vives e reinas co Pai
na unidade do Espírito Santo
por sempre eternamente.

R. Amén.

A celebración prosegue, coma sempre, coa Liturxia da Palabra.

5. Despois da homilía, faise, como habitualmente, a oración universal, co seguinte formulario ou outro parecido:

Oración universal

Oremos a Deus, Pai de todos, polo noso irmán defunto (a nosa irmá defunta) e pidámoslle que escoite a nosa oración.

- Para que o Señor, que se compadece de toda criatura, purifique coa súa misericordia e conceda os gozos do paraíso ó noso irmán (á nosa irmá) N., roguémoslle ó Señor.
- Para que perdoe os seus pecados e acepte as súas boas obras, roguémoslle ó Señor.
- Para que o (a) libre de toda a pena merecida polas súas culpas e poida participar xa do descanso eterno, roguémoslle ó Señor.
- Para que, deixado xa este primeiro mundo, goce eternamente no paraíso, roguémoslle ó Señor.
- Para que o Espírito Santo leve os familiares del (dela) polos vieiros da fe e lles dea a esperanza firme de alcanzar, xunto o noso irmán (a nosa irmá), o Reino eterno, roguémoslle ó Señor.

* Se nas exequias se celebra Misa, a oración universal conclúe coa seguinte colecta:

Deus,
 que concéde-lo perdón dos pecados
 e quére-la salvación dos homes,
 por intercesión de Santa María a Virxe,
 e de tódolos santos,
 concédelle ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
 que saíu xa deste mundo,
 alcanza-la eterna benaventuranza.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén

* Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa oración acatando a vontade divina e repetindo a pregaría que nos ensinou o mesmo Xesucristo: Noso Pai...

* Se se celebra a Misa, esta prosegue, como de costume, ata a oración despois da comunión.

III. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

6. Dita a oración despois da comunión e omitida a bendición (ou, se non se celebrou a Misa, acabada a oración dos fieis), procédese ó rito do derradeiro adeus ó corpo do defunto. O que preside, colocado ó carón do cadaleito, diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras

parecidas.

De contado, ó chegar ó cemiterio, os familiares e amigos do noso irmán (da nosa irmá) cumprirán cristiamente co deber de lle dar sepultura ó seu corpo; pidamos, pois, neste momento a Deus, para quen toda criatura vive, que admita a alma del (dela) na asemblea dos santos, que este corpo que hoxe recibirá sepultura en debilidade, o Señor o resucite cheo de vigor e de gloria, no derradeiro día. Que Deus escoite as nosas súplicas e, no momento do xuízo, sexa con el (ela) misericordioso, para que, libre da morte, absolto (absolta) das súas culpas, reconciliado (reconciliada) co pai, disfrute para sempre da gloria eterna e da compañía dos santos.

7. Oran todos uns momentos en silencio. Logo, o que preside continúa dicindo:

A auga que imos derramar agora sobre o corpo deste irmán noso (desta irmá nosa) lémbra-nos que o bautismo converteuno (converteuna) en membro do corpo de Xesucristo, que morreu e sepultárono, pero que coa súa gloriosa resurrección venceu a morte. (O incenso co que perfumaremos logo o seu cadáver traeranos á memoria que o que agora son só os seus restos foron templo do Espírito Santo e están chamados a ser, pola resurrección, pedras vivas do templo da Xerusalén celestial.)

8. Despois, o que preside dá a volta ó redor do cadaleito asperxéndoo con auga bendita; (despois pon incenso, bendíu e dá unha segunda volta perfumando o cadáver con incenso;) mentres tanto, un dos presentes pode recita-las seguintes invocacións, ás que o pobo responde: **Señor, ten piedade de nós**, ou ben; **Kyrie eléison**.

Invocacións

- Que o noso irmán (a nosa irmá) viva eternamente na paz xunto a ti.
- R. Señor, ten piedade de nós. (Kyrie eléison.)
- Que participe contigo na felicidade eterna dos santos.
- R. Señor, ten piedade de nós. (Kyrie eléison.)
- Que contemple o teu rostro glorioso e teña parte na alegría sen fin.
- R. Señor, ten piedade de nós. (Kyrie eléison.)
- Cristo, acólleo (acóllea) xunto a ti con tódolos que nos precederon.
- R. señor, ten piedade de nós. (Kyrie eléison.)

9. Despois, o que preside engade a seguinte oración:

Oremos.

Señor Xesucristo, Redentor do xénero humano,
pedímosche que lle deas entrada no teu paraíso ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
que acaba de pecha-los ollos á luz deste mundo
e que os abriu para te contemplar a ti, Luz verdadeira;
líbrao (líbraa), Señor, da escuridade da morte
e fai que goce contigo da festa das vodas eternas;
que se alegre no teu Reino, a súa verdadeira patria,
onde non hai tristura nin morte,

onde todo é vida e ledicia sen fin,
e que contemple o teu rostro glorioso por sempre eternamente.

R. Amén

9.bis. Neste intre, un dos familiares ou amigos pode facer unha breve biografía do defunto e agradecerlles ós presentes a súa participación nas exequias (cf. Apéndice III).

10. Despois, mentres se saca o corpo da igrexa, recítase o salmo 117 (cf. páx. ***), no que se pode ir intercalando a antífona **Esta é a porta do Señor**.

11. Colocado o corpo no carro mortuorio, o que preside engade:

Que o Señor lle abra as portas do triunfo ó noso irmán (á nosa irmá),
para que, rematado o duro combate da súa vida mortal,
entre coma vencedor (vencedora) polas portas dos xustos
e nas súas tendas entoe cantos de victoria
por sempre eternamente.

R. Amén

E a todos nós dea a certeza
de que non está morto (morta), senón que dorme,
de que non perdeu a vida, senón que repousa,
porque chamaron por el (por ela) á vida eterna
por sempre eternamente.

R. Amén.

12. O que preside remata a celebración dicindo:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

V Descanse en paz.

R. Amén

V. E a súa alma e as almas de tódolos fieis defuntos,
pola misericordia de Deus, descansen en paz.

R. Amén.

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

3. CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS DOS QUE DOARON O SEU CORPO

A doación do corpo, se é total, implica que a celebración das exequias se limite a só a Misa exequial e ás diversas preces que polo defunto e polos familiares que choran por el fai a comunidade cristiá.

Nas exequias dos fieis que doaron o seu corpo non poden celebrarse os ritos exequiais de costume, con todo, ha procurarse, con especial interese, que non falte a celebración tanto da vixilia comunitaria de oración como dalgunha parte da Liturxia das Horas exequial.

Se a doación do corpo non ten lugar inmediatamente despois do falecemento, as exequias deben celebrarse co rito habitual ante o cadáver, antes de que este sexa doado, adaptando tódalas expresións que o esixan, como as que aluden a que o corpo vai ser entregado á terra ou colocado na sepultura. Na celebración destas exequias, por outra parte, nunca se usará a forma típica, xa que esta comporta o traslado do corpo ó cemiterio e as preces ou bendición sobre o sepulcro.

Cando a doación que fixo o defunto non é total, senón que se limita a só algúns órganos, a celebración das exequias faise co rito habitual, sen excluír cando é posible, a procesión ó cemiterio e a bendición ou as preces sobre a sepultura.

4. CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS NO CASO DE CREMACION DO CADÁVER

Aínda que a Igrexa prefire que se conserve o costume tradicional de inhumación do corpo dos cristiáns, porque deste xeito imítase mellor a sepultura do Señor, os fieis teñen, con todo, a liberdade de elixir tamén, se o prefiren, a cremación do seu propio corpo, sen que esta elección impida a celebración dos ritos cristiáns.

O feito da cremación do cadáver non comporta de seu diferencias especiais no ritual, por iso, as exequias, no caso da cremación, celébranse ante o cadáver, antes da cremación do corpo, e cos mesmos ritos e fórmulas que se usan nas exequias habituais.

A única diferenza ritual, esixida pola mesma veracidade do rito, consiste en que, no caso de cremación, as exequias non poden celebrarse na súa forma típica, xa que este rito inclúe a procesión ó cemiterio e a bendición do sepulcro. Por este motivo o rito do derradeiro adeus debe celebrarse sempre na igrexa ó remate da Misa ou da liturxia da palabra, omitindo a procesión ó cemiterio ou ó lugar da cremación.

Aínda que é mellor e máis expresivo celebra-lo rito exequial antes da cremación do cadáver, se a familia o prefire e o Ordinario do lugar o xulga conveniente, pode permitirse tamén que a cremación se efectúe antes dos ritos exequiaais; neste caso, incluso coa Misa exequial, pode celebrarse ante a urna que contén as cinsas, segundo o rito que figura neste capítulo.

Se as exequias se celebran despois da cremación do cadáver, ante a urna, esta será levada ó remate da celebración, ó lugar -cemiterio ou columbario- destinado a este efecto, mais este lugar nunca estará no interior dunha igrexa.

En ningún caso a urna coas cinsas do defunto pode levarse de novo á igrexa para a conmemoración do cabodano, nin noutras ocasións, xa que este traslado posterior do corpo á igrexa resérvase para os santos canonizados.

CELEBRACIÓN DAS EXEQUIAS ANTE A URNA DAS CINSAS

I. RECIBIMENTO DAS CINSAS NO ADRO DA IGREXA

1. O ministro, onda a porta da igrexa, saúda os familiares do defunto coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Queridos familiares (e amigos): Nestes momentos de dor que vos trae a morte de N., con quen convivistes longos anos e a quen tanto amabades, a Igrexa recíbevos e quere animar e enfortece-la vosa esperanza. Confiade en Deus, que El vos axudará; esperade nel e non quedaredes defraudados.

2. A seguir, introdúcese a urna das cinsas na igrexa e ponse diante do altar, colocando, se é posible, o cirio pascual á par da urna. Situados os familiares do defunto nos seus lugares, o ministro saúda a asemblea, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Logo, diríxese ós fieis reunidos na igrexa coas seguintes palabras ou outras parecidas:

Benqueridos irmáns: Xuntámonos aquí hoxe, nun momento especialmente triste e doloroso, en primeiro lugar para confesar, diante das cinsas do noso irmán (da nosa irmá) N., a nosa fe cristiá en que a vida non remata coa morte do corpo. E tamén para agarimar co noso afecto e a nosa pregaría a uns amigos que están tristes pola morte daquel (daquela) a quen tanto amaban. E, finalmente, para lle pedirmos a Deus que perdoe as culpas que, durante a vida cometeu o noso irmán (a nosa irmá) que acaba de morrer. Que o Señor escoite as nosas pregarías e se compadeza ante as bágoas dos que choran.

2 bis. O que preside pode acender neste momento o cirio pascual, dicindo a seguinte fórmula:

Onda as cinsas do noso irmán (da nosa irmá) N.,
acendemos, Cristo Xesús, esta chama,
símbolo do teu corpo glorioso e resucitado;
que o resplandor desta luz ilumine as nosas tebras
e alumee o noso camiño de esperanza,
ata que cheguemos a ti, Claridade eterna,
que vives e reinas, inmortal e glorioso,
por sempre eternamente.

R. Amén.

3. Logo, rézase a seguinte ladaíña polo defunto:

Ladaíña polo defunto

- Ti que libráche-lo teu pobo da escravitude de Exipto:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que lles separáche-las augas do mar Vermello ós israelitas que camiñaban cara a liberdade prometida:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que lle deches en herdanza ó teu pobo unha terra que manaba leite e mel:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que quixeches que o teu Fillo consumase na súa persoa a antiga Pascua de Israel:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que, pola morte de Xesús, ilumína-las tebras da nosa morte:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que, na resurrección de Xesucristo, inauguráche-la vida nova dos que morreron:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.
Ti que, na ascensión de Xesucristo, quixeches que o teu pobo albiscase a súa entrada na terra de promisión definitiva:
- R. Recibe o teu servidor (a túa servidora) no paraíso.

En lugar das ladaíñas precedentes, podese ler tamén o salmo 113 (páx. ***), no que o pobo pode ir intercalando a antífona **Benia os que moren no Señor.**

II. MISA EXEQUIAL OU LITURXIA DA PALABRA

4. Rematadas as ladaíñas (u o salmo 113) (e, se se celebra a Misa, omitido o acto penitencial e o **Señor, ten piedade de nós**), dise a oración colecta:

Oremos.

Deus, noso Pai,
ti estás sempre disposto á misericordia e ó perdón.
Rogámosche polo noso irmán (pola nosa irmá) N.
a quen hoxe chamaches onda ti.
El (Ela) creu e esperou en ti;
concédelle agora chegar á patria verdadeira
e gozar contigo da alegría eterna.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

- R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Non sexas severo no teu xuízo, Señor,
 con este teu servidor (esta túa servidora), que acaba de deixarnos,
 porque ningún home é inocente fronte a ti,
 se ti mesmo non lle perdóas-las culpas;
 pedímosche que escóite-las súplicas da túa Igrexa
 e que lle concedas un lugar entre os teus santos e elixidos,
 xa que nesta vida estivo marcado (marcada) co selo da Santa Trindade.
 Ti, noso Señor e Deus,
 que vives e reinas co Pai
 na unidade do Espírito Santo
 por sempre eternamente.

R. Amén.

A celebración prosegue, como de costume, coa Liturxia da palabra.

5. Despois da homilía, faise, como habitualmente, a oración universal, co seguinte formulario ou outro parecido:

Oración universal

Oremos a Deus, Pai de todos, polo noso irmán defunto (a nosa irmá defunta) e pidámoslle que escoite a nosa oración.

1. Para que o Señor, que se compadece de toda criatura, purifique coa súa misericordia e lle conceda os gozos do paraíso ó noso irmán (á nosa irmá) N., roguémoslle ó Señor.
2. Para que o Señor que o (a) creou da nada e que o (a) honrou facéndoo (facéndoa) imaxe do seu Fillo, lle devolva no Reino eterno a primitiva fermosura do home, roguémoslle ó Señor.
3. Para que lle conceda o descanso eterno e o (a) faga gozar na asemblea dos santos, roguémoslle ó Señor.
4. Para que o Señor, consolo dos que choran e forza dos que se senten abatidos, alivie a tristura dos que choran por el (ela) e lles conceda atopalo (atopala) novamente no Reino de Deus, roguémoslle ó Señor.

* Se nas exequias se celebra a Misa, a oración universal conclúe coa seguinte colecta:

Señor,
 que a nosa oración suplicante
 lle sirva de proveito ó teu fillo (filla) N.,
 para que, libre de todo pecado,
 participe xa da túa redención.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

* Se as exequias se celebran sen Misa, a oración universal conclúe coa seguinte fórmula:

Terminémo-la nosa pregaría coa oración que nos ensinou o mesmo Xesucristo, pedindo que se faga sempre a vontade do Señor: Noso Pai...

* Se se celebra a Misa, esta segue, como de costume, ata a oración de despois da comunión.

III. DERRADEIRO ADEUS Ó CORPO DO DEFUNTO

6. Rematada a oración de despois da comunión e omitida a bendición, se se celebrou a Misa, ou, se esta non se celebra, unha vez rematada a oración dos fieis, procédese ó rito do derradeiro adeus ó defunto. O que preside, colocado o carón da urna, diríxese ós fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Despois de orarmos polo noso irmán (pola nosa irmá) N., imos agora despedi-las súas cinsas, a última presenza sensible que del (dela) temos. Este noso derradeiro adeus, aínda que non nos quita a tristura da separación, dános, sen embargo, o consolo da esperanza. Virá un día en que poderemos aledarnos de novo coa súa presenza. Por iso esperamos que esta asemblea, que hoxe nesta igrexa se despide con aires de tristura, hase xuntar de novo un día na alegría do Reino de Deus. Consolémonos, logo, mutuamente con esta esperanza cristiá.

7. Todos oran uns momentos en silencio. Logo, o que preside continúa dicindo:

A auga que imos derramar agora sobre as cinsas deste irmán noso (desta irmá nosa) lémbra-nos que o bautismo converteuno (converteuna) en membro do corpo de Xesucristo, que morreu e sepultárono, pero que coa súa gloriosa resurrección venceu a morte. (O incenso co que perfumaremos despois as súas cinsas traeranos á memoria que o que agora son só os seus restos foron templo do Espírito Santo e están chamados a ser, pola resurrección, pedras vivas do templo da Xerusalén celestial.)

8. Despois, o que preside dá a volta ó redor da urna asperxéndoa con auga bendita; (despois, pon incenso, bendíu e dá unha segunda volta perfumando as cinsas co incenso;) mentres, entóase un canto de despedida (véxase no Cantoral). Logo o que preside ou un dos presentes pode recita-las seguintes invocacións, ás que o pobo responde: **Señor, ten piedade, ou ben Kyrie, eléison.**

Invocacións

Que o Pai que te invitou a come-la carne inmaculada do seu Fillo,
te admita agora na mesa do seu Reino.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie, eléison.)

Que Cristo, vide verdadeira, en quen te enxertou o bautismo,
fágate participar agora da súa vida gloriosa.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

Que o Espírito de Deus, que co seu lume te purificou,
revista agora o teu corpo de inmortalidade.

R. Señor, ten piedade. (Kyrie eléison.)

9. Despois, o que preside engade a seguinte oración:

Oremos.

Señor Xesucristo, Redentor do xénero humano,
pedímosche que lle deas entrada no teu paraíso ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
que acaba de pecha-los ollos á luz deste mundo
e que os abriu para te contemplar a ti, Luz verdadeira;
líbrao (líbraa), Señor, da escuridade da morte
e fai que goce contigo da festa das vodas eternas;
que se alegre no teu Reino, a súa verdadeira patria,
onde non hai tristura nin morte,
onde todo é vida e ledicia sen fin,
e que contemple o teu rostro glorioso por sempre eternamente.

R. Amén

9.bis. Neste intre, un dos familiares ou amigos pode facer unha breve biografía do defunto e agradecerlles ós presentes a súa participación nas exequias (cf. Apéndice III).

10. Despois, o que preside engade:

Que o Señor lle abra as portas do triunfo ó noso irmán (á nosa irmá),
para que, rematado o duro combate da súa vida mortal,
entre coma vencedor (vencedora) polas portas dos xustos
e nas súas tendas entoe cantos de victoria
por sempre eternamente.

R. Amén

E a todos nós dea a certeza
de que non está morto (morta), senón que dorme,
de que non perdeu a vida, senón que repousa,
porque chamaron por el (por ela) á vida eterna
por sempre eternamente.

R. Amén.

11. O que preside remata a celebración dicindo:

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

V. Descanse en paz.

R. Amén

V. E a súa alma e as almas de tódolos fieis defuntos,
pola misericordia de Deus, descansen en paz.

R. Amén.

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

5. CELEBRACIÓN DA MISA EXEQUIAL CANDO O SEPELIO DO CADÁVER SE CELEBRA NOUTRO MOMENTO

1. A celebración da Misa dentro do rito exequial representa, certamente o signo máis expresivo das exequias cristiás, xa que conectan dun xeito visible ou sacramental, a morte do cristián co misterio pascual de Cristo; por iso este modo celebrativo é especialmente recomendado.
2. Con todo, danse algúns casos que dificultan ou impiden, ás veces, tal celebración, como as exequias presididas por un diácono ou un presbítero que xa celebrou a Eucaristía, ou as celebradas nun día litúrxico que non permite a Misa exequial.
3. Hai outros casos nos que, aínda que a Misa exequial poida celebrarse, o ben pastoral dos fieis aconsella trasladala celebración a outro día; isto acontece especialmente, naquelas exequias que, nas grandes parroquias, teñen lugar nun domingo non privilexiado, no que, se ben está permitida a Misa exequial, de celebrarse esta incluíría o inconveniente de que moitos fieis que acuden á Misa dominical (incluso a vespertina do sábado) veríanse privados, a miúdo, das lecturas e da liturxia dominical. Nas pequenas parroquias rurais, pola contra, nas que só se dan un poucos enterros na roda do ano, nada obsta, se algún enterro cae nun domingo non privilexiado, a que se celebre nese día a Misa exequial, xa que as contadas veces que se dá nestas comunidades tal circunstancia non constitúe ningún empobrecemento da vida litúrxica dos fieis.
4. A Misa exequial, tanto se se celebra dentro coma se ten lugar noutro momento, ocupa o primeiro lugar entre as Misas polos defuntos e, por iso, pódese celebrar tódolos días, fora das solemnidades de precepto, o Xoves Santo, o Triduo pascual, e os domingos de Pascua, Advento e Coresma.
5. De acordo coa importancia litúrxica desta Misa, hai que procurar, aínda que se diga fóra do rito exequial, celebrala de maneira suficientemente expresiva e verdadeiramente adaptada ó carácter e intensidade da vida cristiá, tanto do defunto concreto coma dos seus familiares. Para acadar, logo, a adaptabilidade desta Misa a cada grupo de fieis en concreto, a non ser que se trate das exequias de varios defuntos no caso de calamidade pública, celebrarase habitualmente por un só defunto, tal como o prevén os libros litúrxicos.
6. Cando a Misa exequial non vai unida ó rito das exequias, senón que se celebra antes ou despois das mesmas, pódense usar sempre os textos propios que, para a celebración da palabra figuran neste Ritual ou ben os formularios do Misal e do Leccionario.

MISA EXEQUIAL

I. RITOS INTRODUCTORIOS

1. Despois do canto de entrada (véxase no Cantoral) e da salutación, o celebrante pode dirixirse ó fieis coas seguintes palabras ou outras semellantes:

Benqueridos irmáns: Cheos de dor pola separación daquel (daquela) con quen vivimos longos anos e a quen amamos, xuntámonos hoxe para implora-la misericordia divina no seu favor e tamén para reanimar e enfortece-la nosa esperanza nesta hora triste e chea de bágoas. Confiemos en Deus, que El nos ha axudar; esperemos nel e achazaráno-lo camiño. En Cristo, morto polos nosos pecados e chamado de novo á vida para a nosa xustificación, as nosas tebras ilúmínanse e renace de novo a esperanza. Que o mesmo Señor vos conforte, logo, e abra as portas do seu Reino ó noso irmán (á nosa irmá).

Ou ben:

Queridos irmáns: Aínda que neste momento todos témo-lo desexo de expresarlles ós nosos amigos, os familiares de N., a nosa máis sincera condolencia e o noso afecto cheo de compaixón, coma cristiáns que somos, o sentido desta celebración non pode limitarse a este fermoso xesto de convivencia humana. A nosa presenza lembrando o amigo querido (a amiga querida), quere ser tamén un acto de fe na resurrección e na victoria de Cristo, que, en favor de todos nós, venceu á morte. Proclamar esta fe na resurrección e celebra-la morte do Señor, lembrando a morte do noso irmán (da nosa irmá), é, por outra banda, o mellor xesto para aliviar-la tristura dos nosos amigos, coa esperanza da resurrección. Que Deus nos conceda, logo, escoitar con fe firme a súa palabra e celebrar, con grande esperanza, a Eucaristía, memorial da resurrección do seu Fillo.

2. De seguida un dos ministros ou o mesmo celebrante inicia o acto penitencial con estas invocacións ou outras parecidas:

Pidamos humildemente a Xesucristo, vencedor da morte, o perdón dos nosos pecados.

Polo teu sangue precioso derramado na cruz polo perdón dos nosos pecados: Señor, ten piedade de nós.

R. Señor, ten piedade de nós.

Pola túa admirable resurrección do sepulcro, pola que nos libraches da morte: Cristo, ten piedade de nós.

R. Cristo, ten piedade de nós.

Pola túa gloriosa entrada nos ceos, pola que nos abríche-las portas da vida: Señor, ten piedade de nós.

R. Señor, ten piedade de nós.

O celebrante conclúe coa seguinte pregaría:

Deus todopoderoso teña misericordia de nós,
perdoe os nosos pecados
e nos leve á vida eterna.

R. Amén.

Ou ben:

Xesús, Fillo de Deus vivo, que viñeches ó mundo para compartíre-las nosas penas e alegrías:
Señor, ten piedade de nós.

R. Señor, ten piedade de nós.

Xesús, Fillo de Deus vivo, que te entregaches na cruz para vence-la morte e destruí-lo pecado:
Cristo, ten piedade de nós.

R. Cristo, ten piedade de nós.

Xesús, Fillo de Deus vivo, que resucitaches de entre os mortos para nos abríre-lo camiño da
vida eterna: Señor, ten piedade de nós.

R. Señor, ten piedade de nós.

O celebrante conclúe coa seguinte pregaría:

Deus todopoderoso teña misericordia de nós,
perdoe os nosos pecados
e nos leve á vida eterna.

R. Amén.

3. Rematadas as invocacións, o celebrante di a oración colecta:

Oremos.

Deus, Pai todopoderoso,
pola fe confesámo-la morte e resurrección do teu Fillo.
Concédelle ó noso irmán (á nosa irmá) N.,
que durmiu en Cristo o sono da morte,
pola celebración deste sacramento da Eucaristía,
participar tamén con el na alegría da resurrección.
Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben:

Oremos.

Deus, noso Pai,
tí estás sempre disposto á misericordia e ó perdón.
Rogámosche polo noso irmán (pola nosa irmá) N.

a quen hoxe chamaches onda ti.
 El (Ela) creu e esperou en ti;
 concédelle agora chegar á patria verdadeira
 e gozar contigo da alegría eterna.
 Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo...

R. Amén.

Ou ben outra das colectas que figuran neste Ritual ou no Misal para as *Misas de defuntos*.

II. LITURXIA DA PALABRA

4. A liturxia da palabra desenvólvese coma de ordinario. Despois da homilía, faise coma de cotío, a oración universal, para a que pode usarse calquera dos formularios do Ritual de exequias ou outro parecido. Na mesma é especialmente recomendable usar, como é habitual nas celebracións máis extraordinarias, o formulario da oración universal que inclúe as ladaíñas dos santos. Nestas ladaíñas pódense engadi-los santos titulares da igrexa, da rexión ou da orde relixiosa, e tamén o santo patrón do defunto. A ladaíña dise de xeonllos, a non ser que a Misa exequial se celebre en domingo ou nun dos días da cincuentena pascual.

Oremos, irmáns, a Deus Pai todopoderoso e pidámo-la intercesión dos santos, que na gloria gozan xa da comunión celestial para que o Señor acolla no seu gozo eterno o noso irmán (a nosa irmá):

(Poñámonos de xeonllos)

Deus Pai celestial,	ten piedade del (dela).
Deus Fillo, Redentor do mundo,	ten piedade del (dela).
Deus Espírito Santo,	ten piedade del (dela).
Trindade santa, un só Deus,	ten piedade del (dela).
Santa María, Nai de Deus,	roga por el (ela).
Santos Anxos de Deus,	rogade por el (ela).
San Xoán Bautista,	roga por el (ela).
San Xosé,	roga por el (ela).
San Pedro e san Paulo,	rogade por el (ela).
Santo Estevo,	roga por el (ela).
San Agostiño,	roga por el (ela).
San Gregorio,	roga por el (ela).
San Bieito,	roga por el (ela).
San Francisco,	roga por el (ela).
San Domingos,	roga por el (ela).
San Francisco Xavier,	roga por el (ela).
Santa Teresa de Xesús,	roga por el (ela).
Santa Mónica,	roga por el (ela).
Santos e santas de Deus,	rogade por el (ela).

Invoquemos agora a Cristo, vencedor do sepulcro, e fagamos memoria dos misterios salvadores, cos que arrincou os homes do poder da morte:

- Cristo, Fillo de Deus vivo.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.
Ti que aceptáche-la morte por nós.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.
Ti que resucitaches de entre os mortos, coma primicia dos que morreran.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.
Ti que has vir xulga-los vivos e os mortos.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.
A este irmán noso (esta irmá nosa), que recibiu de ti a semente da inmortalidade.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.
A este irmán noso (esta irmá nosa), con quen esperamos atoparnos na gloria do ceo.
- R. Acólleo (Acóllea) no teu Reino.

Terminémo-la nosa oración, pedindo tamén polas necesidades do mundo e da Igrexa:

Asiste ó Papa e a tódolos ministros da Igrexa.

R. Óenos, Señor.

Concede a paz e a concordia a tódolos pobos.

R. Óenos, Señor.

A nós mesmos consérvanos no teu santo servicio.

R. Óenos, Señor.

A tódolos que choran a morte do noso irmán (da nosa irmá)
consólaos e confórtaos.

R. Óenos, Señor.

O que preside, de pé, conclúe as ladaíñas coa seguinte oración:

Escoita, Señor, as nosas súplicas
e ten misericordia do teu servidor (da túa servidora) N.,
para que non sufra castigo polos seus pecados,
porque desexou cumpri-la túa vontade;
xa que a verdadeira fe
o (a) xuntou aquí na terra co teu pobo fiel,
que a túa bondade o (a) xunte agora
co coro dos anxos e escolleitos.
Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.

R. Amén.

III. DESPEDIDA

5. O derradeiro adeus ó corpo do defunto só se fará na mesma acción exequial na que está presente o cadáver. Cando o sepelio se celebrou noutro momento, terminada a oración de despois da comunión, pódese, sen embargo, face-lo rito da *Commemoración especial dos defuntos*²⁸. Este rito consiste nun canto (un responsorio ou outro canto axeitado) e a oración presidencial, que pode ser calquera das colectas deste Ritual. Non se pode introducir o Señor ten piedade ou outras invocacións, nin o Noso Pai, porque xa tiveron lugar na Misa.

²⁸ Cf. Nota do Secretariado Nacional de Liturxia, do 26 de xaneiro de 1987.

6. Dita a oración de despois da comunión ou rematada a Conmemoración especial dos defuntos, un dos familiares ou amigos pode agradecer ós presentes a súa participación na Misa exequial -e facer unha breve biografía do defunto, se esta non se fixo no momento das exequias-. Estas palabras de despedida pode dicilas tamén o mesmo celebrante coas seguintes verbas ou outras parecidas:

Ó remate desta celebración, na que lembrámo-lo noso irmán (a nosa irmá) e durante a que oramos tamén polo seu eterno descanso, permitídemme unhas palabras de agradecemento en nome dos seus familiares máis achegados.

A vosa presenza aquí testemuña a estima que sentides cara eles e que se vos agradece sinceramente. Pero, sobre todo, dásevo-las gracias pola vosa oración en favor de N.; as vosas preces son, sen dúbida, o mellor tributo que agora podemos ofrecerlle.

Que esta xuntanza, que hoxe se despide nesta igrexa cos aires de tristura que rodean a morte, poida reunirse de novo na alegría plena do Reino de Deus. Consolémonos mutuamente nesta común esperanza.

7. É oportuno que a Misa exequial se conclúa coa bendición solemne das celebracións polos defuntos:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

V. Polo seu grande amor,
Deus creou o home
e déuvo-la esperanza de resucitardes no seu Fillo.
El, que é a fonte de todo consolo,
vos conceda a súa bendición.

R. Amén.

V. Que a nós, os vivos,
nos conceda o perdón dos pecados
e a tódolos defuntos
os leve ó seu Reino de luz e de paz.

R. Amén.

V. Que a tódolos que cremos
no Cristo resucitado,
nos conceda o Señor
vivir na súa gloria eternamente.

R. Amén.

V. Bendígavos Deus todopoderoso:
Pai e Fillo + e Espírito Santo.

R. Amén.

V. Podedes ir en paz, e que o Señor vos acompañe.

R. Deámoslle gracias a Deus.

CAPÍTULO VII

LECCIONARIO PARA AS MISAS DE DEFUNTOS

1. PARA AS EXEQUIAS DOS ADULTOS

PRIMEIRAS LECTURAS DO ANTIGO TESTAMENTO FORA DO TEMPO PASCUAL

(Lec. III, núm. 1011, 1)

Pensando ben e honestamente acerca da resurrección

Lectura do segundo libro dos Macabeos

2 Mac 12,43-46

Xudas, príncipe de Israel, fixo unha colecta, e as dúas mil dracmas de prata que recolleu mandounas a Xerusalén para que ofrecesen un sacrificio expiatorio: un feito digno e nobre para o que pensa na resurrección; xa que, se non crese na resurrección dos mortos, non sei a que viría rezar polos defuntos. Pero para o que pensa que ós que morren piadosamente lles está reservada unha recompensa magnífica, a cousa é piadosa e santa. Por iso mandou ofrecer un sacrificio de expiación polos mortos, para que se lles perdoasen os pecados.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1011, 2)

Estou seguro de que o meu Redentor vive

Lectura do libro de Xob

Xob 19,1.23-27a

Respondeu Xob e dixo:

- “¡Se algún día se escribisen as miñas palabras!

¡Oxalá fixesen delas unha inscrición!

¡Que con cicel e chumbo

se labrasen para sempre nun penedo!

Con todo, eu sei: O meu Liberador está vivo

e ó remate hase erguer sobre a terra;

despois de ter esgazada a miña pel,

aínda sen carnes hei ver a Deus.

Eu mesmo o hei ver;

hano ve-los meus ollos, non os doutro”.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1011, 3)

Recibiunos coma ofrenda de sacrificio

Lectura do libro da Sabedoría

Sab 3,1-9 (longa) ou 1-6.9 (breve)

As vidas dos xustos están na man de Deus:
non haberá tormento que as toque.

A xente insensata coidaba que morreran
e o seu tránsito semellaba unha desgracia,
o seu partir de entre nós unha desfeita,
mais eles fican en paz.

Aínda que para o ollar humano fosen magoados,
a súa esperanza ía preñada de inmortalidade;
corrixidos no pouco, acadarán moito,
porque foi Deus quen os probou
e atopounos dignos de si.

Depurounos coma ouro no crisol,
acceptounos coma sacrificio de holocausto.

Os que nel afiúnzan acadarán a verdade,
os fieis no amor serviranlle moi cerca,
porque concede El o seu piadoso favor ós virtuosos
e a protección ós que El elixiu.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1011, 4)

Sab 4,7-15: *Idade de vellez, vida inmaculada.*

(Lec. III, núm. 1011, 5)

(ver pp. 143, 223 e 230***)

Is 25,6a.7-9: *Aniquilou Deus a morte para sempre.*

(Lec. III, núm. 1011, 6)

Lam 3,17-26: *Está ben esperar en silencio a salvación do Señor.*

(Lec. III, núm. 1011, 7)

Dn 12,1-3: *Espertarán os que dormen no po da terra.*

PRIMEIRAS LECTURAS DO NOVO TESTAMENTO NO TEMPO PASCUAL

(Lec. III, núm. 1012, 1)

Feit 10,34-43 (longa) ou 34-36.42-43 (breve): *Deus constitueuno xuíz de vivos e mortos.*

(Lec. III, núm. 1012, 2)

Ditosos os mortos que morren no Señor

Lectura do libro da Apocalipse

Ap 14,13

Eu, Xoán, oín unha voz do ceo que me dicía: “Escribe: Benia os mortos, que, de agora en diante, morran no Señor. Si -di o Espírito-, que descansen das súas fatigas, porque as súas obras van con eles”.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1012, 3)

Ós mortos xulgáronos segundo as súas obras

Lectura do libro da Apocalipse

Ap 20,11-21,1

Eu, Xoán, vin un gran trono branco e vin quen estaba nel sentado: da súa presenza fuxiron o ceo e a terra e deles non quedou nin rastro.

Logo vin os mortos, grandes e pequenos, de pé diante do trono; e abríronse uns libros. Abriuse tamén outro libro, o libro da vida; e ós mortos xulgáronos polo escrito nos libros, conforme as súas obras.

O mar entregou os mortos que nel había; e a Morte e o Hades entregaron os mortos que neles había; e a cadaquén xulgárono polas súas obras.

Á Morte e ó Hades botáronos na lagoa de lume. Esta é a Morte segunda: a lagoa do lume. A quen non apareceu inscrito no libro da Vida botárono na lagoa do lume.

Logo vin un ceo novo e unha terra nova, porque o primeiro ceo e a primeira terra xa pasaran; e o mar xa non existía.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1012, 4)

Non haberá máis morte

Lectura do libro da Apocalipse

Ap 21,1-5a.6b-7

Eu, Xoán, vin un ceo novo e unha terra nova, porque o primeiro ceo e a primeira terra xa pasaran; e o mar xa non existía.

Tamén vin que a cidade santa, unha Xerusalén nova, baixaba do ceo de onda Deus, preparada coma esposa que está engalanada para o seu esposo.

E sentín unha forte voz que desde o trono dicía:

-“Velaquí a tenda de Deus onde os homes. Acampará entre eles: eles serán o seu pobo e El será o seu Deus e compañeiro. Enxugará tódalas bágoas dos seus ollos, e a morte xa non existirá máis. Nin haberá máis loito nin pranto nin dor, porque as primeiras cousas pasaron xa”.

O que estaba sentado no trono dixo: “Vede que volvo novas tódalas cousas”.

- Eu son o Alfa e o Omega, o Principio e a Fin. A quen teña sede, heille dar de beber gratis auga das fontes da vida. O vencedor será herdeiro de todo isto. Eu serei para el o seu Deus e el será para min o meu fillo.

Palabra do Señor.

SALMOS RESPONSORIAIS

(Lec. III, núm. 1013, 1)

Sal 22,1-3.4.5.6

R/(1): *O Señor é o meu pastor, nada me falta.*

Ou: *Ti Señor consóla-lo meu corazón.*

O Señor é o meu pastor, nada me falta:

En prados verdecentes faime repousar.

El lévame a beber en augas tranquilas

e repón as miñas forzas;

guíame por vereas rectas,

por mor do seu nome.

Se tiver que pasar por valgadas sombrizas,

ningún mal temería, porque ti vas comigo:

o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego.

Ti pos para min a mesa,

á cara dos meus inimigos;

únxesme con perfume a cabeza,

e a miña copa reborda.

O teu benquerer e a túa misericordia vanme seguindo

tódolos días da miña vida.

Eu habitarei na casa do Señor
por días prolongados sen fin.

(Lec. III, núm. 1013, 2)

Sal 24,6.7bc.17-18.20-21

R/(1): *A ti, Señor, elevo a miña alma.*

Ou: *En ti, meu Deus, confío.*

Lémbrete, Señor, da túa compaixón e da túa misericordia,
que existen desde sempre.
acórdate de min segundo a túa misericordia,
pola túa bondade, Señor.

Alivia as agonías do meu corazón,
líbrame das miñas angustias.
Olla a miña aflicción e os meus traballos,
e perdoa tódolos meus erros.

Defende a miña vida e sálvame:
non quede eu defraudado por acollerme a ti.
A inocencia e a rectitude hanme protexer:
a miña esperanza está en ti.

(Lec. III, núm. 1013, 3)

Sal 26,1.4.7 e 8b e 9a.13-14

R/(1a): *O Señor é a miña luz e salvación*

Ou (13): *Espero gozar dos bens do Señor no país da vida*

O Señor é a miña luz e salvación,
¿a quen hei de temer?
O Señor é a protección da miña vida,
¿ante quen hei de tremer?

Unha cousa lle pido ó Señor,
unha sóa eu procuro:
habitar na casa do Señor
tódolos días da miña vida,
para gozar da dozura do Señor,
e contempla-lo seu templo.

Escoita, Señor, a miña voz que estou clamando,
ten misericordia de min, respóndeme.

--“Buscade o meu rostro”.
Non afastes de min o teu rostro.

Eu espero gozar da bondade do Señor
na terra da vida.
Espera no Señor, procede coma un valente,
ten corazón forte, espera no Señor.

(Lec. III, núm. 1013, 4)

Sal 41,2.3.5bcd; Sal 42,3.4.5
R/.(Sal 41,3a): *A miña alma ten sede do Deus vivo.*

(Lec. III, núm. 1013, 5)

Sal 62,2.3-4.5-6.8-9
R/.(2b): *De ti ten sede a miña alma, meu Deus.*

(Lec. III, núm. 1013, 6)

Sal 102,8 e 10.13-14.15-16.17-18
R/.(8a): *O Señor é misericordioso e clemente.*
Ou (Sal 36,39a): *A salvación dos xustos vén do Señor.*

(Lec. III, núm. 1013, 7)

Sal 114,5-6; Sal 115,10-11.15-16ac
R/.(Sal 114,9): *Camiñarei á vista do Señor na terra da vida.*
Ou tamén: *Aleluia.*

(Lec. III, núm. 1013, 8)

Sal 121,1-2.4-5.6-7.8-9
R/.(1): *Alegreime, cando me dixeron: imos para a casa do Señor.*
Ou (cf. 1): *Iremos alegres para a casa do Señor.*

(Lec. III, núm. 1013, 9)

(ver pp. 36, 68, 92, 105, 131 e 177 ***)

Sal 129,1-2.3-4.5-6.7.8
R/.(cf. 1): *Desde os abismos clamo a ti, Señor.*
Ou (cf. 5): *Eu espero no Señor, confío na súa Palabra.*

(Lec. III, núm. 1013, 10)

Sal 142,1-2.5-6.7ab e 8ab.10

R/(1a): *Escoita, Señor, a miña oración.*

SEGUNDAS LECTURAS DO NOVO TESTAMENTO

(Lec. III, núm. 1014, 1)

Rm 5,5-11: *Xustificados polo seu sangue, por él seremos liberados da ira.*

(Lec. III, núm. 1014, 2)

Rm 5,17-21: *Onde abundou o pecado, sobreabundou a gracia.*

(Lec. III, núm. 1014, 3)

Andemos na novidade de vida

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos Rm 6,3-9 (longa) ou 6,3-4.8-9 (breve)

Irmáns e irmás:

¿Ignorades que a cantos nos bautizaron en Cristo Xesús, bautizáronnos na súa morte?

Enterráronnos, logo, con El polo bautismo na morte, para que, como Cristo resucitou dos mortos pola gloria do Pai, así tamén nós camiñemos nunha vida nova.

Porque, se nos enxertaron nel pola semellanza dunha morte coma a del, seguro que tamén o farán por unha resurrección semellante.

Pois habedes saber que o noso home vello quedou crucificado para destruí-lo corpo pecador, de xeito que non sirvamos máis ó pecado. Porque o que morre queda liberado do pecado.

Se xa morremos con Cristo, cremos que tamén viviremos con El; e ben sabemos que Cristo, resucitado dos mortos, xa non morre máis, a morte xa non pode nada contra El.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1014, 4)

Rm 8,14-23: *Agardando a liberación do noso corpo.*

(Lec. III, núm. 1014, 5)

¿Quen nos separará do amor de Cristo?

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos

Rm 8,31b-35.37-39

Irmáns e irmás:

Se Deus está connosco, ¿quen contra nós? Aquel que non aforrou o seu propio fillo senón que o entregou por todos nós, ¿como non nos vai regalar todo xunto con El?

¿Quen acusará ós escolleitos de Deus?: ¿non é Deus o que perdoa?;

¿quen os vai condenar?: ¿Cristo Xesús, o que morreu, mellor, o que resucitou, o que está á dereita de Deus e que intercede por nós?

¿Quen nos pode arredar do amor de Cristo?: ¿a tribulación, a angustia, a persecución, a fame, a nudez, o perigo, ou a espada?

Pero en todas estas cousas vencemos coa axuda daquel que nos amou. Porque estou seguro de que nin a morte nin a vida, nin os anxos nin os principados, nin o presente nin o porvir, nin as potestades, nin a altura nin o abismo, nin calquera outra creatura nos poderá afastar do amor que Deus nos ten en Cristo Xesús, noso Señor.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1014, 6)

Que vivamos ou morramos, do Señor somos

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos

Rm 14,7-9.10b-12

Irmáns e irmás:

Ningún de nós vive para si, e ningún de nós morre para si. Se vivimos, para o Señor vivimos; e, se morremos, para o Señor morremos; así que, vivamos ou morramos, somos do Señor.

Por iso mesmo morreu e resucitou Cristo: para dominar nos mortos e nos vivos.

¡Se todos temos que comparecer diante do tribunal de Deus! Porque está escrito:

“Pola miña vida, di o Señor:

todo xeonllo se dobrará diante de min,

e toda lingua ha de loar a Deus”.

Por tanto cada un de nós dará conta de si mesmo a Deus.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1014, 7)

(ver páx. 159)

1 Cor 15,20-24a.25-28 (longa) ou 20-23 (breve): *Todos serán vivificados en Cristo.*

(Lec. III, núm. 1014, 8)

1 Cor 15,51-57: *A morte foi absorbida pola victoria.*

(Lec. III, núm. 1014, 9)

2 Cor 4,14-5,1: *As cousas que se ven son temporais; as que non se ven son eternas.*

(Lec. III, núm. 1014, 10)

(ver páx. 163)

2 Cor 5,1.6-10: *Temos morada eterna no Ceo.*

(Lec. III, núm. 1014, 11)

Flp 3,20-21: *Transfigurou o noso corpo humilde conforme ó corpo da súa gloria.*

(Lec. III, núm. 1014, 12)

(ver páx. 155)

1 Tes 4,13-14.17b-18: *Estaremos sempre co Señor.*

(Lec. III, núm. 1014, 13)

2 Tim 2,8-13: *Se morremos con El, tamén viviremos con El.*

(Lec. III, núm. 1014, 14)

1 Xn 3,1-2: *Verémolo tal como é.*

(Lec. III, núm. 1014, 15)

1 Xn 3,14-16: *Pasamos da morte á vida, porque amamos ós irmáns.*

ALELUIAS E VERSOS ANTES DO EVANXEO

(Lec. III, núm. 1015, 1)

Cf. Mt 11,25: *Bendito es ti, Pai, Señor do ceo e mais da terra,
porque lles reveláche-los misterios do Reino ós humildes.*

(Lec. III, núm. 1015, 2)

Mt 25,34: Vinde, benditos do meu Pai, di o Señor;
recibide a herencia do Reino preparada para vós
desde a creación do mundo.

(Lec. III, núm. 1015, 3)

Xn 3,16: Tanto amou Deus ó mundo,
que lle entregou o seu Fillo unixénito;
quen cre nel, ten vida eterna.

(Lec. III, núm. 1015, 4)

Xn 6,39: Esta é a vontade do meu Pai,
que non perda a ningún dos que me entregou
senón que os resucite no derradeiro día, di o Señor.

(Lec. III, núm. 1015, 5)

Xn 6,40: Esta é a vontade do meu Pai,
que quen crea no Fillo, teña vida eterna,
e eu resucitareino no derradeiro día, di o Señor.

(Lec. III, núm. 1015, 6)

Xn 6,51: Eu son o pan vivo que baixou do ceo, di o Señor;
quen coma deste pan, vivirá para sempre.

(Lec. III, núm. 1015, 7)

Xn 11,25a.26: Eu son a resurrección e a vida, di o Señor;
quen cre en min, non morrerá para sempre.

(Lec. III, núm. 1015, 8)

Flp 3,20: A nosa patria está no ceo,
de onde tamén agardamos un Salvador,
Xesús Cristo, o Señor.

(Lec. III, núm. 1015, 9)

2 Tim 2,11-12a: Se morremos con Cristo, viviremos con el;
se perseveramos con el, reinaremos con el.

(Lec. III, núm. 1015, 10)

Ap 1,5-6: Xesús Cristo é o primoxénito de entre os mortos;
a el a gloria e o poder por sempre eternamente. Amén.

(Lec. III, núm. 1015, 11)

Ap 14,13: Ditosos os mortos que morren no Señor;
descansen dos seus traballos;
porque as súas obras acompañanos.

EVANXEOS

(Lec. III, núm. 1016, 1)

Alegrádevos e exultade, porque a vosa recompensa será grande no ceo.

Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo

Mt 5,1-12a

Vendo Xesús a multitude, subiu ó monte e sentou. Achegáronse os seus discípulos, e el, tomando a palabra, ensinábaos dicindo:

- “Ditosos os que teñen espírito de pobres,
porque deles é o Reino dos Ceos.
Ditosos os que choran,
porque eles serán consolados.
Ditosos os manseliños,
porque eles herdarán a terra.
Ditosos os famentos e sedentos de xustiza,
porque eles ficarán fartos.
Ditosos os misericordiosos,
porque eles serán tratados con misericordia.
Ditosos os de corazón limpo,
porque eles verán a Deus.
Ditosos os que traballan pola paz
porque eles serán chamados fillos de Deus.
Ditosos os perseguidos por causa da xustiza,
porque deles é o Reino dos Ceos.

Ditosos vós cando vos aldraxen, persigan e calumnien de calquera xeito pola miña causa:
alegrádevos e reloucade, porque grande será a vosa recompensa nos Ceos”.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1016, 2)

Mt 11,25-30: *Vide onda min... e eu aliviareivos.*

(Lec. III, núm. 1016, 3)

Mt 25,1-13: *Velaquí o esposo: saíde ó seu encontro.*

(Lec. III, núm. 1016, 4)

Mt 25,31-46: *Vide, benditos do meu Pai.*

(Lec. III, núm. 1016, 5)

(ver páx. 144)

Mc 15,33-39; 16,1-6 (longa) ou 15,33-39 (breve): *Xesús berrou moi forte, e expirou.*

(Lec. III, núm. 1016, 6)

Mozo, falo contigo: ¡érguete!

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Lc 7,11-17

Foi Xesús a unha vila chamada Naín, acompañado dos seus discípulos e outra moita xente.

Cando estaba chegando á entrada da vila, sacaban a enterrar un morto, fillo único da súa nai. Esta era viúva e ía acompañada por moita xente da vila. Ó vela, o Señor compadeceuse e díxolle:

- “Non chores”.

E achegándose, tocou o ataúde -os que o levaban pararon-, e el mandou:

- “Mozo, falo contigo: ¡érguete!”

O morto incorporouse e empezou a falar; e Xesús entregoullo á súa nai. Invadiunos a todos o temor e loaban a Deus, dicindo:

- “Un gran profeta xurdiu dentre nós e Deus visitou o seu pobo”.

E correron estes comentarios por toda a Xudea e a súa bisbarra.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1016, 7)

Lc 12,35-40: *Estade preparados.*

(Lec. III, núm. 1016, 8)

(ver páx. 159)

Lc 23,33.39-43: *Hoxe estarás comigo no paraíso.*

(Lec. III, núm. 1016, 9)

(ver páx. 163)

Lc 23,44-46.50.52-53;24,1-6a (longa) ou 23,44-46.50.52-53 (breve): *Meu Pai, nas túas mans entrego o meu espírito.*

(Lec. III, núm. 1016, 10)

¿Non era necesario que Cristo padecera todo isto e que entrara na súa gloria?

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Lc 24,13-35 (longa) ou 24,13-16.28-35 (breve)

Dous dos discípulos de Xesús ían aquel día camiño de Emaús, unha aldea que está a uns dez quilómetros de Xerusalén. Ían falando entre eles de canto pasara. E resulta que mentres parolaban e discutían, Xesús en persoa, achegouse e camiñaba canda eles. Pero os seus ollos estaban incapacitados para o recoñecer. Entón preguntoulles:

- “¿De que ides falando mentres camiñades?”

Eles pararon cun aspecto moi tristeiro, e Cleofás, un deles, respondeulle:

- “¿Seica es ti o único forasteiro en Xerusalén, que non sabe nada do que alí pasou nestes días?”

El preguntou:

- “¿De que, logo?”

Eles contestaron:

- “Do asunto de Xesús o Nazareno, que foi un profeta poderoso en obras e palabras, ante Deus e ante o pobo todo; de como os sumos sacerdotes e os xefes nosos o condenaron á morte e o crucificaron. Nós esperabamos que el fose quen liberase a Israel; pero xa van alá tres días desde que pasaron estas cousas. Certo que algunhas mulleres das nosas déronnos un susto, pois foron ó risca-lo día ó sepulcro, e, ó non atoparen o corpo, volveron falando dunha visión de anxos, que lles aseguraron que el vive. E algúns dos nosos alá foron ó sepulcro, atopando todo como as mulleres dixeran; pero a el non o viron.

Entón díxolles:

- “¿Que parvos e lentos sodes para crer todo o que anunciaron os profetas! E logo ¿non cumpría que o Cristo padecese todo isto, antes de entrar na súa gloria?”

E comezando por Moisés e por tódolos profetas, foilles interpretando o que as Escrituras falaban del.

Ó entraren na aldea onde ían fixo coma quen quería seguir para adiante. Pero eles porfiáronlle, dicindo:

- “Quédate connosco, que se fai tarde, e a noite bótase enriba”.

Entrou e quedou con eles. E mentres estaban na mesa, colleu o pan, bendiciuno e partiuno e déullelo. Entón abríronselle-los ollos e recoñecérono; pero el desapareceu. E dixeron:

- “¿Non ardía o noso corazón, cando nos falaba polo camiño, interpretándono-las Escrituras?”

E levantándose axiña, volveron a Xerusalén. Alí atoparon os Once reunidos cos seus acompañantes, que dicían:

- “É certo, o Señor resucitou e aparecéuselle a Simón”.

Daquela contaron tamén eles o que lles pasara polo camiño, e como o recoñeceran no parti-lo pan.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1016, 11)

Xn 5,24-29: *Quen escoita e cre a miña Palabra, pasa da morte á vida.*

(Lec. III, núm. 1016, 12)

Xn 6,37-40: *Quen cre no Fillo ten vida eterna, e eu resucitareino no derradeiro día.*

(Lec. III, núm. 1016, 13)

(ver páx. 229)

Xn 6,51-58: *Quen coma deste pan ten vida eterna, e eu resucitareino no derradeiro día.*

(Lec. III, núm. 1016, 14)

Xn 11,17-27 (longa) ou 21-27 (breve): *Eu son a resurrección e a vida.*

(Lec. III, núm. 1016, 15)

Lázaro, ven para fóra

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

Xn 11,32-45

María, a irmá de Lázaro, chegou a onde estaba Xesús e, ó velo, caeu ós pés del, dicíndolle:

- “Señor, se ti estiveses aquí, non morría meu irmán”.

Ó ver Xesús que ela estaba chorando, e tamén os xudeus que viñeran con ela, apretóuselle o corazón e, profundamente conmovido, preguntou:

- “¿Onde o puxestes?”

Contestáronlle:

- “Señor, ven ver”.

E Xesús botouse a chorar.

Entón comentaban os xudeus:

- “¡Ai que ver como o quería!”.

Pero algúns deles dixeron:

- “E logo este, que deu vista ós ollos dun cego, ¿non podía facer que non morrese?”.

Xesús estremecéndose de novo, chegou á sepultura. Era unha cova, e tiña unha pedra por riba.

Xesús ordenou:

- “Arredade a pedra”.

Marta, a irmá do finado, díxolle:

- “Señor, xa cheira, que leva catro días”.

Xesús contestoulle:

- “¿Non che dixeron que se cres, vera-la gloria de Deus?”

Arredaron entón a pedra. Xesús ergueu os ollos e dixo:

- “Meu Pai, douche as gracias porque me escoitaches. Eu ben sabía que ti sempre me escoitas, pero díxeno pola xente que está aquí, para que crean que ti me mandaches”.

E dito isto, gritou con voz forte:

- “¡Lázaro, ven para fóra!”

Saíu o morto; tiña os pés e as mans atados con vendas e a cara envolta nun sudario.

Xesús ordenoulles:

- “Desenleádeo e deixádeo ir”.

Entón, moitos dos xudeus que viñeran onda María, vendo o que fixo, creron nel.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1016, 16)

Xn 12,23-28 (longa) ou 23-26 (breve): *Se o gran de trigo morre, dará moito froito.*

(Lec. III, núm. 1016, 17)

(ver páx. 42)

Xn 14,1-6: *Na casa do meu Pai hai moitas moradas.*

(Lec. III, núm. 1016, 18)

Xn 17,24-26: *Quero que onde estea eu, alí estean eles comigo.*

(Lec. III, núm. 1016, 19)

Xn 19,17-18.25-30: *Inclinou a cabeza e entregou o espírito.*

2. PARA AS EXEQUIAS DUN MENIÑO BAUTIZADO

PRIMEIRAS LECTURAS DO ANTIGO TESTAMENTO FORA DO TEMPO PASCUAL

(Lec. III, núm. 1017, 1)

Deus aniquilou a morte para sempre

Lectura do libro de Isaías profeta

Is 25,6a.7-9

Nesta montaña o Señor dos Exércitos ofreceralles a tódolos pobos
un banquete de boas talladas, de viños anellos,
carnes ben condimentadas, viños refinados.

Destruirá nesta montaña o veo que tapa a tódolos pobos,
a cuberta que cobre a tódalas nacións.

O meu Señor, Deus dos Exércitos, destruírá a morte para sempre,
enxugará as bágoas de tódalas caras,
afastará de todo o país a vergonza do seu pobo.

Si, díxoo o Señor.

No día aquel dirase:

Ollade, este é o noso Deus,
esperamos nel: El hanos salvar.

Este é o Señor, esperamos nel,
gozaremos e alegrarémonos coa súa salvación.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1017, 2)

Está ben esperar en silencio a salvación do Señor

Lectura do libro das Lamentacións

Lam 3,22-26

As bondades do Señor non acabaron,
nin tampouco desapareceron as súas misericordias,
pois son novas cada mañá; a túa fidelidade é grande.

O Señor é o cupo da miña herdanza -di o meu corazón-,
por isto teño esperanza nel.

Bo é o Señor para quen espera nel,
para aquel que o busca.

É bo que un espere en silencio
a salvación do Señor.

Palabra do Señor.

LECTURAS DO NOVO TESTAMENTO NO TEMPO PASCUAL

(Lec. III, núm. 1018, 1)

Enxugará o Señor tódalas bágoas dos ollos

Lectura do libro da Apocalipse

Ap 7,9-10.15-17

Eu, Xoán, mirei e vin un mundo de xente, que ninguén era capaz de contar, de tódalas nacións, tribos, pobos e linguas, en pé diante do trono e do Año. Vestían roupa branca e levaban ramallos de palma nas mans.

Proclamaban con grande voz:

- “A salvación perténcelle ó noso Deus, que senta no trono, e mais ó Año”.

Por iso están diante do trono de Deus, e adóranlo día e noite no seu santuario.

E quen está sentado no trono chantará a súa tenda cabo deles.

Xa non pasarán máis fame nin sede, nin caerá sobre eles o sol, nin queimadura ningunha del. Porque o Año, que está no medio do trono, será o seu pastor, levaraos ás fontes de auga e Deus enxugará dos seus ollos toda bágoa.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1018, 2)

Non haberá máis morte

Lectura do libro da Apocalipse

Ap 21,1a.3-5a

Eu, Xoán, vin un ceo novo e unha terra nova, pois o primeiro ceo e a primeira terra xa pasaran; e o mar xa non existía.

Tamén vin que a cidade santa, unha Xerusalén nova, baixaba do ceo de onda Deus, preparada coma esposa que está engalanada para o seu esposo.

E sentín unha forte voz que desde o trono dicía:

-“Velaquí a tenda de Deus onda os homes. Acampará entre eles: eles serán o seu pobo e El será o seu Deus e compañeiro. Enxugará tódalas bágoas dos seus ollos, e a morte xa non existirá máis. Nin haberá máis loito nin pranto nin dor, porque as primeiras cousas pasaron xa”.

O que estaba sentado no trono dixo: “Vede que volvo novas tódalas cousas”.

Palabra do Señor.

SALMOS RESPONSORIAIS

(Lec. III, núm. 1019, 1)

Sal 22,1-3.4.5.6

(ver páx. 189***)

R/(1): *O Señor é o meu pastor, nada me falta.*

(Lec. III, núm. 1019, 2)

Sal 24,4bc-5ab.6 e 7bc.20-21

(ver páx. 190***)

R/(1): *A ti, Señor, elevo a miña alma.*

(Lec. III, núm. 1019, 3)

Sal 41,2.3.5bcd; Sal 42,3.4

R/(Sal 41,3a): *A miña alma ten sede do Deus vivo.*

(Lec. III, núm. 1019, 4)

Sal 148,1-2.11-13ab.13c-14

R/(13a): *Louven o nome do Señor.*

Ou tamén: *Aleluia.*

SEGUNDAS LECTURAS DO NOVO TESTAMENTO

(Lec. III, núm. 1020, 1)

Andemos na novidade de vida

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Romanos

Rm 6,3-4.8-9

Irmáns e irmás:

¿Ignorades que a cantos nos bautizaron en Cristo Xesús, bautizáronnos na súa morte?

Enterráronnos, logo, con El polo bautismo na morte, para que, como Cristo resucitou dos mortos pola gloria do Pai, así tamén nós camiñemos nunha vida nova.

Porque, se nos enxertaron nel pola semellanza dunha morte coma a del, seguro que tamén o farán por unha resurrección semellante.

Pois habedes saber que o noso home vello quedou crucificado para destruí-lo corpo pecador, de xeito que non sirvamos máis ó pecado. Porque o que morre queda liberado do pecado.

Se xa morremos con Cristo, cremos que tamén viviremos con El; e ben sabemos que

Cristo, resucitado dos mortos, xa non morre máis, a morte xa non pode nada contra El.
Irmáns e irmás:

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1020, 2) (ver páx. 215)

Rm 14,7-9: *Que vivamos ou morramos, somos do Señor.*

(Lec. III, núm. 1020, 3) (ver páx. 159)

1 Cor 15,20-23: *En Cristo serán todos vivificados.*

(Lec. III, núm. 1020, 4)

*Deus escolleunos en Cristo antes da creación do mundo
para que fosemos santos*

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Efesios Ef 1,3-5

¡Bendito sexa o Deus e Pai do noso Señor Xesucristo,
que por medio de Cristo nos bendiciu no ceo
con toda clase de bendicións do Espírito!
Porque nos escolleu antes da formación do mundo,
para que fosemos santos e sen mancha perante El polo amor.
El decidiu xa daquela profillarnos para El, por medio de Xesucristo,
conforme o designio da súa vontade.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1020, 5) (ver páx. 155)

1 Tes 4,13-14.17b-18: *Estaremos sempre co Señor.*

ALELUIAS E VERSOS ANTES DO EVANXEO

(Lec. III, núm. 1021, 1)

Cf. Mt 11,25: Bendito es ti, Pai, Señor do ceo e mais da terra,
porque lles reveláche-los misterios do Reino ós humildes.

(Lec. III, núm. 1021, 2)

Xn 6,39: Esta é a vontade do meu Pai,
que non perda ningún dos que me deu,
senón que o resucite no derradeiro día, di o Señor.

(Lec. III, núm. 1021, 3)

2 Cor 1,3b-4a: Bendito o Pai da misericordia
e Deus de toda consolación,
que nos confortou en tódalas nosas tribulacións.

EVANXEOS

(Lec. III, núm. 1022, 1)

*Escondécheslles estas cousas ós sabios e prudentes
e reveláchesllelas á xente humilde*

Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo

Mt 11,25-30

Naquel tempo dixo Xesús:

- “Bendito sexas, meu Pai, Señor do Ceo e da terra, porque escondécheslles estas cousas ós sabios e ós prudentes e reveláchesllelas á xente humilde. Si, meu Pai, bendito sexas por che agradar iso así.

Meu Pai fíxome coñecer tódalas cousas e ninguén coñece ó Fillo agás o Pai, nin coñece ó Pai agás o Fillo e aquel a quen o Fillo llo queira revelar.

Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei. Cargade o meu xugo e aprendede de min, que son bo e humilde de corazón e atoparedes acougo para as vosas almas: porque o meu xugo é levadeiro e a miña carga leviá”.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1022, 2)

Deixade que os nenos se acheguen a min

Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

Mc 10,13-16

E leváronlle uns nenos para que os tocasse. Pero os discípulos rifábanlles. Ó velo Xesús indignouse e díxolles:

- “Deixade que os nenos se acheguen a min; non llelo impidades, porque deles é o Reino de Deus. Asegúrovos que aquel que non reciba coma un neno o Reino de Deus, non entrará

nel”.

E abrazounos e bendiciunos e impúxolle-las mans.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1022, 3)

Xn 6,37-40 ou 37-39: *Esta é a vontade do meu Pai, que non perda ningún dos que me deu.*

(por un neno que xa participou na Eucaristía)

(Lec. III, núm. 1022, 4)

Quen coma deste pan ten vida eterna, e eu resucitareino no derradeiro día.

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

Xn 6,51-58

Dille Xesús á xente:

- “Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei, é a miña carne, para a vida do mundo”.

Discutían entón entre eles os xudeus:

- “¿Como pode este darnos a come-la súa carne?”

Díxolles entón Xesús:

- “Con toda verdade volo aseguro: se non coméde-la carne do Fillo do Home e non bebéde-lo seu sangue, non teredes vida en vós. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, ten vida eterna e eu resucitareino no derradeiro día.

Porque a miña carne é verdadeira comida e o meu sangue é verdadeira bebida. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, permanece en min e eu nel. Así como o Pai, que me mandou, vive e eu vivo polo Pai, así tamén quen me coma vivirá por min.

Este é o pan que baixou do ceo; non coma o que comeron os Pais que mesmo así morreron: quen come este pan, vivirá para sempre”.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1022, 5)

(ver páx. 221)

Xn 11,32-38.40: *Se cres, vera-la gloria de Deus.*

(Lec. III, núm. 1022, 6)

Xn 19,25-30: *Velaí a túa nai.*

3. NAS EXEQUIAS DUN MENIÑO AÍNDA NON BAUTIZADO

PRIMEIRAS LECTURAS DO ANTIGO TESTAMENTO

(Lec. III, núm. 1023, 1)

Deus aniquilou a morte para sempre

Lectura do libro de Isaías profeta

Is 25,6a.7-8a

Nesta montaña o Señor dos Exércitos ofreceralles a tódolos pobos un banquete de boas talladas, de viños anellos, carnes ben condimentadas, viños refinados. Destruirá nesta montaña o veo que tapa a tódolos pobos, a cuberta que cobre a tódalas nacións. O meu Señor, Deus dos Exércitos, destruírá a morte para sempre, enxugará as bágoas de tódalas caras.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1023, 2)

Está ben esperar en silencio a salvación do Señor

Lectura do libro das Lamentacións

Lam 3,22-26

As bondades do Señor non acabaron, nin tampouco desapareceron as súas misericordias, pois son novas cada mañá; a túa fidelidade é grande. O Señor é o cupo da miña herdanza -di o meu corazón-, por isto teño esperanza nel. Bo é o Señor para quen espera nel, para aquel que o busca. É bo que un espere en silencio a salvación do Señor.

Palabra do Señor.

SALMOS RESPONSORIAIS

(Lec. III, núm. 1024, 1)

Sal 24,4bc-5ab.6 e 7bc.17 e 20

R/.(3b): *Ninguén que en ti espere quedará defraudado.*

ALELUIAS E VERSOS ANTES DO EVANXEO

(Lec. III, núm. 1025, 1)

2 Cor 1,3b-4a: Bendito sexa o Pai misericordioso e Deus de toda consolación.
El ánimanos en todas as nosas mágoas.

(Lec. III, núm. 1025, 2)

Ap 1,5a.6b: Xesucristo é o primeiro en renacer da morte;
a el a gloria e mailo poder
por sempre eternamente. Amén.

EVANXEOS

(Lec. III, núm. 1026, 1)

*Escondécheslles estas cousas ós sabios e prudentes
e revelácheslles á xente humilde*

Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo

Mt 11,25-30

Naquel tempo dixo Xesús:

- “Bendito sexas, meu Pai, Señor do Ceo e da terra, porque escondécheslles estas cousas ós sabios e ós prudentes e revelácheslles á xente humilde. Si, meu Pai, bendito sexas por che agradar iso así.

Meu Pai fíxome coñecer todas as cousas e ninguén coñece ó Fillo agás o Pai, nin coñece ó Pai agás o Fillo e aquel a quen o Fillo llo queira revelar.

Achegádevos a min todos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei. Cargade o meu xugo e aprendede de min, que son bo e humilde de corazón e atoparedes acougo para as vosas almas: porque o meu xugo é levadeiro e a miña carga leviá”.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1026, 2)

Xesús dando un berro moi forte, expirou

Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos

Mc 15,33-46

Chegado o mediodía, a escuridade cubriu toda a terra, ata as dúas e pico da tarde. E nesa hora, Xesús berrou moi forte:

- “Eloí, Eloí, lamá sabactaní” (que quere dicir: “Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches”).

Oíndo aquilo, algúns dos presentes comentaban:

- “¿Oístes? Está chamando por Elías”.

E un deles, botando a correr, empapou unha esponxa en vinagre, espetouna nunha canivela e deulle de beber, dicindo:

- “Deixade, a ver logo se vén Elías baixalo”.

Pero Xesús, dando un berro moi forte, expirou.

O veo do templo rachou en dous de arriba abaixo. O centurión, que estaba diante, oíndo o grito que deu ó morrer, dixo:

- “Verdadeiramente este home era Fillo de Deus”.

Tamén había mulleres, mirando desde lonxe; entre elas estaban María Magdalena, María a nai de Santiago o Menor e de Xosé, e mais Salomé, que o seguían e servían cando estaba en Galilea; e moitas outras que subiran con el a Xerusalén.

Á tardiña, como era o día da Preparación, ou sexa véspera de sábado, Xosé de Arimatea, nobre conselleiro que tamén esperaba o Reino de Deus, foi onda Pilato con gran valor, para lle pedi-lo corpo de Xesús.

Pilato estrañouse de que xa estivese morto, e, informado polo centurión, entregoulle o cadáver a Xosé. El, mercou unha saba, baixouno, envolveuno nela, e acomodouno nun sepulcro escavado na rocha; logo fixo rolar unha lousa sobre a entrada.

Palabra do Señor.

(Lec. III, núm. 1026, 3)

Xn 19,25-30: *Velaí a túa nai.*

APÉNDICES

I OUTRAS MONICIÓNS INTRODUCTORIAS

Os textos que se propoñen pódense utilizar coas mesmas palabras ou outras parecidas.

Están destinados, preferentemente, á celebración de exequias con Misa. Se esta non se celebra, omítase a referencia á Eucaristía.

Asimesmo, cando a Misa forma parte das exequias e vai precedida pola procesión desde a casa do defunto ou pola introducción do cadáver na igrexa, omítase o acto penitencial e, en consecuencia, a invitación a facelo.

I

Irmáns: Viñestes a esta igrexa acompañando o corpo de N., a quen vos unían os vínculos do sangue, a amizade e a estima, mentres compartiu a nosa existencia. O noso irmán (A nosa irmá), que entrara na gran familia dos fillos de Deus polo bautismo, completou a súa peregrinación e o seu testemuño. Que a nosa oración o (a) recomende á Igrexa do ceo, para que o Señor lle dea a posesión do Reino, e ós seus familiares, amigos e coñecidos os confirme na paz e na esperanza cristiá.

(E agora, para celebrar dignamente estes sagrados misterios, recoñezámo-los nosos pecados.)

II

Irmáns: A morte de N. xúntanos hoxe aquí para celebrármolas súas exequias, lembrando o misterio da morte e resurrección de Xesucristo. Nestes momentos lembrádevos da invitación do Señor: “Vinde a min tódolos que estades cansos e abatidos, que eu vos aliviarei”.

Dispoñámonos a escoita-la Palabra de Deus, a orar coa confianza dos fillos (e a ofrece-la Eucaristía en favor do noso irmán (da nosa irmá) e de tódolos vivos e defuntos.)

(Recoñezámonos pecadores e pidamos ó Señor perdón.)

III

Irmáns: Xuntámonos para despedir a N., membro desta comunidade (parroquia), que rematou a súa peregrinación neste mundo. Xuntos escoitarémo-la Palabra de Deus e rezaremos por el (ela) e polos seus familiares, afirmando a esperanza na vida eterna que Xesús prometeu para todo o que cre nel.

(A Eucaristía celebra o triunfo de Cristo sobre o pecado e sobre a morte. Pidamos que o noso irmán (a nosa irmá) quede asociado (asociada) a este triunfo e pase da morte á vida.)

(Pidamos perdón, recoñecéndonos pecadores e débiles diante de Deus.)

IV

Na morte dun pai (dunha nai) de familia

Irmáns: Encontrámonos xuntos para da-lo noso adeus a un (unha) pai (nai) de familia (novo, nova), N. Dun xeito especial queremos estar hoxe ó lado da súa esposa (do seu esposo) e fillos para acompañalos na súa dor. Pero, ó mesmo tempo, queremos que estes momentos sexan unha afirmación de esperanza. De esperanza no amor de Deus que nunca abandona os seus fillos, a pesar das probas da vida. De esperanza, tamén, no amor deste pai (desta nai), santificado polo sacramento do matrimonio, que non quedará sen froito. Coma Cristo, todo o que ama e se sacrifica polos demais convértese en fonte de vida inesgotable.

Isto é o que imos ter presente ó escoita-la Palabra de Deus (e celebra-lo sacrificio eucarístico en favor do noso irmán (da nosa irmá)).

(Pero, antes, recoñezamos en silencio a nosa condición de pecadores e pidamos perdón ó Señor.)

V

Na morte dun mozo (dunha moza)

Irmáns: Ante a morte de N., en plena mocidade, desconcértanos comproba-lo fráxil que é a vida humana. Abráianos ver que as ilusións, os proxectos, os mesmos anceios de felicidade se desfán en tan pouco tempo. Pero, aínda que todos estamos cheos de dor (especialmente os pais, irmáns e compañeiros de N.), debemos abri-lo noso corazón a Deus, silencioso quizais para algúns, pero verdadeiramente preto de todos nós. Fortalecidos coa súa palabra de salvación, invocáremolo para que lle dea ó noso irmán (á nosa irmá) a plenitude da vida e da felicidade.

(Nesta Eucaristía imos facer presente o misterio da morte e resurrección de Xesucristo, verdadeira fonte de salvación para os vivos e para os defuntos.)

(Conscientes das nosas limitacións humanas, pidamos perdón ó Señor polos nosos pecados.)

VI

Na morte dun meniño bautizado (dunha meniña bautizada)

Irmáns: Xuntámonos para encomendar á Igrexa do ceo a este meniño (esta meniña N., e acompaña-los seus pais e familiares nestes momentos de dor. O Señor, que dixo: “Deixade que os nenos se acheguen a min”, e: “Se non vos volvedes coma nenos, non entraredes no Reino do ceo”, ofréceno-lo consolo de crer que este pequeno (esta pequena) vive infinitamente feliz con el no ceo.

(A Eucaristía que imos celebrar, coa cor branca da inocencia pascual, é acción de gracias polo misterio da morte e resurrección de Xesucristo, no que este neno (esta nena) tomou parte polo bautismo -e a confirmación-.)

(Para celebrar dignamente estes misterios sagrados, invoquemos, con confianza, a

misericordia do nos Pai.)

VII

Na morte dun meniño non bautizado (dunha meniña non bautizada)

Irmáns: Viñemos á igrexa acompañando unha familia que pasa polo doloroso transo da morte do seu filliño (da súa filliña) N., ó (a) que desexaban bautizar (e ó (á) que tiñan inscrito para o bautismo). Unidos na fe e na confianza do amor infinito do Pai celestial, busquemos luz e consolo na súa palabra divina e na pregaria da Igrexa.

(A Eucaristía que imos celebrar alimentará nos pais de N. e en todos nós a esperanza da vida eterna e confiará este neno (esta nena) nas mans agarimosas de Deus.)

(Nós invoquémo-la misericordia do Señor, recoñecéndonos pecadores.)

VIII

Nunha morte por accidente

Irmáns: A vida humana é un ben tan precioso que, cando alguén a perde de forma violenta por accidente (de tráfico, de traballo...), todos nos sentimos afectados. A morte de N. (voso conveciño (vosa conveciña), voso compañeiro (vosa compañeira) de traballo), xuntouvos nesta igrexa. Para uns, isto é un acto de solidariedade co defunto (coa defunta) e coa súa familia; para outros, os crentes, é tamén un momento de oración e fe nun Deus que é Pai capaz de dar non só a vida terrea, senón tamén a vida que non ten fin. O noso destino é vivir, e vivirmos felices no Reino eterno de Deus.

(Que esta Eucaristía, celebración da morte redentora de Xesucristo, axude ó noso irmán (á nosa irmá) N. a acada-la vida eterna -premiando as súas boas obras e a entrega ó seu traballo cotián-.)

(Ó comezar esta celebración, pidamos a Deus que nos conceda a conversión dos nosos corazóns, para que medre a nosa comunicación con el e cos irmáns.)

IX

Nunha morte por homicidio ou por presunto suicidio

Irmáns: Xuntámonos aquí para recomendar ó amor infinito de Deus, o noso Pai, a N., porque a súa morte échenos de dor a todos. Ó mesmo tempo, desexamos consolar unha familia e uns amigos que sofren máis fondamente. Nós non debemos xulgar a ninguén. Só Deus coñece o fondo das persoas, e só el sabe o que se encerra no corazón humano. Por iso a súa xustiza está envolta sempre no veo da misericordia. Nestes momentos, dirixímo-lo noso ollar a Cristo, morto polos nosos pecados e resucitado para a nosa xustificación. Cremos nel e confiamos na súa bondade.

(Escoitarémo-la súa palabra e renovarémo-lo xesto supremo da súa entrega á morte para salvarnos, esperando que o sacrificio del beneficie, en canto sexa necesario, o noso irmán (a nosa irmá) N., e que sexa fonte de perdón tamén para o que poida ter causado a súa morte.)

(Humildes e penitentes, recoñezámonos pecadores e invoquémo-la misericordia divina.)

X

Na morte dunha persoa alonxada ou en situación irregular

Irmáns: Compartindo a esperanza na vida eterna, segundo as palabras do Señor: “O que veña a min non o botarei fóra, porque esta é a vontade do meu Pai”, comezaremos esta celebración na morte de N., que formou parte da familia dos fillos de Deus polo bautismo e chamárono (chamárona) agora á presenza do seu Creador. A morte non é o final absoluto, como pensan algúns homes do noso tempo, que non cren ou experimentan dificultades na súa fe. Para os crentes, a morte é un paso a unha vida máis plena e máis feliz, nas mans de Deus. Esta esperanza proxéctase sobre a nosa existencia e obríganos a examinar canto hai de verdade e de mentira, de amor e de egoísmo. Cadaquén terá que dar conta a Deus de si mesmo.

(Celebramos esta Eucaristía pola salvación eterna do noso irmán [da nosa irmá] N.)

(Pero, unha vez máis, pidamos a Deus que nos conceda a conversión dos nosos pecados.)

XI

Na morte dun presbítero

Irmáns: Acompañamos con veneración e respecto o corpo do noso irmán sacerdote, e xuntámonos agora ó redor do altar para celebra-lo misterio pascual de Xesucristo. Un día a familia dos fillos de Deus polo bautismo recibiu a N. no seu seo, quedando incorporado para sempre a Cristo. Outro día, polo sacramento da Orde, quedou conertido en signo e instrumento de Cristo, Cabeza e Pastor da Igrexa. Desde entón, as súas mans, os seus beizos e o seu corazón estiveron consagrados ó ministerio presbiteral (nesta parroquia de N., especialmente...)

A nosa presenza aquí quere ser expresión de gratitude ó Señor polo don da vida sacerdotal do seu servidor, e súplica confiada de que participará no banquete celeste quen tantas veces presidiu a Eucaristía na terra.

(Ó comezar estes sagrados misterios, recoñezamos humildemente que somos pecadores.)

XII

Na morte dun diácono

Irmáns: Ó xuntarnos este grupo de presbíteros e diáconos e os fieis desta parroquia de N., para celebra-las exequias de N., diácono da Igrexa, a quen nos unían os vínculos da fe e do bautismo (e o do ministerio), lembrámo-las palabras do Señor: “Vou prepararvos sitio, para que onde estou eu, tamén esteades vós”.

Con esta confianza, participamos na Eucaristía, para uni-la acción de gracias, as ofrendas e as súplicas polo noso irmán N. ó sacrificio de Cristo.

(Se tiña esposa e fillos)

Pidamos tamén pola súa esposa e polos seus fillos e familiares, para que reciban o

consolo da fe e a alegría de ter axudado á Igrexa.)

(Que o Señor, que nos invita á mesa da súa Palabra e do seu Corpo e Sangue, nos conceda a conversión dos nosos corazóns para que medre a nosa comunicación con Deus e cos irmáns.)

XIII

Na morte dun relixioso ou dunha relixiosa

Irmáns: Congréganos a morte de N., que viviu nesta comunidade relixiosa de N. co desexo de seguir a Xesucristo polo viero da caridade perfecta, sendo na Igrexa un sinal dos ceos novos e da terra nova que Deus ten preparado pra os que aman e se adican ós irmáns.

Na paz e confianza que agroman da fe e do amor fraterno, celebrémo-la Eucaristía, anticipo e prenda das vodas de Cristo coa súa Igrexa. Pidamos que quen na terra se consagrou ó servicio divino e á santificación dos homes (na vida contemplativa, no campo sanitario, educativo...) mereza atingui-lo premio prometido a quen soubo esperar vixiante e activo ó Señor (a quen soubo esperar ó Esposo coa lámpada acesa.)

(Ó comezar esta celebración, pidámoslle ó Pai a súa misericordia para morrermos cada día ó pecado e resucitarmos a unha vida nova.)

II

OUTRAS INVITACIÓNS

PARA O DERRADEIRO ADEUS Ó DEFUNTO

As monicións que se propoñen son para o rito do derradeiro adeus ó defunto. Este rito só pode realizarse dentro da mesma acción exequial, é dicir, en presenza do cadáver e no cemiterio, se a comunidade acompaña o cadáver ata a sepultura, ou ben no remate da Misa exequial, se as exequias terminan na igrexa.

Os textos pódense utilizar coas mesmas ou parecidas palabras.

Despois da monición e dunha pausa de silencio, se parece oportuno, un dos familiares do defunto ou outra persoa pode pronunciar unha palabras de agradecemento ós presentes.

I

Antes de nos separar, a comunidade cristiá dará o derradeiro adeus a este membro seu, N., despedindo os seus restos mortais.

Aínda que os defuntos deixaron esta vida, permanecen os vencellos de comunión que nos unían con eles. Todos nós recorreremos tamén este camiño cara á morada eterna do ceo. Despois da resurrección, seremos unha soa cousa con Cristo. A nosa despedida, polo tanto, non é definitiva, senón marcada pola esperanza do reencontro definitivo na casa do Pai.

Oremos ó Señor, confiando o noso irmán (a nosa irmá) N. á súa misericordia.

II

O xesto que imos facer agora sobre os restos mortais do noso irmán defunto (da nosa irmá defunta) N., ademais de expresa-la nosa despedida, é un sinal de respecto cara ó corpo dun cristiá (dunha cristiá) lavado (lavada) no bautismo e santificado (santificada) con outros sacramentos para ser templo do Espírito Santo.

Ó mesmo tempo que o (a) recomendamos á bondade de Deus e á intercesión da Virxe María e dos Santos, manifestámo-la nosa convicción de crentes de que este adeus non é definitivo, porque confiamos no poder divino, que devolverá este corpo á vida no día da resurrección universal.

III

A nosa asemblea de oración vaise disolver. Pero antes imos despedi-los restos mortais de N., por quen invocámo-la axuda divina (e celebrámo-lo memorial da morte e resurrección do Señor).

A pesar da dor da separación, consolémonos con estas palabras de fe: “Volverei e levareivos comigo, para que alí onde estou eu, esteades tamén vós.”

Ó expresa-lo noso respecto cara ó corpo do defunto (da defunta) asperxéndoos coa auga que lembra o bautismo (e o incenso que significa a oración que sobe ata Deus), cantemos un canto de esperanza e confiémo-lo noso irmán (a nosa irmá) á intercesión da Igrexa do ceo.

IV

Na morte dun pai (dunha nai) de familia

Ó chega-lo momento da despedida, digamos adeus ós restos mortais deste (xove) pai (desta (xove) nai) N., que ides entregar á terra, coma o gran destinado a dar froito.

Imos encomendalo (encomendala) máis unha vez, ó amor do Pai, coa confianza de que lle dará unha felicidade infinitamente maior, e fará que un día el (ela) e a súa familia se volvan atopar no Reino eterno.

O noso canto e a nosa oración, ó tempo que honrámo-lo corpo deste pai (desta nai), vaian acompañados tamén do firme propósito de dedicarnos ós demais e de nos axudarmos mutuamente.

V

Nunha morte repentina

Antes de nos separarmos (para conduci-lo corpo de N. ó lugar do seu repouso definitivo), oremos con fe e esperanza, confiando novamente nas mans de Deus o noso irmán (a nosa irmá).

Viñemos a esta celebración fondamente afectados por esta morte. Saíamos dela fortalecidos pola palabra do Señor: “Vinde a min tódolos que estades cansos e agobiados, e eu aliviareivos”. Pero non esquezamos tampouco a súa invitación a estarmos preparados, porque non sabémo-lo día nin a hora.

A aspersión coa auga bendita que imos realizar, en sinal de respecto a estes restos mortais, significa que o noso irmán (a nosa irmá) está incorporado (incorporada) á Igrexa por medio do bautismo. A Igrexa ora por el (ela) despídea (despídea) con afecto e con dolor.

VI

Na morte dun mozo ou dunha moza

Con gran sentimento, pero tamén con esperanza, ímonos despedir de N., honrando os seus restos mortais. Este corpo mozo, que agora imos sepultar, oirá un día a voz de Deus: “¡Mozo, contigo falo, érguete!”

A auga que agora imos derramar sobre este corpo lembra o bautismo do noso irmán (da nosa irmá), a fonte da vida eterna; (e o perfume do incenso significa o arrecendo de Cristo e a oración de todos nós).

Acompañemos este rito de despedida (co canto e) coa pregaría, para que o Señor leve canto antes a este mozo (esta moza) (este amigo, esta amiga) á Xerusalén do ceo, na festa que non terá fin.

VII

Na morte dun meniño (non) bautizado

Deus quixo, na súa providencia, chamar xunto a sí este meniño (esta meniña), (fillo seu [filla súa] de adopción polo bautismo). O seu corpo, que agora imos sepultar, resucitará un día e florececerá eternamente nunha nova vida. Coa esperanza certa desa vida, na que confiamos que xa entrou, supliquemos a Deus que console os seus pais e familiares e nos mova a todos a desexar sempre o ceo.

VIII

Nunha morte por accidente

Antes de nos despedirmos, serenado o noso espírito pola palabra de Deus e a participación (na Eucaristía e) na oración da Igrexa, realizamos un derradeiro acto de homenaxe ós restos mortais de N.

Lembremos antes a promesa do Señor: “Que todo o que cre no Fillo ten vida eterna, e eu resucitareino no derradeiro día.”

Imos asperxer con auga bendita este corpo, en memoria do bautismo que incorporou o noso irmán (a nosa irmá) á comunidade de salvación (e incensarémolo en sinal de respecto). A Igrexa ora de novo por el (ela) para confialo á misericordia do Pai.

IX

Nunha morte por homicidio ou presunto suicidio

A bondade de Deus está por riba dos homes, a súa xustiza tradúcese en misericordia para cantos se achegan a el. “Señor, escoita a miña oración; ti, que es fiel, atende á miña súplica. Non chames a xuízo o teu servidor, porque ningún home é inocente perante ti.”

Ó despedirmos a N., para dar sepultura ós seus restos mortais, asperxéndoos coa auga do bautismo, que un día recibiu para ser fillo de Deus e herda-la vida eterna, oremos de novo por el (ela) confiándoo tamén á intercesión da Santísima Virxe María e de tódolos Santos.

X

Na morte dun presbítero

Antes de entregar á terra, de donde foi formado, o corpo do noso irmán N., presbítero desta Igrexa de N. (diócese; catedral; comunidade relixiosa), despedámonos del cun derradeiro xesto de respecto e de veneración.

Feito templo vivo de Deus polo bautismo, participou despois no sacerdocio de Xesucristo polo sacramento da Orde. Unxíronselle daquela as mans para bendicir e perdoar. Destináronse os beizos del a predica-lo Evanxeo, e o seu corazón a acoller paternalmente a tódolos homes.

Este derradeiro adeus está marcado, pois, pola gratitude e o recoñecemento á súa vida sacerdotal gastada ó servicio de Deus e da Igrexa.

Que a nosa oración encomende a N. nas mans do noso Pai celestial, coa intercesión de María, a Nai do Señor e dos Santos pastores.

XI

Na morte dun diácono

O noso irmán N., diácono, dorme na paz de Cristo. Confiémolo ó amor de Deus, noso Pai, e á intercesión da Igrexa do ceo, antes de sepulta-lo seu corpo na terra onde vai espera-la resurrección.

O que tantas veces serviu o Señor e os irmáns co seu ministerio merece este derradeiro xesto de honor e de veneración. Con el queremos lembrar, sobre todo, o seu bautismo, porta de salvación e principio de tódalas gracias e don que Deus derramou na súa vida.

Que o Señor o recoñeza entre os seus servidores fieis e lle dea a posesión do seu Reino.

XII

Na morte dun relixioso ou relixiosa

Cunha gran esperanza, despedímolo noso irmán (a nosa irmá) N. A súa vida foi, entre nós, un signo de que non temos morada permanente neste mundo: “Mentres vivimos, estamos desterrados lonxe do Señor. Camiñamos sen velo, guiados pola fe.”

Honremos este corpo que foi templo do Espírito Santo e ofrenda viva, santa e grata a Deus, pola consagración relixiosa. Pidámoslle ó Pai das misericordias, pola intercesión da Virxe María, de san N. (patrono ou fundador) e de tódolos santos, que acolla o seu servidor (a súa servidora) e que lle conceda tomar parte na felicidade dos xustos.

III

ALOCUCIÓNS FINAIS DE AGRADECIMENTO

Se parece oportuno, a seguir á invitación para o derradeiro adeus ó corpo do defunto, un dos familiares -ou outra persoa-, diríxese ós presentes con estas palabras ou outras semellantes.

I

(Forma típica, páx. ***)

Antes de nos separarmos, permitídenos unhas palabras de despedida e agradecemento no nome de tódolos familiares do noso querido (da nosa querida) N. O voso acompañamento e a vosa presenza aquí expresan, en primeiro lugar, a estima e consideración que tanto o defunto coma nós vos merecemos. Queremos agradecer dun xeito especial a vosa oración sinxela, porque nos consola compartir convosco a fe na resurrección futura.

II

(Form. común I, páx. ***)

No nome da familia N., dámo-vos as grazas pola vosa presenza e a vosa oración. Sentímonos confortados e sostidos pola fe e esperanza que, coma crentes compartimos. (A morte de N. foi unha dura proba para nós, pero confiamos na axuda de Deus e na vosa amizade para superala.)

III

(Form. común II, páx. ***)

A todos cantos nos acompañades nesta celebración (e na enfermidade que precedeu á morte do noso (da nosa) benquerido (benquerida) N.), queremos dá-vos as máis sinceras grazas. Consólanos particularmente a fe e a oración que compartimos, coma membros desta comunidade (parroquial) de N. Encomendámo-lo noso finado (a nosa finada) ás vosas oracións; nós tamén vos lembraremos diante do Señor.

IV

(Form. común III, páx. ***)

Antes de nos separarmos, os familiares de N. queremos expresa-la nosa gratitude profunda á comunidade (parroquia), ó seu párroco (capelán) e a cada unha das persoas que acabades de participar nesta celebración. A nosa dor pola morte do noso familiar vese aliviada pola vosa presenza e o testemuño da fe e da esperanza cristiá. (Queira Deus que este baleiro que hoxe sentimos non nos afogue, e poidamos, de novo, sorrirlle á vida e traballar con ilusión.)

V

En nome propio e no de toda familia, desexo expresa-lo noso recoñecemento agradecido a tódolos amigos e veciños que nos acompañastes nesta celebración en sufraxio de N. Coa vosa compañía foinos máis doado abri-lo noso corazón á esperanza cristiá. Gracias pola vosa oración e pola vosa solidariedade fraterna, que responde ó mandamento do Señor de nos amarmos uns ós outros coma el nos amou.

IV
PRECES PARA REZAR NA CASA E NO CEMITERIO

1. PRECES PARA REZAR NA CASA DO DEFUNTO

Se o aconsella o costume da zona, antes de saca-lo corpo da habitación, o sacerdote ou, de non o haber, un dos familiares ou amigos, pode recita-las seguintes preces:

- V. O Señor garde a túa saída deste mundo.
R. Amén.

Oremos.

Señor, neste momento
no que vai desaparecer para sempre desta casa
a presenza visible
do noso querido irmán
(da nosa querida irmá) N.
noso pai; nosa nai),
erguemos cara a ti os nosos ollos
e pedímosche que lle concedas a el (ela)
contemplar eternamente o teu rostro
e a nós que nos afiances na esperanza
de volvelo (volvela) atopar cabo de ti
para gozar con el (ela) da túa presenza
por sempre eternamente.

- R. Amén.

Rezada esta oración, lévase o cadáver á entrada da casa ou ó lugar onde estea reunida a asemblea, e rézanse alí as preces con algún dos seguintes formularios.

FORMULARIO I

1. O sacerdote saúda os presentes, dicindo:

- V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

Se dirixe as preces un leigo, no canto da salutación “O Señor sexa convosco”, pode dicir:

V. Bendigámo-lo Señor, que, pola resurrección do seu Fillo, nos fixo nacer para unha esperanza viva.

R. Bendito sexas por sempre, Señor.

Despois iníciáanse as preces coas palabras seguintes ou con outras semellantes:

Irmáns: A morte do noso querido irmán (da nosa querida irmá) N. entristécenos e recórdanos unha vez máis ata que punto é fráxil e breve a nosa vida. Pero, neste momento triste, a nosa fe confórta nos e asegúranos que Cristo vive eternamente e que o amor que El nos ten é máis forte cá mesma morte. Por iso a nosa esperanza non debe vacilar. Que o Pai da misericordia e Deus de todo consolo vos conforte nesta tribulación.

2. A continuación, pódese recitar o salmo seguinte:

Ant. O meu socorro vén do Señor.

Salmo 120

Alzo os meus ollos cara ós montes:
 ¿de onde virá o meu socorro?
 O meu socorro vén do Señor,
 que fixo o ceo e maila terra.

El non deixa que esvare o teu pé,
 o teu gardián non dorme;
 non dorme, non adormece,
 o gardián de Israel.

O Señor é o teu gardián,
 o Señor é o teu arrimo,
 está á túa dereita.
 Polo día o sol non che fará dano
 nin a lúa pola noite.

O Señor gárdate do mal,
 El garda a túa vida.
 O Señor garda a túa chegada e a túa saída,
 agora e por sempre.

Ant. O meu socorro vén do Señor.

3. Despois do salmo engádese a seguinte oración:

Oremos.

Escoita na túa bondade, Señor, as nosas súplicas,
 agora que imploramos a túa misericordia

polo teu servidor (servidora) N.,
 a quen acabas de chamar deste mundo,
 dignate levalo (levala) ó lugar da luz e da paz,
 para que teña parte na asemblea dos teus santos.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

4. Para as preces na casa do defunto pódese empregar tamén calquera dos formularios da estación na casa do defunto que figuran nos esquemas de celebración típica, debidamente adaptados (véxase o capítulo III deste Ritual)

FORMULARIO II

1. O sacerdote saúda os presentes, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

 Se dirixe as preces un leigo, no canto da salutación “O Señor sexa convosco”, pode dicir:

V. Bendigámo-lo Señor, que, pola resurrección do seu Fillo, nos fixo nacer para unha esperanza viva.

R. Bendito sexas por sempre, Señor.

 Despois iníciáanse as preces coas palabras seguintes ou con outras semellantes:

Queridos irmáns: O Señor, na súa providencia amorosa e incomprendible, acaba de chamar deste mundo o noso irmán (a nosa irmá) N. A súa partida enchevos a todos de dor e de abatemento. Pero, neste momento triste, cómpre que reafirmémo-la nosa fe, que nos asegura que Deus non abandona nunca os seus fillos. Xesús invítanos a esta confianza cando di: : “Achegádevos a min tódolos que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei”. Con esta certeza, pidámoslle ó Señor que lle perdoe as faltas ó noso irmán (á nosa irmá), e que lle conceda unha mansión de paz e benestar entre os seus santos. E que a nós nos dea a firme esperanza de atopalo (atopala) novamente no seu Reino.

2. A continuación pódese recitar o salmo seguinte:

Ant.: Lémbtrate de min, Señor, no teu Reino.

Salmo 22

O Señor é o meu pastor, nada me falta:
 En prados verdecentes faime repousar.

El lévame a beber en augas tranquilas
e repón as miñas forzas;
guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome.

Se tiver que pasar por valgadas sombrizas,
ningún mal temería, porque ti vas comigo:
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego.

Ti pos para min a mesa,
á cara dos meus inimigos;
únxesme con perfume a cabeza,
e a miña copa reborda.

O teu benquerer e a túa misericordia vanme seguindo
tódolos días da miña vida.
Eu habitarei na casa do Señor
por días prolongados sen fin.

Ant.: Lémbtrate de min, Señor, no teu Reino.

3. Despois do salmo engádese a seguinte oración:

Oremos.

Encomendámosche, Señor,
o noso irmán (a nosa irmá) N.,
a quen nesta vida mortal guiaches polo vieiro xusto
e o acompañaches coa túa bondade e misericordia;
prepara agora diante del (dela) a mesa de festa do teu Reino
e fai que habite na túa casa por sempre eternamente.
Pedímoscho por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

4. Para as preces na casa do defunto pódese empregar tamén calquera dos formularios da estación na casa do defunto que figuran nos esquemas de celebración típica, debidamente adaptados (véxase o capítulo III deste Ritual).

2. PRECES PARA REZAR NO CAMPOSANTO

FORMULARIO I

1. O sacerdote saúda os presentes, dicindo:

V. O Señor sexa convosco.

R. E contigo tamén.

Se dirixe as preces un leigo, no canto da salutación “O Señor sexa convosco”, pode dicir:

V. Bendigámo-lo Señor, que, pola resurrección do seu Fillo, nos fixo nacer para unha esperanza viva.

R. Bendito sexas por sempre, Señor.

Despois iníciáanse as preces coas palabras seguintes ou con outras semellantes:

Imos enterrar agora o corpo do noso irmán (da nosa irmá) N., para que volva á terra da que saíra. Pero, antes de o colocar no sepulcro, elevémo-las nosas súplicas a Deus Pai e, coa fe posta na resurrección de Cristo, o primeiro resucitado de entre os mortos, pidámoslle que bendiga esta tumba onde descansará o corpo do noso irmán (da nosa irmá) agardando a resurrección do derradeiro día.

Oran todos un pouquiño en silencio.

2. A continuación dise a seguinte oración (se o sepulcro xa está bendito ou se é un leigo quen dirixe as preces, omítese o texto entre corchetes):

Oremos.

Señor Xesucristo,
que, ó descansares tres días no sepulcro,
santificáche-la tumba dos que cren en ti,
de tal xeito que a sepultura
servise non só para enterra-lo corpo,
senón tamén para facer medrar
a nosa esperanza na resurrección,
[dígñate ben + dicir esta tumba e]
concédelle ó noso irmán (á nosa irmá) N.
descansar aquí dos seus traballos,
durmindo na paz deste sepulcro,

ata o día que ti,
 que e-la Resurrección e a Vida,
 o (a) resucites e o (a) ilumines
 coa contemplación do teu rostro glorioso.
 Ti, que vives e reinas por sempre eternamente.

R. Amén.

3. Rezada esta oración sobre o sepulcro, se é posible, colócase o corpo na sepultura. A continuación, conclúese a celebración coas seguintes preces ou con outras semellantes:

Pidamos polo noso irmán (pola nosa irmá) a Xesucristo, que dixo: “Eu son a resurrección e a vida. Quen cre en min, aunque morra, vivirá; e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais”.

-Señor, ti que choraches diante da tumba de Lázaro, ten a ben enxuga-las nosas bágoas.

R. Pedímoscho, Señor.

-Ti que resucitaches os mortos, ten a ben darlle a vida eterna ó noso irmán (á nosa irmá).

R. Pedímoscho, Señor.

-Ti que lle perdoaches na cruz ó bo ladrón e lle prometíche-lo paraíso, ten a ben perdoar e levar ata ó ceo o noso irmán (a nosa irmá).

R. Pedímoscho, Señor.

-Ti que purificáche-lo noso irmán (a nosa irmá) na auga do bautismo e que o (a) unxiches co óleo da confirmación, ten a ben admitilo (admitila) entre os teus santos e escolleitos.

R. Pedímoscho, Señor.

-Ti que alimentáche-lo noso irmán (a nosa irmá) co teu Corpo e co teu Sangue, ten a ben admitilo (admitila) tamén na mesa do teu Reino.

R. Pedímoscho, Señor.

-E a nós, que choramos pola súa morte, ten a ben confortarnos coa fe e coa esperanza da vida eterna.

R. Pedímoscho, Señor.

Ponse fin ás preces recitando o Noso Pai ou rezando a seguinte oración ou outra das colectas que figuran neste Ritual:

Escoita, Señor, as nosas súplicas
 e ten misericordia do teu servidor (da túa servidora) N.,
 para que non sufra castigo polos seus pecados,
 porque desexou cumprir-la túa vontade;
 e, xa que a verdadeira fe
 o (a) xuntou aquí na terra co pobo fiel,
 que a túa bondade o (a) xunte agora
 co coro dos anxos e escolleitos.
 Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

V. Dálle, Señor o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

- V. Descanse en paz.
R. Amén.

FORMULARIO II

1. O sacerdote saúda os presentes, dicindo:

- V. O Señor sexa convosco.
R. E contigo tamén.

Se dirixe as preces un leigo, no canto da salutación “O Señor sexa convosco”, pode dicir:

- V. Bendigámo-lo Señor, que, pola resurrección do seu Fillo, nos fixo nacer para unha esperanza viva.
R. Bendito sexas por sempre, Señor.

Antes de pousar no sepulcro o corpo do noso irmán (da nosa irmá), lembrémo-la sepultura de Xesucristo, iluminada polos esplendores da súa resurrección e pidámoslle a Deus que esta tumba sexa para el (ela) lugar de descanso e para todos nós motivo de esperanza de que o corpo, que hoxe enterramos neste sepulcro, resucitará un día gloriosamente coma o de Xesucristo.

Rezan todos un pouquiño en silencio.

2. A continuación dise a seguinte oración (se o sepulcro xa está bendito ou se é un leigo quen dirixe as preces, omítese o texto entre corchetes):

Oremos.

Pai santo,
lembramos neste momento
o sepulcro que lle deches ó noso pai Abrahán
para que nel descansara o corpo do teu Fillo,
e pedímosche que [ben + digas este sepulcro,]
lles mandes que os teus santos anxos garden este lugar,
para que nel descansen
o corpo do noso irmán (da nosa irmá) N.,
e que recíba-la súa alma no paraíso,
para que goce eternamente entre os teus santos e escolleitos.
Por Cristo, noso Señor.

- R. Amén.

3. Rezada esta oración sobre o sepulcro, se é posible, colócase o corpo na sepultura. A continuación conclúese a celebración coas seguintes preces ou con outras semellantes:

Oremos con fe a Deus Pai, para quen vive toda criatura, e pidámoslle que escoite a nosa oración.

- Para que perdoe os pecados do seu servidor (da súa servidora) N. e acepte as súas boas obras, preguémoslle ó Señor.
- Para que o (a) libre de toda pena merecida polas súas culpas e poida participar xa no descanso eterno, preguémoslle ó Señor.
- Para que, deixado xa este primeiro mundo, goce eternamente no paraíso, preguémoslle ó Señor.
- Para que a nós o Espírito Santo nos leve polos camiños da fe e nos dea a esperanza firme de acadar, canda o noso irmán (a nosa irmá), o Reino eterno, preguémoslle ó Señor.

Ponse fin ás preces recitando o Noso Pai ou coa seguinte oración ou con outra das colectas que figuran neste Ritual:

Pai noso,
ti estás sempre atento ás súplicas dos teus fieis
e escóita-los desexos do noso corazón;
acabamos de depositar na terra (no sepulcro)
o corpo do teu servidor (da túa servidora),
concédelle ti participar cos teus santos e escolleitos
da recompensa da gloria.
Por Cristo, noso Señor.

R. Amén.

V. Dálle, + Señor, o descanso eterno.

R. E brille sobre el (ela) a luz eterna.

V. Descanse en paz.

R. Amén.

INDICE

OBSERVACIÓNS XERAIS PREVIAS.

- I. Sentido das exequias cristiás.
- II. Formas de celebración.
- III. Elementos que deben terse en conta nas exequias.
- IV. Funcións e ministerios da celebración das exequias.
- V. Adaptacións que corresponden ás Conferencias Episcopais.
- VI. Funcións do sacerdote na preparación da celebración.

Orientacións doutrinais e pastorais do Episcopado Español.

- I. A morte do cristián.
- II. Sentido cristián das exequias.
- III. Funcións e ministerios nas exequias.
- V. A celebración das exequias.
- VI. A liturgia das exequias na pastoral.

Capítulo I: Preces para antes das exequias.

1. Formularios para orar na cámara ardente.
2. Vixilia comunitaria de oración polo defunto.

Capítulo II: Traslado e recepción do defunto na igrexa antes das exequias.

Capítulo III:

- I. Forma típica da celebración das exequias.**
- II. Forma típica da celebración das exequias nos núcleos urbáns.**
- III. Outros formularios para a celebración das exequias.**
 1. Formulario común 1
 2. Formulario común 2
 3. Formulario común 3
 4. Formulario para as exequias dun defunto que deixou a familia moi desconcertada.
 5. Formulario para as exequias dun defunto moi mozo.
 6. Formulario para as exequias dun neno chegado ó uso de razón.
 7. Formulario para as exequias dun meniño bautizado.
 8. Formulario para as exequias dun meniño non bautizado.

Capítulo IV: Rito breve da celebración das exequias

1. Formulario común 1
2. Formulario común 2
3. Formulario común 3
4. Formulario común 4

Capítulo V: Textos propios para a celebración de determinadas exequias.

1. Nas exequias do Bispo diocesano.
2. Nas exequias dun Bispo que non foi o pastor propio.
3. Nas exequias do Párroco.
4. Nas exequias dun Presbítero.
5. Nas exequias dun Diácono.
6. Nas exequias dun Relixioso Laico.
7. Nas exequias dunha Relixiosa.

Capítulo VI: Celebración das exequias en casos extraordinarios.

1. Celebración das exequias de varios defuntos en caso de accidente público.
2. Celebración das exequias dun defunto non practicante cando a familia pide a celebración cristiá do enterro.
3. Celebración das exequias dos que doaron o seu corpo.
4. Celebración das exequias no caso de cremación do cadáver.
5. Celebración da Misa exequial cando o sepelio do cadáver se leva a cabo noutro momento.

Capítulo VII: Leccionario para as Misas de defuntos.

1. Para as exequias dos adultos.
2. Para as exequias dun meniño bautizado.
3. Para as exequias dun meniño non bautizado.

Apéndices.

- Apéndice I: Outras monicións introductorias.
Apéndice II: Outras invitacións para o derradeiro adeus ó defunto.
Apéndice III: Alocucións finais de agradecemento.
Apéndice IV: Preces para rezar na casa e no cemiterio.